



**DOCUMENTO V**  
**NORMATIVA URBANÍSTICA**

**INDICE**

<b>DOCUMENTO V</b>	<b>NORMATIVA URBANÍSTICA</b>
<b>ANEXO I</b>	<b>ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS</b>
<b>ANEXO II</b>	<b>FICHAS URBANO NON CONSOLIDADO</b>
<b>ANEXO III</b>	<b>FICHAS NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL</b>
<b>ANEXO IV</b>	<b>PAUTAS DE SOSTIBILIDADE INTEGRADAS NO PLANEAMENTO</b>

## **NORMATIVA URBANÍSTICA**

### **CAPITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **1.1.- Natureza, ámbito e vixencia.**

**Art 1.** Ámbito.

**Art 2.** Vixencia, revisión e modificacións.

#### **1.2.- Desenvolvemento e execución do Plan Xeral de Ordenación Municipal.**

**Art 3.** Réxime xeral.

**Art 4.** Clasificación do solo.

**Art 5.** Planeamento subordinado.

**Art 6.** Desenvolvemento en Solo Urbano.

**Art 7.** Desenvolvemento en Solo de Núcleo Rural.

**Art 8.** Desenvolvemento en Solo Urbanizable.

**Art 9.** Desenvolvemento en Solo Rústico.

**Art 10.** Proxectos de urbanización.

**Art 11.** Parcelación e segregación de fincas.

**Art 12.** Reparcelamentos.

#### **1.3.- Normas de tramitación.**

**Art 13.** Información urbanística.

**Art 14.** Normas xerais de tramitación.

**Art 15.** Actos suxeitos a licenza municipal.

**Art 16.** Solicitud de licenza.

**Art 17.** Tipos de licenzas de obra.

**Art 18.** Obras de urbanización.

**Art 19.** Obras de derribo e apeos.

**Art 20.** Obras varias.

**Art 21.** Licenzas de apertura e funcionamento de industrias e actividades.

**Art 22.** Sinalización de aliñacións e rasantes.

**Art 23.** Obras sen licenza ou que non se axusten a licenza.

**Art 24.** Inspección de obras.

**Art 25.** Estado de ruína.

**Art 26.** Obras en edificios fóra de ordenación.

**Art 27.** Conservación dos edificios.

**Art 28.** Condicións de seguridade na construción.

## **CAPITULO II.- CONDICIÓN XERAIS DA EDIFICACIÓN**

### **2.1.- Normas xerais relativas á edificación.**

- Art 29.** Definición.
- Art 30.** Condicións xerais de volume e hixiénicas.
- Art 31.** Condicións particulares para edificacións en solo Rústico ou de Núcleo Rural

### **2.2.- Normas de usos da edificación.**

- Art 32.** Definición e clasificación dos usos.
- Art 33.** Disposicións xerais.
- Art 34.** Regulación do uso de vivenda.
- Art 35.** Regulación dos usos residencial e hoteleiro.
- Art 36.** Regulación do uso de oficinas.
- Art 37.** Regulación do uso comercial.
- Art 38.** Regulación dos usos de espectáculos e salas de reunión.
- Art 39.** Regulación dos usos de garaxe-aparcadoiro e servizos do automóbil.
- Art 40.** Regulación do uso industrial.
- Art 41.** Regulación do uso agropecuario.
- Art 42.** Regulación do uso forestal.
- Art 43.** Regulación do uso equipamento.

## **CAPITULO III.- NORMAS DE ORDENACIÓN DE SISTEMAS E AFECCIÓN**

### **3.1.- Normas de ordenación de sistemas.**

- Art 44.** Definición

### **3.1.- Sistema de infraestrutura viaria.**

- Art 45.** Sistema viario

### **3.3.- Sistema de equipamentos comunitarios.**

- Art 46.** Sistema de equipamentos e dotacións.

### **3.4.- Sistema de zonas verdes e espazos libres.**

- Art 47.** Sistema de zonas verdes e espazos libres.

### **3.5.- Sistema portuario.**

- Art 48.** Ámbito e condicións para a súa ordenación.

**3.6.- Sistema de Infraestruturas e servizos básicos.**

- Art 49.** Definición.  
**Art 50.** Liñas de enerxía eléctrica de alta tensión.  
**Art 51.** Redes de Telecomunicacións e instalacións radioeléctricas.  
**Art 52.** Infraestrutura enerxética. Parques eólicos.

**3.7- Normas de urbanización**

- Art 53.** Trazados e apertura de vías.  
**Art 54.** Rede de abastecemento de auga.  
**Art 55.** Rede de evacuación de augas residuais.  
**Art 56.** Rede de baixa tensión.  
**Art 57.** Alumeado público.

**CAPITULO IV.- NORMAS DE PROTECCIÓN DO MEDIO NATURAL E DE PATRIMONIO****4.1- Afeccións da Lei de Augas.**

- Art 58.** Definición.  
**Art 59.** Zonas de protección de leitos.  
**Art 60.** Vertidos líquidos.  
**Art 61.** Protección contra as inundacións.  
**Art 62.** Medidas de protección das masas de auga e do Dominio Público Hidráulico.  
**Art 63.** Condicións para investigación, concesións e outros.  
**Art 64.** Zonas Protexidas no Plan Hidrolóxico Galicia- Costa

**4.2.- Normas de protección de costas.**

- Art 65.** Protección de costas.

**4.3.- Normas de protección de sistemas naturais e medio ambiente.**

- Art 66.** Normas de protección do medio ambiente

**4.4.- Normas de protección do patrimonio histórico-artístico, cultural e de xacementos arqueolóxicos.**

- Art 67.** Patrimonio cultural. Definición, catalogación e regulación xeral.  
**Art 68.** Normas de protección do Patrimonio Arquitectónico, etnográfico, ambiental e cultural  
**Art 69.** Descubrimentos de interese cultural.  
**Art 70.** Ordenanza reguladora da protección do Patrimonio Arqueolóxico.

**Art 71.** Normas de protección do Camiño de Santiago.

**CAPITULO V.- NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO.**

**Art 72.** Concepto de solo rústico.

**Art 73.** Tipos de usos.

**Art 74.** Condicións xerais da edificación.

**Art 75.** Condicións xerais de volume.

**Art 76.** Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico.

**Art 77.** Limitacións de apertura de camiños e movementos de terras.

**Art 78.** Outras actuacións prohibidas en solo rústico.

**Art 79.** Clases de solo rústico.

**5.1. - Solo Rústico de Especial Protección.**

**Art 80.** Solo Rústico de Protección Ordinaria

**Art 81.** Solo Rústico de Protección Agropecuaria.

**Art 82.** Solo Rústico de Protección Forestal.

**Art 83.** Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.

**Art 84.** Solo Rústico de Protección de Augas.

**Art 85.** Solo Rústico de Protección de Costas.

**Art 86.** Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

**Art 87.** Solo Rústico de Protección de Interese Paisaxístico.

**Art 88.** Solo Rústico de Protección Histórico-Artística .

**Art 89.** Solo Rústico de Protección Xacementos Arqueolóxicos.

**CAPITULO VI.- NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE.**

**Art 90.** Sectores Solo Urbanizable non Delimitado.

**Art 91.** Condicións para a formulación de plans de Sectorización en áreas de S. Urbanizable Non delimitado.

**Art 92.** Condicións xerais para o desenvolvemento do Solo Urbanizable.

**Art 93.** Deberes dos propietarios do Solo Urbanizable.

**Art 94.** Réxime urbanístico do Solo Urbanizable.

## **CAPITULO VII.- NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL.**

- Art 95.** Relación de núcleos rurais.
- Art 96.** Condicións para a concesión de licenzas.
- Art 97.** Ordenanza de Núcleo Orixinario Denso.
- Art 98.** Ordenanza de Núcleo Orixinario Disperso.
- Art 99.** Ordenanza de Expansión de Núcleo.
- Art 100.** Ordenanza de equipamentos.
- Art 101.** Ordenanza de zonas verdes e espazos libres.
- Art 102.** Planes Especiais de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural.

## **CAPITULO VIII.- NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO.**

### **8.1.- Disposicións Xerais.**

- Art 103.** Definición e ámbito.
- Art 104.** Tipos de ordenanzas en solo urbano.
- Art 105.** Réxime urbanístico do solo urbano.
- Art 106.** Requisitos de urbanización para edificar en solo urbano.
- Art 107.** Outras condicións de aplicación en solo urbano

### **8.2.- Ordenanzas de Solo Urbano.**

- Art 108.** Ordenanza 1. Casco Antigo Muxía.
- Art 109.** Ordenanza 2. Residencial Media Densidade.
- Art 110.** Ordenanza 3. Residencial Baixa Densidade.
- Art 111.** Ordenanza 4. Residencial en Ringleira.
- Art 112.** Ordenanza 5. Equipamentos.
- Art 113.** Ordenanza 6. Zonas verdes e espazos libres.

### **8.3. - Normas reguladoras de áreas pendentes de desenvolvemento en solo urbano non consolidado.**

- Art 114.** Solo urbano non consolidado.

## **CAPITULO IX.- NORMAS REGULADORAS DO DESENVOLVEMENTO DE ÁMBITOS DE PLANEAMENTO ESPECIAL**

- Art 115.** Planes Especiais.
- Art 116.** Plan Especial de Fachada Marítima de Muxía PE-1
- Art 117.** Plan Especial de Fachada Marítima de Muxía PE-2

- Art 118.** PESXZV-1. Plan Especial das Caldeiras do río Castro  
**Art 119.** PESXZV-2. Plan Especial Paseo Marítimo Praia Espiñeirido  
**Art 120.** PESXZV-3. Plan Especial Paseo Marítimo Praia Area Maior  
**Art 121.** PESXZV-4. Plan Especial Parque Etnográfico

## **CAPITULO X.- SITUACIÓNS FÓRA DE ORDENACIÓN.**

- Art 122.** Definición e aplicación.  
**Art 123.** Efectos da cualificación como fóra de ordenación.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

Disposición adicional primeira. Plans en tramitación  
Disposición adicional segunda. Parques eólicos  
Disposición adicional terceira. Protección da paisaxe  
Disposición adicional carta. Plan de Ordenación do Litoral  
Disposición adicional quinta. Ampliación Rede Natura

## **ANEXO I.- ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS.**

## **ANEXO II.- FICHAS URBANO NON CONSOLIDADO**

## **ANEXO III.- FICHAS NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL**

## **ANEXO IV.- PAUTAS DE SOSTIBILIDADE INTEGRADAS NO PLANEAMENTO**

# **C A P I T U L O I**

## **DISPOSICIÓN XERAIS**

### **1.1.- NATUREZA, ÁMBITO E VIXENCIA.**

#### **Art 1.- Ámbito.**

O presente documento constitúe a parte normativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en adiante P.X.O.M.) do Municipio de Muxia.

Esta normativa determina o réxime xurídico correspondente á totalidade do solo comprendido no municipio; regula o seu uso e tódalas actuacións urbanísticas que se proxecten ou realicen, tanto públicas como privadas.

#### **Art 2.- Vixencia, revisión e modificacións.**

O P.X.O.M entra en vigor unha vez tramitado o expediente e publicada oficialmente a súa aprobación definitiva segundo o Art. 92 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante L9/02) e transcorrido o prazo legal establecido na lexislación de réxime local.

A alteración do P.X.O.M poderá levarse a cabo mediante a revisión ou modificación do mesmo. O procedemento para a revisión ou modificación será o regulado nos Artigos 93 a 96 da L9/02 e L15/04 que modifica á anterior.

Enténdese por revisión a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto ou pola aparición de circunstancias sobrevidas de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación, ou polo esgotamento da súa capacidade.

A revisión poderá determinar a substitución do instrumento de planeamento existente e observaranse as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

O acordo de revisión do Plan Xeral, será adoptado polo Corporación, que valorara as circunstancias mencionadas, en razón dos distintos condicionantes que podan incidir na súa falta de adecuación.

Cando as circunstancias o esixan, o órgano competente da Comunidade Autónoma, poderá ordenar a revisión do Plan, previa audiencia da entidade local.

O Plan Xeral deberá revisarse nas seguintes circunstancias:

- Cando transcorra un prazo de 16 anos dende a súa aprobación
- Necesidade de adaptación a un novo marco legal
- Cambio de circunstancias de tipo económico, sociais, de poboación que impliquen necesidades da comunidade non contempladas.
- Cando a capacidade potencial de vivenda chegue a esgotarse máis dun 80%

Nos demais supostos a alteración das determinacións do Plan consideraranse como modificación deste, aínda cando a mencionada alteración leve consigo cambios illados na clasificación, cualificación do solo ou delimitación do ámbito dos polígonos a excepción do contemplado no Art. 123.4 da L15/04

## **1.2.- DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.**

### **Art 3.- Réxime xeral.**

O desenvolvemento do P.X.O.M. corresponderá ao Concello e demais Administracións Urbanísticas no ámbito das súas respectivas competencias sen prexuízo da participación dos particulares, segundo o establecido no capítulo I do Título IV da L9/02 e no presente Plan.

As facultades urbanísticas da propiedade exerceranse dentro dos límites e co cumprimento dos deberes establecidos no Título I da L9/02, e na súa virtude polo presente P.X.O.M con arranxo á clasificación urbanística dos predios.

### **Art 4.- Clasificación do solo.**

Aos efectos de aplicación do presente Plan, a totalidade dos terreos do municipio de Muxía clasifícanse nos seguintes tipos de solo: solo urbano, solo urbanizable, solo de núcleo rural e solo rústico.

## **1.- Solo urbano**

O solo urbano constitúeno aqueles terreos que, por cumprir as condicións relacionadas no Art. 11 da L9/02, este P.X.O.M. clasifica como tal.

O Plan Xeral diferencia as categorías de solo urbano consolidado e non consolidado en consonancia co Art.12 da mencionada lei.

## **2.- Solo de núcleo rural**

O solo de núcleo rural é o incluído nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de acordo coas determinacións sinaladas no Art. 13 da L9/02 e como resultado do estudio do modelo de asentamento poboacional.

## **3.- Solo urbanizable**

Constitúen o solo urbanizable os terreos que non teñen a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poden ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos no presente Plan, segundo o Art. 14 da L15/04.

## **4.- Solo Rústico**

Constitúen o solo rústico os terreos que deben de ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico, en consonancia con Art. 15 da L15/04, distinguindo diferentes categorías segundo o Art. 32 da L9/02.

## **Art 5.- Planeamento subordinado.**

Para o desenvolvemento do P.X.O.M. formularanse, con arranxo ao previsto na Lei e no propio P.X.O.M., planeamentos de desenvolvemento, que haberán de respectar as previsións e determinacións do P.X.O.M.

Os límites destes ámbitos de actuación determinados no P.X.O.M. e dos que poidan delimitarse para o desenvolvemento do mesmo, haberán de establecerse sobre base cartográfica oficial adecuada e sinalando a identificación das fincas segundo os catastros oficiais.

**Art 6.- Desenvolvemento en Solo Urbano.**

No solo urbano consolidado as determinacións e previsións do P.X.O.M. serán de aplicación directa e inmediata.

No desenvolvemento do P.X.O.M. poderán formularse plans Especiais e Estudos de Detalle, con algunha das finalidades previstas respectivamente nos Art.69 e 70, ou 73 da L9/02 e L15/04 que modifica a anterior.

**Art 7.- Desenvolvemento en Solo de Núcleo Rural.**

No Solo de núcleo rural as determinacións e previsións do P.X.O.M serán de aplicación directa e inmediata.

Poderán redactarse Plans Especiais de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural coa finalidade de protexer, rehabilitar e mellorar os elementos máis característicos da arquitectura rural, das formas de edificación tradicionais, dos conxuntos significativos configurados por elas e dos núcleos rurais, así como para o desenvolver de operacións de carácter integral nas condicións do artigo 72 da L15/02.

Así mesmo poderán redactarse Plans Especiais de Protección e plans Especiais de Infraestruturas e dotacións, nas condicións e cos obxectivos dos artigos 69 e 71 da L9/02 e L15/04.

**Art 8.- Desenvolvemento en Solo Urbanizable.**

O solo urbanizable require, para o seu desenvolvemento, a aprobación dun Plan de Sectorización, por tratarse de solo urbanizable non delimitado, nas condicións establecidas nos Art. 66 a 67 da L9/02. e L15/04 e concordantes do Regulamento de Planeamento.

Poderán redactarse plans Especiais de Protección e plans Especiais de Infraestruturas, nas condicións e cos obxectivos dos artigos 69 e 71 da L9/02 e L15/04.

**Art 9.- Desenvolvemento en Solo Rústico.**

As determinacións do P.X.O.M. no solo rústico, serán de aplicación directa e inmediata.

Poderán formularse Plans Especiais, sobre a base das determinacións do P.X.O.M., que terán por obxecto algunha das finalidades determinadas nos artigos 68, 69 e 71 da L9/02 e L15/04.

### **Art 10.- Proxectos de urbanización.**

Serán necesarios Proxectos de Urbanización, para realizar obras de:

- a) Pavimentación de calzadas, aparcadoiros, beirarrúas, rede peonil e espazos libres, etc.
- b) Distribución de auga potable, rede de sumidoiros e depuración, vertido de residuos, distribución de enerxía eléctrica e alumado público, rede de gas, e demais servizos urbanos, etc.
- c) Xardinería no sistema de espazos libres.

### **Art 11.- Parcelamento e segregación de fincas.**

1.- Considerase parcelamento urbanístico á división de terreos en dous ou máis lotes, a fin da súa urbanización ou edificación. Realizarase conforme ás condicións do Art. 204 e seguintes da L9/02.

Toda parcelamento estará suxeita a Licenza, mediante un Proxecto específico que conterá como mínimo os seguintes documentos:

- a) Plano de situación e parcelario actual en cartografía oficial.
- b) Delimitación das fincas iniciais e finais con erro menor de 2,5 % e a escala mínima de 1/500.
- c) Certificación dos documentos catastrais e rexistrados que identifiquen as fincas iniciais.
- d) Descrición de lindeiros, accidentes, topografía, superficies e demais características das fincas iniciais e resultantes de forma inequívoca e precisa.
- e) Xustificación da parcelamento de acordo con el presente Plan.

2.- Serán indivisibles, a estes efectos, as parcelas que se atopen en algún dos supostos enumerados no Art. 205 da L9/02.

3.- Non se poderán realiza nin autorizar divisións, parcelamentos nin segregacións de fincas en solo rústico, excepto as contempladas no Art. 206 da L15/04, esixirase a solicitude de licenza municipal coa documentación mínima de apartado 1.

### **Art 12.- Reparcelamentos.**

Enténdese por reparcelamento a agrupación de fincas comprendidas nun polígono para a súa nova división cos obxectivos e condicións regulados nos Art. 115 e seguintes da L9/02.

## **1.3.- NORMAS DE TRAMITACIÓN.**

### **Art 13.- Información urbanística.**

O Concello deberá dispoñer dun exemplar completo de cada un dos instrumentos de planeamento destinado exclusivamente a consulta polos particulares ou outros organismos ou entidades.

A información sobre calquera circunstancia do planeamento aplicable a unha finca deberá solicitarse por escrito, acompañando os documentos, planos, etc., necesarios para a súa identificación.

Será preceptivo o informe dos Servizos Técnicos, e a Alcaldía-Presidencia resolverao no prazo máximo dun mes. Esta información urbanística non será vinculante aos efectos de obtención de Licenza.

### **Art 14.- Normas xerais de tramitación.**

En xeral, tódolos proxectos de obras e usos do solo suxeitos a Licenza, tanto privados como públicos, que se pretendan realizar no territorio do Termo Municipal, axustaranse ás disposicións municipais vixentes e ás normas xerais de tramitación seguintes, ademais das dos Art. 195 e 196 da L9/02:

1.- As solicitudes de licenzas de obras ou instalacións deberán ir acompañadas dun proxecto técnico redactado por un técnico competente, a documentación haberá de ser previamente presentada a visado do Colexio Profesional

respectivo. Exceptúanse da presentación de proxecto técnico as obras ou instalacións menores.

Deberase acompañar dos oficios de dirección de obras que correspondan segundo o regulado na Lei de Ordenación da Edificación, visados polo Colexio Profesional respectivo

- 2.- Deberán acompañarse aos exemplares adicionais do Proxecto que sexan esixidos polo Art. 9 do R.S.C.L.
- 3.- Os actos administrativos a que estas tramitacións dean lugar, devengarán os dereitos e taxas correspondentes.
- 4.- Conforme ao artigo 195.2 da L9/02, en todo expediente de concesión de Licenza constarán os preceptivos informes técnico e xurídico. Así mesmo recabarase cantos informes e autorizacións previas sexan preceptivas que deban outorgar outras administracións ou organismos.

#### **Art 15.- Actos suxeitos a licenza municipal.**

- 1.- Están suxeitos a previa licenza os actos de edificación e uso do solo relacionados no Art. 10 do R.D.U., tales como:
  - As obras de construción de edificacións e instalacións de tódalas clases de nova planta.
  - As obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
  - As de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
  - As de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
  - As obras que modifiquen a disposición interior dos edificios.
  - As obras e usos que houberan de realizarse con carácter provisional, a que se refire o Art. 102 da L9/02.

- Os movementos de terra, tales como desmontes, explanación, escavación e terraplenado, as obras de instalación de servizos públicos, e en xeral as relacionadas coa urbanización exceptuando que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun Proxecto de Urbanización definitivamente aprobado ou de Edificación que dispoña de Licenza outorgada.
- A primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións.
- A utilización do solo para o desenvolvemento de actividades mercantís, industriais, profesionais, de servizos ou outras análogas.
- O uso do voo sobre as edificacións e instalacións de toda clase.
- A modificación do uso dos edificios e instalacións en xeral.
- A demolición das construcións, salvo nos casos declarados de ruína inminente.
- As instalacións subterráneas dedicadas a aparcadoiros, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- A extracción de áridos para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.
- As actividades extractivas de minerais, líquidos e calquera outra materia, así como as de vertidos no subsolo.
- As obras de construción de infraestrutura civil, excepto que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun plan especial ou nun instrumento de ordenación territorial, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable. Quedan excluídas da preceptividade de licenza as obras de mantemento das obras públicas.
- As construcións en zonas de dominio público, sen prexuízo do disposto na lexislación sectorial aplicable.
- A instalación ou radicación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanentes, excepto que se efectúen dentro de

campamentos legalmente autorizados e nas zonas expresamente previstas para dita finalidade.

- A tala de árbores integrados en masa arbórea, espazo boscoso, arborado ou parque, excepto as autorizadas en solo rústico polo Organismo competente en materia agraria e/ou forestal.
- A instalación de invernadoiros.
- A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles dende a vía pública, sempre que non estean en locais cerrados.
- Os cerramentos e valados de predios.
- Os parcelamentos urbanísticos, excepto que estean contidas nun proxecto de compensación ou reparcelamento aprobado.
- As obras de apertura de camiños e accesos a parcelas en solo rústico, excepto as autorizadas polo Organismo competente en materia agraria e/ou forestal.
- As instalacións e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.
- Calquera intervención en edificios declarados como bens de interese cultural, catalogados ou protexidos.
- A colocación de andamios, apeos e cercas.

A obrigaón de obter licenza municipal afecta así mesmo aos sectores ou actividades suxeitas a outras competencias e autorizacións administrativas.

A necesidade de obtención de licenza municipal para a instalación, posta en servizo ou funcionamento de infraestruturas de telecomunicación regularase polas excepcións contempladas, en función das circunstancias que concorran en cada caso, na Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, no seu artigo 34, e na Lei 12/2012, de 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

**2.-** En ningún caso entenderanse adquiridas por silencio administrativo facultades

en contra das prescricións da lexislación ou do planeamento urbanístico.

**3.-** Os actos do apartado 1 promovidos polos órganos das administracións públicas ou entidades de dereito público estarán igualmente suxeitos a licenza municipal, regulándose polo establecido no Art. 198 da L9/02.

**4.-** Para a tramitación de licenzas en solo de urbano e de núcleo rural, en parcelas que non reúnan a condición de soar, deberá constar na solicitude de licenza o compromiso de edificación e urbanización simultánea, ademais da prestación de fianza sobre a parte de obras de urbanización que lle corresponda, segundo o especificado nesta normativa, na forma e cuantía que o Concello estableza de acordo coa lexislación de réxime local.

### **Art 16.- Solicitude de licenza.**

A licenza deberá solicitarse ao Concello mediante a presentación da correspondente instancia e os requisitos que para cada caso concreto se especifiquen no presente Plan e coas condicións do Art. 195 da L9/02 e Art. 14 do R.D.U.

### **Art 17.- Tipos de licenza de obras.**

A) Distínguense varios tipos de licenzas de obra:

- Licenzas de obra nova.
- Licenzas de conservación.
- Licenzas de consolidación.
- Licenzas de restauración.
- Licenzas de rehabilitación
- Licenzas de reestruturación
- Licenzas de ampliación

#### **1.- Obra nova.**

Denomínase obra nova á efectuada para a construción dun inmovible de nova planta ben sobre terreo libre de edificación, ben en lugar procedente do derribo dunha edificación anterior.

## **2.- Obras de conservación**

Son aquelas que teñen a finalidade de manter o edificio ou elemento correspondente nas debidas condicións de hixiene, ornato, seguridade e funcionalidade sen afectar ou altera-la súa estrutura portante, distribución interior e características formais e funcionais tales como composición de ocós, materiais, cores, texturas, usos existentes, etc.

## **3.- Obras de consolidación**

Son aquelas que teñen por obxecto mante-las condicións de hixiene, ornato, seguridade e funcionalidade e que afectan en parte á estrutura portante e que polo tanto implican a substitución total ou parcial dalgún elemento estrutural, con aportación de elementos novos pero sempre respectando a organización espacial integramente así como as características formais e funcionais e a composición e máis os acabados da envolvente exterior do edificio.

## **4.- Obras de restauración**

Son aquelas obras encamiñadas a unha conservación en grado máximo da edificación á vez que reproducir ou restituí-las condicións orixinais do mesmo cando implique a substitución inevitable tanto na súa estrutura como nos seus elementos, acabados e decoracións.

## **5.- Obras de rehabilitación**

Son aquelas necesarias para mellorar e adecúa-las condicións funcionais e de habitabilidade pero conservando a composición exterior da envolvente do edificio e a disposición estrutural orixinal.

## **6.- Obras de reestruturación**

Son aquelas obras que se precisan para reconstruír, modificar ou transforma-lo espazo e volumes interiores do edificio existente para adecualo ó uso ó que se destine, incluíndo a posibilidade de demolición ou substitución parcial das estruturas internas sen alterar en ningún caso ás características orixinais da envolvente exterior.

## 7.- Obras de ampliación

Son aquelas que se realizan para aumenta-lo volume construído de edificacións existentes, xa sexa mediante o aumento de ocupación en planta ou mediante o incremento do nº de plantas da altura das existentes ou dos espazos baixo cuberta ata esgotar, no seu caso, a edificabilidade permitida polas ordenanzas da zona de que se trate, mantendo ou no a tipoloxía estrutural.

B)- Todos estes tipos clasifícanse en:

- a) .- **Obras ou instalacións maiores**: as obras e instalacións de calquera clase non incluídas no apartado de obras ou instalacións menores, así como as parcelacións urbanísticas, os muros de cerramento de calquera clase, as intervencións en edificios catalogados ou declarados bens de interese cultural e os grandes movementos de terras.

A documentación que acompañe a esta solicitude compoñeráse dun exemplar de proxecto, redactado polo técnico competente, ademais dos esixidos polo Art. 9 do R.S.C.L. e pola Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, como mínimo cun exemplar adicional para cada un dos organismos que deban emitir informes sobre a solicitude.

As obras autorizadas haberán de comezarse no prazo máximo de seis meses, tendo as licenzas que as amparan un prazo de vixencia de 3 anos, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Estes prazos poderán ser prorrogados segundo o establecido no Art. 19 do R.D.U. e Art. 197 da L9/02.

- b) .- **Obras e instalacións menores**: en base ao Art. 14 do R.D.U. e Art. 195 da L9/02, considéranse aquelas de técnica sinxela e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteracións de volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común o do número de vivendas e locais, nin afecten ao deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de tódalas clases.

Para a súa solicitude será suficiente unha memoria na que se indiquen os materiais a utilizar e as características construtivas e estéticas da solución

adoptada, cos croquis necesarios para a súa definición e o presuposto, todo elo por duplicado. En caso de reformas, definirase un croquis co estado inicial e outro co estado final.

As obras autorizadas deberán de comezarse no prazo máximo de dous meses, tendo as licenzas que as amparan un prazo de vixencia de doce meses, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses. Estes prazos poderán ser prorrogados segundo o establecido no Art. 19 do R.D.U. e Art. 197 da L9/02.

### **Art 18.- Obras de urbanización.**

O interesado, tras aprobarse o proxecto de urbanización, está obrigado a notificar oficialmente con oito días de anticipación o comezo das obras, tendo efectuados previamente sobre o terreo os replanteos necesarios pero sen haber iniciado ningún traballo preparatorio que dificulte a apreciación de tódalas circunstancias que poidan afectar ás obras.

### **Art 19.- Obras de derribo e apeos.**

Deberá acompañar á solicitude de licenza, un plano de situación do edificio sobre cartografía oficial e proxecto das obras a realizar firmado por técnico competente e visado polo Colexio Profesional que corresponda.

En caso de urxencia por perigo inmediato, a dirección facultativa da propiedade poderá dispoñer os apeos e obras necesarias, dando conta ao Concello de inmediato e solicitando a correspondente licenza nun prazo máximo de dous días. O Alcalde a requirimento do Técnico Municipal poderá esixir que se realicen os apeos e obras que se estimen necesarios.

Necesitarase dirección facultativa. Non se utilizarán explosivos, salvo autorización expresa. En caso de existir edificacións contiguas darase coñecemento aos colindantes.

### **Art 20.- Obras varias.**

As licenzas para marquesiñas, anuncios, farois luminosos, etc., terán carácter temporal con vixencia de dous anos.

### **Art 21.- Licenzas de apertura e funcionamento de industrias e actividades.**

1.- Requirirase licenza para o exercicio de calquera actividade no Termo Municipal, tanto para a nova instalación como para os traslados, ampliacións ou modificacións, segundo expresa o artigo 10 do R.D.U, de tal maneira que a actividade debe coincidir en tódolos seus termos coa licenza que se posúa.

Se fose necesaria licenza urbanística, ademais da licenza de actividade ou de apertura, ambas serán obxecto dunha única resolución de acordo có Art. 196.2 da L9/02.

2.- O Concello poderá ordenar inspeccións ás actividades e instalacións para comprobar se os titulares están en posesión de licenza e se a actividade se axusta aos termos de concesión da mesma.

3.- Non se poderá conceder licenza sen que se acredite o outorgamento da autorización da Comunidade Autónoma cando fose preceptivo segundo o Plan e a L9/02.

### **Art 22.- Sinalamento de aliñacións e rasantes.**

A fixación de aliñacións e rasantes efectuarase o día e hora sinalados polo Concello. En caso de incomparecencia inustificada da propiedade e o seu técnico na data fixada, deberá presentar nova solicitude para proceder a sinalar a aliñación.

Este acto terá un prazo de validez de seis meses. Transcorrido este sen ser iniciada a obra, haberá de instarse nova solicitude.

### **Art 23.- Obras sen licenza ou que non se axusten a licenza.**

Os actos de edificación ou uso do solo que estean en curso de execución ou se atopen xa rematados, sen licenza ou sen axustarse ás condicións fixadas na mesma, implicarán expediente de reposición da legalidade urbanística e seguirase o procedemento establecido nos. Art. 209 a 215 L9/02 e concordantes do R.D.U., segundo corresponda en cada caso.

**Art 24.- Inspección de obras.**

Nas obras de nova planta, ampliación e reforma, será preceptiva a inspección polo Servizo Municipal competente durante o seu desenvolvemento, polo menos en dúas ocasións, debendo conservarse na obra un exemplar do proxecto autorizado e a licenza correspondente a disposición da inspección.

Como resultado da inspección poderanse suspender as obras por un período máximo de tres días hábiles, debendo ratificarse ou levantarse a suspensión en dito prazo polas Autoridades Municipais competentes.

**Art 25.- Estado de ruína.**

A declaración de ruína dun edificio suxeitarase ao disposto no Art. 201 da L15/04 e Art. 32 a 47 do R.D.U.

**Art 26.- Obras en edificios fóra de ordenación.**

Chámanse edificios fóra de ordenación, ós que construídos antes da aprobación definitiva do P.X.O.M, non se axustan ás especificacións deste. Regularanse polo establecido no C A P I T U L O X do presente Plan.

**Art 27.- Conservación dos edificios.**

As fachadas e medianeiras ao descuberto, tanto de edificios públicos como privados deberán rematarse con materiais axeitados segundo as presentes normas e conservarse en bo estado.

A propiedade ten o deber de conservación establecido o Art. 24 do R.D.U., Art. 9 e 199 da L15/04.

Os propietarios estarán obrigados a proceder a un revoco ou pintura sempre que os dispoña a autoridade municipal, previo informe do Servizo Técnico que corresponda.

**Art 28.- Condicións de seguridade na construción.**

Estarase ao disposto pola Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, Decreto 1627/1997 sobre Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción e demais lexislación vixente na materia.

En todo caso o concello poderá esixir o valado dos soares.

Como normas mínimas xerais esixiranse as seguintes:

- 1.- O fronte do soar onde se practiquen obras que afecten á envolvente exterior do edificio cerrarase sempre cunha cerca de 2 m de altura mínima que poderá ser metálica, de táboas, ladrillos ou elementos prefabricados, debendo branquearse, pintarse ou acondicionarse. Deberase posibilitar o paso seguro de peatóns sen entorpecer o paso de vehículos.
- 2.- Os materiais e elementos auxiliares colocaranse e prepararán dentro da propiedade e cando no fóra posible, a colocación e preparación farase no punto ou espazo que o Concello designe.
- 3.- O vertido de cascallos efectuarase mediante procedementos que non produzan po, podendo almacenarse en contedores apropiados, aparcados na vía pública en tanto se proceda ao seu transporte.
- 4.- Os aparatos de ascensión de materiais non poderán situarse nas rúas e só no interior do edificio ou soar dentro da cerca de protección salvo en casos especiais e coa autorización municipal pertinente.

## C A P I T U L O   I I

### **CONDICIÓNS XERAIS DA EDIFICACIÓN**

#### **2.1.- NORMAS XERAIS RELATIVAS Á EDIFICACIÓN.**

##### **Art 29.- Definicións.**

A efectos destas ordenanzas, cantas veces se empleen os termos, que a continuación se indican, terán o significado que se expresa a continuación:

Aliñación.- Entendese por aliñación aquela liña que limita a parcela cos espazos libres (vías, rúas, prazas) públicos.

As aliñacións grafiadas nos planos do solo urbano separan a parcela edificable do viario ou espazo libre públicos (existentes ou de cesión obrigatoria)

##### Liña límite edificación.-

En solo rústico é a liña fixada pola lexislación de estradas, dende a cal ata a estrada queda prohibido calquera tipo de obras de construción, reconstrución ou ampliación, quedando calquera actuación sometida a autorización previa do órgano competente da Administración titular da estrada.

No solo urbano está liña pode ou non coincidir coa aliñación exterior. Esta liña grafiase nos planos de ordenación ou queda indicada na normativa coma un retranqueo obrigatorio.

No espazo comprendido entre a aliñación e a liña límite de edificación poderán situarse elementos de comunicación tradicionais do tipo escaleiras, corredores ou similares.

Retranqueos.- é o ancho da franxa de terreo comprendido entre a aliñación exterior e a liña de edificación cando ambas non coinciden.

Así mesmo existirán retranqueos laterais ou retranqueos posteriores, si se refire aos lindes laterais ou á liña límite de edificación interior.

Rasantes.- Son os perfís lonxitudinais das vías, prazas, rúas definidas nos documentos do presente Plan, e en todo caso as actuais existentes no terreo.


Altura da edificación.- é a distancia existente entre a rasante da beirarrúa ou de calquera punto do terreo en contacto coa edificación, e a parte inferior do último forxado, medido verticalmente no punto medio da fachada.

Altura da planta baixa.- é a distancia vertical existente entre a rasante da beirarrúa e a cara inferior do primeiro forxado.

Altura libre de andares.- é a distancia vertical existente entre o pavimento e o teito da mesma planta.

Altura de cuberta.- é a distancia vertical existente entre a cara inferior do último forxado e a liña de cumio.

### GRAFICO EXPLICATIVO DEFINICIÓN DE PLANTAS SOTO, SEMISOTO E BAIXA



Soto.- enténdese por soto aquela parte da planta cando o seu teito en tódolos seus puntos se atopa a un máximo de 0,50 m. por enriba da rasante da beirarrúa ou terreo en contacto coa edificación.

Semisoto.- é a planta ou parte da planta da edificación que ten parte da súa altura por debaixo da rasante da beirarrúa o do terreo en contacto coa edificación, sempre e cando o seu teito se atope a menos de 1,00 m. por enriba da rasante da beirarrúa ou do terreo.

Planta baixa.- é a planta inferior do edificio cando o seu piso está na rasante da beirarrúa ou terreo en contacto coa edificación, por enriba desta rasante un máximo de 1,30 m., ou por debaixo da rasante ou terreo un máximo de 3,00 m.

Planta de ático ou baixo cuberta.- é a parte da edificación existente entre o forxado que serve de teito á última planta de piso e a cuberta.

Delimitación exterior da edificación.- é a delimitada polas aliñacións a viais, liñas límite de edificación, fondo edificable e retranqueos laterais e/ou posteriores definidos pola Ordenanza de aplicación e/ou os planos de ordenación.

Fachada.- Cada un dos paramentos exteriores exentos dun edificio, poden ter luces ou ser cegos.

Medianeiras.- é o paramento cego que cerra e delimita verticalmente a edificación nun dos lindes laterais ou posteriores da propiedade, e que segundo a normativa pode quedar cuberto por apeamento da parede da edificación colindante.

Fondo da edificación.- é a distancia existente entre o plano de fachada ou fachadas que dan fronte a vías públicas e os seus opostos.

Cubertas.- Son os elementos construtivos que cerran o volume edificado por enriba da cara superior do último forxado.

Voos.- Elementos e volumes que, sendo solidarios e pertencentes á edificación sobresaen da mesma por diante do plano vertical que contén á aliñación exterior.

Entrantes na liña de fachada.- Elementos da edificación situados no interior do plano que contén a cada fachada, e que quedan abertos total ou parcialmente ao exterior, podendo estar cubertos ou non.

Edificacións complementarias.- Son os corpos edificados anexos ao volume edificado de uso principal construídos para albergar usos auxiliares tales como: hórreos, bodegas, alpendres, garaxes, silos, etc.

Peches de parcela.- Son os elementos construtivos que serven para delimitar e cerrar as propiedades.

Patio.- é o espazo libre rodeado, teórica ou realmente de edificación.

Patio de parcela.- é o espazo libre situado dentro da parcela edificable.

Edificabilidade.- é a superficie máxima edificable. Virá expresada nunha relación entre a superficie cuberta construída que autoriza a normativa por cada metro cadrado de superficie neta da parcela edificable que teña asignado un aproveitamento.

- A efectos de edificabilidade, computan todas as superficies construídas sobre e baixo rasante e os aproveitamentos baixo cuberta de altura maior de 1,80 m, coa única excepción dos sotos e semisotos con uso de garaxes, trasteiros ou instalacións de calefacción, electricidade ou análogas.

Volume edificable.- é aquel que é posible construír en cada caso en función da edificabilidade asignada ou das condicións de volume impostas en cada tipo de solo.

Superficie de ocupación de parcela.- é a superficie comprendida dentro dos límites definidos pola proxección vertical sobre un plano horizontal das liñas exteriores de toda a superficie construída sobre e baixo rasante.

Ocupación máxima de parcela.- é a porcentaxe máxima de superficie de parcela neta que pode ser ocupado pola edificación. Enténdese por parcela neta a superficie de parcela unha vez efectuadas as cesións correspondentes a viais ou rúas.

Parcela.- é a porción de terreo pertencente a unha soa propiedade, que aparece delimitado e rexistrado como tal, nalgún dos Catastros Oficiais de Rústica ou Urbana.

Parcela edificable.- é a parcela ou parte dela que queda incluída dentro da delimitación dalgunha das zonas de ordenanza, deberá ademais ter as dimensións esixidas como mínimas pola ordenanza de aplicación.

Parcela mínima.- é a superficie mínima de terreo que as Ordenanzas esixen para autorizar a construción.

Fronte de parcela.- é aquel que forma o lado ou lados da parcela edificable en contacto coa vía pública pola que ten acceso.

Lindeiros.- son as liñas perimetrais que delimitan unha parcela e a distinguen das súas contiguas.

Tipoloxía edificatoria.- modelo construtivo básico que serve como contedor dos usos considerados no presente Plan.

As edificacións ás que dan lugar estes modelos baséanse nas tipoloxías tradicionais da zona, así como naquelas outras que xa depurou a experiencia do uso de novas tecnoloxías e aporte de deseños modernos.

Modelos permitidos para o uso residencial- vivenda

a) Unifamiliar illado. edificio adicado ao uso residencial para un só núcleo familiar, construído estrutural e funcionalmente de forma independente e sen elementos contiguas con ningún outro edificio. A cada parcela corresponde unha única edificación destas características.

b) Unifamiliar apegado. edificio adicado ao uso residencial para un só núcleo familiar, construído xunto a outro de semellantes características, co que pode ter elementos comúns ou contiguas.

c) Plurifamiliar ou colectivo: edificio dedicado principalmente ao uso residencial para varios núcleos familiares, con elementos e zonas de uso común.

Pezas vivideiras.- aquelas nas que desenvolve a vida dos ocupantes da vivenda, definidas nas normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Uso.- é o emprego continuado e habitual ao que se pode destinar un solo ou unha edificación.

Usos permitidos.- son os que o Plan Xeral considera máis axeitados para cada zona.

Usos prohibidos.- son aqueles que o Plan Xeral non considera expresamente en cada zona e que polo tanto non son permitidos.

**Art 30.- Condicións xerais de volume, hixiénicas e de parcela.**

Estarase ao disposto nas Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

**1.- Alcance e contido:**

As condicións seguintes establecen as limitacións a que deben de suxeitarse tódalas dimensións e demais condicións das edificacións, salvo indicación expresa na Ordenanza correspondente, así como a forma de medir e interpretar estas condicións.

**2.- Altura e plantas das edificacións:**

Deberán cumprirse ao mesmo tempo ambos parámetros: altura máxima e número de plantas.

A correlación entre o número de plantas e a altura, é a seguinte:

Nº de plantas	Altura máxima
1 = Planta Baixa	4,0 m.
2 = Planta Baixa + 1	7,0 m.
3 = Planta Baixa + 2	10,0 m
4 = Planta Baixa + 3	13,0 m

- A altura mínima libre interior de planta baixa establececese en 2,50 m se o uso é vivenda ou usos complementarios a o mesmo. Non obstante, para o uso de vivenda, estarase ao disposto nas Normas de Habitabilidade de vivendas de Galicia no cumprimento das alturas libres. Para outros usos será de 3,20 m. a altura máxima libre interior será de 4,00 m. Excepcionalmente en edificios de planta baixa e uso exclusivo de tipo: industrial, comercial, espectáculos ou similar, admitirase unha altura máxima de 7 m.
- A altura mínima libre interior de piso será de 2,50 m.
- A altura mínima libre interior en plantas soto o semisoto, a excepción daqueles usos que non impliquen estancia de persoas (garaxes, faiados, cuartos instalacións ou similares), será de 2,50 m.  
No caso de garaxes, faiados, cuartos instalacións o similares, a altura mínima interior será de 2,20 m.



### 3.- Construcións por enriba da altura máxima permitida en solo urbano:

Por enriba do último forxado e por debaixo da cuberta, admítese unicamente o uso residencial e os auxiliares do mesmo (faiados e salas de máquinas), baixo as seguintes condicións:

- Faldóns de cuberta cunha pendente non superior a 30 grados sesaxesimais, medidos no borde do beirado que coincidirá coa aresta superior do último forxado horizontal
- Nos casos nos que se autorice a utilización vivideira do espazo baixo cuberta só se autorizará unha planta deste tipo por edificio, e débese cumprir as condicións sinaladas polas normas de habitabilidade para cada tipo de peza
- Altura máxima do cumio, dende a parte inferior do forxado de teito da última planta, será de 4,00 m.

Sobre esta altura só poderán elevarse condutos de ventilación e instalacións tipo antenas ou similares coas alturas que para o seu correcto funcionamento determine a normativa sectorial aplicable, e elementos ou instalacións relacionados coa arquitectura sostible (coma paneis de captación solar) segundo a aplicación do CTE ou lexislación vixente.

- Poderán ter ocos de ventilación e iluminación nas condicións establecidas nas NHV que poderán ser:
  - Ventás practicables sobre o propio plano da cuberta.
  - Ventás practicables nos testeiros.
  - Lucernarios que non sobresaian máis de 1 m do plano de cuberta.
  - Ventás ou porta - ventás verticais con fronte a terrazas, e o seu plano estará retranqueado ao menos 3,00 m. do plano de fachada ou voos.
- En caso de existir terrazas nas cubertas, poderanse realizar varandas ou petos opacos cunha altura máxima de 1,00 m, que só poderán ser rebasados por ornamentos illados.
- As condicións de pendente e altura máxima de cumio dan lugar a unha liña imaxinaria que cerra o posible sólido capaz da cuberta, dentro da cal quedarán inscritas tódalas construcións deste apartado excepto os petos.




#### 4.- Condicións para a medición das alturas no solo urbano:

A medición do número de plantas e alturas rexerese polas seguintes condicións:

- a) As alturas tomaranse entre a rasante da beirarrúa e a parte inferior do forxado horizontal da última planta, medidas na vertical do punto medio da liña de fachada ou fachadas.

Non poderá haber variacións, nos extremos da fachada, superiores a 1,0 m. sobre a altura máxima permitida. Si se supera este límite haberá de escalonarse a edificación, de forma que se cumpra esta condición en cada un dos tramos.

En orde a prever a aparición de plantas adicionais nas fachadas posteriores da edificación no caso de terreos con forte desnivel, terase en conta que en ningún caso se permitirán mais plantas das autorizadas, e o número de plantas deberá contabilizarse na fachada mais desfavorable.



En edificacións illadas ou exentas, a altura da fachada que de fronte a vía pública tomarase desde a rasante da beirarrúa cando a edificación estea situada na aliñación ou retranqueada menos de cinco metros, se o retranqueo de fachada é maior de cinco metros, a altura e número de plantas mediranse a partir da rasante natural do terreo en contacto coa edificación. No resto de fachadas tomarase como referencia de medida de altura a rasante natural do terreo en contacto coa edificación.

- b) No número de plantas non se incluírán os semisotos, con respecto á rasante da beirarrúa ou do terreo natural en contacto coa edificación nas condicións do apartado anterior, debendo quedar incluídos na altura máxima permitida.

## 5.- Regularización de parcelas:

En solo urbano será obrigatorio, para poder edificar, a regularización de aquelas parcelas que presenten, nalgún dos seus lindes laterais, un ángulo coa aliñación menor de 45º. Exceptúanse aquelas parcelas que teñan o linde en cuestión xa edificado.

## 6.- Parcelas inferiores ás mínimas esixidas:

Excepcionalmente, en solo urbano e solo de núcleo rural, poderase construír en parcelas inferiores ás mínimas, en fronte ou superficie, no caso de parcelas situadas entre outras xa edificadas con anterioridade á aprobación do presente Plan. Neste caso poderase superar o parámetro de ocupación máxima.

Non se poderá aplicar esta excepción nas áreas de expansión dos núcleos rurais para as que non fose aprobado un plan especial de protección rehabilitación e mellora do medio rural.

## 7.- Saíntes:

### 1.- Definicións:

- Balcóns. Están formados polos voos, abertos por tres lados, dos forxados a partir da planta primeira.
- Miradoiros. Son corpos saíntes acristalados en todo o seu perímetro e altura. A súa lonxitude máxima será de 2,50 m. Separaranse ao menos 1,00 m. entre si.
- Galerías. Están formadas polos voos acristalados en todo o seu perímetro ao menos nun 70% da súa superficie.
- Corpos cerrados voados. Son os corpos da edificación proxectados fóra da aliñación exterior do edificio a partir do primeiro piso, cerrados con obra de fábrica por dous ou máis lados. A suma dos corpos voados cerrados non excederá do 50% da lonxitude da fachada.

## 2.- Condicións xerais.

- Os saíntes máximos de cornixas e beirados, dende o plano de fachada, será de 0,30 m.  
No caso de existir voos sobre a vía pública a lonxitude máxima autorizada de voo só poderá ser incrementada por beirados en 15 cm.
- En rúas de ancho igual ou inferior a 6 m. non se permiten voos.
- En vías de ancho maior de 6 m. e inferior a 8 m. os únicos saíntes permitidos serán, ademais de cornixas e beirados, balcóns e miradoiros ata 0,50 m.
- En vías de ancho superior a 8 m. o voo permitido será dun 8% do ancho da vía cun máximo 1,00 m., non podendo ser en ningún caso maior que o ancho da beirarrúa existente menos 0,50 m.
- Os saíntes máximos de corpos voados dende o plano de aliñación serán de 1,20 m, incluíndo as cornixas e beirados.
- Para a medición do saínte dos voos, medirase perpendicularmente á liña da edificación, en calquera punto do voo, a lonxitude deste, dende o seu extremo ata a liña de fachada.
- Para permitir iluminación natural e relación co exterior da edificación lindante, deberá recuarse da colindante polo menos unha distancia igual á distancia voada
- Para que os voos e corpos saíntes poidan servir de iluminación e ventilación a unha peza deberán cumprirse os seguintes requisitos, segundo as NHV:
  - O largo da fronte á peza deberá ser como mínimo, dúas veces a profundidade do voo medida perpendicularmente ao plano definido pola fronte do voo á peza
  - A altura mínima da fronte aberta será de 2,05 m
  - A proxección do oco sobre o plano definido pola fronte aberta, trazada perpendicularmente ao dito plano, cumprirá coas seguintes condicións:
    - A súa superficie será igual ou maior que a superficie mínima de iluminación esixida á peza
    - A dita proxección atoparase integramente na fronte aberta
- A altura mínima dos elementos voados sobre a rasante da beirarrúa será de 3,60 m., en calquera punto

## 8.- Recuados nas fachadas:

Sempre que non se deixen medianeiras á vista poderán deseñarse recuamentos na edificación que non superen a profundidade de 2 m, en cuxos paramentos as fiestras deberán cumprir as indicacións de luz directa.

Os recuamentos de mais de 2 m, en que se sitúen ocos de iluminación e ventilación de pezas vivideiras deberán cumprir coas determinacións de patio aberto definidas nas NHV.

## 9.- Patios:

Entendese por patio aquel espazo libre rodeado, teórica ou realmente de edificación.

As súas dimensións estarán definidas polos seguintes parámetros:

- Parámetro D: lado do cadrado que se poderá inscribir no patio en toda a súa altura. Na superficie do cadrado poderá incluírse a superficie ocupada por estreitamentos puntuais dun largo máximo de 0,50 m. cunha sección horizontal cuxa superficie total sexa inferior a 0,50 m<sup>2</sup>.

- Parámetro H: altura media dos paramentos do patio, medida desde o chan acabado da primeira planta que ventile e ilumine ao seu través, ata a coroación superior dos paramentos verticais que o delimiten.

- Parámetro R: distancia desde a cara exterior do paramento en que se sitúen ocos de ventilación e iluminación ata o paramento vertical enfrontado, medida perpendicularmente ao paramento do oco.

- Parámetro L: profundidade do patio aberto medida normalmente ao plano da fachada.

Os patios de parcela son todos os espazos libres situados dentro da parcela edificable. O patio poderá ser de dous tipos:

- Pechado: é aquel que ten todo o seu perímetro delimitado por paramentos ou por lindeiros de parcela, é dicir, aquel que está situado no interior da edificación, ou o que situado no seu perímetro exterior é susceptible de ser pechado por edificacións lindeiras.

- Aberto: é aquel recuamento de fachada a espazo exterior público ou privado en que a súa profundidade, medida normalmente ao seu plano, sexa superior a 2,00 m.

Os patios de parcela dimensionaranse en función do uso das pezas que iluminen e ventilen a través deles, cumprindo a tal fin o disposto nas NHV cando se trate dun edificio con vivendas:

Dimensionamento:

a) Nos patios interiores a que ventilen ou iluminen escaleiras, o parámetro R será como mínimo  $1/6$  do parámetro H, e o parámetro D será como mínimo de 2,00 m.

b) Nos patios interiores a que ventilen e iluminen pezas vivideiras das vivendas, o parámetro R será como mínimo  $1/3$  do parámetro H, e o parámetro D será o que estableza o DB-HS3 do CTE.

c) Para determinar a dimensión dos patios interiores non se computarán como plantas os remates das caixas de escaleiras, os cuartos de máquinas dos ascensores e os depósitos de auga.

d) Os patios abertos á fachada cumprirán as seguintes condicións:

- A lonxitude L da fronte aberta será como mínimo  $1/4$  da altura H, cun mínimo de 4,00 m.

- A profundidade P será inferior a L cando ao patio dean estancias; para o resto dos casos a profundidade P deberá ser inferior a  $1,5 L$ .

e) Aos patios interiores non poderán ventilar garaxes, nin locais, agás que sexan exclusivos para a súa ventilación.

f) O patio interior poderá cubrirse coas seguintes condicións:

- O elemento de cobertura terá unha transparencia nominal do 80%, e deberá garantirse que non se produzan desprendementos en caso de rotura.

- Deberá garantirse unha ventilación permanente. Para isto, deberá disporse un conduto de entrada de aire na parte inferior do patio cunha superficie mínima de  $0,20 \text{ m}^2$  que tomará o aire do exterior do edificio. Así mesmo, a cuberta do patio deberá contar cunha superficie mínima de ventilación equivalente ao  $0,40$  da súa superficie en planta.

g) Todos os patios interiores serán accesibles para a súa limpeza ben a través de zonas comúns do edificio ou ben a través dun dominio privado.

Para o resto de usos estarase ao disposto nas condicións particulares de cada uso, pero a dimensión mínima do patio ao que recaian pezas habitables será tal que a dimensión de calquera lado do patio será igual ou superior a  $H/3$ , con mínimo de tres (3) metros, cumprindo en todo caso o establecido nas NHV.

As condicións nos patios de parcela situados por detrás da aliñación traseira da edificación trataranse no apartado dos patios de mazá.

Os paramentos dos patios aos que poidan abrir ocos os dormitorios e locais de traballo e oficinas, deberán ser tratados coma fachadas exteriores.

Nas edificacións existentes poderán manterse os patios coas súas dimensións e forma, podéndose autorizar, sen adaptar os patios ás condicións deste artigo, obras de restauración, conservación, consolidación e obras de rehabilitación limitadas só ás de acondicionamento ou reestruturación puntual.

#### Patios de mazá:

Son todos os espazos definidos ao interior da mazá pola liña de edificación interior en planta de piso (ou en tódalas plantas, segundo a ordenanza).

Naqueles mazás onde non se defina no plano o patio de mazá, os patios que resulten, cumprirán en canto á dimensión, as condicións de patio de parcela en función da altura das edificacións máis altas que os limitan, e deberán cumprir tamén as condicións que se sinalen ao respecto na regulación do uso concreto ou maioritario do edificio, atendendo sobre todo ás condicións do uso residencial e ao cumprimento das condicións de vivenda exterior que se regulan nese uso e nas NHV. A este respecto, no caso das vivendas, deberá atenderse especialmente á cualificación do espazo do patio de mazá para que poida responder ás esixibles - no seu caso- condicións como espazo exterior de calidade.

Nos patios de parcela situados por detrás da aliñación traseira da edificación (no patio de mazá) –e só no caso de que se permita nas ordenanzas específicas e non se impida nos planos de ordenación poderase edificar a nivel de planta baixa (na proporción que se permita na ordenanza de aplicación), prohibíndose especificamente nesta situación de patios de mazá o uso de vivenda. No caso de que se poida edificar, deberanse dispor elementos de iluminación na cuberta en, polo menos 1/4 da superficie da planta de patio ocupada e realizar nela os necesarios ocos de ventilación para a planta baixa. A superficie e/ou volume así edificado serán contabilizados para os cálculos de edificabilidade na súa totalidade.

#### **10.- Portadas, reixas e escaparates:**

As xambas de portadas e ocos así como as reixas poderán sobresaír da aliñación ata 0,05 m.

Cando sexa necesario que as portas en plantas baixas abran cara afora, deberán quedar totalmente remetidas en fachada, non podendo invadir a zona pública.

As vitrinas, escaparates, zócolos e demais elementos ornamentais non sobrepasarán o plano de fachada.

### **11.- Anuncios e rótulos.**

Deberán estar situados a unha altura superior a 3,00 m, non podendo sobresaír máis de 0,75 m do plano de fachada.

### **12.- Marquesiñas que sobresaian dos edificios.**

A altura mínima libre dende a cara inferior da marquesiña á rasante da beirarrúa ou terreo será maior de 3,60 m. O saínte será máximo de 1,00 m. e non maior do ancho da beirarrúa menos 0,30 m.

### **13.- Dotación de servizos nos edificios:**

As dotacións de servizo dos edificios deberán cumprir as condicións establecidas nos regulamentos correspondentes vixentes en cada materia e na regulación xeral da edificación, en función dos usos a desenvolver nela ou na normativa de carácter xeral ou sectorial que lles sexa aplicable como o CTE e en concreto para o uso de vivendas será de aplicación o sinalado nas Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia.

Nas dotacións de servizos dos edificios para as que non exista normativa específica obrigatoria, o Concello poderá esixir o cumprimento das disposicións contidas nas NTE.

Toda vivenda deberá contar coas dotacións mínimas de instalacións necesarias que lle permita a adecuada realización das funcións previstas nas diferentes pezas vivadeiras e servizos, reguladas nas NHV e demais normativa vixente: instalación de subministro de auga fría, instalación de calefacción e auga quente sanitaria, que terá incorporado o elemento xerador correspondente, instalación de evacuación de augas, instalación de telecomunicacións, ademais de rede de interfonía para comunicar as vivendas co portal do edificio, instalación eléctrica, e instalación de ventilación.

Igualmente todo edificio de vivendas estará dotado das instalacións sinaladas ao respecto nas NHV: instalación de subministro auga, instalación eléctrica, instalación de evacuación de augas, instalación de telecomunicacións, ademais de rede de interfonía para comunicar o portal do edificio coas vivendas, instalación de paneis solares, se é o caso, segundo o DB HE4 do CTE, instalación de ascensor e instalación de ventilación.

#### A) Dotación de auga e instalacións de fontanería e saneamento.

Todo edificio deberá contar con servizo de auga corrente potable, coa dotación suficiente para as necesidades propias do uso.

As instalacións de auga cumprirán as disposicións vixentes, debendo instalarse contadores individuais centralizados en local común.

As augas de saneamento haberán de separarse en residuais e pluviais.

O desaugadoiro das baixantes de augas pluviais farase en sumidoiros que as conduzan á rede de sumidoiros urbana, destinada a recoller dito tipo de augas. De non existir rede de sumidoiros, deberán conducirse por debaixo da beirarrúa ata o foxo.

As instalacións de saneamento cumprirán o disposto nas Normas Tecnolóxicas correspondentes.

As augas residuais conectaranse á rede de sumidoiros urbana, de existir este, mediante arqueta ou pozo xeral de rexistro.

En solos onde non exista rede de saneamento, o vertido de augas residuais poderá facerse a pozos absorbentes, previa depuración en fosa séptica ou estación depuradora, segundo o disposto na ordenanza correspondente.

#### B) Fosas sépticas e pozos:

As fosas sépticas e pozos de auga, situaranse como mínimo a 3,0 m. dos predios contiguos, sen prexuízo das demais condicións específicas de cada caso. A distancia mínima entre pozos de auga e fosas sépticas será de 20 m (segundo o artigo 44 da normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, RD 11/2016)

#### C) Evacuación de fumes:

Prohíbese a saída libre de fumes por fachadas, balcóns e ventás, aínda que sexa de carácter provisional, debéndose canalizar por chemineas. Os condutos de extracción de fumes, así como os de extracción para a ventilación xeral das vivendas e o conduto de extracción específico da campá deberán ser individualizados e levarse ata a cuberta do edificio.

As chemineas sobresarirán polo menos 1,00 m. por enriba do plano da mesma, cumprindo as Normas Tecnolóxicas correspondentes.

O Concello poderá impoñer as medidas correctoras que estime pertinentes cando unha saída de fumes, a xuízo dos Servizos Técnicos, poida causar molestias ou prexuizos.

#### D) Residuos sólidos:

Deberanse prever espazos axeitados para a xestión de residuos no interior dos edificios segundo o CTE DB-HS 2 “ Recollida e evacuación de residuos”, en función tanto do tipo de edificación coma do tipo de recollida que leve a cabo o Concello nas diferentes zonas do municipio.

Independentemente do anterior, nas edificacións de vivenda colectiva situadas en solo urbano onde se pretenda xestionar comunitariamente o lixo, dotarase ao edificio dun cuarto que permitirá a colocación ordenada e funcional dos correspondentes contedores para depósito selectivo do lixo. Será un espazo hixiénico de doada limpeza e desinfección de paramentos, con toma de auga e sumidoiro sifónico no chan. O lixo deberá ser depositado polos usuarios do servizo nos colectores instalados para o efecto, recollido periodicamente polo encargado do edificio e deberá ser introducido selectivamente nos respectivos colectores situados no espazo público.

Cando polas súas características, os lixos ou outros residuos sólidos que produza calquera actividade, non poidan ou non deban ser recollidos polo servizo municipal de recollida, deberán ser trasladados directamente a un lugar adecuado para o seu vertido por conta do titular da actividade.

#### E) Enerxía eléctrica:

Todo edificio deberá estar dotado da necesaria instalación de enerxía eléctrica, debendo cumprir a lexislación vixente.

Tódalas instalacións e os seus accesorios, depósitos de combustible, contadores, antenas, etc., deberán cumprir coas condicións esixidas polas súas respectivas regulacións e en ningún caso poderán constituír perigo ou molestias para os veciños.

#### F) Dotación de calefacción e climatización:

Todo edificio, no que se prevexa a presenza habitual e continuada de persoas, disporá dun sistema de calefacción que permita o mantemento, nos distintos locais e pezas do edificio, dunha temperatura adecuada, en función da actividade que se desenvolva en cada un deles.

Esta instalación poderá complementarse mediante un sistema de ventilación ou de aire acondicionado, podendo integrarse todos eles nunha única instalación de climatización.

O deseño das instalacións efectuarase sobre os criterios de aforro enerxético e minimización da contaminación e axustarase ao disposto na normativa aplicable.

Prohíbese a situación de aparatos de extracción ou acondicionamento de aire nas fachadas a vía pública. Poderán situarse enrasados coa fachada e ocultos ao exterior, os enreixados do aire situaranse a unha altura maior de 3 m sobre a rasante, de xeito que non se produzan molestias aos transeúntes.

En todo caso adaptarse as súas características ao vixente Regulamento de Instalacións Térmicas do edificio (RITE)

Os extractores de fume deberán contar con filtros e outros medios suficientes que eviten a saída de graxas, olores e partículas en suspensión.

#### G) Dotación de servizos de comunicación.

Tódolos edificios deseñaranse con previsión de acometida e rede interior de distribución telefónica. Agás en edificacións destinadas a vivenda unifamiliar, preverase en planta baixa, baixo rasante ou en construcións permitidas por riba da altura, unha peza para instalacións de telecomunicacións nas condicións que estableza a normativa específica aplicable.

Con independencia da súa instalación definitiva, tódolos edificios destinados a uso residencial en edificación colectiva deseñaranse con previsión das seguintes instalacións de comunicación:

- a) Interfonía entre o acceso do edificio e cada vivenda.
- b) Instalación receptora de televisión, radio e telefonía.
- c) Servizo de recepción de correspondencia.

As antenas de recepción de sinais, cando se instalen, localizaranse nos puntos do edificio ou da parcela nos que o impacto visual sexa menor.

A Lei 9/2014, de 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións, no seu artigo 34.5, establece que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas deberán facer uso das canalizacións subterráneas ou no interior das edificacións que permitan o despregamento e explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas. Nos casos nos que non existan ditas canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas, os operadores poderán efectuar despregamentos aéreos seguindo os previamente existentes.

Igualmente, salvo en casos xustificados de edificacións do patrimonio histórico-artístico ou que poidan afectar á seguridade pública, nos casos nos que non existan ditas canalizacións ou non sexa posible o seu uso por razóns técnicas ou económicas, ditos operadores poderán efectuar despregamentos por fachadas de cables e equipos que constitúan redes públicas de comunicacións electrónicas e os seus recursos asociados.

Tódalas edificacións deberán cumprir o Regulamento Regulador de Infraestruturas comúns de Telecomunicacións para o acceso aos servizos de Telecomunicación no interior dos edificios (RD 346/2011).

#### H) Grellas.

A realización de instalacións estables dedicadas a este uso realizarase baixo as seguintes condicións:

- Situaranse a unha distancia maior de 10 m de calquera edificación de terceiros que implique a estancia habitual de persoas.
- Dotarase de campá e conduto de evacuación de fumes de forma que a saída destes se produza a unha altura non menor de 4 m.
- Poderá situarse apegada a lindeiros si se cumpren as condicións anteriores.

#### **14.- Condicións de estética en solo urbano:**

Son de aplicación a toda actuación suxeita a licenza municipal, podendo o Concello, en todo caso, requirir á propiedade dos bens urbanos para que execute as accións necesarias para axustarse ás condicións que se sinalan nestas Normas. A regulación das condicións estéticas rexerase, ademais de polas presentes

condicións xerais, polas que se establecen nas Ordenanzas, así como as que se contemplan, a maiores, no apartado 15.- relativo ás condicións tipolóxicas da presente Normativa. Por outra banda, a defensa da imaxe urbana e dos núcleos ou contornos edificados recollese principalmente nas condicións da Disposición adicional carta. 4. da presente normativa.

En calquera caso a aplicación das condicións reguladas no presente apartado, en edificios sometidos a algún tipo de protección, requirirán informe favorable dos técnicos municipais responsables, así como do órgano competente da Consellería de Cultura.

#### Condicións das fachadas exteriores

- Tódalas fachadas posteriores e as medianeiras que vaian a quedar vistas (incluso de xeito provisional) deberán de revestirse con materiais de calidade suficiente que non desmerezan da estética da fachada principal.

- Cando a obra afecte á fachada dunha edificación e se atope contigua ou flanqueada por edificacións obxecto de protección individualizada, adecuarase a composición da nova fachada a estas, harmonizando as liñas fixas de referencia da composición tales como cornixas, aleiros, impostas, voos, zócalos, recercados, etc.

- En todo caso, as solucións de ritmos e proporción entre os ocos e macizos na composición das fachadas deberán adecuarse en función das características tipolóxicas da edificación do contorno e específicas das edificacións catalogadas, se a súa presenza e proximidade o impuxese.

- Aos proxectos para edificacións en aliñación de rúa que se presenten ao trámite de obtención de licenza poderáselles esixir a presentación dos alzados do edificio proxectado xunto cos lindeiros, tratados con análogo detalle, a fin de poder contrastar as determinacións dos puntos anteriores do presente artigo.

- En edificios non catalogados, poderá procederse á modificación das características dunha fachada existente, de acordo cun proxecto de edificación adecuado que garanta un resultado homoxéneo do conxunto arquitectónico e a súa relación cos lindeiros.

- A composición e tratamento en canto a materiais das fachadas das plantas baixas corresponderán cos existentes no resto do edificio.

- Peches provisionais en locais comerciais. As fachadas de locais que non se atopen habilitados deberán cerrarse cun cerramento provisional cun material incombustible e tratamento decoroso e tupido que non permita arroxar obxectos ao interior.

- Os soares non edificados deberán cerrarse na aliñación oficial cunha cerca de altura máxima de 2 m., de material resistente e incombustible con rematado revocado ou pintado. Ao producirse a apertura de novas vías, os propietarios dos soares deberán cerralos nun prazo de dous meses a partir da terminación das obras de urbanización.

### **15.- Condicións de tipoloxía edificatoria en solo urbano:**

A regulación das condicións das tipoloxías edificatorias rexerase, ademais de polas presentes condicións xerais, polas que se establecen nas Ordenanzas particulares, así como as que se contemplan, a maiores, no apartado relativo ás condicións paisaxísticas da presente Normativa na súa Disposición adicional carta. Igualmente cumpriranse as proteccións específicas sobre os elementos singulares catalogados recollidas no Capítulo IV apartado 4.4. relativo ás normas de protección do patrimonio histórico- artístico, cultural, e de xacementos arqueolóxicos.

Posto que o feito construtivo individual non é un acto desleigado do colectivo e da paisaxe herdada, as novas construción nestas zonas xa consolidadas pola edificación haberán de harmonizar cos patróns arquitectónicos propios da arquitectura da zona e da do territorio.

### **16.- Cerramentos de fincas.**

As condicións que se recollen a continuación, haberán de ser completadas, polas que sexan de aplicación da Disposición adicional carta. 7.- sobre condicións tipolóxicas e paisaxísticas, que incidan na súa formalización e construción.

Axustaranse ás condicións seguintes:

- a) A altura máxima dos cerramentos será de 1 m sobre o nivel natural do terreo, con calquera tipo de peche opaco.
- b) Os peches realizados en pedra, en fincas con fronte a vías que non sexan do sistema xeral, ou en lindes, se autorizarán ata unha altura de 2,00 m sobre o nivel natural do terreo.

- c) En terreos en pendente, escalonarse o cerre de xeito que a altura no punto mais desfavorable non exceda 1/4 da máxima permitida nos parágrafos precedentes.
- d) Permitirase completar o peche de tipo diáfano ata unha altura de 2,00 m: con arames, balaustradas, barrotes, celosías metálicas, madeira, peches vexetais o solucións semellantes esteticamente admisibles.
- e) Prohíbense os peches de bloques de formigón vistos ou celosías cerámicas; estes deberán de revestirse con enfoscados e pinturas, excepto si se trata de elementos de rematado de calidade fabricados có fin de ser vistos.
- f) En ningún caso as portas situadas nos peches de parcela que dá á estrada abrirán cara a mesma. A posición das portas con respecto da liña do cerramento deberá de retranquearse de forma que se reserve un espazo para parada de vehículos sen que estes invadan a calzada.
- g) Os cerramentos situados entre o borde exterior da zona de servidume de estradas (autonómicas) e a liña límite da edificación unicamente poderán ser diáfanos.

### **17.- Desmontes, noiros e muros de contención:**

Nos casos en que existan fortes desniveis entre a rasante da vía á que da fronte unha parcela e a propia parcela, poderanse construír muros de contención de terras, que cumprirán as seguintes condicións:

- A parte cega do muro de contención non terá unha altura superior aos 2,00 m. De ser necesario poderase escalonar o terreo en bancadas separadas entre si mais de dúas veces a altura do muro.  
Sobre esta altura so poderán realizarse cerramentos diáfanos de altura máxima de un metro ou vexetais.
- Os muros de contención haberán de cumprir as mesmas condicións estéticas que os cerramentos de parcela.
- Os barroteiros para a escorrentía das terras, dispoñeranse de forma que co vertido de auga non se produza acarreo de terras á vía pública.

- A solución terá sempre a finalidade exclusiva de conter terras existentes, rexeitando toda autorización de obra que presuma aumento do nivel de terras do predio sobre as cotas primitivas e de apreciarse este fin durante as obras, procederase á suspensión das mesmas e demais actuacións de acordo coa lexislación.

En orden a non romper coa topografía e a paisaxe non se autorizarán cómaros, noiros e desmontes, en ningún linde, que superen os dous metros respecto a rasante natural do terreo, excepto no caso de ser debidos a execución de infraestruturas viarias ou a accesos a sotos.

En todo caso os noiros deberán quedar suficientemente estabilizados mediante pendentes axeitadas ao tipo de solo, e protexidos con vexetación que os integre na paisaxe.

Os desmontes maiores a dous metros deberán ser realizados a mesma distancia que o desnivel producido e como mínimo a 5 m das fincas colindantes , salvo que en proxecto de técnico competente se xustifiquen a innecesariedade de dito recuamento, co fin de non causar prexuízos aos colindantes.

### **18.- Conservación, reforma ou ampliación de construcións de interese, xa existentes:**

Para autorizar calquera actuación tendente a conservar, reformar ou ampliar, edificios ou construcións de carácter tradicional de calquera tipo, que se sitúen no solo urbano, de núcleo rural ou rústico, ou ben no catálogo correspondente de bens de interese cultural ou calquera outro nivel de protección, os proxectos que as amparen terán que axustarse, ademais de cumprir co resto da normativa edificatoria, aos seguintes criterios:

- Conservación: demostrar, previo estudio detallado no que figuren memoria, planos e fotografías, que os materiais, cores e técnicas construtivas son análogas ás existentes.
- Reforma: demostrar, previo estudio detallado no que figuren memoria, planos e fotografías, que a reforma non afecta a elementos tipolóxicos nin compositivos esenciais e que os materiais, cores e técnicas construtivas son semellantes aos das edificacións existentes e / ou compatibles, dende o punto de vista formal e funcional, con eles e co contorno no que a devandita reforma se pretende.

- Ampliación: demostrar, previo estudio detallado no que figuren memoria, planos e fotografías que a ampliación non desvirtúa á edificación ou o seu contorno, e que é compatible, dende o punto de vista compositivo, tipolóxico, morfolóxico e paisaxístico, coidando e valorando en cada caso, materiais, técnicas e cores empregadas.

### **Art 31.- Condicións particulares para edificacións en solo Rústico ou de Núcleo Rural**

En solo Rústico e de Núcleo rural serán de aplicación os apartados seguintes ademais dos aspectos xerais contemplados no artigo anterior.

#### **1.- Construcións por enriba da altura máxima permitida e cubertas:**

Por enriba do último forxado e por debaixo da cuberta, admítense unicamente o mesmo uso que o da planta inferior e as auxiliares do mesmo (faiados e salas de máquinas), baixo as seguintes condicións:


- As cubertas resolveranse a dúas augas na edificación principal, excepto en casos singulares debidamente xustificadas tales como a configuración da parcela ou similar. Nas edificacións auxiliares poderán ser a unha ou dúas augas
- Faldóns de cuberta serán continuos sen quebro algún, cunha pendente non superior a 30 grados sexagesimales, medidos no borde do beirado que coincidirá coa aresta superior do último forxado horizontal
- Prohíbense as cubertas planas a excepción de cubertas de sotos ou semisotos que non sobresaian do terreo en ningún punto máis de 1,00 m. Admitiranse no caso de terrazas sobre edificación pechada en planta baixa, limitadas a un fondo máximo de 3 m.
- Altura máxima do cumio, dende a parte inferior do forxado de teito da última planta, será de 3,00 m. Sobre esta altura só poderán elevarse conductos de ventilación e instalacións tipo antenas ou similares.
- Poderán ter ocos de ventilación e iluminación que poderán ser:
  - Ventás practicables sobre o propio plano da cuberta.

- Ventás nos testeiros.
- Queda expresamente prohibida a construción de bufardas e mansardas.

## 2.- Condicións para a medición das alturas:

A medición do número de plantas e alturas rexerese polas seguintes condicións:

- a) As alturas mediranse dende a liña resultante entre a intersección entre a edificación e o terreo natural en contacto coa mesma, no punto medio de cada unha das súas fachadas
- b) No número de plantas non se incluírán os semisotos, salvo si se sobrepasa a altura máxima da edificación.



## 3.- Materiais.

Utilizaranse os materiais, cores e rematados acordes co paisaxe rural e coas construcións tradicionais e/ou características da zona. No acabado das edificacións empregárase a pedra ou revestimentos de tipo continuos, enfoscados e pintados sempre en cores tradicionais.

En caso de utilizar pedra, esta deberá de ser da zona ou comarca excluíndose pedras non tradicionais, así mesmo o acabado será da mesma non poderá ser aserrado nin pulido.

Excepcionalmente, por razóns xustificadas, poderán empregarse outros materiais sempre que se garanta a súa adecuación ao entorno (en canto a textura, cor, forma, etc.).

A efectos indicativos e sen prexuízo da necesaria xustificación técnica que haberán de conter os proxectos, indícanse as seguintes posibles solucións:

- Os acabados poderán realizarse con revestimentos continuos de morteiro ou ben con madeira (táboas ou derivados), tramas e chapas metálicas (nin brillantes, nin refrectantes) ou paneis prefabricados.
- Queda prohibida a utilización, como materiais vistos, daqueles materiais propios para ir revestidos como fábricas de ladrillo ou de bloque. Empregaranse, en tódalas fachadas o mesmo tratamento, con materiais de igual calidade, que nas fachadas principais.
- As cores das fachadas admitiranse en ton próximos ao branco, pardo ou crema (na gama dos terra) e, en calquera caso, similares aos utilizados no lugar.
- As cubertas serán de tella cerámica, excepto en casos debidamente xustificadas. Alternativamente poderanse utilizar outros materiais (cobre, zinc, aluminio ou placas metálicas, estos lacadas en cor vermello ou alaranxado). Para estes supostos excepcionais, debe xustificarse non so o valor arquitectónico da edificación en si mesma, senón tamén a adecuada integración do volume, composición e material da nova edificación co seu entorno , de modo que o emprego de materiais alternativos debe responder a unha motivación fundada na calidade arquitectónica da proposta.
- A carpintería exterior será de madeira vernizada ou pintada, admítense outros materiais lacados en cores tradicionais.

#### **4.- Edificacións de uso non residencial.**

As edificacións auxiliares e os edificios onde o seu uso non sexa o de vivenda; industrial, almacéns e instalacións agropecuarias, equipamentos, etc., deberán manter similares características de calidade, polo que si se utilizan materiais tipo ladrillo ou bloque, será necesario o seu revestimento e pintura, así mesmo en cubertas poderanse utilizar materiais non cerámicos pero de calidade suficiente segundo os criterios expresados anteriormente.

En naves, recoméndanse as cubertas lixeiras de chapa ou placa ondulada, de cores axeitados como o tella e solucións máis lixeiras que a pedra en fachada. As cores deberán de mimetizarse cós do entorno

## 5.- Tipoloxía edificatoria.

As tipoloxías edificatorias permitidas serán as existentes, edificación illada ou apegada (segundo ordenanza) con volumetría formada exclusivamente por corpos prismáticos simples de planta rectangular, á que se poderán apegar corpos de igual ou menor altura auxiliares ou adxectivos transformándose en tipo “L” ou “T”.

Os corpos con superficies curvas limitáranse exclusivamente aos tradicionais: fornos, pombais e cubas., cás dimensións respectivas que lle son propias, ou no caso de núcleos moi compactos tramos da fachada curva adaptándose a xeometría do camiño público..

Aos efectos de compatibilizar as novas edificacións coa tipoloxía tradicional limitarase a superficie máxima construída por volume independente da seguinte maneira:

Edifícios en PB.....	250 m <sup>2</sup>
Edifícios en PB+1.....	400 m <sup>2</sup>

No caso de que resulte imprescindible superar este volume por esixencias do uso ou actividade autorizable e as condicións de volume da ordenanza permitan superar estes parámetros, a edificación deberá fragmentarse en varios corpos interconexiónados entre si, cumprindo cada un deles estas condicións de volume.

Os ocos adaptaranse preferentemente ao tipo tradicional: ventás ou portas rectangulares de eixo vertical, cunha proporción maior ou igual a 2/3.

Os voos serán de tipo balcón, corredor ou galería, limitándose aos tipos tradicionais que teñen as seguintes características:

- único voo por fachada, centrado nela
- abarcando un único oco ou dous ocos de forma continua.
- metade recuado en fachada metade voando
- todo en voo, neste caso voo menor de 75 cm
- as varandas serán de pedra, madeira, ferro ou outro material lixeiro lacado.

Se para o acceso á planta principal e necesario salvar algún desnivel, este resolverase do xeito tradicional mediante patíns consistentes en escaleiras exteriores de acceso á planta principal que adaptaranse as seguintes condicións:

- poderán ser paralelos ou perpendiculares á fachada
- a altura a salvar non será maior de 1,30 m.
- a zona por debaixo dos chanzos quedará pechada por muro lateral
- poderán ser cubertas con tellado a un auga.

## **6.- Edificacións complementarias e auxiliares:**

En Solo de Núcleo Rural, adicionalmente ao uso de vivenda, tolerarase a construción de edificacións auxiliares, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Será imprescindible a existencia previa dunha vivenda ou a lo menos a solicitude simultánea de licenza de obras para a construción de vivenda.
- Non poderá ser destinada ao aloxamento de persoas nin sequera de modo temporal.
- A altura máxima será de 3,50 m ata o arranque da cuberta. A altura máxima de cumio será de 1,50 m sobre o arranque da cuberta.
- Poderán construírse edificacións auxiliares de altura igual a edificación principal computando nese caso edificabilidade e ocupación.
- Deberán ter un rematado similar ao da vivenda principal, quedando prohibida a utilización de materiais pensados para ser revestidos, queden vistos, tales como ladrillo, bloques de formigón grises e fibrocemento en cuberta.
- As edificacións auxiliares situaranse preferentemente apegadas á edificación principal formando patio, poderán situarse encostadas a lindeiros sempre que exista acordo co veciño.
- A superficie máxima construída entre tódalas edificacións auxiliares na parcela, sen computar edificabilidade pero si ocupación, será de 50 m<sup>2</sup>. unha vez sobrepasados os 50 m<sup>2</sup> de superficie total, computará edificabilidade e ocupación calquera que sexa a súa altura.

## **7.- Peches de fincas.**

As condición xerais son as do Art 30.- 16.- coas particularidades que seguen.

Os cerramentos e valados serán preferentemente vexetais, sen que os realizados con material opaco de fábrica superen a altura de 1 m, agás en parcela edificadas onde poderán acadar 1,50 m. sempre que sexan realizados en pedra da zona.

En todo caso deberanse realizar con materiais propios do medio rural no que se localicen ou no seu caso con acabados en texturas e coloracións similares aos da pedra do lugar.

## **2.2.- NORMAS DE USOS DA EDIFICACIÓN.**

### **Art 32.- Definición e clasificación dos usos.**

**1.- Definición:** é o emprego continuado e habitual ao que se pode destinar un solo ou unha edificación.

**2.- Tipos:** Os usos poden ser característicos o pormenorizados conforme determine o instrumento de planeamento correspondente:

- Uso característico: é aquel que o Plan xeral asigna con carácter dominante ou maioritario a unha zona e que é susceptible de ser desenvolvido en usos pormenorizados polo propio Plan Xeral ou por algunha outra figura de planeamento.
- Uso pormenorizado: é aquel que o Plan xeral ou os instrumentos de planeamento que o desenvolven asignan a unha zona concreta. O cambio dos usos pormenorizados require a modificación do planeamento correspondente.

### **3.- Usos permitidos, usos prohibidos e usos compatibles:**

- Usos permitidos.- Son os que o Plan Xeral considera máis axeitados para cada zona.
- Usos prohibidos.- Son aqueles que o Plan Xeral non considera axeitados expresamente en cada zona.
- Usos compatibles.- Son aqueles onde a súa implantación pode coexistir co uso dominante sen perder este ningunha das características que lle son propias dentro do ámbito delimitado.

### **4.- As construcións poderán estar destinadas aos seguintes **usos característicos**:**

- Uso Residencial: é o daqueles edificios ou parte deles destinados a vivenda.
- Uso Terciario: o que ten por finalidade a prestación de servizos ás persoas, ás familias e ás empresas o organismos, tales como servizos de aloxamento temporal, comercio ou venta ao por menor, servizos persoais, información, administración, xestión pública ou privada, actividades e servizos financeiros ou profesionais. Se consideran incluídos dentro de esta definición os

relacionados co automóbil: mantemento, abastecemento e entretemento dos mesmos, así como servizos públicos de transporte e anexos

- Uso Industrial. Comprende as actividades transformadoras, de elaboración, reparación, almacenaxe e distribución de produtos e de venta ao por maior.
- Uso Dotacional: composto á súa vez por Equipamentos: que serve para proporcionar aos cidadáns o equipamento que faga posible a súa educación, o seu enriquecemento cultural, a súa saúde e o seu benestar, así como para proporcionar os servizos administrativos básico; Espazos Libres e Zonas Verdes: Se consideran como tales o conxunto de actividades destinadas a garantir a salubridade, repouso e esparexemento da poboación, e en xeral, a mellorar a calidade de vida dos habitantes.
- Usos primarios: neles se engloban o Agropecuario: engloba todo tipo de actividades relacionadas coa produción agropecuaria entendendo como tales a agricultura, os cultivos experimentais ou especiais, a horticultura ou floricultura baixo invernadoiro, a cría e garda de animais en réxime de estabulación e a cría de especies piscícolas; e o uso Forestal: Se entenden como tales o conxunto de actividades relacionadas co coidado e explotación dos montes.

**5.-** Aos efectos de clasificación e aplicación das presentes Ordenanzas, se consideran os seguintes **usos pormenorizados**:

- Vivenda: Edificación destinada ao aloxamento de unidades familiares ou asimilables.
- Residencial - hoteleiro: Edificación destinada ao aloxamento estable ou temporal de persoas con servizos compartidos.
- Oficinas: Actividades terciarias principalmente dirixidas á prestación de servizos administrativos, de xestión, información, financeiros ou profesionais.
- Comercial: Actividades terciarias destinadas a subministrar mercancías ao público mediante venta ao por menor, venta de comidas e bebidas para consumo no local ou prestación de servizos persoais.
- Espectáculos, recreativo e salas de reunión: Actividades ligadas á vida de relación acompañadas de espectáculos, así como ás de ocio e recreo tales

como teatro, cine, circo, música, etc., que necesiten de espazos especializados para o seu desenvolvemento.

- Garaxe - aparcadoiro e servizos do automóbil: é o correspondente á garda e estacionamento de vehículos, así como ao seu mantemento e subministracións.
- Industrial: Establecementos dedicados ao conxunto de operacións que se realizan para a obtención e transformación de primeiras materias, incluso envasado, almacenaxe, transporte e distribución.
- Agropecuario: Actividades relacionadas directamente coa explotación dos recursos vexetais do solo e da cría e reprodución de especies animais.
- Forestal: conxunto de actividades relacionadas co coidado e explotación dos montes.
- Administrativo público: Comprende as dotacións terciarias destinadas ao exercicio da administración pública, o desenvolvemento das funcións públicas institucionais e a prestación de servizos públicos.
- Cultural: Actividades culturais asociativas e de relación social que impliquen locais permanentes como casas de cultura, museos, bibliotecas, etc.
- Docente: Comprende o uso dotacional correspondente á actividades formativas, de ensinanza e ás de investigación relacionadas con elas.
- Asistencial. Actividades de tipo social de servizo a grupos que demandan unha atención diferenciada; centros de terceira idade, educación de minusválidos, asilos, etc.
- Mercado: Comprende as dotacións destinadas ao aprovisionamento de produtos de alimentación e outros de carácter básico para o abastecemento da poboación.
- Cemiterio: Actividades de inhumación e/ou incineración de restos humanos.
- Seguridade e Protección Civil: Actividades de prestación de asistencia e seguridade ás persoas tipo a realizada pola policía, salvamento marítimo e similares.

- Hoteleiro: Comprende o uso terciario de servizo ao público de aloxamento temporal integrado na rede de establecementos e instalacións turísticas do Estado.
- Sanitario.: Actividades de prestación de asistencia médica e servizos hospitalarios.
- Deportivo: Actividades relacionadas coa práctica da cultura física e do deporte.
- Relixioso: Actividades relacionadas co culto.
- Servizos- Múltiples: Comprende diferentes tipos dos anteriormente nomeados compatibles entres si e agrupados nun mesmo edificio ou finca.

### **Art 33.- Disposicións xerais.**

- 1.- Cando unha actividade comprende varios dos usos sinalados no artigo anterior, e sempre que sexan compatibles entre si, cada un dos mesmos deberá cumprir as condicións que se determinan na regulación específica de cada uso.
- 2.- As normas que se fixan nos artigos seguintes son de aplicación ás obras de nova planta, de ampliación, de reforma, rehabilitación e de cambio de uso.
- 3.- A obrigatoriedade no cumprimento destas Normas se entende sen prexuízo de cantas outras dimanen doutros Organismos e lles fosen de aplicación.
- 4.- Só se permiten obras de reforma, rehabilitación ou ampliación en fincas ou locais, cando estean dedicados ou se destinen a usos permitidos pola Ordenanza correspondente.
- 5.- No seu caso serán de aplicación as normas relativas a protección do medio ambiente establecidas no Art 66.- da presente normativa.
- 6.- Ademais das condicións establecidas nos artigos seguintes para cada uso, haberán de cumprirse as leis, regulamentos e decretos que poden afectalos.

## **Art 34.- Regulación do uso de vivenda.**

### **1.- Clasificación.**

A vivenda clasifícase en:

- a) Vivenda unifamiliar: é a situada en parcela independente, en edificio illado ou apegado a outro/s horizontalmente, con acceso exclusivo e independente dende a vía pública.

Engloba un réxime especial de vivenda unifamiliar cando, en aplicación dalgunha ordenanza, se obteñan parcelas unifamiliares nas que cada unha delas se separa en dous superficies: unha onde se situará a vivenda e outra, integrada nunha superficie configurada como elemento común da totalidade do grupo de vivendas.

- b) Vivenda en edificio colectivo de vivendas ou vivenda plurifamiliar, son as situadas en edificio constituído por varias unidades familiares con accesos e/ou elementos comúns.

### **2. Condicións das vivendas en relación ás NHV:**

As edificacións destinadas a vivenda acreditarán o cumprimento das condicións mínimas previstas no Decreto 29/2010 de 4 de Marzo, que aproba as Normas de Habitabilidade de vivendas de Galicia, así como calquera outra normativa que lles sexa de aplicación.

- Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade nas vivendas:

Serán de aplicación con carácter xeral, as condicións básicas normativas do apartado I.A.1 do Anexo das NHV, cos matices que se engaden no presente artigo.

Nas edificacións tradicionais e nas edificacións catalogadas polo presente PXOM, os parámetros relativos ás súas dimensións establecidas neste capítulo poderán, xustificadamente, ser adaptados para axustalos ás singularidades das mesmas a fin de manter ou preservar, se é o caso, as súas especiais características tipolóxicas. Non obstante, todo iso farase coa autorización do órgano competente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, nos casos nos que estean incluídos no Catálogo.

### **a) Vivenda Exterior**

Toda vivenda nova deberá ser exterior. Entenderase que unha vivenda é exterior cando teña a lo menos a súa estancia maior e outra estancia (cando a vivenda conte con mais dunha), con iluminación e ventilación directa a través de espazos exteriores de calidade, xa sexa público ou privado. O resto das estancias e as cociñas poderán ter iluminación e ventilación natural e relación directa co exterior, ben a través dos ditos espazos exteriores de calidade, ben a través de patios interiores cuxas características e dimensións deberán respectar as determinacións establecidas no apartado I.B.2 das NHV.

Entenderase por espazo exterior de calidade como:

- aquelas rúas, prazas, e espazos libres de carácter público
- os patios de mazá ou espazos libres privados onde sexa posible a inscrición dun círculo de diámetro  $0,7 H$  (sendo  $H$  a media ponderada da máxima altura de coroación permitida dos edificios que conformen o espazo libre)

O espazo poderase configurar conxuntamente con ámbitos de parcelas lindeiras, nos patios de mazá

Garantirase que calquera edificación que poida realizarse nas parcelas lindeiras, en aplicación das ordenanzas que puideran corresponderlles, quedará a unha distancia tal que permita a inscrición dun círculo de diámetro  $0,7 H$ , sendo esta a altura do edificio máis desfavorable do espazo

### **b) Condicións de iluminación, ventilación natural e relación co exterior**

Son de aplicación as establecidas nas NHV

### **c) Condicións de posición**

Non se permitirán vivendas en sotos nin semisotos.

En plantas que son inferiores á baixa na aliñación de rúa, pero que por razón da pendente do terreo estean por riba da rasante do mesmo na parte posterior ou lateral do edificio, poderán admitirse este uso unicamente naquelas partes destas plantas que poidan ser consideradas planta baixa segundo se indica no esquema do Art 29.- da presente normativa.

- Condições espaciais, dimensionais, funcionais e dotacionais:

Son de aplicación as establecidas nas NHV

Igualmente non poderán comunicar directamente con locais comerciais ou industriais, debendo existir un vestíbulo intermedio, ademais de ter accesos independentes dende a vía pública ou espazo común da edificación que conecte directamente con ela.

- Condições das instalacións e salubridade nas vivendas:

Son de aplicación as establecidas nas NHV

Ademais débense cumprir as condicións establecidas na presente normativa

### **3. Condições do edificio en relación ás NHV**

Son de aplicación as establecidas nas NHV

## **Art 35.- Regulación dos usos Residencial e Hoteleiro.**

### **1.- Definición e clasificación.**

É o correspondente a aqueles edificios para residencia de persoas de carácter público ou privado, e agrupados na rama de hostalería ou outros usos residenciais asimilables de carácter docente (internados, residencias de estudantes, profesores, etc.).

Enténdense tamén incluídos neste uso, e polo tanto autorizados, todos os de carácter complementario que estean ao servizo ou en dependencia co principal, tales como: tendas, perruquerías, oficina bancaria, garaxe, etc.

Este uso clasifícase nas seguintes categorías:

**1º** Máis de 30 prazas ou superficie total edificada maior de 600 m<sup>2</sup>.

**2º** Menos de 30 prazas ou, no caso de aloxamento en liteiras, menos de 60 liteiras, ou superficie total edificada menor de 600 m<sup>2</sup>.

**3º.** Campamentos de turismo. Son aqueles que organizan a súa oferta entorno á dispoñibilidade de terreo apropiado para acampar e dotado dos servizos necesarios.

## **2.- Condicións xerais.**

Os edificios destinados ao uso residencial haberán de cumprir as condicións que a lexislación específica dicte para cada tipo, e no seu defecto as fixadas para uso de vivenda.

Tódolos locais de utilización polo público en xeral dispoñerán dun inodoro e lavabo independente para cada sexo, ata 100 m<sup>2</sup> de superficie útil. Por cada 200 m<sup>2</sup> adicionais ou fracción superior a 100, se aumentará un inodoro para cada sexo. Por cada 400 m<sup>2</sup> adicionais ou fracción superior a 200, un lavabo para cada sexo.

Se dispoñerá, no interior do edificio ou parcela, dúas prazas de aparcadoiro por cada 100 m<sup>2</sup> construídos, o por cada tres habitacións se resultase número maior de prazas.

## **3.- Campamentos de turismo.**

Comprende aos usos turísticos realizados en campamentos ou outros tipos de hospedaxes similares (albergues xuvenís, cámpings,...) que organizan a súa oferta en torno á dispoñibilidade de terreo apropiado para acampar, dotado dos correspondentes servizos, en ocasións complementados con instalacións fixas (cabanas, bungalows,...), utilizadas para o aloxamento temporal de grupos que desenvolven actividades de turismo da natureza, ou similares.

## **Art 36.- Regulación do uso de oficinas.**

### **1.- Definición.**

É o correspondente a actividades predominantemente administrativas ou burocráticas e, en xeral, ás que exercen Compañías ou Entidades de Servizos, xa sexan de carácter público ou privado, así como os servizos bancarios e profesionais. Se distinguen as seguintes categorías:

**1ª. Oficinas e despachos colectivos:** Comprende actividades de servizos ás persoas, familias e empresas que supoñen ampla frecuencia de

público, e requiren por tanto favorables condicións de accesibilidade (oficinas bancarias, rexistros, e similares, administración pública ).

**2ª. Despachos profesionais e servizos equivalentes:** Comprende as actividades profesionais con afluencia de público xeral pouco significativa.

## **2.- Condicións.**

- a. As oficinas que se establezan en soto ou semisoto no poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unidas a este por escaleiras con un ancho mínimo de 1,2 m., cando teñan utilización polo público.
- b. As oficinas de categoría 1ª deberán de ter acceso directo a vía pública dende a planta baixa da edificación, específico para o local ao que serven.
- c. Os despachos profesionais da 2ª categoría poderán localizarse en edificios residenciais, en calquera planta, sempre que a superficie dedicada á actividade profesional sexa inferior a 100 m<sup>2</sup>. Se contasen con acceso independente desde vía pública non se aplicará esta limitación
- d. Os locais de oficinas terán os seguintes servizos:

Ata 100 m<sup>2</sup>, un inodoro e un lavabo. Por cada 200 m<sup>2</sup>, máis, ao fracción, se aumentará un inodoro e un lavabo. A partir dos 100 m<sup>2</sup>, se instalarán con enteira independencia para señoras e cabaleiros. Estes servizos no poderán comunicar directamente co resto dos locais, dispoñéndose con un vestíbulo de illamento.
- e. A luz e ventilación dos locais e oficinas poderá ser natural ou artificial.

No primeiro caso, os ocos de luz e ventilación deberán ter unha superficie total non inferior a un octavo da que teña a planta do local.

Esixirásese a presentación dos proxectos detallados das instalacións de iluminación e ventilación ao acondicionamento de aire, que deberán ser aprobados polo Concello, quedando estas instalacións sometidas a revisión antes da apertura do local e en calquera momento. No suposto de que non fosen satisfactorias ou non funcionaran correctamente, en tanto non se adopten as medidas correctoras oportunas o Concello poderá cerrar total ou parcialmente o local.

- f. Dispoñerán dos accesos, aparatos, instalacións e útiles que en cada caso, e de acordo coa natureza e características da actividade, determina a vixente lexislación sobre prevención de incendios.
- g. Esixiránse as instalacións necesarias para garantir á veciñanza e viandantes a supresión de molestias, olores, fumes, ruídos, vibracións, etc., de acordo coa lexislación vixente.

## **Art 37.- Regulación do uso comercial.**

### **1.- Definición e clasificación.**

É o correspondente a edificios ou locais de servizo público destinados á compra e venda de mercancías de todas clases incluído o almacenamento destas, así como os servizos de hostalería tales como restaurantes, cafeterías e bares. Comprende os establecementos mixtos con industria non molesta, insalubre, nociva ou perigosa, sempre que predomine a parte comercial.

Se establecen as seguintes categorías:

- 1º Locais comerciais en pasaxes ou galerías.
- 2º Locais comerciais en edificios de vivenda, ocupando primeiro soto, semisoto planta baixa ou primeira.
- 3º Edificios con máis do 60% da superficie total destinada a usos comerciais.

### **2.- Condicións xerais.**

2.1.- No caso de que no edificio exista uso de vivendas, deberán dispoñer estas de accesos, escaleiras e ascensores independentes.

Os locais comerciais e os seus almacéns non poderán comunicarse coas vivendas, caixa de escaleira nin portal, se non é a través dun vestíbulo intermedio, con portas resistentes ao lume.

2.2.- Os locais que se establezan en soto ou semisoto non poderán ser independentes do local inmediato superior, estando unidos a este por escaleiras con ancho mínimo de 1,2 m.

2.3.- As escaleiras de servizo ao público, nos locais comerciais, terán un ancho mínimo de 1,2 m. a excepción dos de 1ª categoría, onde o ancho non poderá ser inferior a 1,30 m.

2.4.- Os locais comerciais dispoñerán dos seguintes servizos sanitarios: ata 100 m<sup>2</sup>, un inodoro e un lavabo; por cada 200 m<sup>2</sup> máis ou fracción, se aumentará un inodoro e un lavabo. A partir dos 100 m<sup>2</sup> se instalarán con absoluta independencia para señoras e cabaleiros. En calquera caso estes servizos non poderán comunicar directamente co resto dos locais e, por conseguinte, deberán instalarse cun vestíbulo o zona de illamento.

Os locais do ramo da hostalería, actividades recreativas e similares dispoñerán de servizos sanitarios independentes para señoras e cabaleiros calquera que sexa a súa superficie, aumentándose segundo a proporción anterior.

2.5.- Nos locais comerciais que forman un conxunto, como ocorre nos Mercados de Abastos, Galerías de Alimentación e Pasaxes e Centros Comerciais, poderán agruparse os servizos sanitarios correspondentes a cada local. O número de servizos virá determinado pola aplicación da condición anterior sobre a suma da superficie de locais, incluíndo os espazos comúns de uso público.

2.6.- A luz e ventilación dos locais comerciais poderá ser natural ou artificial.

No primeiro caso, os ocos de luz e ventilación deberán ter unha superficie total no inferior a un oitavo da que teña a planta do local. Se exceptúan os locais exclusivamente destinados a almacéns, faiados e corredores.

Esixirase a presentación dos proxectos detallados das instalacións de iluminación e renovación de aire, que deberán ser aprobados polo Concello, quedando estas instalacións sometidas a revisión antes da apertura do local e en calquera momento. Nel suposto de que non fosen satisfactorias ou non funcionaran correctamente, en tanto non se adopten as medidas correctoras oportunas o Concello poderá cerrar total ou parcialmente o local.

2.7.- Esixirase o cumprimento das normas CTE-DB SI seguridade en caso de incendio e CTE\_DB HR protección fronte ao ruído, así como calquera outra referente a condicións acústicas e de prevención e extinción de incendios.

2.8.- Se esixirán as instalacións necesarias para garantir á veciñanza e viandantes a supresión de molestias, olores, fumes, vibracións, etc.

2.9.- En novos edificios de uso exclusivo, será obrigatorio dispoñer dunha praza de aparcadoiro por cada 50 m<sup>2</sup> construídos.

### **3.- Condicións específicas.**

- A.- Os Mercados de Abastos, serán obxecto de construción o concesión por parte do Concello de acordo co seu propio Regulamento e, en calquera caso, constituíran edificios exentos e exclusivos nos que se poderá admitir o uso de estacionamento público de automóviles.
- B.- Os locais comerciais do ramo da alimentación poderán ser obxecto de unha regulamentación municipal específica que en calquera caso observará como mínimo as prescricións contidas nas presentes Ordenanzas.
- C.- Os establecementos de hostalería. Comprende salas de reunión (actividades de relación, acompañada en ocasións de espectáculo, cafés, salas de festa e baile, xogos recreativos, bares e establecementos para consumo de bebidas e comidas). Cumprirán as condicións que fixen as disposicións vixentes, en especial as do Regulamento de Policía de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas, e o CTE.

## **Art 38.- Regulación do uso de espectáculos e salas de reunión.**

### **1.- Definición.**

Corresponde este uso aos edificios destinados ao público con fines de cultura, recreo ( teatro, música, danza ou cine) ou relación social.

### **2.- Condicións.**

Cumprirán as condicións que fixen as disposicións vixentes, en especial as do Regulamento de Policía de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas, o Decreto 292/2004 do 18 de novembro polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 108/2006 de 15 de xuño, no que se establece a ordenación turística dos restaurantes e cafeterías na comunidade Autónoma de Galicia, o CTE

(DB SU e DB SI), o Real Decreto 393/2007, que aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia, así como as referentes a protección acústicas.

### **Art 39.- Regulación dos usos de garaxe - aparcadoiro e servizos do automóbil.**

#### **1.- Definición e clasificación.**

- Se denomina "Garaxe - Aparcadoiro" a todo lugar destinado á estancia de vehículos de calquera clase, así como o seu mantemento, abastecemento e entretemento. Considéranse incluídos dentro desta definición, os servizos públicos de transporte, os lugares anexos de paso, espera ou estancia de vehículos, así como os depósitos para venta de coches.
- Aos efectos das presentes Ordenanzas e sen prexuízo do establecido na regulamentación para Subministro e Venta de Carburantes e Combustibles líquidos, enténdese por "Estación de Servizo" toda instalación construída ao amparo da oportuna autorización, que conteña aparatos e subministro de carburantes e lubricantes e na que poidan existir outros relacionados cos vehículos de motor.
- Se consideran "Talleres do automóbil" os locais destinados á conservación e reparación do automóbil, incluso os servizos de lavado e engraxe.

Se dividen nas seguintes categorías:

- 1º. Garaxe - Aparcadoiro de uso individual, que pode ser en planta baixa, semisoto e soto ou anexo á vivenda.
- 2º. Garaxe - Aparcadoiro de uso colectivo, que pode ser en planta baixa, semisoto ou soto de edificios, en parcela interior, patios de mazá e espazos libres privados.
- 3º. Estacións de servizo.
- 4º. Talleres do automóbil.

## 2.- Condicións xerais.

- Autorízase a mancomunidade de garaxes- aparcadoiro, cun único acceso dende a vía pública.
- A instalación e uso de garaxes - aparcadoiros e locais para o servizo do automóbil deberá axustarse ás prescricións das presentes Ordenanzas e demais disposicións vixentes.

As categorías 3º e 4º se rexerán ademais polas Normas de Industria e do uso Industrial. En especial os vertidos a rede de saneamento e as emisións gaseosas non superarán os máximos indicados na presente normativa para o uso industrial.

- O Concello poderá denegar a súa instalación naquelas fincas que estean situadas en vías que, polo seu tránsito ou características urbanísticas ou ambientais así o aconsellen, salvo que se adopten as medidas correctoras oportunas mediante as condicións que cada caso requira.
- Nos edificios de calquera uso a entrada e saída ao garaxe será única ou como moito dobre. Queda prohibido realizar garaxes individualizados con acceso directo de cada un á calzada, a través da beirarrúa, inutilizando esta.
- No caso de que o edificio albergue usos residenciais, os garaxes colectivos deberán cumprir o establecido no I.B.5. do Anexo das Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, e para o resto dos usos (agás as excepcións que se citan no presente artigo) serán de aplicación esas mesmas condicións
- No seu deseño estarase ao disposto no Real Decreto 505/2007 que aproba as condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións, na Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e o Decreto 35/2000 regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras.
- Prazas de aparcadoiro: regularanse segundo o apartado I.B.5.3. do anexo das NHV, entendéndose por praza de aparcadoiro unha área mínima de 2,40 por 4,70 m. En cambio, o número de coches no interior dos garaxes- aparcadoiros non poderá exceder do correspondente a 25 m<sup>2</sup> por coche.

Sinalaranse no pavimento os emprazamentos e corredores de acceso dos vehículos, sinalización que figurará nos planos dos proxectos que se presenten ao solicitar a concesión das licencias de construción, instalación, funcionamento e apertura.

- Altura: En garaxes- aparcadoiro a altura libre non será inferior a 2,20 m, permitíndose unha altura crítica en menos do 20 % da súa superficie de 2,00 m.
- Construción: Cumprirase especialmente o CTE DB SI seguridade en caso de incendio, as regulamentacións sobre illamento acústico e ruídos e calquera outra que sexa de aplicación.
- A ventilación, natural ou forzada, estará proxectada con suficiente amplitude para impedir a acumulación de vapores ou gases nocivos, segundo a normativa de aplicación.
- Nos espazos libres que se destinan a aparcadoiros de superficie non se autorizarán máis obras ou instalacións que as de pavimentación e marquesiñas de sombra e se procurará que este uso sexa compatible co arborado.
- Nas categorías 3ª e 4ª disporase dun sistema eficaz de depuración de graxas, para a súa acometida á rede de saneamento ou á fosa séptica.

### 3.- Condicións específicas:

- Estacións de servizo. (Categoría 3ª).

Ademais das condicións establecidas nas presentes Ordenanzas e disposicións legais vixentes que lle foran de aplicación, cumprirán as seguintes:

- a) Disporán de aparcadoiros en número suficiente para non entorpecer o tránsito, cun mínimo de 2 prazas por abastecedor.
- b) Os talleres do automóbil anexos non poderán ter unha superficie superior a 100 m<sup>2</sup> e disporán dunha praza de aparcadoiro por cada 25 m<sup>2</sup> do taller.

- Talleres do automóbil. (Categoría 4ª).

Ademais das condicións establecidas nas presentes Ordenanzas e disposicións legais vixentes que lle foran de aplicación, cumpriran as seguintes:

- a) Axustaranse ás especificacións que sexan de aplicación sobre construción, ventilación, instalacións contra incendios e desaugadoiros que se prescriben para os garaxes- aparcadoiros nestas Ordenanzas.
- b) Disporán, dentro do local, dunha praza aparcadoiro perfectamente acotada, por cada 25 m<sup>2</sup> de taller, cun mínimo de dúas prazas.
- c) Deberán ter acceso a vial que deberá ter un ancho mínimo de 10 m.

Nos locais que formen parte de edificios con vivendas a potencia instalada non excederá de 25 CV, nos restantes non excederá de 60 CV; para potencias maiores deberán localizarse en edificios exclusivos para uso do automóbil.

## **Art 40.- Regulación do uso industrial.**

### **1.- Definición e clasificación.**

É o correspondente aos establecementos destinados ao conxunto de operacións que se executen para a obtención e transformación de materias primas ou derivados destas, a súa posterior transformación, a súa almacenaxe, envasado, reparación, transporte e distribución de ditos produtos.

Dentro do uso industrial, establécense as seguintes categorías:

- 1º Artesáns ou talleres domésticos.** Corresponde a pequenas unidades produtivas de carácter marcadamente artesanal, que en xeral se reducen a traballo familiar. Son funcionalmente compatibles coa vivenda.
- 2º Pequenas ou talleres.** Comprende actividades de produción, reparación e venta, realizadas a pequena escala, en xeral ligadas ao abastecemento familiar altamente intensivas de traballo, pouco seriadas, carentes de grandes necesidades técnicas en bens de equipo, consumo enerxético e de materias primas, así como de almacenamento

de produtos. O equipo de forza motriz instalada non superará unha potencia de 30 CV.

Exclúense os talleres do automóbil.

**3º Lixeira.** Comprende as actividades e instalacións de tipo intermedio para o desenvolvemento de actividades produtivas xerais ou especializadas. O equipo de forza motriz instalada non superará unha potencia de 50 CV.

**4º Pesada.** Corresponde a actividades cando a súa singularidade deriva da gran entidade que alcanzan os seus procesos produtivos, da gran demanda de solo equipado que comportan e das reservas de solo que para o seu crecemento a medio - longo prazo se requiren, da propia imprevisibilidade da súa implantación local e das súas necesidades específicas así como da extraordinaria significación social e económica que se deriva da súa implantación

**5º Almacén.** Todo local destinado ao abastecemento de mercancías ou materiais.

## 2.- Localización das actividades.

A efectos de incompatibilidade de uso industrial establécense de acordo co emprazamento relativo da vivenda e a industria as seguintes situacións:

- A.- En edificio de vivenda en planta de piso (primeira planta).
- B.- En edificio de vivenda, en planta baixa ou anexo a vivenda unifamiliar.
- C.- En edificios industriais exentos en zonas de uso preferentemente residencial.

No cadro adxunto se fixan as condicións de compatibilidade e os límites máximos de potencia e superficie para cada categoría e situación consideradas:

SITUACIÓN	TIPO DE INDUSTRIA				
	ARTESANA	PEQ. TALLER	LIXEIRA	PESADA	ALMACÉN
Edificio vivendas planta piso	5 CV 50 m <sup>2</sup>	No aut.	No aut.	No aut.	No aut.

SITUACIÓN	TIPO DE INDUSTRIA				
	ARTESANA	PEQ. TALLER	LIXEIRA	PESADA	ALMACÉN
Edificio vivendas en planta baixa ou anexo vivenda unifamiliar	10 CV 200 m <sup>2</sup>	20 CV 300 m <sup>2</sup>	No aut.	No aut.	10 CV 400 m <sup>2</sup>
Edificio industrial exclusivo e independente en zona residencial	30 CV 300 m <sup>2</sup>	30 CV 500 m <sup>2</sup>	No aut.	No aut.	10 CV 800 m <sup>2</sup>

### 3.- Condicións xerais.

- Corresponde ao Concello a facultade de concesión de licenzas para a instalación, apertura e funcionamento de calquera clase de industria así como a comprobación e vixilancia do cumprimento da normativa vixente.
- Todas as instalacións industriais deberán cumprir as disposicións xerais sobre a materia, o Regulamento de actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, a Lei 31/95 de Prevención de Riscos Laborais, o Regulamento de Seguridade contra incendios nos establecementos industriais, Real Decreto 2267/2004, e as condicións que se establecen na presente normativa. Ditas instalacións deberán sempre realizarse baixo a dirección dun técnico legalmente competente.
- En ningún caso se autoriza o almacenaxe ao por maior de produtos inflamables ou explosivos, en locais que formen parte ou sexan contiguos a edificios destinados a vivenda, segundo o regulado nas normas de protección contra incendios.
- A superficie que ocupa unha industria ven fixada pola suma de superficies de todos os locais e espazos destinados a esta actividade. Se computará a superficie das oficinas e zonas de exposición e venta que deberán ter acceso independente dos locais destinados a uso industrial.
- Se dispoñerán aseos para os traballadores, cun inodoro, un urinario, un lavabo e unha ducha: un aseo completo ata 400 m<sup>2</sup>, incrementándose unha unidade de aseo por cada 500 m<sup>2</sup> construídos ou fracción.

#### 4.- Condicións construtivas e ambientais.

- As escaleiras e corredores de circulación xeral terán un ancho mínimo dun metro.
- A potencia electromecánica está determinada pola suma das potencias dos motores que accionen as maquinarias e aparatos e se expresará en cabalos de vapor (CV). Non computará a de iluminación, instalacións de aire acondicionado, nin ventilación.
- Non se permitirá ningunha actividade que emita radiacións perigosas ou perturbacións eléctricas que afecten ao funcionamento de calquera equipo ou maquinaria diferentes dos que orixinen a perturbación.
- Ruídos. A intensidade de ruído procedente de todo uso ou equipo ( a excepción dos equipos provisionais de transporte o de traballos de construción) deberán cumprir o regulado na Lei 7/1997 de Protección contra a contaminación acústica.
- Vibracións. Non se poderá permitir ningunha vibración que exceda o regulado na Lei 7/1997. Para a súa corrección se dispoñerán bancadas independentes da estrutura do edificio e do solo do local para todos aqueles elementos orixinadores da vibración así como dispositivos antivibratorios. Non se permitirá a ancoraxe directa de máquina ou soportes ás paredes medianeiras, teitos ou forxados de separación de recintos, debendo interpoñerse os dispositivos antivibratorios axeitados.
- Deslumbramentos. Fóra dos límites do local ou soar, non poderá ser visible ningún deslumbramento, directo ou reflectido, debido a fontes luminosas de gran intensidade, ou a procesos de incandescencia a altas temperaturas, tales como combustión, soldadura ou outros.
- Fumes. A partir da cheminea ou conduto de evacuación non se permitirá ningunha emisión de fume gris, visible, de sombra igual ou máis escura á intensidade 2 da escala de Micro-Ringlemann, excepto para o fume gris, visible a intensidade de sombra igual a 3 de dita escala emitido só durante catro minutos en todo período de trinta minutos.
- As actividades cualificadas como insalubres deberán estar dotadas das adecuadas e eficaces medidas e instalacións de precipitación de po ou de

depuración dos vapores ou gases (en seco, en húmido ou por procedemento eléctrico).

- Olores. Non se permitirá ningunha emisión de gases nin a manipulación de materias que produzan malos olores en intensidade tal que poidan ser facilmente detectables, sen instrumentos, no linde da parcela dende a que se emiten.
- Augas residuais. En xeral, se as augas residuais no reuniran, a xuízo dos Técnicos Municipais correspondentes, as debidas condicións para un vertido ou saneamento xeral, haberán de ser sometidas a un proceso de depuración axeitado, que cumpra as condicións que sinala o Regulamento de Industrias e Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

Os materiais en suspensión contidos nas augas residuais non excederán, en peso, a cantidade de 30 miligramos por litro.

A demanda bioquímica de osíxeno será inferior a 40 miligramos de osíxeno disoluto absorbido en 5 días a 18°C de temperatura.

O nitróxeno expresado en N e NH<sub>4</sub>, non será superior a 10 e 15 miligramos respectivamente.

O efluente que verta nas redes de servizo público deberá estar desprovisto de todos os produtos susceptibles de prexudicar as conducións, así como de materias flotantes, sedimentables ou precipitables que, ao mesturarse con outros efluentes poidan atentar, directa ou indirectamente contra o bo funcionamento da rede de saneamento.

O PH do efluente deberá estar comprendido entre 5,5 e 8,5. Excepcionalmente, en caso de que a neutralización se fixera con cal, o pH poderá chegar a 9,5.

A temperatura do efluente será menor, en todo caso, de 30 °C, quedando obrigadas as industrias a realizar os procesos de refrixeración necesarios para non sobrepasar este límite.

Se prohiben os vertidos de compostos cíclitos hidroxilados e os seus derivados halóxenos.

- Se os residuos que produza calquera industria, polas súas características, non poden ser recollidos polo Servizo de Limpeza Municipal, deberán ser trasladados directamente a un vertedoiro autorizado, por conta do titular da actividade.

## **Art 41.- Regulación do uso agropecuario.**

### **1.- Definición e clasificación.**

É o correspondente ás explotacións dedicadas a actividades relacionadas coa explotación dos recursos vexetais do solo e da cría e reprodución de especies animais.

Se consideran a estes efectos as seguintes categorías:

- 1º.- Cortes en explotacións de autoconsumo ata 5 Unidades de Gando Maior.
- 2º.- Cortes de máis de 5 Unidades de Gando Maior
- 3º.- Locais de almacenaxe de produtos agrícolas: silos, celeiros, etc., ata 200 m<sup>2</sup>.
- 4º.- Locais de almacenaxe de máis de 200 m<sup>2</sup>.
- 5º.- Abastecemento ou almacenaxe de sustancias en descomposición.
- 6º.- Usos piscícolas e de acuicultura

### **2.- Unidades de Gando Maior e equivalencias.**

O tamaño dunha explotación gandeira expresarase, aos efectos urbanísticos do presente Plan, en Unidades de Gando Maior (UGM) co fin de obter unha unidade común de agregación de animais diferenciados dentro dunha mesma especie:

Bovinos ( vacas, touros) maiores de 2 anos.....	1 UGM
Bovinos menores de 2 anos.....	0,6 UGM
Équidos ( cabalos, burros ) maiores de 6 meses.....	1 UGM
Ovino ou caprino.....	0,15 UGM
Coellos.....	0,1 UGM
Aves menores .....	0,05 UGM
Avestruces.....	1 UGM
Cochos.....	0,3 UGM

### **3.- Condicións xerais.**

Nos casos en que, en función da economía tradicional da zona se permita a compatibilidade de uso agropecuario cón vivenda, deberanse cumprir en orde á salubridade, as seguintes normas básicas:

- a) Non se permitirá que os locais de uso gandeiro teñan comunicación directa coa vivenda e os seus accesos serán por tanto independentes e separados un mínimo de 3 m.
- b) Os ocos de ventilación do local de uso gandeiro non poderán abrirse a vías públicas a unha distancia menor de 20 m. do eixe da vía, sen prexuízo do establecido en el R.D. 324/2000, para as explotacións porcinas.
- c) Os sinalados nas categorías 2º e 5º non poderán situarse en núcleos de poboación e se separará un mínimo de 50 m. de calquera edificación legalmente destinada a uso vivenda ou residencial e non declarada ruína.
- e) As instalacións de acuicultura estarán sometidas á autorización previa dos organismos competentes. Á petición de autorización se acompañará un estudo da situación actual da zona no que se sinalen os cursos de auga actuais, as canalizacións e tomas de auga acompañado dun estudo de impacto que considere os efectos paisaxísticos das instalacións, os efectos ambientais dos vertidos na sanidade das augas, etc.

A súa localización virá condicionada polas limitacións que impoña a necesidade de protección do valor natural das ribeiras e do litoral.

## **Art 42.- Regulación do uso forestal.**

### **1.- Definición e clasificación.**

Enténdese por tales o conxunto de actividades relacionadas co coidado e explotación dos montes.

Se consideran a estes efectos as seguintes categorías:

- 1º.-** Secadoiros de madeira abertos o con galpóns sustentados por columnas.
- 2º.-** Serradoiros.
- 3º.-** Locais de almacenaxe de apeiros e maquinaria forestal de uso propio.

4º.- Postos de caza.

5º.- Torres de vixilancia e depósitos de auga contra incendios e instalacións para gardas forestais.

Serán de obrigado cumprimento as determinacións establecidas na lei 3/2007 de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, así coma as demais vixentes relacionadas coa materia.

## **Art 43.- Regulación do uso equipamento.**

### **1.- Definición e clasificación.**

É aquel que serve para prover aos cidadáns do equipamento que faga posible a súa educación, o seu enriquecemento cultural, a súa saúde e o seu benestar, así como para proporcionar os servizos administrativos básicos.

Comprende os seguintes usos pormenorizados:

- 1º.- Deportivo, que comprenda práctica de actividades deportivas, e o desenvolvemento da cultura física.
- 2º.- Docente, que abarca a formación intelectual das persoas mediante ensinanza e a investigación.
- 3º.- Sanitario, consistente na prestación de asistencia médica e servizos cirúrxicos, en réxime de ambulatorio. Exclúense os que se presten en despachos profesionais de superficie inferior a 200 m<sup>2</sup> construídos.
- 4º.- Asistencial, que comprenda prestación de asistencia especializada non especificamente sanitaria ás persoas mediante os servizos sociais como por exemplo residencias de anciás ou nenos.
- 5º.- Cultural, consistente na conservación, recreación e transmisión de coñecementos e a estética tales como bibliotecas, salas de exposición, etc.
- 6º.- Administrativo público, mediante os que se desenvolven as tarefas de xestión dos asuntos das entidades públicas en tódolos seus niveis e aténdense os dos cidadáns.
- 7º.- Mercado, consistente no aprovisionamento de produtos de alimentación e outros de carácter básico para o abastecemento da poboación.
- 8º.- Relixioso, que comprenda celebración dos diferentes cultos e aloxamento dos seus membros.
- 9º.- Cemiterio, mediante o que se proporciona a inhumación e/ou incineración dos restos humanos.
- 10º.- Seguridade e protección civil. Prestación de asistencia e seguridade ás

persoas tipo a realizada pola policía (incluíndo o aloxamento do persoal), salvamento marítimo e similares.

**11º.- Servizos múltiples.** Comprende diferentes tipos dos anteriores compatibles entre si agrupados nun mesmo edificio ou finca.

**12º.- Hoteleiro.** Comprende ao establecemento hoteleiro pertencente a rede Nacional de Paradores de Turismo.

## **2.- Condicións.**

- Se regularán polo disposto polos organismos competentes en cada caso ademais da protección contra incendios e calquera outra de aplicación e obrigado cumprimento.
- Os equipamentos de nova construción dispoñerán dunha praza de aparcadoiro para automóbiles por cada 100 m<sup>2</sup> construídos, que serán incrementadas se así resultase das seguintes condicións:
  - a) Nos equipamentos en que se poida presupoñer concentración de persoas, ao menos unha praza por cada 25 persoas de capacidade para todos os usos.
  - b) Nos sanitarios ao menos unha praza por cada 100 m<sup>2</sup>.
  - c) Nos mercados de abastos e centros de comercio básico, a lo menos unha praza por cada 50 m<sup>2</sup> de superficie de venta.
- Os equipamentos docentes de nova construción que se dispoñerán en edificios exclusivos, contarán cunha superficie fóra do viario público para a espera do autobús por cada 250 prazas escolares ou fracción superior a 125 prazas.
- Os mercados de abastos de nova construción dispoñerán por cada 10 postos de venta, dentro do local ou área comercial, dunha zona de carga e descarga de mercancías. Esta zona terá altura libre mínima de tres metros e unha superficie de dimensión mínima de 7 m de lonxitude e 4 m de ancho, que se dispoñerá de tal forma que permita as operacións de carga e descarga simultaneamente en cada unha delas sen entorpecer o acceso dos vehículos.
- Nos equipamentos de nova construción deberase prever unha praza de aparcadoiro por cada 100 m<sup>2</sup> de superficie construída con destino a bicicletas e motocicletas.

## **C A P I T U L O   I I I**

### **NORMAS DE ORDENACIÓN DE SISTEMAS E AFECCIONES.**

#### **3.1.- NORMAS DE ORDENACIÓN DE SISTEMAS.**

##### **Art 44.- Definición.**

O sistema de dotacións, equipamentos e zonas verdes comprende as superficies destinadas a usos públicos ou colectivos ao servizo directo da poboación.

O sistema de infraestruturas o compoñen o conxunto de elementos que fan posible a prestación dos servizos urbanísticos de rede viaria, abastecemento de auga, saneamento e depuración de auga, eliminación de residuos sólidos, rede eléctrica, de gas, telefonía e outros servizos básicos.

A protección sobre as redes o elementos puntuais, respectará os regulamentos e disposicións que promulgan os organismos e institucións competentes.

No caso de infraestruturas do tipo de depósitos de auga, depuradoras, transformadores e estacións transformadoras, postes de telefonía móbil, etc., a superficie da parcela atenderá ás esixencias da instalación. O seu perímetro pecharase con elementos vexetais e tea metálica co fin de ocultar e protexer na medida do posible as instalacións.

### **3.2.- SISTEMA DE INFRAESTRUTURA VIARIA.**

#### **Art 45.- Sistema viario**

A efectos do P.X.O.M., o sistema viario comprenderá o conxunto da rede de vías de dominio e uso público, así como os espazos públicos para o estacionamento de vehículos.

##### **1.- Clasificación de estradas e camiños:**

- **Vías Tipo I:** correspondentes á rede de Estradas autonómicas de titularidade da Xunta de Galicia (rede primaria e rede secundaria) e Deputación Provincial

Rede Primaria Básica: Está formada polos grandes eixes que xunto coa rede de interese do Estado, vertebran o territorio, o conectan coa rede de estradas das Comunidades Autónomas veciñas e relacionan entre si tanto os grandes centros de poboación como os principais lugares de actividade económica.

Non hai no concello ningunha estrada nesta categoría.

Rede Primaria Complementaria: Comprende as demais estradas que conectan coas cabeceiras comarcais e cos núcleos de poboación importantes.

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>TITULARIDADE</b>
AC-440	Berdoias(AC-552) - Muxiá	Xunta de Galicia
CP-1603	De Ponte de Porto a Quintáns	Deputación
CP-2303	De Os Muíños ao PK.91 da AC-552	Deputación

Rede Secundaria:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TITULARIDADE
CP-3402	De Bustelo a Caberta por Salgueiro	Deputación
CP-3403	Da C-552 a Vilarmide por Senande	Deputación
CP-5201	De Muxía a Touriñán pola costa	Deputación
CP-5202	De Muxía a Ermida de Nosa Señora da Barca	Deputación
	Acceso ao Faro de Touriñán	Ministerio de Fomento (Autoridade Portuaria)

- **Vías Tipo II:** Resto de camiños e vías que compoñen a rede interior de comunicacións municipais, de dominio e uso públicos.

## 2.- Áreas de influencia da rede de Estradas Autonómicas (Vías Tipo I)

- a) Zona de dominio público: integrada polos terreos adquiridos por título lexítimo pola administración titular da estrada para a construción da mesma e dos seus elementos funcionais.

O límite exterior da zona de dominio público non poderá sobrepasar os 10 m. de ancho a cada lado da explanación, medidos horizontal e perpendicularmente ao eixe da calzada máis aproximada, dende a aresta exterior da explanación (Art. 30 Lei 4/1994 de estradas de Galicia).

A aresta exterior da explanación é a intersección do talude de desmonte, do terraplén o, no seu caso, dos muros de sustentación que a delimitan co terreo natural.

- b) Zona de servidume: consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, de 2 m. de ancho, delimitadas interiormente pola zona de dominio público (Art. 32 Lei 4/1994).
- c) Zona de afección: consistirá en dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, de 30 m de ancho, a cada lado, delimitadas interiormente pola zona

de servidume e medidos dende a citada aresta exterior de explanación (Art. 33 Lei 4/1994).

### 3. Peches e liña de edificación

- Vías Tipo I: De acordo co Artigo 39 da Lei 4/1994, non se autorizarán peches nas zonas de dominio público nin nas de servidume. Por circunstancias especiais de aproveitamento agrícola o gandeiro, poderán ser autorizados pechamentos diáfanos nas zonas de servidume ou afección das estradas, pero non nas zonas de dominio público.

A liña de edificación se situará a 12 m. nas estradas da rede primaria básica. Nas da rede primaria complementaria é de 9,5 m e 7 m. nas da rede secundaria, medidos a partir da aresta exterior da explanación agás na estrada de acceso ao Faro de Touriñán onde a liña de edificación se sitúa a 3 m. En todo caso a edificación quedará fora da zona de servidume.

Nos planos de ordenación aparece grafada a liña límite de edificación. A liña grafada en planos é unha liña aproximada de carácter orientativo, debendo ser fixada a distancia para cada caso en concreto sempre dende a aresta exterior da explanación.

Ademais do dito no parágrafo anterior para executar na zona de afección (sexa cal sexa a clasificación do solo), calquera tipo de obras ou instalacións fixas ou provisionais, cambiar o uso ou destino das mesmas e plantar ou talar árbores requirirase a previa autorización do Órgano Competente da administración titular da estrada, que será a que marque en definitiva as liñas de peche e de edificación

Nos núcleos de poboación delimitados, no caso de que varias edificacións apegadas consolidadas marquen unha liña definida, poderá manterse dita liña, sempre e cando non se menoscabe o uso da vía, previa autorización do Órgano Competente da administración titular da estrada.

Considerarase liña definida en calquera das condicións seguintes:

- A liña estea marcada por ao menos tres edificacións apegadas
- En caso de dúas ou mais edificacións apegadas cando unha de elas sexa do tipo tradicional definido polo plan xeral ou estea catalogada.

- Vías Tipo II:

En solo rústico as distancias de peches serán de 4 m. ao eixe da vía. En todo caso, deberá deixarse unha distancia de 0.50 m. ao borde exterior da cuneta, se está construída e resultara maior que as anteriores.

A liña de edificación se situará a 8 m. medidos sempre desde o eixe da calzada.

Nos núcleos de poboación delimitados a edificación e os peches se situarán como mínimo a 6 m. e 4 m, respectivamente, medidos desde o eixe da vía, excepto no caso de varias edificacións apegadas consolidadas que marquen unha liña definida que poderá manterse sempre e cando no se menoscabe o uso da vía.

Se o único uso do predio é o agrícola - gandeiro, se admitirán peches de carácter provisional que poderán non cumprir coas distancias que se esixen para os permanentes. Neste caso se considerarán como obra provisional e cumprirán as seguintes condicións:

- Situaranse a unha distancia mínima de 1,50 m do borde exterior da cuneta.
- Non poderán utilizarse materiais pétreos de carácter permanente, tales como pedra, formigón, ladrillos, bloques...
- Trátase dun peche desmontable que se construírá a base de postes e tela metálica.
- Quedarán sometidos ao réxime de obras provisionais contemplado no Artigo 102 da L9/02.

#### **4. Accesos ás vías tipo I autonómicas: AC-440**

Por razóns de capacidade e seguridade viaria, prohíbense os novos accesos directos á vía AC-440 no seu paso por ou a través dos núcleos rurais en expansión que se relacionan a continuación, ademais de no solo do núcleo rural orixinario de Casenlas- Suxo- Vilarvello, debendo realizarse os accesos ás parcelas a través doutras vías existentes, ou restos da antiga estrada autonómica no seu caso.

- Marxe Norte no núcleo de Os Muíños
- Figueiras de Arriba, Ozón – Quintáns
- Vilar de Sobremonte - San Martiño.

No caso do Solo de expansión dos núcleos de Casenlas-Suxo-Vilarvello teranse que construír vías de servizo que sirvan as vivendas de nova construción. Estas vías contarán coa correspondente autorización do organismo titular da estrada.

### **3.3.- SISTEMA DE EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS.**

#### **Art 46.- Sistema de equipamentos e dotacións.**

Comprende as superficies destinadas a usos públicos o colectivos ao servizo directo da poboación, recoñecéndose como tales tódolos actualmente existentes no municipio, así como aqueles que xurdan polo desenvolvemento do presente Plan.

Clasifícanse, de acordo cos seguintes tipos:

- Docente
- Deportivo
- Administrativo
- Mercado
- Cultural
- Sanitario
- Cemiterio
- Asistencial
- Relixioso
- Seguridade e Protección Civil
- Servizos múltiples
- Hoteleiro

Os equipamentos regularanse polo tipo de ordenación da zona onde se sitúan. Así mesmo se adaptarán ás condicións de edificación, estándares e programas correspondentes á súa lexislación específica. Os espazos libres anexos trataranse mediante xardinería e arborado.

O solo destinado a equipamentos, non poderá destinarse a outro fin, aínda que si poderán intercambiarse entre si os tipos de equipamentos por acordo municipal, xustificando razoada e adecuadamente a motivación que o aconsella. Así mesmo poderán situarse nunha mesma parcela ou edificación distintos tipos de equipamentos, sempre e cando se consideren compatibles. En todo caso manterase os niveis mínimos de dotacións establecidos na Lei 9/02.

Na mesma parcela admitiranse outros usos compatibles e complementarios sempre respectando os límites de volumetría e ocupacións establecidos pola ordenanza de aplicación correspondente.

O cambio a un destino distinto do de equipamento, xa sexa de titularidade pública ou privada, requirirá a modificación do P.X.O.M., debendo establecerse outro solo destinado ao equipamento que se pretenda modificar. Non obstante o anterior, despois de informe favorable da administración competente por razón da materia, poderán ser destinados á construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

### **3.4.- SISTEMA DE ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES.**

#### **Art 47.- Sistema de zonas verdes e espazos libres**

Comprende os espazos destinados a zonas verdes ou espazos libres. Serán de uso público, e non edificable destinado a xardíns ou zonas libres de recreo da poboación.

Deberán urbanizarse con arborado, xardinería, sendas e outros elementos accesorios. No seu deseño se cumprirán as disposicións da Lei 8/97 autonómica sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, así como RD 505/2007 de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

Cando a súa extensión e características o permitan, e sempre de dominio público, se admitirán instalacións descubertas para a práctica deportiva o pequenas instalacións cubertas dunha planta para usos complementarios. En todo caso a superficie ocupada por estas instalacións non superará o 2% da parcela.

En solo urbano poderase utilizar o subsolo destas zonas para uso de garaxe - aparcadoiro, debendo pavimentarse e axardinarse en superficie sen menoscabo do uso público das mesmas. Os aparcadoiros que se constrúan en ditos espazos deben de ser de titularidade pública, sen prexuízo da posibilidade de utilización privativa do subsolo de dominio público a través dos instrumentos previstos polo ordenamento xurídico.

Para os sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes que se localizan en terreos de dominio público marítimo- terrestre, deberán ter en conta que as actuacións que se plantexen en ditos terreos deberán de contar co correspondente título habilitante e en calquera caso estarán ao disposto no Título III da Lei de Costas, non podendo participar, dada a súa condición demanial, dos mecanismos derivados da xestión urbanística, a efectos do cómputo dos estándares dotacionais que o planeamento debe cumprir.

Así mesmo os Plans Especiais previstos que inclúen terreos de servidume, deberán estar ao disposto nos Título II da Lei de Costas, e en todo caso ditos Plans Especiais deberán remitirse á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo- Terrestre*, a través da Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión do informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas.

Na zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre non se poderán realizar instalacións cubertas nin construcións con uso de garaxe – aparcadoiro no subsolo de esa zonas verdes.

As zonas verdes de dominio privado non se consideran parte integrante do sistema de espazos libres.

Inclúense neste apartado os paseos marítimos e fluviais e áreas de espazos libres de servizo das praias. Ademais das condición xerais relacionadas anteriormente estes espazos poderán contemplar a adaptación e mellora do viario rodado incluído neles así como habilitar os espazos necesarios para aparcamentos, e pequenas construcións auxiliares (aseos, postos de socorro, chiringuitos, etc), cumprindo o especificado respecto a zona de dominio público marítimo- terrestre e de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Todas estas actuacións deberán no seu caso estar autorizadas nas lexislacións sectoriais de costas ou augas, así mesmo haberán de ser adecuadas ao delicado medio rústico no que se sitúan asegurando a integración ambiental da mesmas tanto no referente a configuración como aos materiais.

Estas condicións haberán de ser espetadas polos planes especiais que as desenvolvan.

### **3.5.- SISTEMA PORTUARIO.**

#### **Art 48.- Ámbito e condicións para a súa ordenación.**

O ámbito comprende os bens de dominio público marítimo - terrestre portuario, grafados nos correspondentes planos de ordenación.

O Sistema Xeral Portuario será ordenado mediante a tramitación dun Plan Especial, a formular polo ente público Portos de Galicia, que se tramitará de acordo co disposto na Lei 27/1992 de portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997, é en consonancia ca Lei 48/2003 de Réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, e que deberá ser remitido á correspondente Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar para o seu informe.

En tanto non se redacte e entre en vigor o correspondente Plan Especial establécese a seguinte normativa transitoria:

- 1.- Xestión e tutela da zona de servizo. Calquera actuación no seu ámbito deberá contar coa previa concesión ou autorización, segundo sexa o caso, dos organismos portuarios competentes.
- 2.- Usos permitidos e condicións da edificación. A regulación de usos permitidos e prohibidos é a indicada no Art. 94.1 da Lei 48/2003:
  - Usos portuarios:
    - Usos comerciais
    - Usos pesqueiros
    - Usos náuticos- deportivos
    - Usos complementarios ou auxiliares dos anteriores
  - Usos non portuarios:
    - Equipamentos culturais
    - Equipamentos recreativos
    - Certámenes feirais
    - Exposicións
    - Outras actividades comerciais non portuarias
- 3.- A altura máxima de cumio das edificacións será de 12 m., exceptuándose deste límite aquelas instalacións singulares destinadas ao servizo do porto

tales como depósitos, silos, torres de frío, torretas de alumeado e balizamento e outras similares.

### **3.6.- SISTEMA DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS BÁSICOS.**

#### **Art 49.- Definición.**

O sistema de infraestruturas e servizos o compoñen o conxunto de elementos que fan posible a prestación dos servizos urbanísticos de abastecemento de auga, saneamento e depuración de auga, eliminación de residuos sólidos, rede eléctrica, de gas, telefonía e outros servizos básicos.

A protección sobre as redes ou elementos puntuais, respectará os regulamentos e disposicións que promulgan os organismos e institucións competentes.

No caso de infraestruturas do tipo de depósitos de auga, depuradoras, transformadores e estacións transformadoras, postes de telefonía móbil, etc., a superficie da parcela atenderá ás esixencias da instalación. O seu perímetro pecharase con elementos vexetais e tea metálica co fin de ocultar na medida do posible as instalacións.

#### **Art 50.- Liñas de enerxía eléctrica de alta tensión**

O paso dunha liña de enerxía eléctrica de alta tensión implica servidume. sen embargo deixando a salvo dita servidume o dono do predio servente pode cercalo, explotalo e edificalo.

A servidume determinada polas liñas eléctricas ven definida no Regulamento de Liñas de Alta Tensión de 28 de Novembro de 1968 e no R.D. 1955/2000 que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica os cales limitan a plantación de árbores e prohiben a construción de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola proxección sobre o terreno dos condutores extremos nas condicións mais desfavorables, incrementadas cas distancias regulamentarias a ambos lados de dita proxección

- Para edificios e construcións:

$$C = 3,3 + U/100 \text{ m. cun mínimo de 5 m.}$$

- Para bosques e árbores:  
B = 1,5 + U/150 m. cun mínimo de 2 m.  
(Sendo U a tensión composta en K.V.).

Para sinalar estas distancias sempre se tomarán como referencias as partes en tensión da liña e os edificios ou árbores nas posicións máis desfavorables.

Igualmente cumpriranse o Real Decreto 1955/2000, de 1 de Decembro de e demais disposicións vixentes.

O tendido das liñas eléctricas paralelas á estrada se realizará a unha distancia mínima de 25 m. do eixe da mesma.

### **Art 51.- Redes de Telecomunicacións e instalacións radioeléctricas.**

Deberá terse en conta a Lei Xeral de Telecomunicacións, Lei 9/2014, de 9 de Maio, o Real Decreto 863/2008, de 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, e o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios aprobado mediante Real Decreto 424/2005, de 15 de abril.

#### **1.- Características das Infraestruturas para redes de telecomunicacións.**

As características técnicas das redes de telecomunicacións adaptaranse ás seguintes normas:

- UNE 1333100-1, 2, 3, 4 e 5:2002 Infraestruturas para redes de telecomunicacións:
  - Parte 1: Canalizacións subterráneas.
  - Parte 2: Arquetas e cámaras de rexistro.
  - Parte 3: Tramos interurbanos
  - Parte 4: Liñas aéreas
  - Parte 5: Instalación en fachada

En canto á ocupación do dominio público e da propiedade privada para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas será de aplicación a Lei 9/2014, así coma o Regulamento aprobado polo RD 424/2005.

Ademais do previsto na repetida Lei, na ocupación do dominio público será de aplicación a normativa específica relativa a xestión do dominio público concreto que se pretende ocupar; a ditada polo titular do dominio público en aspectos relativos á súa protección e xestión, así coma a específica ditada polas administracións públicas con competencias en medio ambiente, saúde pública, defensa nacional, ordenación urbana e territorial e tributación por ocupación do dominio público.

## **2.- Instalacións radioeléctricas.**

En relación ás instalacións radioeléctricas hai que ter en conta, ademais do establecido con carácter xeral para todo tipo de instalacións polo RD 863/2008, de 23 de maio, polo que se aprobou o Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, as disposicións do RD 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento que establece ás condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

Así mesmo, respectarase o disposto no Art. 32 da Lei 9/2014, de 9 de Maio

## **3.- Acceso aos servizos de telecomunicación.**

Polo que respecta ao acceso aos servizos de telecomunicación terase en conta o Real Decreto Lei 1/ 1998, de 27 de febreiro sobre infraestruturas comúns nos edificios para acceso aos servizos de telecomunicacións, o seu Regulamento, aprobado mediante Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, e a Orde ITC/1644/2011, de 11 de xuño.

## **4.- Condicións das torres de telefonía móbil.**

O carácter illado das instalacións de telefonía e a súa implantación en zonas altas, xeralmente de uso forestal, fan necesario unhas condicións mínimas que as regule, encamiñadas á protección do ambiente rural e natural:

- Será de obrigado cumprimento o disposto na normativa vixente, recomendándose seguir o Código de Boas Prácticas subscrito pola Federación Española de Municipios e Provincias e a Asociación de Empresas de electrónica, tecnoloxías da información e telecomunicacións de España (AETIC). De acordo co mesmo, as antenas deben situarse nos lugares e na altura que tecnicamente sexan necesarios para ter os niveis de sinais suficientes que garantan unha satisfactoria calidade do servizo. O seu radio

de acción vese obstruído polos obstáculos que atopan ao seu paso, como os edificios e os árbores, sendo por elo necesario que as antenas instálense en lugares elevados.

En todo caso será de aplicación a Lei 9/2014, de 9 de Maio, Xeral de Telecomunicacións.

## **Art 52.- Infraestrutura Enerxética: Parques eólicos**

### **1.- Ámbito**

Inclúese neste tipo de solo o espazo reservado para a instalación dun Parque Eólico Singular, no Monte Catasol. Este parque está constituído por un único aerogenerador G80-2.0 MW que xera ao seu redor unha afección que aparece sinalada no plano correspondente a escala 1/5000.

### **2.- Condiciones de uso e licenzas**

O uso citado destinado á instalación de infraestruturas enerxéticas deberá contar ca correspondente Declaración de Efectos Ambientais de acordo co lo previsto en la Lei, 1/1995 de 2 de Xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

Segundo o previsto no apartado 3 do Artigo 14 do Decreto 28/1.999 de 21 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística, no proxecto técnico de execución das obras do parque eólico deberá incluírse unha memoria urbanística, como documento específico e independente no que se indicará a finalidade e uso da actuación proxectada, razoándose súa adecuación a ordenación vixente, consecuencia da aprobación do proxecto sectorial, incluíndo a presente ordenanza.

A separata da memoria urbanística acompañarase dun plano de situación a escala 1/10.000 e demais información gráfica que sexa precisa para indicala clasificación e calificación do solo obxecto da actuación e a normativa e ordenanza aplicables.

### **3. Condicións de edificación**

As condicións xerais serán as da ordenanza de Solo Rústico de Protección de Infraestruturas coa excepción da edificabilidade máxima que será de 0,05 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, computándose exclusivamente as edificacións pechadas.

#### **4.- Condicións estéticas**

Segundo as determinadas na Declaración de Efectos Ambientais e en concordancia cas xerais aplicables ao solo rústico.

#### **5.- Usos compatibles**

Por non afectar as condicións de explotación do recurso eólico considéranse compatibles dentro do ámbito do parque eólico os usos permitidos polas ordenanzas de aplicación do presente Plan, excepto calquera tipo de edificación.

### 3.7.- NORMAS DE URBANIZACIÓN.

#### **Art 53.- Trazados e aperturas de vías.**

1.- Non poderán abrirse novos camiños, vías ou estradas se non están expresamente previstos en plans Especiais que en Solo Rústico poidan desenvolverse en aplicación de plans o Programas da Administración competente.

O ancho mínimo de calzada en novas vías en zonas delimitadas como núcleos de poboación será de 8,00 m. En camiños de servizo agrícola será suficiente un ancho mínimo de 6 m.

O pavimento será de calquera tipo, aglomerado, formigón, rego asfáltico, terra compactada, etc., sendo preferible o habitual nos tramos xa executados.

A pendente lonxitudinal máxima será do 10 %.

2.- A distribución da sección das vías en solo urbano, efectuarase baixo os seguintes condicionantes:

- Ancho medio de carril ..... 3,00 m.
- Ancho mínimo de aparcadoiro en liña.. 2,00 m.
- Ancho de aparcadoiro en batería ..... Variable segundo o seu ángulo.
- \* perpendicular ..... 4,75 m.
- Ancho mínimo de beirarrúas ..... 1,80 m.

3.- Secciones tipo de vial en solo urbano.

VIAL TIPO	Beirarrúa	Aparcadoiro	Carril rodado
8 m.	2 x 2,00 m	-	1 x 4,00 m
10 m.	2 x 2,00 m	-	2 x 3,00 m
		1 x 2,00 m.	1 x 4,00 m
12 m.	2 x 2,00 m	1 x 2,00 m.	2 x 3,00 m.
14 m.	2 x 2,00 m	2 x 2,00 m.	2 x 3,00 m.
≥16 m.	2 x 2,50 m.	2 x 2,00 m.	2 x 3,50 m.

- 4.- No deseño de vías tanto rodadas como peonís cumpriranse as condicións da Lei 8/1997 e Decreto 35/2000 autonómico sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, e o Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que apróbanse as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.

En cumprimento do Artigo 5.2 da Lei 8/97, as vías públicas, parques e demais espazos de uso público existentes, así como nas respectivas instalacións de servizos e mobiliario urbanos, deberán ser adaptados gradualmente á citada lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. A tal efecto o concello elaborará o plan especial correspondente.

- 5.- As instalacións urbanas de todo tipo serán mediante canalización subterránea.

#### **Art 54.- Rede de abastecemento de auga.**

Na definición das características e dos elementos dos sistemas de abastecementos, recoméndase o seguimento das Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITOGH)

- 1.- A dotación mínima de auga potable en zonas residenciais haberá de preverse para un consumo medio de 210 litros por habitante e día.

O Plan Hidrolóxico Galicia- Costa establece no seu apéndice 6 da Normativa as dotacións máximas segundo os usos da auga aplicables, igualmente serán tidas en conta para os instrumentos de desenvolvemento.

- 2.- O consumo punta para o cálculo da rede, obterase dacordo coa ITOHG ABA.

- 3.- En tódolos casos deberá existir a presión adecuada para un normal abastecemento. A falta de presión na rede deberá ser substituída con medios idóneos para que poidan estar debidamente dotadas as vivendas máis elevadas, de igual forma se dispoñerán válvulas redutoras no caso de que se prevea sobrepresións na rede.

- 4.- Como valores de referencia, pódense considerar presións mínimas de 0,25 MPa e máximas de 0,6 MPa, tal coma se indica na ITOHG ABA (1/2).

- 5.- As conduccións situaranse a unha profundidade mínima de 60 cm. . (medidos

desde a parte superior do entubado ata a rasante do pavimento) e irán reforzadas con envolvente de formigón nos cruces de calzadas. Os entubados de auga potable irán sempre a cota superior que as de saneamento, a unhas distancias que se establecen no cadro seguinte, respecto do resto das instalacións:

Instalación	Separación horizontal (cm)	Separación vertical (cm)
Rede de saneamento	60	50
Gas	50	50
Electricidade A.T.	30	20
Electricidade B.T.	20	20
Telefonía	20	20

- 6.-** Os depósitos reguladores deberán ser dimensionados para a demanda diaria punta total no ano, dispoñendo ademais dun certo volume de reserva para facer fronte a posibles situacións excepcionais.
- 7.-** Recoméndase o seguimento das condicións recollidas na Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia para os sistemas de Abastecemento (ITOHG-ABA) nos proxectos de abastecemento
- 8.-** Igualmente en canto aos materiais a empregar nas redes estarase ao disposto na Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia para Materiais para as conducións dos sistemas de abastecemento e saneamento (ITOHG-MAT) de Augas de Galicia
- 9.-** Nos puntos máis altos e nos máis baixos da rede, instalaranse ventosas e desaugadoiros respectivamente para a súa limpeza e mantemento axeitados.
- 10.-** Utilizaranse canalizacións de PVC con xunta elástica para diámetros superiores a 63 mm. e de polietileno para diámetros inferiores.
- 11.-** A velocidade da auga nas redes principais deberá estar comprendida entre 0,5 e 2 m/s, salvo xustificación razoada en contra.
- 12.-** As chaves de paso serán de tipo comporta.
- 13.-** Os mecanismos nas redes xerais irán aloxados en pozos de rexistro, realizados en formigón HA-25, con tapa de fundición e aro reforzado C-250-DN-

60.

- 14.-** A estruturación xeral da rede será, preferentemente, mallada ou polo menos mixta, para un mellor reparto de presión e unha maior liberdade e seguridade da subministración.
- 15.-** As redes xerais de rega realizaranse en todas as zonas de parques, xardíns e prazas de uso público con canalización de Ø 80 mm.
- 16.-** As redes de rega estarán independizadas das de abastecemento mediante chaves de paso e contador, percorrendo preferentemente polas beirarrúas, evitando os pasos baixo viarios rodados ou reforzándose convenientemente en caso contrario.
- 17.-** A separación máxima entre bocas de rega será de 40 m., recomendándose o emprego de aspersores automáticos en zonas axardinadas
- 18.-** Nos lugares que non contan con rede de abastecemento municipal, a poboación abastécese de traídas veciñas e captacións particulares. En todo caso, calquera aproveitamento de augas requerirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas.  
En todo caso respectaranse as distancias mínimas entre puntos de captación establecidas no artigo 44 do Plan Hidrolóxico Galicia- Costa
- 19.-** Segundo o establecido no artigo 44 da normativa do PHGC, a distancia mínima entre captacións de augas respecto das fosas sépticas será de 20 m., salvo que se acredite, mediante os estudos oportunos, a non afección ás captacións de augas

### **Art 55.- Rede de evacuación de augas residuais**

- 1.-** Os valores dos caudais de augas a ter en conta para o cálculo do saneamento serán os mesmos que os obtidos para a rede de distribución incrementados polo caudal de augas pluviais no caso de sistemas unitarios. Para sistemas separativos, cada rede calcularase de acordo co caudal correspondente.

O caudal máximo de augas pluviais será igual ao dun período de retorno de dez anos.

2.- O saneamento realizarase normalmente por medio do sistema separativo cando os efluentes se sometan a depuración de residuais ou cando esta xa proxectada nesa zona unha depuración a curto prazo. Nestes casos as redes de pluviais conduciranse sempre ata os ríos ou regatos próximos, (agás que estas augas sexan almacenadas para outros usos distintos do consumo humano como rega ou limpeza de viario).

No caso de que non exista aínda depuración ou previsión de realizala nos próximos anos (un mínimo de 10, segundo informe municipal ao respecto), e sexa excesivamente complexo ou gravoso o desaugue a canles naturais da rede de pluviais, permitirase a construción dun sistema unitario, sempre que o Concello o permita expresamente.

Quedarán prohibidos calquera tipo de vertido de augas residuais a ceo aberto ou verteduras doutro tipo que non cumpran especificamente as normativas existentes de salubridade e medio ambiente, debéndose ter en conta especificamente as verteduras de tipo industrial, que en función do seu perigo deberán someterse a procesos completos ou parciais de depuración, independentes ou semiintegrados na rede xeral de saneamento, de xeito que se poida garantir a idoneidade ou admisión da súa composición con carácter previo á súa incorporación ás redes xerais ou ao medio ambiente, ou en caso contrario ser obxecto de recollida independente con destino a plantas especiais de tratamento de residuos industriais.

En calquera caso, calquera vertido a un cauce fluvial requirirá a perceptiva autorización de vertido do organismo de conca, en virtude do establecido no artigo 245 do RDPH.

3.- No desenvolvemento de solos destinados a usos industriais, o seu saneamento deberá facerse a través dun sistema de depuración propia, tal como reflicte o borrador do plan de saneamento que Augas de Galicia está a desenvolver de cara a adecuar este plan aos requerimentos da Directiva Marco da Auga.

4.- Recoméndase o cumprimento das condicións recollidas na Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia para os sistemas de Saneamento (ITOHG-SAN) de Augas de Galicia así como as Técnicas de Drenaxe Urbano Sostible, nos proxectos de saneamento

5.- Igualmente en canto aos materiais a empregar nas redes estarase ao disposto na Instrución Técnica para Obras Hidráulicas en Galicia para Materiais para as conducións dos sistemas de abastecemento e saneamento (ITOHG-MAT) de

## Augas de Galicia

- 6.-** Todas as construcións serán subterráneas e seguirán o trazado da rede viaria e os espazos libres públicos, sempre por debaixo da rede de distribución de auga.
- 7.-** A profundidade mínima das conducións será de 1,20 m. desde a parte superior do entubado ata a rasante do pavimento, atendendo ás separacións especificadas respecto doutras instalacións no resto de apartados do presente artigo.
- 8.-** As canalizacións de residuais terán un diámetro mínimo de 30 cm. aceptándose nas conexións individuais a parcelas ou edificios un diámetro mínimo de 25 cm.
- 9.-** A velocidade de cálculo nos entubados non será inferior a 0,6 nin superior a 6 m/seg. sen causa xustificada a fin de evitar a posible a sedimentación ou a erosión.
- 10.-** Disporanse pozos de rexistro nos cambios de dirección, tanto horizontal como vertical (rasante), e a intervalos de 40 m. de distancia como máximo, agás no caso de tramos especiais ou sen acometidas, sen exceder en ningún caso os 70 m. entre pozos.
- 11.-** Os pozos de rexistro serán de diámetro mínimo 100 cm. e realizados en formigón HA-25 con tapa e aro de fundición reforzado C-250 DN-60.
- 12.-** As canalizacións de augas pluviais serán de PVC, tipo pared compacta serie 4 de 315 mm de diámetro, admitíndose Ø 250 para as acometidas dos sumidoiros.
- 13.-** Os sumidoiros de augas pluviais serán sifónicos, con enreixado abatible de función de 50 x 25, e situaranse a distancias máximas de 30 m.
- 14.-** Todas as vías xerais de tráfico rodado contarán xa desde o intre da súa construción no solo rústico cos axeitados sistemas de derivación ou condución de augas pluviais ás canles naturais de auga ou ás redes xerais de sumidoiros, sendo obrigado en solo de núcleo rural para todas as vías.
- 15.-** No caso de que sexa imposible a conexión ás redes xerais dunha edificación ou dun grupo delas por motivos técnicos ou por desproporción do custo das obras necesarias, deberá disporse obrigatoriamente dun sistema individual ou

colectivo de depuración mediante fosas sépticas ou minidepuradoras da capacidade precisa para tratamento axeitado das augas residuais. Recoméndase que as fosas sexan estancas. No caso de non selo e producir afeccións á rede fluvial deberán solicitar autorización de vertido a Augas de Galicia

**16.-** Serán de aplicación as determinacións do texto refundido da Lei de Augas RD 1/2001 de 20 de xullo e o regulamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por R.D.849/1986, coas súas modificacións posteriores, así coma calquera outra disposición legal aplicable.

### **Art 56.- Rede de baixa tensión**

Se proxectará de acordo coa previsible demanda segundo o uso do solo e o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión (Real Decreto 842/02 de 2 de Agosto).

A dotación a considerar a efectos de cálculo é a indicada na ITC-BT-10:

- Vivenda .

Ata 160 m <sup>2</sup>	Grado electrificación básico	5.750 W./vivenda
Máis de 160 m <sup>2</sup> , calefacción o aire acondicionado eléctrico.	Grado electrificación elevado	9.200 W./vivenda

- Locais comerciais e oficinas ..... 100 W/m<sup>2</sup>., mínimo 3.450 W
- Edifícios de uso industrial: ..... 125 W/m<sup>2</sup>., mínimo 10.350 W
- Os centros de transformación deberán reunir as condicións (acústicas, técnicas, e de seguridade) e dimensións recomendadas pola compañía subministradora.

En caso de centros de transformación onde a potencia prevista sexa superior a 100 kw, será obrigatorio por parte da propiedade a cesión do local para o centro de transformación. (Real Decreto 1955/2000 de 1 de decembro).

En ningún caso poderán estar por debaixo do nivel do 1º soto e non poderán ocupar a vía pública con ningunha instalación auxiliar. Excepcionalmente, cando non exista ningún outro tipo de posibilidade técnica, poderán autorizarse estas instalacións previo acordo municipal.

**Art 57.- Alumeado público**

O nivel de iluminación será en función da vía. En calquera caso se establecen como niveis medios:

	LUX	Uniformidade media	Uniformidade extrema
Vías primarias	20	0,65	0,35
Vías secundarias	16	0,50	0,25
Vías terciarias	7	0,35	0,20

A rede será propia e alimentarase directamente do transformador, debendo ser subterránea no solo urbano.

No referente ao alumeado público na zona próxima ás instalacións do Faro de Touriñán e as balizas de Lago e A Barca, todas elas instalacións dependentes da Autoridade Portuaria de A Coruña, é preciso que non se produzan altos niveis de luminancia, pois isto produce un apantallamento das luces de ditas sinais, o que implica unha redución importante no alcance de observación nocturna das mesmas e como consecuencia unha diminución da seguridade marítima.

## **C A P I T U L O   I V**

### **NORMAS DE PROTECCION DO MEDIO NATURAL E DE PATRIMONIO**

#### **4.1.- AFECCIÓNS DA LEI DE AUGAS.**

##### **Art 58.- Definición.**

Inclúense neste apartado as marxes dos ríos, zonas húmidas ao pantanosas, grafados nos planos de ordenación, con obxecto de salvagardar e conservar o medio ambiente natural.

Os regueiros e regatos estarán sometidos á Lexislación de Augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001 texto refundido da Lei de Augas e disposicións de desenvolvemento) o RD 4/2007 de 13 de abril que a modifica (artigo 101), e ao Regulamento do Dominio público Hidráulico RD 849/1986 de 11 de abril, coas correspondentes modificacións posteriores

Igualmente estarase ao establecido no Plan Hidrolóxico Galicia Costa (en adiante PHGC) aprobado polo RD11/2016

##### **1.- Dominio público hidráulico.**

Constitúen o dominio público hidráulico do Estado, coas salvidades expresamente establecidas nesta Lei:

- a) As augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con independencia do tempo de renovación.
- b) Os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas.
- c) Os leitos dos lagos e lagoas e os dos embalses superficiais en leitos públicos.
- d) Os acuíferos subterráneos, a os efectos dos actos de disposición o de afección dos recursos hidráulicos.
- e) As augas procedentes do desalgamento de auga de mar.

Enténdese por leito natural dunha corrente continua ou descontinua, ao terreo cuberto polas máximas crecidas ordinarias. Regúlanse pola Lexislación de Augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001) e o Regulamento de Dominio Público Hidráulico R.D.849/1986 de 11 de abril, coas correspondentes modificacións posteriores

Todo uso privativo das augas no incluído no artigo 54 da Lei de Augas require concesión administrativa.

## **2.- Dominio privado hidráulico.**

2.1.- Son de dominio privado os leitos polos que ocasionalmente discorran augas pluviais en tanto atravesen, dende a súa orixe, unicamente fincas de dominio particular.

2.2.- O dominio privado destes leitos non autoriza para facer neles labores e construír obras que podan facer variar o curso natural das augas ou alterar a súa calidade en prexuízo do interese público ou de terceiro, ou a súa destrución pola forza das avenidas poida ocasionar danos a persoas ou cousas.

## **Art 59.- Zonas de protección de leitos.**

Enténdense por ribeiras as franxas laterais dos leitos públicos situadas por enriba do nivel de augas baixas, e por marxes os terreos que lindan cos leitos.

As marxes están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal:

- A unha zona de servidume de cinco metros de anchura, para uso público que se regulará regulamentariamente.
- A unha zona de policía de 100 metros de anchura na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolvan.
- Nas zonas próximas á desembocadura no mar, no entorno inmediato aos embalses ou cando as condicións topográficas o hidrográficas dos leitos e marxes o faga necesario para a seguridade de persoas e bens, poderá modificarse a anchura de ambas zonas na zona que regulamentariamente se determine.

- Poderán realizarse en caso de urxencia traballos de protección de carácter provisional nas marxes dos leitos. Serán responsables dos eventuais danos que puideran derivarse de ditas obras os propietarios que as construíron.

Na zona de servidume e de policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, **con independencia da clasificación do solo** e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación, segundo o establecido no artigo 7.3, 9.4 e 78 do RDPH, calquera actuación precisará autorización administrativa do organismo de conca independentemente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da administración

### **1.- Obras na Zona de Servidume.**

A zona de servidume para uso público definida anteriormente terá os fins seguintes:

- a) Protección do ecosistema fluvial e de dominio público hidráulico.
- b) Paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento, salvo que por razóns ambientais ou de seguridade o organismo de conca considere conveniente a súa limitación.
- c) Varado e amarre de embarcacións de forma ocasional e no caso de necesidade.

Os propietarios destas zonas de servidume poderán libremente sementar e plantar especies non arbóreas, sempre que non deteriores o ecosistema fluvial ou impidan o paso sinalado no apartado anterior. As talas ou plantacións de especies arbóreas requirirán autorización do organismo de conca.

Con carácter xeral non poderán realizar ningún tipo de construción nesta zona salvo que resulte necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración. Só poderán autorizarse edificacións na zona de servidume en casos moi xustificados.

As edificacións que se autoricen executaranse nas condicións menos desfavorables para a propia servidume e coa mínima ocupación da mesma, tanto no solo como no voo. Deberá garantirse a efectividade da servidume, procurando

a súa continuidade ou a súa ubicación alternativa e a comunicación entre as áreas do seu trazado que queden limitadas ou cercadas por aquela.

## **2.- Obras na Zona de Policía.**

Na zona de policía de 100 m de anchura medidos horizontalmente a partir do leito quedan sometidas ao disposto no Regulamento do Dominio Público Hidráulico as seguintes actividades e usos do solo:

- a) As alteracións substanciais do relevo natural do terreo.
- b) As extraccións de áridos.
- c) As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional.
- d) Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para corrente en réxime de avenidas ou que poida ser causa de degradación ou deterioro do estado da masa de auga, do ecosistema acuático, e en xeral, do dominio público hidráulico.

Os límites da zona de policía cando concorran algunha das causas sinaladas no Artigo 6.2 da Lei de Augas, poderá ampliarse segundo o establecido no artigo 9.2 do RDPH, se fose necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en avenidas, e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zonas ou vías de fluxo preferente só se poderán autorizar polo organismo de cunca aquelas actividades non vulnerables fronte as avenidas e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugadoiro de dita vía. Esta modificación do límite da zona de policía só poderá ser promovida pola Administración Xeral do Estado, Autonómica ou Local.

A competencia para acordar a modificación corresponderá ao Organismo de Cunca, debendo instruír ao efecto o oportuno expediente no que deberá practicarse o trámite de información pública, e o de audiencia dos Concellos e Comunidades Autónomas en cuxo territorio se atopen os terreos gravados e aos propietarios afectados. A resolución deberá ser motivada e publicada, a lo menos no Boletín Oficial das provincias afectadas.

A execución de calquera traballo na zona de policía de leitos precisará autorización administrativa previa do Organismo de Cunca, sen prexuízo dos supostos especiais regulados no Regulamento. Dita autorización será

independente de calquera outra que haxa de ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas:

- a) Para realizar calquera tipo de construción na zona de policía de leitos, se esixirá a autorización previa do Organismo de Cunca, a menos que o correspondente plan de ordenación urbana, outras figuras de ordenamento urbanístico ou plans de obras da administración, fosen informados polo organismo de cunca e recollerán as oportunas previsións presentadas para os efectos. En todos os casos, os proxectos derivados do desenrolo do planeamento deberán ser comunicados ao Organismo de cunca para que se analicen as posibles afeccións ao dominio público hidráulico e ao disposto no artigo 9 do RDPH.
- b) Á petición referida se unirá un plano de planta que inclúa a construción e marxes do leito, cun perfil transversal polo punto de emprazamento da construción máis próxima ao leito, no que quedarán reflectidas as posibles zonas exentas de edificios.
- c) A tramitación será a sinalada nos Artigo 53 do R. D.P.H.
- d) Os Organismos de Cunca notificarán ao concello competente as peticións de autorización de construción na zona de policía de leito, así como as resolucións que sobre ela recaian aos efectos do posible outorgamento da correspondente licenza de obras.

## **Art 60.- Vertidos líquidos.**

**1.- Son obxectivos da protección de dominio público hidráulico, entre outros (recollidos no artigo 92 do RDL 1/2001 modificado pola lei 62/2003 e a Lei 11/2005):**

*a) Previr o deterioro, protexer e mellorar o estado dos ecosistemas acuáticos, así como dos ecosistemas terrestres e humidais que dependan de modo directo dos acuáticos en relación coas súas necesidades de auga .*

*(...)*

*c) Protexer e mellorar o medio acuático establecendo medidas específicas para reducir progresivamente os vertidos, as emisións e as perdas de substancias prioritarias, así como para eliminar ou suprimir de forma gradual os vertidos, as emisións e as perdas de substancias perigosas prioritarias.*

*d) Garantir a redución progresiva da contaminación das augas subterráneas e evitar a súa contaminación adicional.*

*(...)*

*f) Evitar calquera acumulación de compostos tóxicos ou perigosos no subsolo ou calquera outra acumulación, que poda ser causa de degradación do dominio público hidráulico.*

(...)

Así mesmo para conseguir unha adecuada protección das augas, deberanse alcanzar os obxectivos medioambientais sinalados no artigo 92 bis do RDL 1/2001 modificado pola lei 62/2003

**2.- Queda prohibido con carácter xeral e sen prexuízo do disposto no Art. 100 da Lei de Augas**, toda actividade susceptible de provocar a contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, e en particular:

- a) Acumular residuos sólidos, cascallos ou sustancias, calquera que sexa a súa natureza e o lugar en que se depositen, que constitúan o poidan constituír un perigo de contaminación das augas ou de degradación do seu entorno.
- b) Efectuar accións sobre o medio físico ou biolóxico afecto ao auga que constitúan ou poidan constituír unha degradación do mesmo.
- c) O exercicio de actividades dentro dos perímetros de protección fixados nos plans Hidrolóxicos, cando puidera constituír un perigo de contaminación o degradación do dominio hidráulico (Art. 97 da Lei de Augas).

**3.-** Toda actividade susceptible de provocar contaminación ou degradación do dominio público hidráulico e en particular, o vertido de augas continentais require autorización administrativa.

**4.-** Para os efectos se consideran vertidos que se realicen directa o indirectamente nos leitos, calquera que sexa a natureza destes, así como os que se leven a cabo no subsolo ou sobre o terreo, balsas ou escavacións, mediante evacuación, inxección ou depósito.

### **Art 61.- Protección contra as inundacións.**

Adoptaranse as medidas de protección contra inundacións establecidas no Capítulo VII do PHGC

#### **1.- Zonas Inundables**

Considéranse zonas inundables as delimitadas polos niveis teóricos que alcanzarían as augas nas avenidas cuxo período estatístico de retorno sexa de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de avenidas históricas e documentos ou evidencias históricas.

Para a delimitación das zonas inundables, a cartografía de referencia nas áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) será ofrecida no sistema de información xeográfica de Augas de Galicia, definido no artigo 2 do RD 11/2016 (PHGC), e no Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables

No concello de Muxía non se atopa ningunha ARPSI delimitada por Augas de Galicia

## **2.- Zonas de fluxo preferente**

A zona de fluxo preferente é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as avenidas, ou vía de intenso desaugadoiro, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, pódanse producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas zonas.

Para os efectos da aplicación da definición anterior, considerarase que poden producirse graves danos sobre as persoas e os bens cando as condicións hidráulicas durante a avenida satisfagan un ou mais dos seguintes criterios:

- a) Que o calado sexa superior a 1 m.
- b) Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.
- c) Que o produto de ambas variables sexa superior a 0,5 m<sup>2</sup>/s.

Entendese por vía de intenso desaugadoiro a zona pola que pasaría a avenida de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior que un valor prefixado por Augas de Galicia, respecto á cota da lámina de auga que se produciría con esa mesma avenida considerando toda a chaira de inundación existente.

Con carácter xeral, ese valor prefixado será de 0,3 m. Augas de Galicia poderá impoñer o emprego dun valor menor, ata o mínimo de 0,1 m., ou autorizar a consideración dun maior, ata o máximo de 0,5 m., atendendo á entidade dos danos que poida producir o incremento da inundación e a existencia dun plan de xestión dos riscos de inundación.

### Autorizacións en zonas de fluxo preferente:

Estarase ao disposto no artigo 34 do PHGC (RD11/2016):

Con carácter xeral en zona de fluxo preferente, non se autorizarán, respecto ás competencias de Augas de Galicia, as seguintes actividades:

- a) Acampadas ou instalacións destinadas a este fin
- b) A realización de construcións destinadas a vivendas
- c) A execución de instalacións industriais ou de edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas
- d) A construción de cerramentos e valados que non sexan permeables
- e) A realización de recheos ou abastos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugadoiro
- f) A execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ao paralelismo coa canle, con excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que, en todo caso, salvo zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume do dominio público hidráulico

### **3.- Criterios de deseño e dimensionamento de obras de infraestruturas**

Estarase ao disposto na subsección 3 do capítulo VII do PHGC, así como ao establecido no Capítulo IV do PHGC (RD 11/2016), de protección das masas de auga

### **4.- Desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM**

Os desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM que non se atopen en zonas estudadas por Augas de Galicia ao estar fóra dunha ARPSI ou o estar na actualidade realizando os estudos, deberán incluír no documento que os desenvolva, os estudos hidrolóxicos e hidráulicos correspondentes nos que se delimiten a zona de dominio público hidráulico e a zona de fluxo preferente, así como a delimitación das zonas inundables, correspondentes as láminas de inundación para os períodos de retorno de 100 e 500 anos, de cara a avaliación da viabilidade da ordenación proposta, para o que será preciso o informe correspondente do organismo de cunca.

### **5.- Area con risco potencial significativo de inundación costeira**

No concello de Muxía delimitouse unha área con risco potencial significativo de inundación costeira identificada como ES014-CO-09-02-03-C-01, recollido no plano de información 3.2 do PXOM. Dado que trátase dunha ARPSI Costeira, tomaranse medidas preventivas, para reducir na medida do posible este risco.

Nos polígonos de solo urbano non consolidado empregaranse pavimentos permeables, que permitan a diminución da escorrenta e a sedimentación das partículas e contaminantes arrastrados pola auga (ANEXO IV da normativa), tal coma se recolle nas correspondentes fichas do Anexo II. Igualmente será preceptivo o informe previo en materia de Costas

### **Art 62.- Medidas de protección das masas de auga e do Dominio Público Hidráulico.**

Estarase ao disposto no Capítulo IV do PHGC (RD 11/2016), de protección das masas de auga.

Calquera actuación a realizar no dominio público hidráulico requerirá autorización administrativa do organismo de cunca de conformidade co previsto no artigo 126 do RDPH. En todo caso, no dominio público hidráulico adoptaranse as medidas precisas para corrixir situacións que afecten a súa protección

### **Art 63.- Condicións para investigación, concesións e outros.**

Neste artigo trátase das condicións para investigación ou concesións, referidas ao caudal máximo por captación, distancias entre aproveitamentos, profundidades de perforación e de instalación de bombas, selado de acuíferos e condicións das concesións para ser consideradas de pouca importancia.

A Lei de Augas 1/2001 e máis concretamente o desenvolvemento regulamentario da mesma, contempla as normas xerais para o outorgamento de investigacións ou concesións de augas subterráneas. Estas normas se desenvolven nos artigos 177 ao 188 (ambos inclusive) do Regulamento de Dominio Público Hidráulico.

Nas unidades de futura definición as normas para outorgamento de concesións sería recomendable que contemplaran as seguintes condicións, referidas ao caudal máximo instantáneo por captación  $Q_i$ .

En xeral, en depósitos aluviais, o caudal máximo instantáneo por captación sería recomendable fóra menor de 6l/s ( $Q_i < 6$  l/s).

No resto de materiais detríticos do Cuaternario e Terciario  $Q_i$  dependerá tanto das características hidráulicas do acuífero como do grado de eficacia da obra da captación. En calquera caso  $Q_i$  poderá ser de tal magnitude que a depresión producida sexa menor do 25% de espesura saturada do acuífero.

En calquera caso o caudal máximo instantáneo e o volume anual máximo por captación serán determinados pola administración competente en cada caso, non sendo aconsellable superar no balance hídrico total da unidade considerada o 90% do volume de entradas.

**- Distancia entre os aproveitamentos:**

Inicialmente e a falta de estudos de maior detalle se recomenda que a distancia entre os aproveitamentos non poderá ser inferior a 100 m sen o permiso do aproveitamento preexistente legalizado. En captacións de escasa importancia non poderá ser inferior a 50 m sen o citado permiso salvo que o Organismo de Cunca considere outras distancias a cumprir dependendo da situación peculiar da zona obxecto do aproveitamento.

Excepcionalmente en ambos casos poderase outorgar concesións a menor distancia se o interesado acredita a non afección dos aproveitamentos anteriores legalizados e así o estime el Organismo de Cunca.

**- Profundidades de perforación e instalación de bombas:**

A falta dos mencionados estudos de detalle se recomenda establecer con carácter xeral unha limitación á profundidade, tal que esta non sobrepase o substrato impermeable da unidade hidroxeolóxica, con obxecto de non captar materiais infraxacentes de maior salinidade ou pertencentes a outras unidades.

En canto á profundidade de instalación da bomba se refire, como norma xeral, se aconsella que esta non sobrepase os 2/3 da columna de auga en acuíferos cautivos (confinados) e de 1/3 en caso de acuíferos libres (mantos libres).

**- Selado de acuíferos:**

En tódolos aproveitamentos tomarase de forma previa, medidas para o selado de niveis contaminantes (naturais ou por efecto da acción antrópica) dentro do acuífero da unidade hidroxeolóxica con obxecto de non contaminar o recurso hidráulico dispoñible.

**- Condicións das captacións de escasa importancia**

Se consideran captacións de escasa importancia aquelas que cumpran as seguintes condicións:

- Volume máximo anual extraído < 7000 m<sup>3</sup>
- Caudal instantáneo < 1 l/s

#### **Art 64.- Zonas Protexidas no Plan Hidrológico Galicia – Costa**

No concello de Muxía, as zonas protexidas incluídas no rexistro de Zonas Protexidas do Plan Hidrológico Galicia – Costa (PHGC), aprobado por RD 11/2016, son:

A) Zonas protexidas designadas en virtude de convenios ou normativas sectoriais:

I. Nivel Europeo:

- Zonas de Producción de Moluscos: Costa da Morte (iid: ES014PEAEGAL-06/01)
- Zonas de Baño: Praia de Lago (id: ES014ZBAN100); praia Area Maior (id: ES014ZBAN99); Praia A Cruz (id: ES014ZBAN98); Praia Lourido (id: ES014ZBAN102), Praia Nemiña (id: ES014ZBAN101), e parte da praia de Lires (ES11100023M15023D)
- Zona de Especial Conservación (ZEC): Costa da Morte (id: ES014ZECES1110005)
- Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA): espazo mariño da Costa da Morte (ES014ZEPAES0000176)

II. Nivel Estatal ou Autonómico:

- Zona de Especial Protección dos valores Naturais (ZPVN): Costa da Morte (id: ES014ENPR110033)
- Limite de Rías: Ría de Camariñas (ES0014RIAS000000008) e Ría de Lires (ES014RIAS000000007)
- Inventario de Zonas Húmidas de Galicia

B) Zonas protexidas designadas polo Plan Hidrológico de Galicia- Costa:

- Zonas de Captacións de abastecemento humano:

TIPO	CÓD. CAPTACIÓN	NOME CAPTACIÓN	CÓD. DA MASA DE AUGA	POB.	VOL. m <sup>3</sup> /día
SUPERFICIAL	ES014ZCCM000003128	VILAMAIOR	ES.014.NR.165.000.01.01	5	28,51
	ES014ZCCM000001499	MONTE DE AGRANZON	ES.014.NR.171.000.02.00	36	12,60
	ES014ZCCM000000985	XURANTES	ES01414	38	13,30
	ES014ZCCM000001479	MUINOS (OS)	ES01414	603	211,05
	ES014ZCCM000001482	MONTE CUNCHAN	ES01414	66	23,10
	ES014ZCCM000001483	MONTE CARDOSA	ES01414	58	20,30
	ES014ZCCM000003116	VILELA	ES01414	6	4,38
SUBTERRÁNEA	ES014CACH000000982	CONFURCO (O)	014.009	14	4,90
	ES014CACH000000983	CONFURCO (O)	014.009	14	4,90
	ES014CACH000000984	CONFURCO (O)	014.009	14	4,90
	ES014CACH000000986	PION (O)	014.009	131	45,85

TIPO	CÓD. CAPTACIÓN	NOME CAPTACIÓN	CÓD. DA MASA DE AUGA	POB.	VOL. m <sup>3</sup> /día
	ES014CACH000000987	PERON DA PERILLA	014.009	89	31,15
	ES014CACH000000988	LEIS	014.009	109	38,15
	ES014CACH000001489	FUMINEO	014.009	60	21
	ES014CACH000001490	FUMIÑO	014.009	60	21
	ES014CACH000001491	SUXO	014.009	210	73,50
	ES014CACH000001493	MONTE VAO	014.009	65	22,75
	ES014CACH000001494	FONTE COVAS	014.009	65	22,75
	ES014CACH000001495	RASA (A)	014.009	35	12,25
	ES014CACH000001496	AS CANAVEIRAS	014.009	90	31,50
	ES014CACH000001497	BARDULLAS	014.009	124	43,40
	ES014CACH000001498	MONTE PASANTES	014.009	90	31,50
	ES014CACH000001500	MINTIRANS	014.009	61	21,35
	ES014CACH000001480	CROA (A)	014.009	112	39,20
	ES014CACH000001481	MONTE CUNCHAN	014.009	66	23,10
	ES014CACH000001484	FARO DE PRADO	014.009	603	211,05
	ES014CACH000001485	FARO DE PRADO	014.009	603	211,05
	ES014CACH000001486	REGO DO LOBO	014.009	603	211,05
	ES014CACH000001487	REGO DO LOBO	014.009	603	211,05
	ES014CACH000001488	PEDRAS VERMELLAS	014.009	125	43,75
	ES014CACH000003057	AFERROAS	014.009	5	8,67
	ES014CACH000001501	VILASTOSE	014.009	66	23,10
	ES014CACH000003018	PEDREIRA (A)	014.009	0	6,85
	ES014CACH000003235	LEIS DE NEMANCOS	014.009	5	1,02

-Zonas de futuras captacións de auga:

CAPTACIÓN FUTURA. TIPO	CÓDIGO CAPTACIÓN	NOME CAPTACIÓN	CÓDIGO DA MASA DE AUGA
SUPERFICIAL	ES014ZCCM000005098	-	ES.014.NR.171.000.02.00
	ES014ZCCM000005104	-	ES.014.NR.171.000.02.00
SUBTERRÁNEA	ES014ZCCM000005048	-	014.009
	ES014ZCCM000005055	-	014.009

-Zonas de protección especial:

- Tramos que requiren protección especial debido á existencia de especies ameazadas (Rio Castro: ES014TIEX000000008 e ES014TIEX000000009)

Estas zonas aparecen recollidas no plano de información 3.2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal

De cara a preservar o bo estado das masas de auga e do medio hídrico, deberase atender ás limitacións de usos establecidas para cada unha destas zonas no PHGC, particularmente no Capítulo V (art. 19 ao 22).

## **4.2.-NORMAS DE PROTECCIÓN DE COSTAS**

### **Art 65.- Protección de costas**

Englóbense nesta normativa os terreos que se atopan no ámbito de afección da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e usos sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e do Real Decreto 876/2014 de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, sendo de aplicación as limitacións recollidas para calquera tipo de solo, independentemente da súa clasificación e calificación urbanística, diferenciándose as zonas seguintes:

- Servidume de tránsito: 6 m.
- Servidume de protección: 20 m. ou 100 m., dependendo de si se trata de solo urbano (que tiñan esa clasificación a entrada en vigor da lei 22/88 de costas) ou solo non urbano.
- Zona de influencia: 500 m.

Todas estas distancias enténdense sempre medidas dende o límite interior da ribeira do mar.

No capítulo V da presente normativa establécese o marco normativo para o Solo Rústico, se ben tal e coma se recolle na Disposición Adicional Primeira do PXOM, sonlle de aplicación as determinacións establecidas na Disposición transitoria 1ª da LOUGA. Igualmente e en todo caso, no ámbito do solo afectado pola servidume de protección de costas estarase ao establecido na lei de costas.

### **1.- Normas de Protección derivadas da Lei de Costas:**

#### **1.1.- Dominio Público Marítimo Terrestre:**

Nos terreos abrangidos no dominio público marítimo-terrestre (DPMT) estarase en todo caso ao disposto no Título III da Lei de Costas e no seu Regulamento (RXC, RD 876/2014) e nas oportunas disposicións transitorias, correspondendo á Administración do Estado o outorgamento dos títulos que habiliten para a súa ocupación ou utilización, de conformidade con dita normativa.

#### **1.2.- Servidume de tránsito e de acceso ao mar:**

Nos terreos abrangidos na zona de servidume de tránsito (6 m desde o límite interior da ribeira do mar) estarase en todo caso ao disposto no Título II da Lei de

Costas e no seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias (3ª e 4ª da LC e concordantes do RXC). Deberáse garantir o respecto das servidumes de tránsito e acceso ao mar establecidas nos artigos 27 e 28 da Lei de Costas, respectivamente.

A servidume de tránsito deberá deixarse permanentemente expedita para o paso público de viandantes, e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.

En lugares de tránsito difícil ou perigoso a servidume poderá ampliarse ata un máximo de 20 m.

A servidume de acceso ao mar afecta aos terreos contiguos ao dominio público marítimo - terrestre, na lonxitude e ancho que demanden a natureza e finalidade do acceso.

Nas zonas urbanas os accesos ao mar deberán estar separados entre si 500 m. máximo, se son para tráfico rodado, e 200 m. como máximo se son para peatóns.

Non se permitirán obras e instalacións que interrompan o acceso ao mar, sen unha proposta de solución alternativa, que deberá contar, en todo caso, coa autorización da Administración competente.

### 1.3.- Servidume de protección:

Nos terreos abrangidos na zona de servidume de protección (cuxa extensión ven determinada nos planos dos deslindes oficiais) estarase en todo caso ao disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Os usos na zona de servidume de protección se axustarán ao disposto nos artigos 24 a 25 da Lei de Costas, debendo contar os usos permitidos nesta zona coa autorización do órgano competente na Comunidade Autónoma. Nomeadamente compre remitir ás Disposicións Transitorias 3ª e 4ª da Lei de Costas e 9ª e 13ª do seu Regulamento.

Nos terreos afectados pola servidume de protección que non estean clasificados como solo urbano ou solo de núcleo rural, resulta de aplicación a ordenanza de Solo Rústico de Protección de Costas. En todo caso son de aplicación as normas que seguen.

Nos terreos comprendidos nesta zona poderanse realizar cultivos sen necesidade de autorización sen prexuízo das limitacións establecidas para a servidume de tránsito, así como aquelas actuacións recollidas no artigo 45 do RXC

Nesta zona están prohibidos os seguintes usos:

- a) As edificacións destinadas a residencia ou habitación, incluíndo as hoteleiras, calquera que sexa o seu réxime de explotación. Excluiránse de esta prohibición as acampadas e os campamentos ou campings debidamente autorizados con instalacións desmontables.  
Entenderáse por acampada a instalación de tendas de campaña ou de vehículos ou remolques habitables. Entenderáse por campamento ou camping a acampada organizada dotada dos servicios e subministros establecidos pola normativa vixente.
- b) A construción ou modificación de vías de transporte interurbanas cuio trazado discurra lonxitudinalmente ao largo da zona de servidume de protección, quedando exceptuadas de dicha prohibición aquelas outras nas que a súa incidencia sexa transversal, accidental ou puntual e as de intensidade de tráfico superior a 500 vehículos/día de media anual no caso de estradas así como das súas áreas de servizo.
- c) As actividades que impliquen a destrución de xacementos de áridos naturais ou non consolidados, entendéndose por tales os lugares onde existen acumulacións de materiais detriticos tipo areas ou gravas.  
Non se entenderá incluído na prohibición de destrución de xacementos de áridos, o aproveitamento dos mesmos para a súa aportación ás praias.
- d) O tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión.
- e) O vertido de residuos sólidos, escombros e augas residuais sen depuración.
- f) A publicidade a través de carteis ou vallas ou por medios acústicos ou audiovisuais.  
Non se considerarán incluídos nesta prohibición os supostos do artigo 81.4 do RXC, sempre que sexa compatible coa protección do dominio público marítimo-terrestre ( artigo 25.1 da Lei 22/1988, de 28 de xullo).

En canto ás actuacións suxeitas a autorización:

1. Con carácter ordinario, só se permitirán nesta zona as obras, instalacións e actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización, ou presten servizos necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo - terrestre, así como as instalacións deportivas descubertas.
2. A execución de terrapléns, desmontes ou cortas de árbores, deberán cumprir as seguintes condicións para garantir a protección do dominio público (artigo 25.2 da Lei 22/1988):
  - a) Só poderá permitirse a execución de desmontes e terraplens previa autorización.
  - b) Só poderá autorizarse cando a altura de aqueles sexa inferior a 3 metros, non perxudique ao paisaxe e realícese un adecuado tratamento dos seus taludes con plantacións e recubrimentos.
  - c) A partir de dita altura, deberá realizarse unha previa avaliación da súa necesidade e a súa incidencia sobre o dominio público marítimo-terrestre e sobre a zona de servidume de protección.
3. A tala de árbores poderáselle permitir sempre que sexa compatible coa protección do dominio público, cando exista autorización previa do órgano competente en materia forestal e non merme significativamente as masas arboradas, debendo recollese expresamente na autorización a existencia de reforestación eficaz con especies autóctonas, que non dañen a paisaxe e o equilibrio ecolóxico.
4. Só se autorizarán os cerramentos relativos a:
  - a) As paredes das edificacións debidamente autorizadas.
  - b) Os valados perimetrales de cerre de parcelas colindantes co dominio público marítimo-terrestre, que se poderán executar de conformidade co determinado no planeamiento urbanístico municipal, coa salvedade de que solo poderán ser totalmente opacos ata unha altura máxima dun metro.
  - c) Os vinculados ás concesións en dominio público marítimo-terrestre coas características que se determinen no título concesional.En todo caso deberá quedar libre a zona afectada pola servidume de tránsito.

En canto ás autorizacións excepcionais do Consello de Ministros, estarase ao disposto no artigo 48 do RXC

Os usos permitidos na zona de servidume de protección estarán suxeitos á autorización da Comunidade Autónoma (artigo 49 RXC), que outorgaráselle con

suxección ao disposto na Lei 22/1988, de 28 de xullo, e nas normas que se dicten, no seu caso, de conformidade co previsto nos artigos 22 da citada Lei e 42 e 43 deste regulamento, puidéndose establecer as condicións que se estimen necesarias para a protección do dominio público. Si a actividade solicitada estuviere vinculada directamente á utilización do dominio público marítimo-terrestre será necesario, no seu caso, dispor previamente do correspondente título administrativo outorgado conforme á Lei 22/1988 (artigo 26).

As obras e instalacións construídas con anterioridade á entrada en vigor da lei de Costas, situadas en zonas de dominio público ou servidume de protección, se rexerán polo establecido na Disposición Transitoria Cuarta da Lei 22/1988.

#### 1.4.- Zona de influencia:

Nos terreos abrangidos na zona de influencia (cando menos nos 500 m da ribeira do mar) estarase en todo caso ao disposto no Título II da Lei de Costas e do seu Regulamento e nas oportunas disposicións transitorias. Nomeadamente, cómpre remitir aos artigos 30 da Lei de Costas e 58 do seu Regulamento, así como as DT 3ª da Lei de Costas e 7ª do seu Regulamento.

### **2.- Informes municipais sobre obras na zona de servidume.**

De acordo co Art. 12 do Decreto 158/2005, o concello elaborará un informe anual sobre os actos de edificación e uso do solo que se levaron a cabo durante o ano, na servidume de protección, do que darán conta ó órgano autonómico competente en materia de costas.

Así mesmo deberase remitir comunicación á administración autonómica de todas as obras ou actividades que se realicen no termo municipal na zona de servidume de protección e que non contén coa preceptiva licenza municipal.

### **3.- Instalacións da rede de saneamento**

As instalacións da rede de saneamento deberán cumprir as condicións sinaladas no artigo 44.6 da Lei de Costas.

### **4.3.- NORMAS DE PROTECCIÓN DE SISTEMAS NATURAIS E MEDIO AMBIENTE**

#### **Art 66.- Normas de protección do medio ambiente.**

Neste apartado establécense as disposicións de carácter xeral para a protección do medio ambiente no municipio. Estas normas xerais se someterán, en todo caso, ás específicas das zonas que se sinalan como de protección especial.

No seu caso serán de aplicación a normativa nacional e autonómica vixente:

- Lei 9/2010 de Augas de Galicia.
- Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, Orde 18/4/2007 que zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal e Decreto 105/2006 regula as medidas preventivas relativas a prevención de incendios forestais, a protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e poboacións forestais
- Decreto 72/2004 declaración de espazos como zonas de especial protección dos valores naturais 02/04/2004 e Resolución 30/04/2004 cartografía onde se recollen os límites dos espazos naturais declarados zonas de especial protección dos valores naturais polo decreto 72/2004, do 2 de abril
- Lei 43/2003 de 21 de novembro de Montes, coas modificacións da Lei 10/2006
- Lei 8/2002 lei de protección do ambiente atmosférico de Galicia 18/12/2002
- Lei 9/2001 de 21 de agosto de Conservación da Natureza.
- Orde 28 de outubro de 1999, para a declaración provisional das zonas propostas para a súa inclusión na rede europea natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección ambiental de Galicia
- Decreto 327/1991, de 4 de outubro e á outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.
- Decreto 442/1990, de 13 de setembro, de Impacto Ambiental

#### **1.- Augas para abastecemento.**

Con carácter xeral é preciso manter as condicións de potabilidade esixidas para o abastecemento de auga ás poboacións. Por tal motivo non se autorizarán

as actividades nocivas ou insalubres, capaces de contaminar co seus vertidos as augas destinadas ao abastecemento público ou privado, salvo que cumpran as condicións sinaladas en el Regulamento de Policía de Augas (Art 59 da presente normativa)

Iguais requisitos serán esixibles ás instalacións que poidan contaminar augas destinadas a balnearios, zonas de baños públicos ou similares, existentes ou que puideran instalarse no futuro.

Se esixirá por parte do Concello, o control do proxecto da execución e do funcionamento, posterior dos sistemas de depuración de augas residuais, esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Nocivas, Insalubres e Perigosas e na normativa aplicable.

Nos lugares que non contan con rede de abastecemento municipal, a poboación abastécese de traídas veciñas e captacións particulares. En todo caso, calquera aproveitamento de augas requerirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas

En todo caso respectaranse as distancias mínimas entre puntos de captación establecidas no artigo 44 do Plan Hidrolóxico Galicia- Costa

## **2.- Augas subterráneas.**

Dado que a maior parte das captacións de auga do municipio se efectúan de capas subterráneas, de distribución escasamente coñecida, se prohíbe o vertido directo ao terreo, a través de pozos filtrantes ou similares, de residuos tóxicos que puideran contaminar ditas augas, Art 59 e Art 60.

## **3.- Augas fluviais.**

Ademais do establecido no Art 59 e como disposición xeral as explotacións mineiras ou industriais que podan contaminar as augas dos ríos deberán estar dotadas de dispositivos de depuración mecánicos, químicos, físico - químicos ou de calquera outro tipo que poidan eliminar dunha maneira real e cuantificable os elementos nocivos que poidan ser prexudiciais para calquera tipo de captación para os núcleos de poboación ou industrial, augas abaixo ou para calquera tipo de riqueza piscícola, pecuaria, agrícola ou forestal.

As industrias mineiras e metalúrxicas deberán realizar os seus vertidos de acordo có establecido na normativa correspondente que lles sexa de aplicación.

A efectos de protexer a riqueza piscícola dos ríos se controlarán tódolos posibles vertidos industriais que puideran alterar gravemente o ecosistema dos mesmos. Calquera proxecto industrial deberá xustificar o cumprimento da seguinte normativa, así coma daquelas outras que lles sexan propias:

- Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas (Art. 16).
- Lei de Pesca Fluvial de 7/1992 de 24 de xullo
- Decreto de 14 de maio de 1997 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

#### **4.- Encoros.**

Sen prexuízo de todas as normas expostas para os leitos fluviais, cumprirase a lexislación aplicable.

#### **5.- Vertidos.**

Ademais do establecido no Art 60 e en todo o referente ás condicións técnicas mínimas esixibles, aos proxectos de instalacións, depuradoras de auga residuais ou fosas sépticas, así como as condicións de vertido dos seus afluentes, recoméndase a utilización das Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia (ITHOG) e as Técnicas de Drenaxe Urbano Sostible

Os núcleos do concello que non contan con rede de saneamento municipal, contan con fosas sépticas particulares. Recoméndase que as fosas sépticas sexan estancas. No caso de non selo e producir afeccións á rede fluvial deberán solicitar autorización de vertido a Augas de Galicia

En calquera caso, calquera vertido a un cauce fluvial requerirá a perceptiva autorización de vertido do organismo de conca, en virtude do establecido no artigo 245 do RDPH.

Todo proxecto deste tipo haberá de xustificar a adopción das medidas necesarias para evitar un grado de contaminación inadmisibile, tanto nas augas fluviais, como nas subterráneas, segundo o establecido no Art 60 da presente normativa.

En todo caso é de aplicación a normativa de usos (Art 32.- e seguintes) do presente plan

## **6.- Contaminación atmosférica.**

Aos efectos da posible contaminación atmosférica, o artigo 31 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas o Perigosas (Decreto de 30 de Novembro de 1961, nº 2414/61) indica que as industrias contempladas nesta normativa só poderán emprazarse a unha distancia superior a 2000 metros a contar do núcleo máis próximo de poboación agrupado.

A estes efectos entenderase como núcleo de poboación agrupado aquel delimitado como tal neste Plan.

## **7.- Polución.**

Nas licenzas que se concedan para proxectos de instalacións industriais que produzan vertidos de pos, fumes, gases e vapores á atmosfera, se esixirá a xustificación do cumprimento do Decreto 833/1975 de 6 de Febreiro que desenvolve a Lei de Protección do Ambiente Atmosférico (Lei 38/1972 de 22 de Decembro) así como a Orden do Ministerio de Industria 18-10-1976 de Prevención e Corrección da contaminación industrial na atmosfera, e a Lei 1/1.995, de dos de xaneiro de Protección Ambiental de Galicia.

Neste sentido os proxectos de instalacións industriais deberán xustificar adecuadamente que tódolos axentes contaminantes (chemineas, vehículos, procesos industriais, etc.) dispoñen dos elementos correctores necesarios para evitar molestias aos cidadáns.

## **8.- Ruídos e vibracións.**

Se estará no disposto na Lei 7/97 autonómica, de protección contra a contaminación acústica, Decreto 150/1999, de 27 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica, Decreto 320/2002, de 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, así coma na Lei do ruído L 37/2003 e no Real Decreto 1513/2005 de 16 de decembro, pola que se desenrola no referente á avaliación e xestión de ruído.

## **9.- Risco de incendios e explosións.**

As actividades industriais que esixan a manipulación de sustancias inflamables ou explosivas, serán prohibidas en locais situados en edificios con uso de vivendas.

Os centros de gases envasados de calquera tipo axustaranse na súa situación e características á súa normativa aplicable.

Todo proxecto que se solicite para os mesmos haberá de xustificar adecuadamente o cumprimento de dita lexislación.

A instalación, funcionamento e reparacións en Centrais produtoras de Enerxía Eléctrica, Redes e Centros de Distribución eléctricos se rexerán, sen prexuízo de outras normativas concordantes, por:

- Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión (Real Decreto 842/03 de 2 de Agosto).
- Regulamento Técnico de liñas eléctricas aéreas de alta tensión (Decreto 3151/68 de 28 de Novembro).
- Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación.(Real Decreto 3275/82 de 12 de Novembro.)

Os traballos axustaranse ao disposto na Lei 31/95 de Prevención Riscos Laborais en todo o concernente ás actividades a realizar con ou sen tensión eléctrica.

## **10.- Explotacións mineiras.**

Dada a grave incidencia que estas explotacións e en especial as que son a ceo aberto, teñen na paisaxe e a ecoloxía, para a concesión de licenzas ás mesmas, ademais dos trámites que esixa a lexislación vixente, será preceptivo a efectos municipais, un estudio de impacto medioambiental (que siga a estrutura do estudio regulado no Decreto 327/91) para ter en conta as consecuencias da súa implantación no medio circundante, que deberá constar na documentación para a solicitude de licenza que requirirá autorización previa do órgano competente.

Independentemente da súa aprobación, estas explotacións quedan sempre obrigadas a:

- Non utilizar en ningún caso materiais do fondo dos ríos.
- Non utilizar como vertedoiro ningunha zona situada nas área de protección.
- Repoñer a capa vexetal e a flora ao cesar as súas actividades.

### **11.- Vertedoiros do lixo e outros vertedoiros.**

Para calquera tipo de vertidos deberán facerse estudos previos que demostren que non se alteran as escorrentas dos terreos, nin afecten gravemente ao equilibrio ecolóxico. En todo se estará ao disposto na Lei 10/97 de 22 de Agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, así como pola Lei 10/98, de 21 de Abril, de Residuos e demais disposicións de aplicación.

Poderase conceder permisos para depósitos de sobrantes de obras (terras, rochas, etc ) en ocos existentes ou espazos degradados para a súa recuperación, previo estudio ambiental que garanta a integración ambiental, sempre que a ordenanza de aplicación o autorice.

### **12.- Anuncios e carteis.**

A colocación de anuncios na zona de servidume das estradas deberá cumprir os requisitos sinalados no Artigo 34 da Lei de Estradas de Galicia (Lei 4/1.994 de 14 de setembro), e demais lexislación vixente.

Se prohiben os anuncios pintados directamente sobre elementos naturais da paisaxe.

### **13.- Cemiterios de coches o depósitos de chatarras.**

Para a concesión de licenzas deste tipo de industria terase en conta a relación coa paisaxe, non admitíndose aquelas situacións que supoñan un atentado contra el. Se esixirán as mesmas condicións hixiénicas que aos talleres de coches e pecharanse á vista con pantallas de arborado.

### **14.- Tendido de liñas eléctricas, telegráficas, telefónicas, etc.**

Deberán respectar en todo caso, as distancias de protección esixidas pola normativa vixente. Haberán de ser enterradas, salvo que, xustificacións previas, debidamente aprobadas, aconsellen a instalación aérea.

## 15.- Conservación da natureza

No seu caso serán de aplicación a normativa nacional e autonómica vixente:

- Orde AAA/1260/2014, do 9 de xullo, pola que se declaran Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia
- Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro que aproba o Plan de Conservación da pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia
- Decreto 75/2013 do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de Recuperación da subespecie lusitana da escribente das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. Subsp. *Lusitanica Steinbacher*) en Galicia
- Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade
- Decreto 88/2007, do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras
- Lei 5/2006 do 30 de xuño, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos, que declara de interese xeral a conservación do patrimonio natural fluvial da Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 1)
- Decreto 72/2004 declaración de espazos como zonas de especial protección dos valores naturais 02/04/2004
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial, que declara de interese xeral a conservación das formacións vexetais nas marxes dos ríos e regueiros (artigo 16)
- Directiva 92/43/CEE, do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres

### Zona de Especial Conservación:

No presente PXOM recóllese a Zona de Especial Conservación (ZEC) “Costa da Morte” (LIC ES1110005) declarado polo Decreto 37/ 2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas de especial conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, clasificándoa coma Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, ata a liña do deslinde marítimo terrestre. Dende aí, no ámbito mariño aparece o contorno da Rede Natura (incluíndo a súa proposta de ampliación, de decembro de 2011), co fin de sinalar que o espazo segue nesta zona, pero non corresponde darlle unha

clasificación urbanística ao estar mais alá do ámbito territorial do concello de Muxía.

Dito espazo ostenta, ademais, a cualificación de Zona Especial de Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), segundo o decreto 72/2004, do 2 de abril.

Por outra banda, a superficie terrestre do Concello de Muxía limita coa ZEPA ES0000497 “Espazo Mariño da Costa da Morte”, declarada en base á Orde AAA/1260/2014, do 9 de xullo, polo que se declaran Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas.

Polo que respecta aos hábitats de interese comunitario incluídos no Anexo I da Lei 42/2007, do 13 de setembro, de Patrimonio Natural e Biodiversidade, segundo a información do Plan Director da Rede Natura 2000, no ámbito da ZEC “Costa da Morte” pertencente ao concello de Muxía, existe representación dos seguintes hábitats:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/ NON)	DENOMINACIÓN
1110	NON	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
1130	NON	Esteiros
1140	NON	Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
1160	NON	Grandes calas e baías pouco fondas
1170	NON	Arrecifes
1210	NON	Vexetación anual sobre argazos
1220	NON	Vexetación perenne de coídos
1230	NON	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
2110	NON	Dunas móbiles embrionarias
2120	NON	Dunas móbiles litorais con <i>Ammophila arenaria</i> (“dunas brancas”)
2130	SI	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (“dunas grises”)
2150	SI	Dunas fixas descalcificadas atlánticas ( <i>Calluno-Ulicetea</i> )
2190	NON	Depresións intradunares h·midas
2230	NON	Dunas con céspedes de <i>Malcomietalia</i>
3130	NON	Augas oligotróficas ou mesotróficas
3260	NON	Ríos dos pisos basal a montano
4020	SI	Queirogais h·midos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	NON	Queirogais secos europeos
5230	SI	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220	SI	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodieta
6410	NON	Prados con <i>Molinia</i>
6430	NON	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	NON	Prados de sega de baixa altitude
7110	SI	Turbeiras altas activas

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/ NON)	DENOMINACIÓN
7140	NON	Turbeiras de transición e inllós
7150	NON	Depresións sobre sustratos turbosos do Rhynchosporion
7220	SI	Mananciais petrificantes con formación de "tuf" (Cratoneurion)
8130	NON	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	NON	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NON	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8330	NON	Furnas mariñas
91E0	SI	Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior

Nos ámbitos do Concello dispostos dentro dos límites da ZEC é de aplicación o Decreto sinalado 37/2014 do 27 de marzo, polo que as súas determinacións deberán ser tidas en conta nas actuacións e desenvolvementos previstos neses ámbitos, sendo preciso solicitar informe ao organismo competente en Conservación da Natureza cando estas actuacións poidan supoñer algunha alteración ou efecto sobre a mencionada zona, entendéndose por actuación calquera tipo de obra, instalación, actividade ou uso do solo.

O ámbito do ZEC recóllese no plano de ordenación 6.1, onde reflíctese a ordenación establecida polo PXOM para o termo municipal, superponéndole o ámbito do ZEC e dos hábitats do Plan Director da Rede Natura 2000.

En canto as actuacións propostas no PXOM dentro dos límites da ZEC Costa da Morte:

- Zona da Enseada de Merexo, paseo marítimo e zona verde asociada: SX de Paseo Marítimo da praia de Area Maior (P.E.S.X.Z.V. 3) con representacións segundo o Plan Director de Rede Natura 2000, do hábitat de carácter prioritario 91E0\*, ademais doutros non prioritarios.
- Zona de Praia Espiñeirido: SX de Paseo Marítimo da praia de Espiñeirido (P.E.S.X.Z.V. 2), con representacións segundo o Plan Director de Rede Natura 2000, do hábitat de carácter prioritario 5230\*, ademais doutros non prioritarios
- Zona do Parador: Espazo verde xunto ao Parador (S.X.Z.V. 5) incluído no Proxecto Sectorial do Parador, con representacións segundo o Plan Director de Rede Natura 2000, dos hábitats de carácter prioritario 4020\*, 6220\* e 7220\*, ademais doutros non prioritarios

Os dous primeiros ámbitos son cualificados polo Plan Director da Rede Natura 2000, coma "Zona- 2. Área de Conservación", mentres que o terceiro o é coma "Zona 1. Área de Protección", polo que no seu momento, o desenvolvemento das anteditas actuacións deberá ter en conta as determinacións que, respecto de ditas actuacións, valores ambientais presentes e zonificacións da ZEC, constan no

Decreto 37/2014, o cal será recollido polos instrumentos de desenvolvemento, xustificando que as devanditas determinacións resultan compatibles cos contidos no Plan Director.

Hábitats fóra do ámbito do ZEC:

En atención ao punto 3 do artigo 45 da Lei 47/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou contaminación dos hábitats situados fóra da rede Natura 2000, comprobouse, segundo a información do Plan Director da Rede Natura e do Inventario Nacional de Hábitats, que nos ámbitos do Concello de Muxía situados fora da Rede Natura 2000, existen representacións dos seguintes hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE:

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/ NON)	DENOMINACIÓN
1110	NON	Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña
1130	NON	Esteiros
1140	NON	Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar
1160	NON	Grandes calas e baías pouco fondas
1170	NON	Arrecifes
1210	NON	Vexetación anual sobre argazos
1220	NON	Vexetación perenne de coídos
1230	NON	Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas
2110	NON	Dunas móbiles embrionarias
2120	NON	Dunas móbiles litorais con <i>Ammophila arenaria</i> ("dunas brancas")
2130	SI	Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")
2150	SI	Dunas fixas descalcificadas atlánticas (Calluno-Ulicetea)
2190	NON	Depresións intradunares h-midas
2230	NON	Dunas con céspedes de <i>Malcomietalia</i>
3110	NON	Augas oligotróficas cun contido moi baixo de minerais das chairas areosas
3260	NON	Ríos dos pisos basal a montano
4020	SI	Queirogais h-midos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	NON	Queirogais secos europeos
4040	NON	Queirogais secos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
5230	SI	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220	SI	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea
6410	NON	Prados con <i>Molinia</i>
6430	NON	Megaforbios eútrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	NON	Prados de sega de baixa altitude
7110	SI	Turbeiras altas activas
7140	NON	Turbeiras de transición e inllós
7150	NON	Depresións sobre sustratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>

COD. UE.	PRIORITARIO (SI/ NON)	DENOMINACIÓN
7220	SI	Mananciais petrificantes con formación de "tuf" (Cratoneurion)
8130	NON	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	NON	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NON	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8330	NON	Furnas mariñas
91E0	SI	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
9230	NON	Carballeiras galaico portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>

Con relación ao Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, comprobouse que dentro do ámbito deste plan non existe ningunha árbore ou formación incluída en dito catálogo

A clasificación urbanística dos distintos hábitats é variada, tal coma se pode comprobar no plano 6.1 e 6.2, onde reflíctese a ordenación xeral do concello cos hábitats superpostos, tanto dos recollidos no Plan Director da Rede Natura 2000, como os do Inventario Nacional de Hábitats (respectivamente). Nestas zonas, independentemente da súa clasificación, calquera actuación que se desenvolva que puidera afectar á conservación de ditos hábitats, deberá obter o informe previo favorable do Organismo competente en materia de Conservación da Natureza, para o que deberá recoller na documentación que se presente, a xustificación da non incidencia sobre os mesmos coas determinacións que sexan precisas.

#### Flora e Fauna:

No que se refire á **flora** de interese inventariada na zona, segundo a información proporcionada polo Sistema de Información territorial da Biodiversidade (SITEB), as cuadrículas 10 x 10 (29TMH76; 29TMH77; 29TMMH86; 29TMMH87; 29TMMH96 e 29TMMH97) que abranguen o ámbito do Concello de Muxía, son o ámbito das seguintes especies que se atopan incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas), coas categorías que se especifican:

Flora	CGEA
<i>Chaetopogon fasciculatus subsp. Prostratus</i>	E
<i>Euphorbia uliginosa</i>	E
<i>Isoetes fluitans</i>	E
<i>Linaria aguillonensis</i>	E
<i>Omphalodes littoralis subsp. Gallaecica</i>	E
<i>Rumex rupestris</i>	E
<i>Linaria polygalifolia subsp. Aguillonensis</i>	E
<i>Lycopodiella inundata</i>	E

<i>Sphagnum pylaesii</i>	V
<i>Narcissus cyclamineus</i>	V
<i>Spiranthes aestivalis</i>	V
<i>Dryopteris guanchica</i>	V
<i>Linkagrostis juressi</i>	V

(E) En Perigo de Extinción

(V)Vulnerable

Ademais información mais detallada coma a proporcionada polo Atlas da Flora Vascular Ameazada de España (cuadrícula 1x1), confirma a presenza no ámbito do Concello de Muxía, das seguintes especies da flora ameazada:

Flora	CGEA
<i>Isoetes fluitans</i>	E
<i>Rumex rupestris</i>	E
<i>Linaria polygalifolia subsp. Aquillonensis</i>	E
<i>Dryopteris guanchica</i>	V

(E) En Perigo de Extinción

(V)Vulnerable

No que se refire a **fauna** de interese inventariada na zona, segundo a información proporcionada polo Sistema de Información territorial da Biodiversidade (SITEB), as cuadrículas 10 x 10 (29TMH76; 29TMH77; 29TMMH86; 29TMMH87; 29TMMH96 e 29TMMH97) que abranguen o ámbito do Concello de Muxía, son o ámbito das seguintes especies que se atopan incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas), coas categorías que se especifican:

INVERTEBRADOS	
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
<i>Echinus esculentus</i>	V
PEIXES	
<i>Alosa alosa</i>	V
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Lissotriton boscai</i>	V (2)
<i>Salamandra salamandra</i>	V (2)
<i>Discoglossus galganoi</i>	V (2)
REPTILES	
<i>Anguis fragilis</i>	V (2)
<i>Timon lepidus</i>	V (2)
<i>Natrix natrix</i>	V (2)
<i>Natrix maura</i>	V (2)
AVES	
<i>Burhinus oedicephalus</i>	E
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Puffinus mauretanicus</i>	E
<i>Anas crecca</i>	E (1)
<i>Gallinago gallinago</i>	E (1)

<i>Numenius arquata</i>	E (1)
<i>Uria aalge</i>	E (1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E (1)
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	V
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Charadrius alexandrinus</i>	V
<i>Rissa tridactyla</i>	V
<i>Hydrobates pelagicus</i>	V
<i>Haematopus ostralegus</i>	V (1)
<i>Scolopax rusticola</i>	V (1)
MAMÍFEROS	
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V
<i>Tursiops truncatus</i>	V
<i>Phocoena phocoena</i>	V

(E) En Perigo de Extinción (V)Vulnerable (1) Poboación nidificante (2) Poboación insular

Respecto aos Plans de Conservación e/ ou Recuperación de Especies Ameazadas vixentes, comentar que o ámbito do PXOM está afectado polo Plan de Conservación da pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia, aprobado mediante Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro e polo Plan de Recuperación da subespecie lusitana da escribente das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L. Subsp. *Lusitanica Steinbacher*) en Galicia, aprobado mediante Decreto 75/2013, do 10 de maio, coas seguintes zonificacións:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
<i>Charadrius alexandrinus</i>	Vulnerable	Área Prioritaria
<i>Charadrius alexandrinus</i>	Vulnerable	Área de Presenza
<i>Charadrius alexandrinus</i>	Vulnerable	Área Potencial
<i>Emberiza schoeniclus Lusitanica</i>	En Perigo	Área Potencial

Ademais e segundo as propostas técnicas de zonificación dos plans de conservación/ recuperación de especies ameazadas, que se están elaborando na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, comprobouse que o Concello de Muxía está afectado polas seguintes zonificacións:

ESPECIE	CATEGORÍA	ZONIFICACIÓN
<i>Rumex rupestris</i>	En Perigo	Área de Presenza
<i>Isoetes fluitans</i>	En Perigo	Área Prioritaria
<i>Isoetes fluitans</i>	En Perigo	Área de Presenza
<i>Dryopteris guanchica</i>	Vulnerable	Área de Presenza
<i>Tetrahymena tetrahymena</i>	En Perigo	Área de Presenza

Respecto aos ámbitos asociados ao Plan de Recuperación da subespecie lusitana da escribenta das canaveiras asóciase ás zonas húmidas do concello con vexetación palustre de porte grande, (segundo se recolle no artigo nº 6 do Decreto 75/2013). No presente PXOM maioritariamente os humidais existentes do Inventario Galego de Humidais, clasificáronse coma SRPEN. Non obstante nos mencionados ámbitos, calquera actuación que se realice no mesmo que poida afectar á conservación da subespecie lusitana da escribenta das canaveiras, deberá contar co informe previo favorable do organismo competente en materia de Conservación da Natureza e deberá ter en conta as determinacións do devandito Decreto 75/2013.

Os ámbitos asociados ao Plan de conservación da pílara das dunas, sitúase maioritariamente dentro dos límites do ZEC “Costa da Morte”, polo que son cualificados como SRPEN. A excepción atópase no ámbito dos areais do Lago, Barreira e Ría do Porto, recollidos polo Plan como áreas potenciais e cualificados no PXOM como SRPEN e SRPC. Non obstante no ámbito do areal do Lago, o PXOM recolle un Paseo Marítimo existente, polo que calquera actuación que se realice no mesmo que poida afectar á conservación da pílara, deberá contar co informe previo favorable do organismo competente en materia de Conservación da Natureza e deberá ter en conta as determinacións do devandito Decreto 9/2014. O mesmo será preciso no resto de ámbitos asociados á pílara.

Respecto ao tratamento destes ámbitos, a clasificación urbanística é variada, tal coma se pode comprobar no plano 6.3, onde reflíctese a ordenación xeral do concello coas especies de fauna e flora de interese inventariadas na zona, e os ámbitos dos Plans de Conservación e Recuperación da pílara e da subespecie lusitana da escribenta das canaveiras. Nestas áreas, independentemente da súa clasificación, calquera actuación que se desenvolva que puidera afectar á conservación de ditas especies, deberá obter o informe previo favorable do Organismo competente en materia de Conservación da Natureza, para o que deberá recoller na documentación que se presente, a xustificación da non incidencia sobre os mesmos coas determinacións que sexan precisas.

#### Humidais:

Respeto dos humidais do Inventario de Humidais de Galicia (IHG), sinalados no plano mencionado anteriormente 6.3, procurouse na maior parte dos casos clasificalos coma SRPEN, se ben nos contactos cos núcleos rurais prevaleceu dita clasificación; igualmente cando o humidal era atravesado por infraestruturas (eléctrica, estradas...) estas zonas clasificáronse coma SRPI.

En Muxía atópanse os seguintes humidais:

- Ría do Porto (Cod. IHG 1110198): O PXOM clasifícao coma Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (SRPEN)
- Río de Lago (Cod. IHG 1110199): Clasifícase coma SRPEN, Solo Rústico de Protección de Costas (SRPC) e Solo Rústico de Protección de Augas (SRPAu)
- Enseada de Merexo (Cod. IHG 1110200): trátase do humidal de maior extensión do concello (344,12 ha) e recibe varias clasificacións urbanísticas no PXOM:
  - o A parte coincidente coa zona mais terrestre da ZEC, así coma gran parte dos ámbitos asociados os vales dos regos Moraimo e río Negro, clasifícanse coma SRPEN
  - o Os núcleos rurais inscritos no humidal son clasificados coma tal no PXOM
  - o Estes últimos ámbitos correspóndense con zonas agrícolas onde non consta, segundo a información dispoñible (Plan Director de Rede Natura 2000 e Inventario Nacional de Hábitats), a presenza de representacións de hábitats do Anexo I da Directiva 92/43/CEE.
- Trasdunas de Muxía (Cod. IHG 1110201): Clasifícase coma SRPEN, coa excepción dun pequeno ámbito no seu extremo sueste, onde o PXOM plantea a ampliación do núcleo rural de Filgueiras de Arriba.
- Ría de Lires (Cod. IHG 1110218): Clasifícase coma SRPEN
- Braña de Morquintán (Cod. IHG 1110302): Clasifícase unha parte coma SRPEN e a restante coma Solo Rústico de Protección Forestal (SRPF), quedando integrado na súa totalidade dentro da área de cautela dun xacemento arqueolóxico.

Para garantir a súa conservación, calquera actuación que se desenvolva neles, deberá obter o informe previo favorable do Organismo competente en materia de Conservación da Natureza, para o que deberá recoller na documentación que se presente, a xustificación da non incidencia sobre os mesmos coas determinacións que sexan precisas. Igualmente deberá solicitarse nestes espazos o informe de Augas de Galicia

A parte das consideracións anteriores, o Organismo competente en materia da Conservación da Natureza, informará, e de ser o caso autorizará, todas aquelas actuacións que desenvolven o presente PXOM e que poidan afectar, de forma directa ou indirecta, a espazos naturais protexidos, especies catalogadas en perigo de extinción, hábitats de interese comunitarios, ecosistemas fluviais ou humidais incluídos no inventario de humidais de Galicia.

#### **4.4.-NORMAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO, CULTURAL E XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS.**

##### **Art 67.- Patrimonio cultural. Definición, catalogación e regulación xeral.**

Os elementos, edificios e conxuntos catalogados polo Plan para a súa protección dado o seu interese histórico - artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, ambiental ou cultural, se regularán polo establecido na seguinte normativa de obrigado cumprimento:

- Decreto de 22 de Abril de 1949, sobre protección de castelos españois.
- Decreto 571/63, sobre protección de cruceiros, escudos, emblemas...etc.
- Decreto 449/73, sobre protección de hórreos e cabazos.
- Lei 16/85 do Patrimonio Histórico Español
- Decreto 62/89 da Xunta de Galicia, sobre actividade arqueolóxica.
- Lei 8/95, sobre Patrimonio Cultural de Galicia.

A protección destes edificios e elementos va encamiñada á súa conservación, rehabilitación e posta en valor, regulándose a realización das posibles obras en función das características do ben protexido.

En todo caso se atenderá á ordenación específica da zona onde se sitúan, á lexislación do Patrimonio que lles sexa de aplicación e ás determinacións dos artigos que seguen.

De acordo co disposto na L9/02. poderán redactarse plans Especiais para o mellor cumprimento destas determinacións .

Toda edificación nova que se fóra a enclavar nas inmediacións do elemento protexido haberá de harmonizar co mesmo.

Como parte da documentación do Plan inclúese un Catálogo dos bens protexidos, quedando aberto a novas incorporacións de elementos de interese que poidan considerar ou aparecer no futuro.

## **Art 68.- Normas de Protección do Patrimonio Arquitectónico, etnográfico, ambiental e cultural.**

### **1.- Alcance da protección.**

#### a) No caso de edificios ou conxuntos:

É o indicado nos planos de ordenación. A delimitación do seu contorno realízase de forma individualizada baseándose en camiños, fincas, ríos, etc., estando grafada nos planos de ordenación.

Cando varios elementos singulares se articulan nun conxunto ou área alcance da protección trázase incluíndo os elementos máis exteriores do conxunto e abarcándoo na súa totalidade.

Cando o obxecto protexido sexa ademais dun edificio os xardíns ou espazos libres inmediatos que forman unha unidade (igreja e adro, casa ou pazo e xardín, etc.) calquera intervención nos elementos que configuran formalmente o ámbito será obxecto de licenza. Prohíbese a corta de especies arbustivas ou arbóreas que polo seu porte, idade ou singularidade, formen parte da xardinería.

#### b) Se o elemento protexido non é unha edificación, senón un elemento illado:

- Cruceiros: a protección afectará a dito elemento así como a un entorno mínimo de radio tres metros arredor de todo o seu perímetro, garantindo o seu libre acceso e contemplación.

- Muíños, fontes e lavadoiros: a protección afectará ó entorno delimitado por unha circunferencia circunscrita ao elemento catalogado.

#### c) Prohíbese calquera segregación en novas parcelas.

#### d) As novas edificacións que se vaian a situar nas inmediacións do conxunto protexido estarán no establecido no art. 104 da L9/02.

### **2.- Áreas de influencia:**

Consideraranse como tal as definidas nos planos de Ordenación, en xeral inclúense as parcelas contiguas coa do ben protexido.

No solo rústico e en protección grado I e grado II inclúense 100 m entorno os edificios e 50 m entorno aos elementos puntuais.

Dentro destas áreas será preciso informe previo da Comisión Provincial de Patrimonio, que terá carácter vinculante, para a realización de calquera das actividades enumeradas no artigo 194 da L9/02. e en especial de calquera tipo de construción nas inmediacións dos monumentos catalogados pola Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, como históricos e etnográficos, así como os que estean amparados por unha declaración xeral de protección.

Os parámetros de volume e uso serán os indicados para cada clase de solo en cada caso.

Nas solicitudes de licenzas aportarase a información cartográfica e fotográfica precisa para determina-lo impacto que se produciría sobre o ben protexido.

### **3.- Bens integrados no catálogo**

- Xacementos arqueolóxicos.
- Elementos ou conxuntos de interese histórico - artístico, arquitectónico ou ambiental de carácter civil.
- Igrexas, capelas, ermidas e conxuntos rurais de interese histórico - artístico, arquitectónico ou ambiental.
- Os muíños, secadoiros, edificios e conxuntos rurais de interese histórico - artístico, arquitectónico, ambiental e etnográfico.
- Os cruceiros e outros elementos de arquitectura do territorio de interese histórico - artístico, arquitectónico ou ambiental.
- Os elementos menores tales como lavadoiros, fontes, hórreos, pombais, pendellos, alpendres e outros.
- Elementos de arquitectura do territorio tales como muros tradicionais, corredoiras e outros de singular valor ambiental e etnográfico.

### **4.- Grados de protección dos elementos**

#### **Grado 1: Protección integral**

- Monumentos e agrupacións declarados ou con expediente de declaración incoado.

- Edificios, construcións e elementos de excepcional valor arquitectónico e significación cultural ou etnográfica.

### **Grado 2: Protección estrutural**

- Aqueles edificios, elementos e agrupacións que polo seu valor histórico ou artístico ou pola súa calidade arquitectónica, construtiva ou tipolóxica se singularizan dentro do casco ou do municipio.

### **Grado 3: Protección ambiental**

- Edificios ou elementos que, aislados ou en conxunto, conforman tramos ou áreas de calidade, en bo ou regular estado de conservación, aínda cando individualmente non presenten notables valores arquitectónicos.
- Edificios ou elementos que situados en áreas de calidade media ou escasa, incluso presentando mal estado de conservación, reúnen constantes tipolóxicas interesantes.

## **5.- Documentación para solicitude de licenza.**

A solicitude de licenza acompañarase da memoria histórica do edificio e memoria xustificativa da obra a realizar, especificando os efectos sobre os elementos obxecto de protección, planos de estado actual do edificio e edificacións complementarias (E 1/100), detalles característicos ou singulares a escala necesaria e da parcela (E 1/500), descrición fotográfica das edificacións e/ou elementos e montaxe das solucións adoptadas, ademais do proxecto detallado das obras a realizar especificando as zonas e elementos afectados.

O Concello solicitará con carácter previo á concesión de licenzas en estes edificios e elementos, informe previo do Organismo competente en materia de protección histórico - artística que terá carácter vinculante.

## **6.- Definición de tipos de obra permitidos sobre elementos catalogados**

Dependendo de que os edificios, conxuntos e elementos estean situados en solo urbano, de núcleo rural ou en solo rústico as condicións de volume serán as establecidas polas ordenanzas respectivas de aplicación.

### **6.1.-Edificios, conxuntos e elementos de Protección Grado I.**

Permitiranse soamente as actuacións encamiñadas á conservación e posta en valor do edificio, elemento ou conxunto dotándose excepcionalmente do uso ou usos que, sendo compatibles coas súas características e condicións orixinais, garantan mellor a súa permanencia.

Nas edificacións e conxuntos, con carácter xeral, se autorizarán obras de conservación, consolidación e restauración.

Manterase a organización espacial básica, as características estruturais e a composición exterior da envolvente do edificio, non permitíndose as que supoñan un cambio tipolóxico.

Expresamente quedan prohibidas as obras de reestruturación e derribo parcial ou total así como as de ampliación no número de alturas ou número de plantas.

Nos elementos puntuais (cruceiros, etc.) se autorizan exclusivamente obras de restauración e consolidación.

En todo caso quedan supeditadas a calquera consideración máis restritiva que se indique na ficha de cada elemento.

### **6.2.- Edificios, conxuntos e elementos de Protección Grado II.**

As obras a efectuar nos edificios ou elementos sometidos a este grado de protección serán as tendentes á súa conservación, mellorando as súas condicións de habitabilidade ou uso, mantendo a súa configuración estrutural, a súa envolvente exterior e os seus elementos significativos.

Nas edificacións e conxuntos, con carácter xeral, obras de consolidación, conservación, restauración e rehabilitación. Quedan prohibidos as demolicións parciais e totais que afecten á envolvente exterior do edificio e demais cambios en dita envolvente que desvirtúen a composición xeral.

Nos elementos puntuais (cruceiros, etc.) se autorizan exclusivamente obras de restauración e consolidación.

No perímetro de protección de elementos illados (cruceiros, etc.) non se poderán levantar novas edificacións nin permitir usos distintos dos actuais, salvo o uso de espazo libre público.

En todo caso quedan supeditadas a calquera consideración máis restrictiva que se indique na ficha de cada elemento.

### **6.3.- Edificios, conxuntos e elementos de Protección Grado III.**

As obras a efectuar nos edificios ou elementos sometidos a este grado de protección terán por obxecto adecualos os usos e costumes actuais sen perda dos valores ambientais e tipolóxicos que teñan.

Nas edificacións e conxuntos, con carácter xeral, obras de consolidación, conservación, restauración, rehabilitación, reestruturación e ampliación.

Nos elementos puntuais (cruceiros, etc.) se autorizan exclusivamente obras de restauración e consolidación.

Se nas condicións volumétricas da ordenanza de aplicación se autorizan edificacións apegadas ó ben protexido, as novas construcións, haberán de adecuarse en composición, disposición, materiais e demais aspectos arquitectónicos para conseguir unha total integración.

Cando a ordenanza de aplicación autorice maiores alturas ou ocupacións que as do edificio protexido, no volume engadido manteranse as características arquitectónicas do edificio existente (composición, ritmo de ocos, etc.) con solucións e materiais acordes para a posta en valor do ben catalogado. Neste caso non se considera protexida a cuberta inicial do edificio. Deberanse realizar estudos previos e propostas de composición, materiais, acabados, etc. (previos á elaboración do Proxecto definitivo) que se someterá a informe do Concello e da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico.

En todo caso quedan supeditadas a calquera consideración máis restrictiva que se indique na ficha de cada elemento.

### **Art 69.- Descubrimentos de interese cultural.**

Cando durante a execución das obras se produciran descubrimentos que poidan ter interese arqueolóxico, paleontolóxico ou de outro tipo, con valor social

definido, se entenderán extinguidas as licenzas no mesmo momento da aparición de tales indicios.

O construtor, promotor ou persoa que efectuara os descubrimentos deberá dar conta inmediata ao Concello. Se continuara a obra ou alterara ou destruíra os descubrimentos incorrerá nas responsabilidades previstas pola lexislación vixente.

## **Art 70.- Ordenanza reguladora da protección do Patrimonio Arqueolóxico.**

### **1.- Normas Xerais de Protección do Patrimonio Arqueolóxico.**

#### **1.1.- Do Catálogo:**

1.1.1.- Créase o catálogo de espazos suxeitos a protección de patrimonio arqueolóxico incluíndo tanto os xacementos inventariados como os seus arredores.

1.1.2.- O catálogo recollido nestas normas terá carácter **permanente**, e permanecerá **sempre aberto** á incorporación de novos bens arqueolóxicos que sexan descubertos por azar ou como resultado de procesos de investigación. A estes bens se lles aplicará a ordenanza de protección arqueolóxica, atendendo á clasificación do solo en que se sitúan (urbano / non urbano), ó tempo que se definirán e delimitarán os seus niveis e áreas de protección de forma pormenorizada e adaptándose a cada caso concreto. O número de catálogo será sempre coincidente co código de inventario correspondente da Xunta de Galicia.

1.1.3.- No caso de ser declarado ou incoado algún xacemento como BIC deberá establecerse a súa protección mediante un Plan Especial (ou figura análoga) ou mediante un tratamento detallado na normativa.

**1.2.- Os niveis e áreas de protección dos elementos incluídos no catálogo, defínense tendo en conta a adscrición cultural e tipolóxica, o entorno, o estado de conservación e a clasificación do solo en que se sitúan. Os niveis e áreas de protección definidos para cada un dos xacementos serven de base para establecer as ordenanzas de Protección do Patrimonio Arqueolóxico.**

1.2.1.-A clasificación do área de protección integral en Solos Rústicos será a de Solos Rústicos de Especial Protección Arqueolóxica (S.R.P.X.A.). En solos urbanos ou de Núcleo Rural establécese unha protección integral

e especial destes solos coa limitación de uso correspondente á ordenanza específica de protección do patrimonio arqueolóxico (G.II-1)

**1.3.- As Normas Xerais complementan as ordenanzas de aplicación individual establecidas para cada grado de protección.**

**1.4.- Usos:** todos aqueles usos ou construcións que pretendan realizarse dentro das áreas de protección establecidas nestas normas, deberán harmonizar coas características dos elementos patrimoniais, co seu entorno e cos valores que traten de protexer.

**1.5.- Tramitación:**

1.5.A.- Solicitudes de Licenza Municipal. Os actos suxeitos a tramitación de licenza e outras actividades que supoñan a remoción de terras, e que podan afectar ó substrato arqueolóxico, deberán seguir a seguinte tramitación; sen menoscabo doutras autorizacións necesarias, de acordo coa lexislación urbanística e sectorial vixente.

1.5.A.1.- Todo tipo de planeamento de desenvolvemento, actuacións en xeral (obra de escavación, movemento de terras ou demolición), ou proxectos de obra que se pretendan levar a cabo nas zonas de Protección establecidas nas presentes ordenanzas, deberán ser remitidas polo Concello ó organismo competente da Consellería de Cultura.

Ditas solicitudes deberán ir acompañadas dun informe urbanístico - cunha valoración sobre a viabilidade das solicitudes e condicións das mesmas- e do proxecto de actuación arqueolóxica (a executar previamente ou durante a realización das obras), que se adecúe ó establecido na lexislación vixente en materia de arqueoloxía (Lei 8/1995 do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia) e ó establecido nas presentes ordenanzas.

Estas intervencións deberán garantir a correcta documentación dos restos arqueolóxicos existentes.

A intervención arqueolóxica correrá a cargo do promotor.

- 1.5.A.2.- Os órganos competentes da Consellería de Cultura resolverán, con carácter preceptivo e vinculante, sobre a viabilidade das solicitudes, a aprobación ou non do acto suxeito a licenza e informará sobre a viabilidade do proxecto arqueolóxico, impondo a cautela arqueolóxica pertinente.
- 1.5.A.3.- En caso de que as resolucións sexan favorables, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizará o proxecto e o comunicará ás partes interesadas -Concello, promotor e arqueólogo -. O Concello concederá licenza para a execución dos traballos que impliquen remoción de terras, de acordo co proxecto arqueolóxico autorizado. O arqueólogo deberá comunicar á Consellería de Cultura o inicio e final da intervención, así como emitir o informe valorativo pertinente.
- 1.5.A.4.- O informe arqueolóxico cos resultados obtidos será remitido ó organismo competente da Consellería de Cultura, quen resolverá, con carácter preceptivo e vinculante, sobre a viabilidade das obras e, se é necesario, sobre as condicións de conservación dos restos arqueolóxicos que deben figurar na licenza definitiva, así como a necesidade de ampliar ou non a intervención ou a posible proposta municipal sobre a conservación dos restos.
- 1.5.A.5.- No caso de que a resolución sexa favorable, o Concello poderá conceder, dende o punto de vista arqueolóxico e seguindo o trámite pertinente, a Licenza Municipal definitiva.
- 1.5.A.6.- En caso de que sexa necesario unha ampliación da actuación arqueolóxica, será preceptivo a elaboración dun novo proxecto arqueolóxico que se adecúe ó establecido na lexislación en vigor en materia de arqueoloxía.
- 1.5.B.- Naqueles casos en que novos elementos arqueolóxicos teñan que ser incluídos no Catálogo, ou ben , os niveis e áreas de protección sufran algunha modificación, se elaborará, por técnico arqueólogo debidamente autorizado, a ficha individualizada de protección correspondente e delimitarase o seu ámbito de protección na cartografía de planeamento. A incorporación de novos elementos será informada de forma preceptiva e vinculante polo órgano competente da Consellería de Cultura.

### 1.5.C.-Tramitación Simplificada

De forma excepcional, cando exista risco de destrución inmediata de restos arqueolóxicos, ou as obras se deban a emerxencias ou causas de forza maior, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá autorizar, por procedemento simplificado, a realización da intervención arqueolóxica necesaria, segundo o establecido na lexislación vixente.

### 1.6.- Os niveis e áreas de protección definidas en estas ordenanzas son:

#### **G.II-1.Area de Protección integral.**

#### **G.II-2..Area de Cautela.**

### 1.7.- Descubrimentos casuais.

O descubrimento ou descubrimento casual de obxectos e restos materiais que se presuma que podan posuír, ó posúan, os valores que son propios do patrimonio cultural galego, e fosen descubertos por azar ou como consecuencia de calquera tipo de remocións de terra, demolicións ou obras de calquera índole, poñerase en coñecemento do organismo competente da Consellería de Cultura e do Concello, procedéndose á suspensión cautelar dos traballos segundo o disposto no art.59.4 da Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia. A Consellería de Cultura informará con carácter vinculante sobre a viabilidade das obras, ou sobre as condicións de conservación dos restos arqueolóxicos que terá que reunir o proxecto en execución.

### 1.8.- Infraccións.

Será considerada como infracción urbanística toda acción ou omisión que vulnere as prescricións contidas na presente ordenanza, sen prexuízo doutras que se atopen tipificadas e sancionadas pola lexislación de Patrimonio Cultural, así como as tipificadas no Código Penal.

Os niveis e áreas de protección definidos para os elementos que integran o Catálogo, poderán sufrir modificacións como consecuencia dos resultados das intervencións arqueolóxicas que se desenvolvan neles, ou ben , pola localización de obxectos e materiais arqueolóxicos en procesos de remoción de terras, teñan o carácter que teñan.

## **2- Ordenanza Específica de Protección do Patrimonio Arqueolóxico**

Establécense de forma xenérica dos grados de protección.

### **2.1.1.- G.II-1 Area de Protección Integral.**

#### **Ámbito:**

O seu límite ven definido polos terreos comprendidos dentro do perímetro máis externo do ben e o seu entorno máis inmediato. Aparece grafados coa sigla **G.II-1.**

#### **Usos:**

Permitiranse actuacións encamiñadas á súa conservación, protección, consolidación, investigación e posta en valor, previa autorización da Consellería de Cultura.

Permitiranse os usos tradicionais agropecuarios sempre que non alteren o substrato arqueolóxico, nin precisen a modernización da explotación con novas instalacións.

Non se poderán realizar construcións, tendidos e instalacións aéreas ou subterráneas (electricidade, saneamento, auga, etc.), escavacións, recheos e movementos de terra en xeral, así como a plantación ou arranque de árbore, os cultivos que requiran labores profundas e a apertura de pozos e minas.

#### **Condições especiais de uso:**

Para as edificacións situadas nas Areas de Protección Integral, poderanse permitir de maneira puntual, obras de mellora en canto a infraestruturas, ó servizo das edificacións (abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, redes de alumeadado, etc.), e obras de acondicionamento de tales edificacións sempre e cando sexan viables segundo a Normativa Urbanística Municipal. As obras autorizadas deberán realizarse cos medios adecuados para cada tipo de actuación de cara a non afectar gravemente ó xacemento arqueolóxico.

**Tramitación:**

Nas condicións especiais de uso seguirase o establecido no punto I.5.A das presentes normas.

Será necesario acometer unha **intervención arqueolóxica previa** na superficie afectada polo proxecto.

**Condicións de edificabilidade:**

Non se permiten construcións de nova planta.

**2.1.2.- G.II-2.Area de Cautela.****Ámbito:**

O seu límite ven definido polo terreo onde se sitúa un xacemento e as súas estruturas máis visibles foron destruídas, polo entorno adaptado a partir do perímetro exterior dun xacemento e por formar parte do ámbito de protección dun elemento arquitectónico construído, en tanto zonas susceptibles de albergar restos arqueolóxicos . Aparece grafado como **G.II-2.**

**Usos:**

Os usos nesta zona son os específicos para cada caso concreto, dependendo do establecido na ordenanza urbanística para o tipo de solo en que se atope a Area de Cautela e dos factores arqueolóxicos e patrimoniais do xacemento.

**Tramitación:**

Seguirase o establecido no punto I.5.A das presentes normas.

Calquera clase de obra admitida no planeamento en vigor, que afecte ó subsolo deberá de ir acompañada dunha **intervención arqueolóxica durante a fase de remoción de terras.**

**3.- Relación de Xacementos Arqueolóxicos:**

CLAVE	XACEMENTO	PARROQUIA	ADSCRIPCION CULTURAL
GA 15052001	CASTRO DE CASTRO, CASTRO DE FRIXE	FRIXE	IDADE DO FERRO
GA 15052002	XACEMENTO ROMANO-MEDIEVAL	MORAIME	ROMANO/MEDIEVAL
GA 15052003	OS CASTROS DE MEREXO, A MURALLA	MORAIME	IDADE DO FERRO
GA 15052004	CASTROSIL	A ON	IDADE DO FERRO
GA 15052005	CASTRO DE LOURIDO	MORAIME	IDADE DO FERRO
GA 15052006	CASTROVERDE	MORAIME	IDADE DO FERRO
GA 15052007	MONTE DE CASTRO, CASTRO DE XANSÓN	MORAIME	IDADE DO FERRO
GA 15052008	CASTRÍÑO DE VILELA	MORQUINTIÁN	IDADE DO FERRO
GA 15052009	CASTRO DE TOURIÑÁN. ISLOTE do CASTILLO	TOURIÑÁN	IDADE DO FERRO
GA 15052010	CASTRO DE QUEIROSO	NEMIÑA	IDADE DO FERRO
GA 15052011	CASTRO DE CASTRO.CASTRO DE COUCIEIRO	COUCIEIRO	IDADE DO FERRO
GA 15052012	CASTRO DE MINTIRÁNS	MINTIRÁNS	IDADE DO FERRO
GA 15052013	MÁMOA DO CAMPO DA FORCA	MORAIME	NEOLÍTICO
GA 15052014	MÁMOA DO MONTE DO FACHO DE LOURIDO	MORQUINTIÁN	NEOLÍTICO
GA 15052015	MÁMOA DE VILELA	MORQUINTIÁN	NEOLÍTICO
GA 15052016	MÁMOA DE MORQUINTIÁN	MORQUINTIÁN	NEOLÍTICO
GA 15052017	MÁMOA DO MONTE CARDOSA	TOURIÑÁN	NEOLÍTICO
GA 15052018	MÁMOA DO MONTE SEIXO	TOURIÑÁN	NEOLÍTICO
GA 15052019	MÁMOA Nº1 DO CRUCEIRO DE ALONSO	NEMIÑA	NEOLÍTICO
GA 15052020	MÁMOA Nº2 DO CRUCEIRO DE ALONSO	NEMIÑA	NEOLÍTICO
GA 15052021	MÁMOA Nº3 DO CRUCEIRO DE ALONSO	NEMIÑA	NEOLÍTICO
GA 15052022	MÁMOA DE BARDULLAS	BARDULLAS	NEOLÍTICO
GA 15052023	MÁMOA DE FRIXE	FRIXE	NEOLÍTICO
GA 15052024	MÁMOA DO PRADO DA FARIÑA	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052025	MÁMOA DE CASA DO MONTE	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052026	MÁMOA DO ALTO DA MINA DE ARMEAR	MORAIME	NEOLÍTICO
GA 15052027	MÁMOA DE FUMIÑEO	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052028	MÁMOA DE BALTAR	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052029	MÁMOA DA CRUZ DE SANTOS	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052030	PRADO DAS MINAS DE TRAS DA PEDRA 1	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052031	PRADO DAS MINAS DE TRAS DA PEDRA 2	OZÓN	NEOLÍTICO

CLAVE	XACEMENTO	PARROQUIA	ADSCRIPCION CULTURAL
GA 15052032	PRADO DAS MINAS DE TRAS DA PEDRA 3	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052033	MÁMOA DO SANGUIÑAL	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052034	MÁMOA DA PEDRA DO FRADE	A O	NEOLÍTICO
GA 15052035	MÁMOA DO CUME DO MONTE AGRANZÓN	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052036	MÁMOA Nº1 DO MONTE AGRANZÓN	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052037	MÁMOA Nº2 DO MONTE AGRANZÓN	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052038	MÁMOA Nº3 DO MONTE AGRANZÓN	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052039	MÁMOA Nº4 DO MONTE AGRANZÓN	OZÓN	NEOLÍTICO
GA 15052040	MÁMOA DO ALTO DAS MINAS DE VILASTOSE	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052041	PRADO DAS MINAS DE VILASTOSE 1	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052042	PRADO DAS MINAS DE VILASTOSE 2	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052043	PRADO DAS MINAS DE VILASTOSE 3	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052044	MÁMOA Nº1 DE SENANDE	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052045	MÁMOA Nº2 DE SENANDE	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052046	MÁMOA DO MONTECELO DE SENANDE	VILASTOSE	NEOLÍTICO
GA 15052047	MÁMOA DO MONTE DE SAN MIGUEL	COUCIEIRO	NEOLÍTICO
GA 15052048	MÁMOA Nº1 DOS MONTESIÑOS	CABERTA	NEOLÍTICO
GA 15052049	MÁMOA Nº2 DOS MONTESIÑOS	CABERTA	NEOLÍTICO
GA 15052050	MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OZÓN	OZÓN	MEDIEVAL
GA 15052051	ALTO DAS PEDRAS MIÚDAS	MORAIME	MEDIEVAL/ MODERNO
GA 15052052	MÁMOA Nº 2 DE BARDULLAS MÁMOA Nº 2 FONTE CABANAS	BARDULLAS	NEOLÍTICO
GA 15052053	MÁMOA Nº 3 DE BARDULLAS MÁMOA Nº 3 FONTE CABANAS	BARDULLAS	NEOLÍTICO
GA 15052054	MÁMOA DE LAGOELA	MORQUINTIÁN	NEOLÍTICO
GA 15052055	MAMO DAS AFERROAS	MORQUINTIÁN	NEOLÍTICO
GA 15052056	FONTE FIEIRO	COUCIEIRO	NEOLÍTICO
GA 15052057	MAMOÍÑAS DA LAGOA M1	COUCIEIRO	NEOLÍTICO
GA 15052058	MAMOÍÑAS DA LAGOA M2	COUCIEIRO	NEOLÍTICO
GA 15052059	GRAVADO DO OUTEIRO DE DONA URRACA	MORQUINTIÁN	INDETER/ MEDIEVAL
GA 15052REF	AGRO DAS CEBOLAS DO QUEIROSO	NEMIÑA	INDETER. /ROMANO

**Art 71.- Normas de protección dos Camiños de Santiago.**

Os Camiños de Santiago que atravesan Muxía pertencen as denominadas variante Muxía- Fisterra e variante Olveiroa- Muxía. A primeira entra dende Cee e a segunda dende o municipio de Dumbría, e ambos discorren polo concello hasta concorrer no Santuario da Barca.

Co fin de preservar o entorno do camiño establececese unha franxa de protección a ámbolos dous lados do mesmo, medida dende o borde do camiño, cun ancho variable en función da clasificación do solo, tal e como se indica no seguinte cadro:

CLASIFICACIÓN DO SOLO	FRANXA DE PROTECCIÓN
SOLO RÚSTICO	30 m
SOLO URBANIZABLE	10 m.
SOLO DE NÚCLEO RURAL	10 m
SOLO URBANO	Espazo entre aliñacións

No solo urbanizable terá que ter necesariamente un tratamento de senda peonil cunha largura mínima de 5 m, podendo estar cruzado puntualmente por outro tipo de vías.

Denomínase como "fachada con fronte ao camiño" a toda aquela construción que da fronte directamente ao camiño, xa sexan peches, alpendres, fachadas de edificios e similares.

Nos planos de ordenación aparece grafiado o trazado dos camiños.

As condicións de edificación serán as correspondentes a ordenanza de aplicación en cada caso.

A tipoloxía das construcións haberá de ser congruente coas características do entorno, e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas, cubertas e peches de parcelas deberán de harmonizar coa paisaxe na que vaian a emprazarse.

## **C A P I T U L O V :**

### **NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO RÚSTICO**

#### **Art 72.- Concepto de solo rústico.**

Constitúen o solo rústico os terreos que o Plan clasifica como tal, xa que han de ser preservados do desenvolvemento urbanístico por concorrer algunha das circunstancias seguintes:

- Estar sometidos a un réxime específico de protección incompatible coa súa urbanización conforme á lexislación do territorio ou coa normativa reguladora do dominio público, as costas, o medio ambiente, o patrimonio cultural, as infraestruturas e doutros sectores que xustifiquen a necesidade de protección.
- Os que, sen estar incluídos nos anteriores, presenten relevantes valores naturais, ambientais, paisaxísticos, produtivos, arqueolóxicos, culturais, científicos, educativos, recreativos ou outros que os fagan merecedores de protección ou cun aproveitamento que deba someterse a limitacións específicas
- Os terreos que, tendo sufrido unha degradación dos valores enunciados no apartado anterior, deban protexerse a fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos ditos valores.
- Os terreos ameazados por riscos naturais o tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que simplemente perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde.
- Os que o plan estima inadecuados para o desenvolvemento urbanístico en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible.

#### **Art 73.- Tipos de usos.**

Aos efectos das posibilidades edificatorias os usos no solo rústico clasifícanse en tres tipos, segundo o establecido no Art. 34 da L9/02:

### **1.- Usos permitidos:**

Son os compatibles coa protección de cada categoría de solo rústico, sen prexuízo da esixibilidade de licenza urbanística municipal e demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan.

### **2.- Usos autorizables:**

Son os suxeitos a autorización da Administración autonómica, previamente á licenza urbanística municipal e nos que deban valorarse en cada caso as circunstancias que xustifiquen a súa autorización, coas cautelas que procedan.

O outorgamento da autorización autonómica corresponde ao Director Xeral competente en materia de urbanismo.

O procedemento para o outorgamento da autorización autonómica será o disposto no Art. 41 da L15/04, coa documentación relacionada no apartado 5 da circular informativa 2/03 de Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes (CPTOPT.).

### **3.- Usos prohibidos:**

Son os incompatibles coa protección de cada categoría de solo ou que impliquen un risco relevante de deterioro dos valores protexidos.

## **Art 74.- Condicións xerais da edificación.**

As tipoloxías edificatorias aplicaranse conforme ás condicións de Protección xeral das edificacións e condicións tipolóxicas fixadas no C A P I T U L O I e os condicionantes complementarios fixados na disposición adicional terceira da presente normativa e coas condicións e limitacións especiais que establecen os Artigos 42 a 44, e 104 da LOUG, que serán aplicables para os usos que para cada categoría de solo rústico veñen tipificados nos artigos 36 a 40 da devandita Lei, sen prexuízo das superiores limitacións que estableza a lexislación reguladora específica e as condicións particulares que se establecen na presente normativa.

### **A.- Condicións mínimas de urbanización.**

Non poderá autorizarse ningunha clase de edificación nin instalación, neste tipo de solo, sen o compromiso do propietario de resolver á súa costa os servizos urbanísticos mínimos seguintes:

- Contarán con acceso rodado por vía pública existente.
- Dispoñer da posibilidade de enganche á rede de enerxía eléctrica.
- Abastecemento de auga por captación individual que garanta o caudal suficiente para o uso solicitado nas condicións adecuadas de potabilidade.
- Instalación de evacuación e tratamento de augas residuais por medios individuais, de forma que se garanta a non contaminación do medio natural.
- Recollida, tratamento, eliminación e depuración de toda clase de residuos.
- Cando o uso da edificación ou o terreo o requira haberán de preverse aparcadoiros suficientes.
- No seu caso, correccións nas posibles repercusións que produza a actividade na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Os servizos indicados haberán de constar no proxecto para solicitude de licenza e realizarse simultaneamente coas obras de edificación, non podendo utilizarse esta en tanto non estean concluídas ditas instalacións e servizos.

Previa á concesión da licenza, establecerase unha fianza de garantía ante o Concello que alcanzará o 10% do custe estimado para a implantación ou reforzo de ditos servizos.

En caso de necesidade de autorización autonómica previa á licenza deberase cumprimentar o Anexo I á circular 2/03 de CPTOPT.

### **B.- Outras condicións:**

En todo caso autorízase a rehabilitación de edificacións tradicionais segundo o Art. 40 da L15/04.

As edificacións non residenciais haberán de cumprir, ademais das condicións impostas na presente normativa, as determinacións do Art. 44 da L15/04.

## **Art 75.- Condicións xerais de volume**

### **1. Condicións aplicables a todos os usos.**

Os parámetros da edificación serán os seguintes, salvo outra regulación na ordenanza de aplicación:

- Dispoñer de acceso rodado por camiño público existente cun fronte mínimo de 10 m.
- Parcela mínima edificable: 5.000 m<sup>2</sup>
- Ocupación máxima de parcela: 20 %.
- Edificabilidade máxima: 0,20 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- Altura máxima: será de planta baixa equivalente a 3,5 m salvo os corpos ou elementos que, debidamente xustificado, precisen maior altura para un correcto funcionamento da actividade a desenvolver. A medición da altura regúlase no Art 30.- 4.-.
- Separación a lindeiros mínima de 5 m., e ao camiño, segundo a súa categoría (ver Art 45.- ).
- Haberá de xustificar debidamente a idoneidade do emprazamento elixido e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea.

### **2. Condicións adicionais para as edificacións destinadas a vivenda vinculada a explotacións agrícolas ou gandeiras.**

Este tipo de edificacións cumprirán ademais das especificadas no apartado anterior, na respectiva ordenanza de aplicación e no art. 43 da L15/04, as seguintes:

- Deberá acreditarse que a edificación está intimamente ligada á explotación agrícola ou gandeira do solicitante.
- Parcela mínima edificable: 4.000 m<sup>2</sup>

- Ocupación máxima de parcela: Será do 5 % da superficie neta da parcela
- A edificación deberá ter a condición de illada, quedando expresamente prohibidas a construción de varias edificacións.
- A edificación residencial non poderá emprazarse a unha distancia inferior a 100 metros de calquera outra edificación emprazada en solo rústico, salvo as da propia explotación agrícola ou gandeira.

#### **Art 76.- Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico.**

Permitirase en calquera categoría de solo rústico, previa autorización autonómica, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación haberá de respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal.

Así mesmo, previa autorización autonómica, poderá permitirse por razóns xustificadas a súa ampliación, incluso en volume independente, sen exceder o 10% do volume orixinario da edificación tradicional. Excepcionalmente, a ampliación poderá alcanzar o 50% do volume da edificación orixinaria cumprindo as condicións da presente normativa.

#### **Art 77.- Limitacións de apertura de camiños e movementos de terras.**

Non está permitida a apertura de novos camiños ou pistas no solo rústico que non estean expresamente contemplados neste Plan Xeral ou nos instrumentos de ordenación do territorio, salvo os camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola Administración competente en materia de agricultura, de montes ou de medio ambiente e aqueles que obtiveran a correspondente autorización autonómica de conformidade co disposto no Art. 41 da L9/02.

En todo caso, a execución de novas pistas ou camiños que afecten ao solo rústico de protección de espazos naturais estará suxeita á avaliación de efectos ambientais que prevé a Lei 1/1995 de Protección Ambiental de Galicia.

Deberán terse en conta as consideracións establecidas no Art. 35 da L9/02.

**Art 78.- Outras actuacións prohibidas no solo rústico**

- a) Queda prohibido o derribo ou demolición das construcións existentes salvo as excepcións contempladas no Art. 26 da L9/02.
- b) Non poderán realizarse nin autorizarse parcelacións, divisións ou segregacións, salvo as excepcións contempladas no Art. 206 da L15/04.
- c) Queda prohibida a realización de parcelacións urbanística en virtude do Art. 207.1 da L9/02
- d) Non se permitirá edificar en lote ou porción resultante dunha parcelación efectuada con infracción respecto á L9/02 e L15/04

**Art 79.- Clases de Solo Rústico**

Dentro do Solo Rústico establécense as seguintes categorías:

- Solo Rústico de Protección Ordinaria.
- Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
- Solo Rústico de Protección Forestal.
- Solo Rústico de Protección de Infraestruturas
- Solo Rústico de Protección de Augas
- Solo Rústico de Protección de Costas
- Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais
- Solo Rústico de Protección Paisaxística
- Solo Rústico de Protección Histórico –Artística
- Solo Rústico de Protección de Xacementos Arqueolóxicos

Todos eles con ordenanzas específicas que se desenvolven nos apartados seguintes.

En moitas zonas do municipio superpóñense varias categorías de solo rústico quedando grafiadas nos planos de ordenación.

Nestas zonas de coincidencia de dúas ou mais categorías son de aplicación tódalas ordenanzas concorrentes, prevalecendo, en todo caso, as condicións máis restritivas de todas elas tanto no referente aos usos como as condicións de volume e calquera outra que poida existir.

## **5.1.- SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN.**

### **Art 80.- Solo Rústico de Protección Ordinaria.**

#### **1.- Ámbito de aplicación**

Está constituído polos terreos que o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico, por razón das súas características xeotécnicas ou morfolóxicas, polo alto impacto territorial que implicaría a súa urbanización, polos riscos naturais ou tecnolóxicos ou en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible.

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

#### **2.- Condicións de uso**

A tramitación da licenza segundo o uso será a regulada no Art 73.-

##### **2.1.- Usos permitidos:**

###### **A.- Sen actividade construtiva:**

- Actividades de ocio, tales como a practica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

###### **B.- Con actividade construtiva:**

- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que non excedan os 50 metros cadrados edificadas.
- Peche ou valado de fincas nas condicións do Art 31.- 7.-

**2.2.- Usos autorizables:**

- O resto dos usos relacionados no artigo 33 da L15/04, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non impliquen a transformación urbanística do solo

**2.3.- Usos prohibidos:**

- O resto

**3.- Condicións de volume.**

Ademais das reguladas con carácter xeral no Art 75.-

- Excepcionalmente, poderán outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, pequenas construcións e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras, cinexéticas e forestais ou ao servizo e funcionamento das infraestruturas e das obras públicas, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual da finca na que se sitúe, e non se superen os 25 m<sup>2</sup> de superficie total edificada, nin a altura máxima dunha planta (3,50 m). En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no Art 31.-
- Excepcionalmente poderá permitirse, sen suxeición aos art. 42 e 44 da lei 15/04, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario realizados con materiais lixeiros e facilmente desmontables.

	Condicións xerais	Edificacións de explotacións gandeiras e de acuicultura	Vivendas vinculadas a unha explotación agrícola ou gandeira
PARCELA MÍNIMA (m <sup>2</sup> )	5.000 m <sup>2</sup>		4.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m		
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	20 %	40%	5%
ALTURA MÁXIMA	7 m		
SEPARACIÓN A LINDEIROS	5 m		
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,20 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,40 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,08 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

## **Art 81.- Solo Rústico de Protección Agropecuaria.**

### **1.- Ámbito de aplicación**

Está constituído polos terreos de alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalen ou polas propias características ou potencialidade dos terreos ou zonas onde se sitúen, así como polos que sexan obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da lei 9/2002 ou o fosen nos dez anos anteriores a esta data.

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

### **2.- Condicións de uso**

A tramitación da licenza segundo o uso será a regulada no Art 73.-

#### **2.1.- Usos permitidos:**

##### **A.- Sen actividade construtiva:**

- Actividades de ocio, tales como a practica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

##### **B.- Con actividade construtiva:**

- Uso agropecuario en todas as súas categorías
- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que non excedan os 50 metros cadrados edificados.
- Peche ou valado de fincas nas condicións do Art 31.- 7.-

## 2.2.- Usos autorizables:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ao aire libre.
- Construcións e instalacións agrícolas, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, viveiros e invernadoiros.
- Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e instalacións apícolas. As novas explotacións gandeiras non poderán situarse a unha distancia inferior a:
  - 50 m de edificacións residenciais xa existentes en solo rústico
  - 100 m dos núcleos delimitados
  - 200 m do solo urbano ou urbanizable.
- Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de abastecemento de carburante.
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.
- As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que excedan os 50 metros cadrados edificadas.
- Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- As actividades de carácter deportivo, cultural e recreativo que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións mínimas e imprescindibles para o uso de que se trate.
- Construcións destinadas a actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector

primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación dos recursos naturais.

- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

### **2.3.- Usos prohibidos:**

Os restantes e en particular:

- Actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras e a extracción de áridos ou terras.
- Construcións e instalacións forestais destinadas á extracción da madeira ou á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as da defensa forestal.
- Construcións e instalacións para equipamentos, dotacións ou servizos que deban emprazarse no medio rural.

### **3.- Condicións de volume.**

Ademais das reguladas con carácter xeral no Art 75.- :

- Excepcionalmente, poderán outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, pequenas construcións e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras, cinxéticas e forestais ou ao servizo e funcionamento das infraestruturas e das obras públicas, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual da finca na que se sitúe, e non se superen os 25 m<sup>2</sup> de superficie total edificada, nin a altura máxima dunha planta (3,50 m). En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no Art 31.-
- Excepcionalmente poderá permitirse, sen suxeición aos art. 42 e 44 da lei 15/04, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario realizados con materiais lixeiros e facilmente desmontables.

	Condições xerais	Edificacións de explotacións gandeiras e de acuicultura	vivendas vinculadas a unha explotación agrícola ou gandeira
PARCELA MÍNIMA (m <sup>2</sup> )	5.000 m <sup>2</sup>		4.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m		
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	20 %	40%	5%
ALTURA MÁXIMA	7 m		
SEPARACIÓN A LINDEIROS	5 m		
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,20 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,40 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,08 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

## Art 82.- Solo Rústico de Protección Forestal.

### 1.- Ámbito de aplicación

Está constituído polos terreos destinados a explotacións forestais e os que sustenten masas arbóreas que deban ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo, e igualmente aqueles terreos de monte que aínda cando non sustenten masas arbóreas, deban ser protexidos por cumprir ditas funcións e en todo caso, polas masas arbóreas formadas por especies autóctonas, así como por aquelas que houberen sufrido os efectos do lume a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002 ou nos cinco anos anteriores á mesma.

Igualmente considéranse solo rústico de protección forestal aquelas terras que declare a administración competente como áreas de especial produtividade forestal, os montes públicos e os montes veciñais en mancomún.

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

### 2.- Condições de uso.

A tramitación da licenza será, segundo o uso, a regulada no Art 73.-

#### 2.1.- Usos permitidos:

A.- Sen actividade construtiva:

- Uso forestal en todas as súas categorías. Regulado no Art 42.-

- Actividades de ocio, tales como a practica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

**B.- Con actividade construtiva:**

- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que non excedan os 50 metros cadrados edificadas.
- Peche ou valado de fincas nas condicións do Art 31.- 7.-

**2.2.- Usos autorizables:**

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Depósitos de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de vehículos ao aire libre.
- Actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras e a extracción de áridos e terras.
- Construcións e instalacións agrícolas, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, viveiros e invernadoiros.
- Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e instalacións apícolas .  
As novas explotacións gandeiras non poderán situarse a unha distancia inferior a:
  - 50 m de edificacións residenciais xa existentes en solo rústico
  - 100 m dos núcleos delimitados
  - 200 m do solo urbano

- Construcións e instalacións forestais destinadas á extracción da madeira ou á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as da defensa forestal.
- Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de abastecemento de carburante.
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.
- As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que excedan os 50 metros cadrados edificadas.
- Construcións e instalacións para equipamentos, dotacións ou servizos que deban localizarse no medio rural: cemiterios, escolas agrarias, centros de investigación e educación ambiental, e campamentos de turismo. Mediante a aprobación dun Plan Especial de dotacións, poderán permitirse equipamentos sanitarios, asistenciais e educativos, que en ningún caso poderán situarse a unha distancia superior a 1.000 m. do solo urbano.
- Construcións destinadas a usos residenciais vinculados á explotación agrícola ou gandeira.
- As actividades de carácter deportivo, cultural e recreativo que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións mínimas e imprescindibles para o uso de que se trate.
- Construcións destinadas a actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza, extensión e destino da finca ou explotación do recurso natural.
- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

**2.3.- Usos prohibidos:**

Os restantes e en particular:

- Cortas de masas de arborado de árbores autóctonos.

**3.- Condicións de volume.**

Ademais das reguladas con carácter xeral no Art 75.-

- Excepcionalmente, poderán outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, pequenas construcións e instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras, cinexéticas e forestais ou ao servizo e funcionamento das infraestruturas e das obras públicas, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual da finca na que se sitúe, e non se superen os 25 m<sup>2</sup> de superficie total edificada, nin a altura máxima dunha planta (3,50 m). En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no Art 31.-
- Excepcionalmente poderá permitirse, sen suxeición aos art. 42 e 44 da lei 15/04, a instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario realizados con materiais lixeiros e facilmente desmontables.

	Condicións xerais	Edificacións de explotacións gandeiras e de acuicultura	vivendas vinculadas a unha explotación agrícola ou gandeira
PARCELA MÍNIMA (m <sup>2</sup> )	5.000 m <sup>2</sup>		4.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m		
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	20 %	40%	5%
ALTURA MÁXIMA	7 m		
SEPARACIÓN A LINDEIROS	5 m		
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,20 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,40 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,08 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

## **Art 83.- Solo Rústico de Protección de Infraestructuras.**

### **1.- Ámbito de aplicación:**

O réxime xeral do solo rústico de protección de infraestructuras, sen prexuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os terreos ocupados por infraestructuras e as súas zonas de afección, así como os que sexan necesarios para a implantación de outras infraestructuras novas.

Existen varios tipos de infraestructuras en Muxía:

- Infraestructura viaria. Clasifícanse nesta ordenanza o solo comprendido entre as liñas límite de edificación en solo rústico derivadas da lei 4/94 de Estradas de Galicia, grafadas nos planos de ordenación.
- Infraestructuras de servizos considerados como sistema xeral: Clasifícanse así as parcelas de solo rústico que conteñan algún tipo de servizos relativos ao saneamento (EDAR), abastecemento (depósitos de auga) e antenas de telecomunicación, grafadas nos planos de ordenación.
- Infraestructura eléctrica. Inclúense no ámbito desta ordenanza unhas franxas de protección entorno (a ambos lados dende o eixe) ás liñas eléctricas de alta tensión:

Tipo de liña	Distancia ao eixe da liña
Potencias $\approx$ 20Kv	8m.

- Infraestructura de parque eólico singular. Clasifícase a ubicación da propia infraestrutura ademais da área de influencia.

### **2.- Condicións de uso.**

A tramitación da licenza será, segundo o uso, a regulada no Art 73.-

#### **2.1.- Usos permitidos previa autorización do organismo titular da infraestrutura,:**

- Actividades de ocio, tales como a practica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

- Excepcionalmente, poderán outorgarse licenza, sen necesidade de autorización autonómica previa, pequenas construcións e instalacións ao servizo e funcionamento das infraestruturas e das obras públicas, sempre que quede xustificada a proporcionalidade da construción ou instalación coa natureza, extensión e destino actual da finca na que se sitúe, e non se superen os 25 m<sup>2</sup> de superficie total edificada, nin a altura máxima dunha planta (3,50 m). En todo caso, a tipoloxía da edificación e os materiais de construción serán os determinados no Art 31.-
- Instalacións necesarias para a correspondente infraestrutura: servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica, a infraestrutura eólica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen edificación nin urbanización dos terreos.
- Peche ou valado de fincas nas condicións do Art 31.- 7.-

## **2.2.- Usos autorizables:**

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Instalacións vinculadas funcionalmente ás estradas e previstas na ordenación sectorial destas, así como, en todo caso, as de subministro de carburante.
- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

## **2.3.- Usos prohibidos:**

Todos os restantes, especialmente os usos residenciais e industriais.

**3.-Condicións de volume:**

Ademais das reguladas con carácter xeral no Art 75.-

- A infraestrutura eólica ten limitadas as condicións de volume do Art 52.-
- Altura máxima: plantas baixa e alta, cunha altura máxima de 7 m, salvo os corpos ou elementos que, debidamente xustificado, precisen maior altura para un correcto funcionamento da actividade a desenvolver.

PARCELA MÍNIMA (m <sup>2</sup> )	5.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	20 %
ALTURA MÁXIMA	7 m
SEPARACIÓN A LINDEIROS	5 m
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,20 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

**Art 84.- Solo Rústico de Protección de Augas.****1.- Ámbito de aplicación:**

Clasifícanse nesta ordenanza as marxes dos ríos, zonas húmidas ou pantanosas, grafados nos planos de ordenación, obxecto de salvagardar e conservar o medio ambiente natural.

Os arrosios e regatos estarán sometidos á Lexislación de Augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001 texto refundido da Lei de Augas e disposicións de desenvolvemento).

Son de aplicación os artigos correspondentes ao apartado 4.1 da presente normativa.

Nas zonas contiguas ao solo rústico de protección de augas con outras clasificacións de solo limitadas pola zona de policía terán as condicións establecidas nas ordenanzas correspondentes. Para o outorgamento de licenza seguirase o disposto no Art 59.- .2.

Para a delimitación do Solo Rústico de Protección de Augas tívose en consideración os tipos de ríos que existen no municipio e as concas:

CÓDIGO	NOME	Nº SISTEMA DE EXPLOTACIÓN	CONCA	ANCHO DA PROTECCIÓN
171	Río do Castro	8	Río do Castro	en planos
165	Río de Lago	9	Río de Lago	en planos
166	Río de Negro	9	Río de Negro	
164	Río Pedroso	9	Río Pedroso	en planos
167	Rego de Figueiras	9	Rego de Figueiras	
168	Rego de Cuño	9	Rego de Cuño	
169	Rego de Moreira	9	Rego de Moreira	
170	Rego de Nemiña	9	Rego de Nemiña	
165001	Fonte Raposa	9	Río de Lago	
165002	Rego de Castelo	9		
16500202	Peropombo	9		
165003	Rego de San Martín	9		
166001	Rego de Vilamaior	9	Río de Negro	
16600101	Rego de Cubelo	9		
166002	Rego de Santa Mariña	9		
166003	Rego de Moraima	8	Río do Castro	
171006	Rego Cabado	8		
171008	Rego de Prado Vileira	8		
171010	Rego de Vilastose	8		
171012	Rego de Sorna	8		
171014	Rego de San Tirso	8		
171016	Rego do Monte	8		
171018	Rego Vilachán	8		
Resto de cursos fluviais				

A tramitación das licenzas será a regulada no Art 73.-

## 2.- Condicións de uso.

O uso normal deste solo será o agropecuario e o forestal coas condicións establecidas no Art 59.-

Dentro do solo rústico de Protección de Augas será preceptivo o informe de Augas para calquera actuación.

### 2.1.- Usos permitidos:

#### a) sen actividade construtiva

- Usos agropecuario e forestal, sen construción asociada.
- Actividades de ocio, tales como a practica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

#### b) con actividade construtiva:

- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que non excedan os 50 metros cadrados edificadas.
- Peche ou valado de fincas nas condicións do Art 31.- 7.-

### 2.2.- Usos autorizables:

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas, sempre que estean vinculados á conservación, utilización e disfrute do dominio público e do medio natural.
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.

- As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que excedan os 50 metros cadrados edificadas.
- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- Uso agropecuario categoría 6ª
- Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e goce do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural
- Construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de depuración de augas, e instalacións mínimas necesarias para os deportes náuticos.

### 2.3.- Usos prohibidos:

Todos os restantes, especialmente os usos residenciais e industriais.

### 3.- Condicións particulares de volume.

Ademais das reguladas con carácter xeral no Art 75.-

PARCELA MÍNIMA EDIFICABLE(m <sup>2</sup> )	10.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	5 %
ALTURA MÁXIMA	3,50 m
SEPARACIÓN A LINDEIROS	10 m
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,05 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

### **Art 85.- Solo Rústico de Protección de Costas.**

#### 1.- **Ámbito e condicións xerais de aplicación.**

Correspóndese cos terreos así grafados en planos e comprendendo en todo caso os que se atopan a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar en xeral, reducida no caso puntual do núcleo rural de Merexo na parroquia de Ozón.

A franxa de terreos situada a menos de 100 m. do límite interior de a ribeira do mar está protexida, a súa vez, polo establecido na Lei de Costas 22/1988 de 28

de xullo e Regulamento que a desenvolve (R.D. 1471/1989 de 1 de decembro), regulándose polas citadas normativas así como polo Art 65.- do presente Plan; e o Decreto 158/2005, do 2 de xuño, sobre competencias da Comunidade Autónoma Galega na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre e o Decreto 125/2002 polo que se atribúen as competencias á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

En todo caso interpretárase que nos terreos afectados pola servidume de protección de dominio público marítimo - terrestre, que non estean clasificados como solo urbano ou solo de núcleo rural, aplicarase a presente ordenanza de Solo Rústico de Protección de Costas ademais das normas sobre protección de costas do presente Plan, nos supostos nos que estas sexan máis restritivas.

A utilización do dominio público marítimo terrestre onde o seu deslinde se atopa representado nos planos de ordenación, se remitirá ao especificado no Título III da Lei de Costas.

Manterase e fomentará o respecto, a conservación e a protección dos valores naturais da paisaxe e o medio ambiente.

## **2.- Condicións de uso.**

A tramitación das licenzas será a regulada no Art 73.- , previa autorización de Costas para as actividades situadas na franxa de 100 m de servidume de protección.

### **2.1.- Usos permitidos:**

#### a) sen actividade construtiva

- Usos agropecuario e forestal, sen construción asociada.
- Actividades de ocio, tales como a practica de deportes organizados e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

#### b) con actividade construtiva:

- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía

eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que non excedan os 50 metros cadrados edificadas.

En todo caso deberán prestar un servizo necesario ou conveniente o dominio público marítimo – terrestre ou pola súa natureza non poidan ter outra ubicación.

- Peche ou valado de fincas: de tipo estacas e aramaxe, vexetais o de pedra de tipo tradicional da zona con alturas máximas de 1,00 m.. Prohíbense de calquera outro material.

## **2.2.- Usos autorizables:**

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas, sempre que estean vinculados á conservación, utilización e disfrute do dominio público e do medio natural, é en concordancia cas condicións dos Art. 56.1 e 124.1 da Lei 22/88, de Costas.
- Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.
- As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos que excedan os 50 metros cadrados edificadas.  
En todo caso, deberán prestar un servizo necesario ou conveniente o dominio público marítimo – terrestre ou pola súa natureza non poidan ter outra ubicación
- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- Uso agropecuario categoría 6ª
- Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e goce do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural
- Construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de depuración de augas, e instalacións mínimas necesarias para os deportes náuticos.

### **2.3.- Usos prohibidos:**

Todos os restantes, especialmente os usos residenciais e industriais ademais de:

- Cortas de masas de arborado de árbores autóctonos. Serán autorizables as derivadas de explotacións forestais de pinos ou eucaliptos con autorización previa do organismo competente.
- Plantacións de pinos ou eucaliptos se non é para substituír outros existentes actualmente.
- Colocación de carteis ou anuncios propagandísticos.
- Destrucción dos elementos naturais, vexetais ou acuáticos que poidan modificar o equilibrio natural da zona, excepto autorización do organismo competente
- Na franxa de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre estarase ao que sinala a Lei 22/88 de Costas e Art 65.- do presente Plan.

### **3.- Condicións de volume.**

PARCELA MÍNIMA EDIFICABLE(m <sup>2</sup> )	10.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	5 %
ALTURA MÁXIMA	3,50 m
SEPARACIÓN A LINDEIROS	10 m
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,05 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

**Art 86.- Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.****1. Ámbito de aplicación:**

Está constituído polos terreos que desde o presente Plan estímense necesario protexer polos seus valores naturais e ambientais:

- LIC da Costa da Morte, esta área atópase incluída na proposta da Rede Natura 2000
- Punta da Barca
- Cantís de Merexo
- Praia de Lago
- Esteiro e praia do río Grande
- Río do Castro

Igualmente inclúese coma Espazo Natural a Proposta de ampliación da Rede Natura (de decembro de 2011), recolléndose a ampliación do LIC da “Costa da Morte”, e os novos LIC do Río Castro e LIC do Río Grande.

Tamén atopamos dentro do concello unha serie de humedais catalogados no “Mapa de humedais de Galicia” e que se poden ver na seguinte táboa.

Cód. IHG	Nome dos humedais
1110198	Ría do Porto
1110199	Río de Lago
1110200	Enseada de Merexo
1110201	Trasdunas de Muxía
1110218	Lires
1110302	Braña de Morquintián

Incorpóranse ademais os Espazos de Interese de Protección de Ladeira, Xeomorfolóxico e de Taxón, do Plan de Ordenación do Litoral.

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

**2. - Normas xerais:**

- a) A ordenación definitiva destes espazos, farase a través da redacción dun Plan Especial de Protección.

b) En tanto non se aproban os respectivos plans Especiais teranse en conta as seguintes directrices:

- Prohíbese as accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa dos ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes recheos e outras análogas
- No ámbito de aplicación desta ordenanza non se autorizará ningunha clase de edificación, construción ou instalación, salvo as indicadas no apartado seguinte.

En todo caso serán de aplicación as determinacións recollidas no artigo Art 66.- relativo ás normas de protección do medio ambiente

### **3. Condicións de uso.**

#### **3.1.- Usos permitidos**

a) Sen actividade construtiva:

- Actividades de ocio, tales como a práctica de deportes organizados e acampada dun día.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- Uso agrícola e forestal.
- En caso de producirse a tala de especies alóctonas (Eucaliptus, Acacia spp., Robira pseudoacacia e outras) deberase repoboar con especies frondosas autóctonas da zona como Quercus robus, Acer pseudoplatanus, Betula celtibérica, etc.

b) Con actividade construtiva:

- Peche ou valado de fincas: de tipo estacas e aramaxe, vexetais o de pedra de tipo tradicional con alturas máximas de 1,00 m.. Prohíbense de calquera outro material.

### **3.2.- Usos autorizables:**

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Construcións e rehabilitacións para destinalas ao turismo rural e ecoturismo, que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.
- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.

**3.3.- Usos prohibidos:** os restantes que impliquen actividade construtiva ademais de:

- Depósito de materiais, almacenamento de maquinaria e estacionamento de maquinaria ao aire libre.
- Actividades extractivas, incluída a explotación mineira, as canteiras e a extracción de áridos o terras.

## **4. Condicións de volume.**

As das edificacións existentes sendo de aplicación complementariamente as reguladas con carácter xeral no Art 75.-

## **Art 87.- Solo Rústico de Protección de Interese Paisaxístico**

### **1.- Definición.**

Comprende os terreos que ofrecen vistas panorámicas do territorio, do mar, do curso dos ríos e vales, así como fitos paisaxísticos significativos:

- Area Maior
- San Martiño

- Nemiña
- Monte do Facho Lourido
- Montes de Morquintián
- Monte Corpiño
- Faro de Morquintián
- Faro de Prado.

Igualmente incluíronse dentro desta categoría os Espazos de Interese de Protección Paisaxística recollidos no Plan de Ordenación do Litoral:

- Monte Buitra e Cachelmo
- Cabo Touriñán
- Cantís de Viseo
- Monte Gordo
- Punto e Monte do Lago
- Monte Corpiño

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

## **2.- Condicións de uso.**

A tramitación das licenzas será a regulada no Art 73.-

### **2.1.- Usos permitidos.**

#### a) Sen actividade construtiva:

- Actividades de ocio, tales como a práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.
- Uso agrícola e forestal

#### b) Con actividade construtiva:

- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren. As edificacións necesarias para o funcionamento das

infraestruturas e servizos técnicos que non excedan os 50 metros cadrados edificadas.

- Peche ou valado de fincas: de tipo estacas e aramaxe, vexetais ou de pedra de tipo tradicional con alturas máximas de 1,00 m. Prohíbense de calquera outro material.

## **2.2.- Usos autorizables:**

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas sempre que estean vinculados á conservación, utilización e goce do dominio público e do medio natural.
- Construcións e rehabilitacións de turismo rural e ecoturismo, que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.
- Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura.
- Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e goce do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural
- Construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de depuración de augas, e instalacións mínimas necesarias para os deportes náuticos.

## **2.3.- Usos prohibidos:**

Os restantes especialmente os usos residenciais e industriais, ademais de.

- Cortas de masas de arborado de árbores autóctonos. Serán autorizables as derivadas de explotacións forestais de pinos ou eucaliptos con autorización previa do organismo competente.
- Plantacións de pinos ou eucaliptos se non é para substituír outros existentes actualmente.
- Colocación de carteis ou anuncios propagandísticos.

- Destrucción dos elementos naturais, vexetais ou acuáticos que poidan modificar o equilibrio natural da zona, excepto autorización do organismo competente.

### 3.- Condicións de volume.

Con carácter xeral as do Art 75.- , salvo as seguintes:

PARCELA MÍNIMA EDIFICABLE(m <sup>2</sup> )	10.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	5 %
ALTURA MÁXIMA	3,50 m
SEPARACIÓN A LINDEIROS	10 m
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,05 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

## Art 88.- Solo Rústico de Protección Histórico - Artística.

### 1.- Definición.

Comprende as áreas de solo rústico con elementos de patrimonio Histórico-Artístico inventariados polo Plan.

Reguláranse polo especificado nos Art 67.- e Art 68.- da presente Normativa e as condicións que seguen.

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

### 2.- Condicións de uso.

En calquera caso será preciso previo informe favorable do organismo autonómico competente en materia de patrimonio

#### 2.1.- Usos permitidos.

##### a) Sen actividade construtiva:

- Actividades de ocio, tales como a práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- Actividades científicas, escolares e divulgativas.

- Uso agrícola e forestal

b) Con actividade construtiva:

- Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.
- Peche ou valado de fincas segundo o Art 31.- 7.-

**2.2.- Usos autorizables:**

- Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- Rehabilitacións e ampliacións destinadas ao turismo rural que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen.
- As edificacións necesarias para o funcionamento das infraestruturas e servizos técnicos.
- Uso equipamento en tódolos seus tipos excepto: deportivo, sanitario e seguridade e protección civil.
- Os usos permitidos no Artigo 40 da L15/04.

**2.3.- Usos prohibidos:**

Os restantes especialmente os industriais

**3.- Condicións de volume.**

Ademais das reguladas con carácter xeral no Art 75.-

PARCELA MÍNIMA (m <sup>2</sup> )	5.000 m <sup>2</sup>
FRONTE MÍNIMO (m)	10 m
OCUPACIÓN MÁXIMA (%)	20 %

---

ALTURA MÁXIMA	7 m
SEPARACIÓN A LINDEIROS	5 m
EDIFICABILIDADE MÁXIMA (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	0,20 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>

**Art 89.- Solo Rústico de Protección de Xacementos Arqueolóxicos.**

Comprende as áreas de solo rústico con elementos de patrimonio arqueolóxico inventariados polo Plan. Regularanse polo especificado no Art 70.- da presente Normativa.

A delimitación correspondente aparece grafada nos planos de ordenación.

Previo ao outorgamento de calquera licenza será necesario obter o preceptivo informe favorable do organismo autonómico competente en materia de patrimonio cultural

## **C A P I T U L O   V I**

### **NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANIZABLE**

#### **Art 90.- Réxime urbanístico do Solo Urbanizable.**

No municipio tan só hai unha categoría de Solo Urbanizable:

O Solo urbanizable non delimitado integrado polo sector que o Plan considera por estar recollido no Plan Sectorial de Áreas Empresarias de Galicia (PSOATEG), aprobado definitivamente mediante acordo do 30 de abril de 2014 do Consello da Xunta, e publicado no DOG do 28 de maio de 2014.

As áreas de Solo Urbanizable poderán incorporarse ao desenvolvemento urbanístico mediante a formulación de P.S. coas determinacións dos Art. 66 a 67 da LOUGA, así como as dos artigos seguintes.

No solo urbanizable non delimitado, en tanto non se aproben os correspondentes plans de Sectorización, aplicarase o réxime establecido para o Solo Rústico.

#### **Art 91.- Deberes dos propietarios do Solo Urbanizable.**

En virtude do art. 22 da L9/02 os propietarios de solo urbanizable, unha vez aprobado o planeamento de desenvolvemento, terán os seguintes deberes:

- Cesión obrigatoria e gratuíta ao concello do solo necesario para viais, espazos libres, zonas verdes e dotacións públicas de carácter local.

- Cesión obrigatoria, gratuíta e sen cargas do solo necesario para a execución dos sistemas xerais que o Plan Xeral ou o P.S. inclúa ou adscriba ao sector, e executar a urbanización dos incluídos no sector nas condicións determinadas no plan.

- Costear e, se é o caso, executar as infraestruturas de conexión cos sistemas xerais exteriores existentes, así como as obras necesarias de ampliación e reforzo de ditos sistemas de forma que se asegure o seu correcto funcionamento en

función das características do sector e de conformidade cos requisitos e condicións que estableza o P.X.O.M.

A modo excepcional, cando se xustifique a imposibilidade ou dificultade técnica e/ou económica de conectar co sistema xeral de saneamento, pola gran distancia, necesidade de implantación de bombeos ou outras causas análogas, poderá resolverse o saneamento mediante depuradoras, que garantan que o efluente reúna a composición química e biolóxica esixida na Lei de Augas, Regulamento Público Hidráulico e demais lexislación vixente, para seu vertido a leitos públicos.

- Cederlle obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao Concello o solo correspondente ao 10% do aproveitamento tipo do área de reparto. Os custos da urbanización deberán ser asumidos integramente polos propietarios.

- Proceder á distribución equitativa dos beneficios e cargas derivados do planeamento, con anterioridade ao inicio da execución material daquel.

- Costear e, se é o caso, executar as obras de urbanización do sector, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e en funcionamento, nos prazos establecidos.

## **Art 92.- Condicións xerais para o desenvolvemento do Solo Urbanizable.**

1.- A **rede viaria** garantirá a adecuada conexión co viario existente ou previsto polo Plan no entorno, contribuíndo a enriquecer o sistema viario dos núcleos urbanos e rurais próximos.

O viario principal de nova apertura non poderá ter un ancho inferior a 16 m.

As conexións co sistema xeral viario, de non estar indicadas na documentación gráfica do Plan, faranse aproveitando os enlaces xa existentes, que se poderán completar con vías de servizo.

En todo caso, prohíbense os accesos directos das novas parcelas ao sistema xeral, para o cal no deseño da urbanización haberán de preverse viarios de sistema local que dean acceso a tódalas parcelas.

O viario reflectido en planos deberá respectarse basicamente aínda que poderán admitirse lixeiros cambios e reaxustes.

2.- O planeamento de desenvolvemento establecerá unhas condicións de **calidade urbana** que cumpran como mínimo as establecidas no Art. 48 da L15/04

**Art 93.- Condicións para a formulación de plans de Sectorización en áreas de S. Urbanizable Non delimitado.**

1.- **A delimitación do solo obxecto do P.S.** debe ser un polígono continuo fisicamente, que se corresponda nos seus límites con parcelas catastrais enteiras, non podendo quedar zonas residuais de superficie inferior á mínima, ou con dificultades de incorporarse a desenvolvementos futuros.

2.- **A superficie mínima da área delimitada:** será a da bolsa así clasificada, conformando un único sector de desenvolvemento .

3.- **O sistema de dotacións, comunicacións, servizos e equipamentos que se estableza na redacción dos P.S.** será como mínimo o resultado de:

- a) Reservas de solo para dotacións de sistema local serán, como mínimo, os que determina o Art. 47.2 da L15/04, para ámbitos de uso terciario ou industrial
- b) Reservas de solo para dotacións de sistema xeral na proporción mínima determinadas no Art. 47.1 , que deberán de situarse no interior do sector, en ningún caso poderán localizarse en zonas marxinais ou residuais.

4.- **As densidades e intensidades edificatorias do Plan de Sectorización** establécese en función do uso característico.

Solo Urbanizable non Delimitado	Sup. Bruta do Sector (m <sup>2</sup> )	Uso	Edificabilidade máxima (m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> )	ocupación
P.I de Muxía (parroquia de Ozón)	85.174	Industrial	0,50 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	Menor das 2/3 partes da superficie do ámbito (Art. 46.5. L 9/02)

Os parámetros de densidade e edificabilidade mediranse sobre a superficie bruta do ámbito do P.S. computando os terreos destinados a novos sistemas xerais incluídos en el, e con exclusión dos terreos reservados para dotacións públicas existentes que o plan manteña, e dos destinados a sistemas xerais adscritos que se sitúen fóra do ámbito.

**Art 94.- Sectores Solo Urbanizable non Delimitado.**

No Plan Xeral clasifícase a seguinte área de solo urbanizable non delimitado que aparece identificado nos planos de ordenación:

Área de Solo Urbanizable non Delimitado	
Nome	Sup. Bruta do Sector (m <sup>2</sup> )
Polígono Industrial de Muxía (parroquia de Ozón)	85.174

Este polígono aparece recollido no Plan Sectorial de Áreas Empresarias de Galicia (PSOAEG), polo que son de aplicación as determinacións establecidas en dito documento.

Así, segundo o artigo 21 da normativa do PSOAEG:

*“Os instrumentos de ordenación urbanística que, desenvolvan actuacións previstas no PSOAEG cumprirán as condicións específicas establecidas na LOUG para os ditos instrumentos e, ademais, incluirán a seguinte documentación:*

*1 Xustificación da adecuación do plan parcial, plan de sectorización ou plan especial de reforma interior aos instrumentos de ordenación do territorio, de acordo coas determinacións dos Artigo 17 e Artigo 18 da presente normativa.*

*2 Estudo de viabilidade.*

*3 De ser o caso, estudo de impacto e integración paisaxística e estudo de impacto sobre o patrimonio cultural, a que se refiren os apartados 1 e 2 do Artigo 20 da presente normativa.*

*Tamén se terán en conta as directrices para o desenvolvemento do PSOAEG e dos proxectos sectoriais que desenvolvan o contido do PSOAEG e as medidas contidas no número 7 do ISA (DOC.XI).”*

Posto que o Polígono Industrial de Muxía previsto no PSOAEG é unha actuación de solo en estudo, segundo se recolle no apartado VIII.1.1.3 do documento VIII sobre Directrices para o desenvolvemento do PSOAEG:

*“o estudo de viabilidade efectuado no PSOAEG deberá complementarse, no caso das actuacións de solo empresarial en estudo e as novas actuacións previstas no PSOAEG, cun estudo complementario de viabilidade que se presentará ante o IGVS, órgano encargado de informar sobre a viabilidade da área empresarial proposta, que permita identificar a unha escala adecuada tódalas afeccións ao medio ambiente, ao medio físico, ao patrimonio natural e cultural, así como ás infraestruturas de transporte e de servizos territoriais de abastecemento e saneamento, conforme ás directrices e criterios establecidos no apartado VIII.2 do presente documento. Todo elo coa finalidade de prever, desde o inicio dos traballos, as medidas correctoras adecuadas para minimizar as afeccións que puidera xerar a actuación proposta.”*

Establécense, ademáis dende o presente PXOM, unha serie de medidas tendentes a procurar a súa correcta integración:

- A edificabilidade das parcelas non superará os 0,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.
- A altura máxima non superará os 7,0 m.
- Estableceranse medidas para que os acabados da distintas fachadas e cubertas sexan similares para as naves que se constrúan, coa intención de conseguir unha imaxe uniforme.
- Prohíbese a colocación de rótulos e carteis anunciadores que sobresaian do plano de fachada, permitíndose unicamente na fachada principal da edificación.
- Os cerramentos das parcelas serán todos iguais, establecéndose as súas condicións no planeamento de desenrolo, sen que en ningún caso a parte opaca supere a altura de 1,20 m.
- O plan de sectorización xustificará o cumprimento das Normas de protección dos recursos paisaxísticos establecidas na presente Normativa.
- Nos bordes do polígono manterase a vexetación arborada co fin de crear un apantallamento visual do polígono.
- Porase especial coidado na zona próxima ás Mámoas de Sanguiñal (GA 15052033). Para elo protexerese mediante a localización nese espazo das zonas verdes esixidas pola L9/02.
- O acceso dende a estrada AC 440, e aqueles viarios internos que se proxecten, deberán deseñarse tendo en conta as condicións de integración sobre o terreo e a minimización dos impactos sobre o mesmo
- Empregaranse elementos construtivos, tipoloxías e materiais acordes coa paisaxe na que se integra a actuación, evitando o uso de cores intensos ou materiais cun alto grao de reflectividade
- Estaráse ao establecido no Art 61.- 4.- referente á protección de zonas inundables e aos desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM, en canto a necesidade de incluír no documento que o desenvolva, os estudos hidrolóxicos e hidráulicos correspondentes nos que se delimiten a zona de dominio público hidráulico e a zona de fluxo preferente, así como a delimitación das zonas inundables, correspondentes as láminas de inundación para os períodos de retorno de 100 e 500 anos, de cara a avaliación da viabilidade da ordenación proposta, para o que será preciso o informe correspondente do organismo de cunca.

- Será preciso contar no caso de propoñer conectar coa rede municipal de abastecemento do concello co informe da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes é suficiente para asumir os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia. Se para garantir o abastecemento son precisos novos puntos de captación, tramitarase a correspondente concesión de augas ou uso privativo por disposición legal ante Augas de Galicia, de acordo cos artigos 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas. No caso de que se propoña unha nova captación dun curso fluvial deberase garantir en todo momento o seu caudal ecolóxico
- O seu saneamento deberá facerse a través dun sistema de depuración propia, tal como reflicte o borrador do plan de Saneamento, que Augas de Galicia está a desenvolver de cara a adecuar este plan aos requerimentos da Directiva Marco da Auga.

## CAPITULO VII

### NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO DE NÚCLEO RURAL

#### Art 95.- Relación de núcleos rurais.

De acordo coa L9/02 realizouse un estudio pormenorizado do medio rural e dos asentamentos poboacionais existentes contemplados no Documento I. Na congruencia con este estudio clasificáronse como núcleos rurais os relacionados:

ÍNDICE NÚCLEOS MUXÍA			
PARROQUIA	PLANO 1/ 5.000	PLANO 1/ 2.000	NOME
BARDULLAS	2.15	3.1	BARDULLAS - GRIXA, A
CABERTA	2.18	3.2.1	CABERTA
	2.18	3.2.2	MINTIRÁNS
	2.18	3.2.3	SINAGOGA
COUCIEIRO	2.16	3.3.1	AGAR
	2.16	3.3.2	MONTESIÑOS
	2.12	3.3.3	MORPEGUITE
	2.12/2.16	3.3..4	PASANTES, OS - VILARMIDE
	2.11/2.15	3.3.5	SANTA MARIÑA
	2.16	3.3.6	SORNA
	2.16	3.3.7	TRASUFRE
	2.16	3.3.8	VILAR DE OUTEIRO
FRIXE	2.14	3.4.1	CASTRO
	2.18	3.4.2	FRIXE - GRIXA, A
	2.14	3.4.3	LOALO
LEIS	2.1 / 2.3	3.5	LEIS DE NEMANCOS
MORAIME	2.6	3.6.1	ALBERGUERÍA
	2.12	3.6.2	AÑOBRES - RIBAS
	2.17	3.6.3	ARMEAR
	2.11	3.6.4	BOUZAS
	2.11	3.6.5	CARTEL
	2.6	3.6.6	CASAS NOVAS, AS
	2.6	3.6.7	CASTELOS, OS - SERANTES
	2.2	3.6.8	CHORENTE
	2.2 / 2.6	3.6.9	FIGUEIRAS DE ARRIBA
	2.2 / 2.6	3.6.9	FIGUEIRAS DE ABAIXO
	2.6 / 2.7	3.6.10	LABEXO - MUÍÑOS, OS

ÍNDICE NÚCLEOS MUXÍA			
PARROQUIA	PLANO 1/ 5.000	PLANO 1/ 2.000	NOME
	2.6	3.6.11	LOURIDO
	2.6	3.6.12	ORUXO
	2.6	3.6.13	RISAMONDE
	2.11	3.6.14	VILAMAIOR
	2.6	3.6.15	XANZÓN
	2.6	3.6.16	XURARANTES
MORQUINTIÁN	2.15	3.7.1	GUISAMONDE
	2.11	3.7.2	MORQUINTIÁN
	2.11/2.15	3.7.3	PRADO
	2.14	3.7.4	VILACHÁN
	2.11	3.7.5	VILELA DE MORQUINTIÁN
	2.10/2.14	3.7.6	VEISO
NEMIÑA	2.17	3.8.1	NEMIÑA
	2.14	3.8.2	QUEIROSO
	2.17	3.8.3	TALÓN
	2.17	3.8.4	VILELA DE NEMIÑA
O	2.3	3.9.1	ON, A
	2.4	3.9.2	RIOTORTO
	2.3	3.9.3	SENDÓN
OZÓN	2.8/2.13	3.10.1	AGRANZÓN
	2.8	3.10.2	ÁLVARO – PEDREIRA, A
	2.8	3.10.3	CASENLAS – SUXO - VILARVELLO, O
	2.7	3.10.4	CASTELO
	2.7	3.10.5	CEBRÁNS
	2.12	3.10.6	FUMIÑEO
	2.3	3.10.7	MEREXO
	2.7	3.10.8	OZÓN - QUINTÁNS
	2.7	3.10.9	RAPOSA, A
	2.7	3.10.10	SAN MARTIÑO - VILAR DE SOBREMONTA
	2.8	3.10.11	SEÑORES
TOURIÑÁN	2.14	3.11.1	CAMPOS
	2.14	3.11.2	MOREIRA
	2.14	3.11.3	TOURIÑÁN
VILASTOSE	2.12/2.16	3.12.1	AGRODOSIO - GRIXA, A –SENANDE – PENELA ,A/ VILASTOSE
	2.12	3.12.2	BALTAR
	2.16	3.12.3	CALO
	2.12	3.12.4	CASANOVA, A
	2.13	3.12.5	CIBRÁN

ÍNDICE NÚCLEOS MUXÍA			
PARROQUIA	PLANO 1/ 5.000	PLANO 1/ 2.000	NOME
VUITURÓN	2.15	3.13.1	SANTISO
	2.18	3.13.2	VUITURÓN

## **Art 96.- Condicións para a concesión de licenzas.**

### **1. Actuacións autorizables polo Concello, segundo o Art. 25 L15/04,:**

Deberán cumprir as condicións reguladas no Art 31.- da presente normativa e Art. 29 L15/04

- a) Obras de conservación e restauración das edificacións existentes, sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do volume e da tipoloxía tradicional.
- b) Obras de rehabilitación e ampliación en planta ou altura das edificacións existentes que non impliquen variación da súa tipoloxía
- c) Novas edificacións.
- d) Obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir todas as condicións esixidas polo artigo 29 L15/04 e Art 31.- da presente normativa.

### **2. Actuacións prohibidas**

- a) O derribo ou demolición de construcións existentes coas excepcións do Art. 26 da L9/02.
- b) As edificacións de tipoloxía que non respondan á do núcleo
- c) Vivendas apegadas proxectadas en serie en máis de tres unidades
- d) Naves industriais de calquera tipo

- e) Movements de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar
- f) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derribo, de forma inxustificada, de muros tradicionais.
- g) As novas instalacións destinadas a produción gandeira, salvo as pequenas construcións destinadas a usos gandeiros para o autoconsumo.
- h) Aqueles usos que, xa sexa polo tamaño das construcións, pola natureza dos procesos de produción, polas actividades que se van a desenvolver ou por outras condicións, non sexan propios do asentamento rural.
- i) A plantación de especies arbóreas con fins forestais.

### **3.- Condicións de urbanización**

Esixirase que a parcela conte cos servizos de: acceso rodado por camiño público, subministro de enerxía eléctrica, abastecemento de auga e tratamento - evacuación de augas residuais. Estes dous últimos poderán ser resoltos por un sistema individual en caso de non existir no núcleo redes xerais.

En caso de novas edificacións ou substitución das existentes, os propietarios deberán ceder gratuitamente ao Concello os terreos necesarios para a ampliación ou regularización do viario preciso e executar, á súa costa, a conexión cos servizos existentes no núcleo.

### **4.- Condicións de acceso a vías supramunicipais.**

Nas áreas de expansión dos núcleos delimitados non poderán concederse licenzas de parcelación en parcelas que teñan como único acceso una vía de titularidade supramunicipal .

Non poderán existir accesos directos á vía autonómica AC-440, senón que se realizarán a través doutras vías, segundo o regulado no Art 45.- .4. polo tanto, non se poderán autorizar novas edificacións en parcelas con accesos exclusivos dende ditas vías autonómicas

**Art 97.- Ordenanza de Núcleo Orixinario denso.**

O ámbito de aplicación desta Ordenanza será o grafado como tal nos planos de ordenación a escalas 1:2.000 e 1:5.000.

**1.- Condicións de Volume.**

Núcleo Orixinario. Denso	Parcela mínima: 300 m <sup>2</sup>
	Fronte mínimo a camiño público de 5 m.
	Edificabilidade máxima: 0,5 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
	Ocupación máxima de parcela: 50%.
	Tipoloxía edificatoria: illada ou apegada.

- A altura máxima das edificacións será de dúas plantas, equivalente a 7,00 m, medidos no punto medio de cada unha das fachadas ata o perfil natural do terreo nese punto.
- A separación de peches e edificacións a camiño atópanse grafadas nos planos no caso de vías tipo I, para o resto de vías ver o Art 45.- 3.
- No caso de edificación illada gardaranse recuamentos laterais e posteriores mínimos de 3 m.
- Poderanse realizar edificacións apegadas a lindes laterais, cando a configuración da parcela imposibilite a construción illada, xa existan medianeiras vistas apegadas ao linde que se pretenda apegar ou cando exista un proxecto de construción simultánea.
- Nas vivendas existentes con anterioridade á aprobación do presente Plan, que incumpran algunha das condicións anteriores, poderán realizarse calquera tipo de obra tendente ao seu mantemento en condicións de habitabilidade.
- A efectos de ocupación computarán, ademais da edificación principal as auxiliares e complementarias. Excepcionalmente, permitiranse ocupacións maiores cando se trate de edificacións novas situadas entre outras existentes que, aínda que non poidan cumprir o parámetro de ocupación deberán respectar o resto dos parámetros.

- A efectos de edificabilidade, computará tanto a edificación principal como as auxiliares nas condicións do Art 31.- 6.-

## 2.- Outras condicións.

Cumpriranse as condicións establecidas con carácter xeral no 0e particularmente as do Art 31.- .

## 3.- Condicións de uso.

Autorízanse os seguintes usos:

- Vivenda unifamiliar.
- Residencial en categoría 2ª.
- Os seguintes usos exclusivamente os do tipo tradicional ligados á vida rural:
  - Comercial en categorías.2ª e 3ª.
  - Oficinas en tódalas súas categorías
  - Industrial en categorías 1ª e 2ª. Con superficie máxima de 200 m<sup>2</sup>
- Garaxe - aparcadoiro en categoría 1ª e 4ª, está ultima con superficie máx. 200 m<sup>2</sup>
- Agropecuario: Categorías 1ª e 3ª.
- Dotacional de todo tipo cumprindo as condicións do Art. 30 da Lei 9/02.

Tódolos usos anteriores deberán cumprir as Ordenanzas Xerais de Uso da presente normativa así como a lexislación de rango superior que lle sexa aplicable.

Esíxese a reserva de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m<sup>2</sup> de edificación, que haberá de situarse no interior da parcela.

## Art 98.- Ordenanza de Núcleo Orixinario disperso

O ámbito de aplicación desta Ordenanza será o grafado como tal nos planos de ordenación a escalas 1:2.000 e 1:5.000.

## 4.- Condicións de Volume.

Núcleo Orixinario. Disperso	Parcela mínima: 500 m <sup>2</sup>
	Fronte mínimo a camiño público de 5 m.
	Edificabilidade máxima: 0,4 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
	Ocupación máxima de parcela: 40%.
	Tipoloxía edificatoria: illada ou apegada.

- A altura máxima das edificacións será de dúas plantas, equivalente a 7,00 m, medidos no punto medio de cada unha das fachadas ata o perfil natural do terreo nese punto
- A separación de peches e edificacións a camiño atópanse grafadas nos planos no caso de vías tipo I, para o resto de vías ver o Art 45.- .3.
- No caso de edificación illada gardaranse retranqueos laterais e posteriores mínimos de 3 m.
- Poderanse realizar edificacións apegadas a lindes laterais, cando a configuración da parcela imposibilite a construción illada, xa existan medianeiras vistas apegadas ao linde que se pretenda apegar ou cando exista un proxecto de construción simultánea.
- Nas vivendas existentes con anterioridade á aprobación do presente Plan, que incumpran algunha das condicións anteriores, poderán realizarse calquera tipo de obra tendente ao seu mantemento en condicións de habitabilidade.
- A instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non estará suxeita ás condicións anteriores.
- A efectos de ocupación computarán, ademais da edificación principal as auxiliares e complementarias. Excepcionalmente, permitiranse ocupacións maiores cando se trate de edificacións novas situadas entre outras existentes que, aínda que non poidan cumprir o parámetro de ocupación deberán respectar o resto dos parámetros.
- A efectos de edificabilidade, computará tanto a edificación principal como as auxiliares nas condicións do Art 31.- 6.-

## **5.- Outras condicións.**

Cumpriranse as condicións establecidas con carácter xeral no 0e particularmente as do Art 31.- .

## 6.- Condicións de uso.

As mesmas da ordenanza de Núcleo Orixinario denso.

### Art 99.- Ordenanza de Expansión de Núcleo .

O ámbito de aplicación desta Ordenanza será o grafado como tal nos planos de ordenación a escalas 1:2.000 e 1:5.000.

#### 1.- Condicións de Volume.

Expansión de Núcleo Rural	Parcela mínima: 1000 m <sup>2</sup>
	Parcela mínima no NR Os Muíños: 700 m <sup>2</sup>
	Fronte mínimo a camiño público de 8 m.
	Edificabilidade máxima: 0,3 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
	Ocupación máxima de parcela: 30%.
	Tipoloxía edificatoria: illada.

- A altura máxima das edificacións será de dúas plantas, equivalente a 7,00 m. medidos no punto medio de cada unha das fachadas ata o perfil natural do terreo nese punto
- A separación de peches e edificacións a camiño atópanse grafadas nos planos en caso de vías tipo I, para o resto de vías ver o Art 45.- .3
- Gardaranse retranqueos laterais e posteriores mínimos de 3 m.
- Poderanse realizar edificacións principais apegadas a lindes laterais, unicamente cando xa exista medianeira vista. As edificacións auxiliares poderanse apegar a lindeiros sempre con acordo do colindante.
- Non se considerarán fóra de ordenación, por este motivo, as vivendas existentes con apagamento a un ou ambos lindes laterais.
- Nas vivendas existentes con anterioridade á aprobación do presente Plan, que incumpran algunha das condicións anteriores, poderán realizarse calquera tipo de obra tendente ao seu mantemento en condicións de habitabilidade

- A instalación de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non estará suxeita ás condicións anteriores.
- A efectos de ocupación computarán, ademais da edificación principal as auxiliares e complementarias. Excepcionalmente, permitiranse ocupacións maiores cando se trate de edificacións novas situadas entre outras existentes que, aínda que non poidan cumprir o parámetro de ocupación deberán respectar o resto dos parámetros.
- A efectos de edificabilidade, computará tanto a edificación principal como as auxiliares nas condicións do do Art 31.- 6.-

## **2.- Outras condicións.**

Cumpriranse as condicións establecidas con carácter xeral no 0e particularmente as do Art 31.- .

## **3.- Condicións de uso.**

Autorízanse os usos sinalados na ordenanza de núcleo orixinario, coas mesmas condicións.

## **4.- Condicións de parcelamento.**

En tanto non se aprobe o Plan especial de protección rehabilitación e mellora do núcleo rural non se permitirán segregacións ou división de parcelas, salvo coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas colindantes nas condicións previstas no Art. 206.1 da L15/04.

## **Art 100.- Ordenanza de equipamentos.**

Son os sinalados como tales nos correspondentes planos de ordenación. Correspóndense cos equipamentos e coas zonas verdes ou zonas libres existentes.

Parámetros edificatorios, para as parcelas de equipamentos:

- Edificabilidade máxima : 0,8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

- Ocupación máxima de parcela 60%
- A altura máxima será de B+1, equivalente a 7 m.
- Tipoloxía edificatoria: illada con retranqueos mínimos a lindes de 3m, salvo se existen medianeiras vistas en algúns dos lindes, caso no que se podería apegar a edificación a dito linde.

Son de aplicación o resto de condicións do Art 46.- do presente Plan.

### **Art 101.- Ordenanza de zonas verdes e espazos libres.**

Comprende os espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público existentes. O seu réxime urbanístico regúlase polas condicións establecidas no Art 47.- .

### **Art 102.- Planes Especiais de Protección, Rehabilitación e Mellora do Medio Rural**

#### **a) Condicións xerais.**

Os P.E.P.R.e M. enténdense como os instrumentos de desenvolvemento do Plan nos núcleos rurais, e terán como finalidade a protección, rehabilitación e mellora dos elementos máis característicos da arquitectura rural, das formas de edificacións tradicionais, dos conxuntos significativos configurados por elas e dos núcleos rurais, en consonancia e coas condicións do Art. 72 da L15/04.

Os propietarios terán as obrigacións establecidas no Art. 24.3, 4 e 5 da L15/04.

#### **b) Condicións mínimas de edificación reguladas polo plan especial:**

O plan especial, con fundamento no estudio detallado e individualizado do núcleo rural, poderá establecer condicións de edificación distintas ás do plan xeral en concordancia co Art. 29.3 da L15/04, sen embargo establécense os seguinte límites que non poderán ser superados:

Parcela mínima: 300 m<sup>2</sup>

Nº máximo de edificacións apegadas novas en cada grupo: 3 ou 24 m.

Densidade máxima de 15 vivendas/Ha  
 Edificabilidade máxima: 0,25 m<sup>2</sup>/ m<sup>2</sup>

**c) Parámetros para determinar a necesidade de redacción do plan especial:**

Para establecer a necesidade de formación de P.E.P.R.e M. dun núcleo rural fíxanse os indicadores que seguen, sendo suficiente a existencia dun deles para determinar a obrigatoriedade de redacción do plan especial:

- 1.- Detección de problemas sanitarios con risco de contaminación de augas superficiais, mananciais, pozos ou augas subterráneas.
- 2.- Que existan deficiencias de equipamentos ou zonas libres.
- 3.- Que se produzan situacións de complexidade urbanística tales como:
  - Crecemento do número de vivendas:

VIVENDAS EXISTENTES NO NÚCLEO (FICHAS ESTUDIO DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL) Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO PRESENTE PXOM	ENTRE 20 e 60	MAIOR DE 60
CRECIMENTO DE VIVENDAS SOBRE AS EXISTENTES, QUE INDICAN A OBRIGATORIEDADE DE REDACCIÓN DUN PEPRMMR	50%	30%

- Cambio maioritario da actividade principal dos habitantes do núcleo pasando das propias do medio rural ás das zonas urbanas.
- 4.- Solicitude de redacción polos propietarios e/ou residentes do núcleo, que podería estar promovida por calquera das dúas posibilidades seguintes:
    - propietarios do terreo que representen máis do 50% da superficie edificable total do núcleo.
    - veciños censados no núcleo que representen máis da metade do censo total do mesmo.

5.- Actuacións e intervencións do tipo infraestruturas e outras, que poidan influír no carácter do núcleo ou nos seus valores característicos: edificacións, elementos etnográficos, delimitacións e configuracións das fincas e moi especialmente aos bens catalogados ou inventariados contidos no presente Plan Xeral.

**d) PEPRReMR para desenvolvemento de operacións integrais.**

Poderán redactarse plans especiais coa finalidade de desenvolver unha operación de carácter integral sobre unha área de expansión do núcleo rural coas seguintes condicións:

- Que constitúa unha unidade urbanística homoxénea e completa, delimitada por viario ou elementos significativos do territorio, non podendo deixar á marxe parcelas que non poidan incorporarse ao desenvolvemento do núcleo por si mesmas.
- Garantirase a integración da actuación coa morfoloxía, a paisaxe, os servizos e as características do núcleo rural.
- Reservas mínimas do solo para sistemas locais:
  - Espazos libres públicos: 18 m<sup>2</sup>/ 100 m<sup>2</sup> edificables > 10% sup do ámbito
  - Equipamentos públicos: 10m<sup>2</sup>/ 100 m<sup>2</sup> edificables.
  - Prazas de aparcadoiro: 2 prazas/ 100 m<sup>2</sup> edificables, das que ao menos ¼ en solo público.
- Deberán de efectuarse, ademáis das dos apartados anteriores, as reservas mínimas do solo para sistemas xerais establecidas no Art. 47 L15/04.

Dende o plan Xeral non se delimitan plans especiais nos núcleos rurais.

## **C A P I T U L O   V I I I**

### **NORMAS E ORDENANZAS REGULADORAS DO SOLO URBANO**

#### **8.1.- DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Art 103.- Definición e ámbito.**

Constitúen solo urbano os terreos que o presente Plan clasifica como tal por ter a súa ordenación urbanística consolidada e contar con servizos urbanísticos axeitados á edificación existente, así como aqueles que, en execución do planeamento, cheguen a dispoñer de ordenación e servizos.

En consonancia co anterior distínguense as categorías de solo urbano consolidado e non consolidado.

O solo urbano non consolidado o constitúen aqueles terreos que han de someterse a un proceso de execución integral (cesións de solo, execución de obras de urbanización e distribución de cargas e beneficios) e polo tanto inclúense en Polígonos para o seu desenvolvemento integral.

##### **Art 104.- Tipos de Ordenanzas en Solo Urbano.**

Establécense as seguintes ordenanzas reguladoras da edificación e os usos do solo:

1. CASCO ANTIGO
2. MEDIA DENSIDADE
3. BAIXA DENSIDADE
4. RESIDENCIAL EN RINGLEIRA
5. EQUIPAMENTOS
6. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES.

##### **Art 105.- Réxime urbanístico do Solo Urbano.**

Aos efectos do Art. 49 da lei 15/04 a totalidade do solo urbano de Muxía constitúe un único distrito, distinguíndose as categorías de solo urbano consolidado e non consolidado.

**A.- Solo Urbano consolidado**

- 1.- Para poder edificar, os propietarios de terreos incluídos en solo urbano consolidado, haberán de solicitar a oportuna licenza, que lle será outorgada con arranxo ao presente Plan, e deberán edificar nos prazos que se fixan.
- 2.- Os propietarios deste tipo de solo deberán completar á súa costa a urbanización necesaria para que os mesmos alcancen, se aínda non a tiveran, a condición de soar.

**B.- Solo Urbano Non Consolidado.**

- 1.- Para poder edificar, os propietarios dos terreos clasificados como solo urbano non consolidado e, por tanto, incluídos en polígonos, deberán previamente redactar os correspondentes Plans Especiais de Reforma Interior, dado que o PXOM non contén a súa ordenación detallada.
- 2.- Ditos propietarios teñen as seguintes obrigacións:
  - A. Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello os terreos destinados a viais, parques, xardíns e demais dotacións públicas de carácter local.
  - B. Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo necesario para a execución dos sistemas xerais incluídos ou adscritos ao polígono, así como executar a urbanización unicamente dos que estean incluídos.
  - C. Ceder o terreo necesario para situar o 10 % do aproveitamento tipo do área de reparto.
  - D. Realizar a distribución de cargas e beneficios, segundo o Art. 115 a 121 e 128 e seguintes da L9/02.
  - E. Costear e, si é o caso, executar a totalidade da urbanización, así como as conexións cós sistemas xerais existentes.
  - F. Edificar os soares.

3.- Os límites dos Polígonos determinados no Plan e das unidades ou polígonos que poidan determinarse para o desenvolvemento do mesmo deberán de realizarse sobre base cartográfica oficial adecuada ademais de planos reais con levantamento topográfico a escala mínima 1/500, levado a cabo a tal efecto, certificación catastral e rexistral, que debe constar no expediente, sinalando a identificación das fincas. Neste acto poderán así mesmo reaxustarse os límites de superficie en exceso ou defecto, non admitíndose outras variacións dimensionais que as derivadas razoablemente do cambio de escala ou de axustes do grafado en planos. En todo caso os reaxustes na delimitación non poderán implicar unha variación superior ao 20% da superficie reflectida nas fichas de cada un dos polígonos segundo o art. 123.4 da L15/04.

#### **Art 106.- Requisitos de urbanización para edificar en solo urbano.**

1.- Para outorgar licenza de edificación en solo urbano é preciso que a parcela conte cos seguintes elementos de urbanización: acceso rodado público pavimentado, encintado e pavimentación de beirarrúas no seu caso, redes de subministro de enerxía eléctrica, de abastecemento de auga, de saneamento e de alumeadado público, conectadas ás redes xerais do municipio e suficiente para a edificación que han de servir.

2.- Poderase outorgar licenza condicionada á terminación das obras de urbanización, cando se asegure a execución simultánea da mesma.

Para elo establecerase unha fianza de garantía que alcanzará o total do valor das obras de urbanización necesarias; a tal fin, no procedemento de concesión de licenza, os técnicos municipais informarán sobre estes extremos, carecendo de eficacia a licenza mentres non se constitúa a garantía.

Non se considerará asegurada a execución simultánea mentres non se alcance o pleno dominio e afectación ao uso público da totalidade dos espazos públicos nos que haberán de executarse as obras de urbanización.

#### **Art 107.- Outras condicións de aplicación en solo urbano.**

1.- A efectos dos parámetros urbanísticos, a superficie de parcela a ter en conta será a superficie neta cualificada como solo urbano consolidado en cada unha das ordenanzas, polo tanto non se poderá computar as partes de parcela cualificadas noutras ordenanzas, as destinadas a viario ou espazos libres públicos ou ben as non clasificadas en solo urbano. Exceptúase o especificado

no Art 30.- 6.- no referente a parcela mínima.

- 2.- Nos lindeiros correspondentes, serán obrigatorios retranqueos de 1/3 da altura da edificación e mínimos de 3 m, para as edificacións que se sitúen en parcelas contiguas con outras non clasificadas como solo urbano.

Para evitar medianeiras cegas permanentes, gardarase un retranqueo mínimo de 3 m nas parcelas contiguas con outras calificadas con ordenanzas diferentes ou equipamentos que posibiliten retranqueos laterais. Así mesmo gardarase este retranqueo no lateral das parcelas contiguas con equipamentos existentes formados por edificacións illadas. Estes planos da edificación terán tratamento de fachadas.

A edificación de máis dunha planta (Planta baixa) en parcelas contiguas con zonas verdes de dominio privado de outros propietarios, haberá de retranquearse 1/3 da altura da edificación proxectada, mínimo 3 m, excepto que se chegue a un acordo co propietario de dita zona verde que autorice a edificación no seu linde e a apertura de luces. En ningún caso poderán realizarse medianeiras cegas que excedan unha altura de 3 m.

- 3.- Camiños de servizo existentes. En planta baixa, as edificacións contiguas poderán unicamente abrir ocos de accesos tales como portas o portalóns de entrada a garaxes. En plantas altas poderanse abrir luces a estes camiños sempre e cando se cumpran as condicións de patio que se fixan no uso residencial.

- 4.- Vías peonís. Non serán autorizables edificacións con acceso exclusivo dende estas vías. Poderase admitir, o paso ocasional de vehículos para acceso a garaxes ou fincas.

Na aliñación unicamente poderán construírse edificacións auxiliares en planta baixa, sempre e cando o permita a ordenanza correspondente.

- 5.- As edificacións, calquera que sexa o seu uso, terán totalmente resoltos, a costa do propietario, tódalas instalacións técnicas necesarias nas condicións fixadas por estas normas e a lexislación vixente, así como a súa conexión ás redes municipais.

- 6.- Condicións de estética en solo urbano: Todas as fachadas posteriores e as medianeiras que definitivamente vaian a quedar vistas haberán de revestirse con materiais de calidade suficiente que non desmerezan da estética da fachada

principal.

- 7.- As zonas afectadas pola servidume de protección regularanse pola ordenanza que resulte de aplicación, coas maiores limitacións da lexislación de costas, entre elas o cumprimento da DT 3ª da lei de costas.

## **8.2.- ORDENANZAS DE SOLO URBANO**

### **Art 108.- Ordenanza 1. Casco Antigo de Muxía.**

Corresponde ao núcleo primitivo da vila de Muxía, que presenta similares características en canto a tamaño de parcelario, compactación e alturas. Preténdese conservar e potenciar os aspectos ambientais, respectando a estrutura urbana, venelas existentes e patinillos, salvo adecuacións puntuais. As obras preferentes serán as de conservación, restauración e rehabilitación, permitíndose reguladamente as de reforma, ampliación e obra nova.

#### 1.- Condicións de Parcelación e Volume.

- Parcela e fronte mínimos edificables: serán os catastrais existentes, salvo a efectos de posibles parcelacións na que se esixirán parcelas mínimas de 60 m<sup>2</sup> cun fronte mínimo a camiño público (de ancho maior o igual a 6 m) de 6 m.

- Ocupación máxima e fondos edificables máximos: como norma xeral aplicarase o fondo da edificación existente si é de tipo tradicional; de non ser así a ocupación máxima da edificación principal indícase nos planos mediante as liñas límite de edificación. En parcelas con fronte a dúas ou máis rúas enténdese como zona edificable aquela na que aparece a cota.

No caso de parcelas valeiras ou onde non exista construción con uso de vivenda, nas que a liña límite de edificación coincida co límite parcelario, esta liña tomará como fondo máximo 10 m sempre que entre as liñas límite de edificación enfrontadas, que forman o patio de mazá, teñan unha separación mínima en calquera dos seus puntos de 6 m.

Os patios, venelas e patinillos existentes mantéñense en ordenación sempre que poida resolverse por medios técnicos normais a ventilación dos mesmos, debendo adecuarse ás condicións mínimas de patios que fixa a normativa de habitabilidade en caso de ampliación da edificación ou de obras novas.

- Altura máxima das edificacións. B+2.

- Aliñacións. mantéñense as existentes, salvo pequenos axustes reflectidos en planos.
- Permitirase que as edificacións auxiliares en Planta Baixa ocupe un 50% do patio de parcela cun máximo de 20 m<sup>2</sup>.

## 2.- Condicións estéticas e de conservación de elementos tradicionais.

- Corpos voados. Respectaranse e manterán, nas restauracións e ampliacións, os corredores e patines existentes cós elementos de sillería, madeira ou ferro que os caracteriza. No caso de substitución por materiais actuais, igualarase o deseño sinxelo e a coloración dos tradicionais.

Os voos nas novas edificacións utilizarán como referencia de deseño os tradicionais, serán preferentemente abertos (corredores ou balcóns) ou cerrados con cristaleira (galerías tipo miradoiro), prohíbese calquera outro tipo de voo cerrado. En calquera caso non se permitirán voos nas novas edificacións ou nas plantas engadidas cando a distancia entre aliñacións sexa menor de 6 m.

A dimensión do voo non será maior de 1/15 do ancho medio da rúa nese tramo e en todo caso será menor de 75 cm. Así mesmo, a altura dos voos respecto á rasante da beirarrúa será maior de 2,75 m. Os saíntes máximos de cornixas e beirados non serán maiores de 15 cm.

Miradoiros: corpos saíntes acristalados en todo o seu perímetro cunha lonxitude máxima de 1,5 m. Haberán de situarse centrados ao eixe do oco da planta inferior.

- Ocos e carpintería exterior. De proporcións similares ás tradicionais; rectángulos verticais que garden unha relación entre os seus lados maior de 1,5 entre o lado maior (vertical) e o menor (horizontal).

Realizados con carpintería de madeira, pintada ou vernizada. Admítense materiais actuais sempre que estean lacados nas cores tradicionais.

- Paramentos exteriores enfoscados e pintados nas cores tradicionais, incluíndo ou non elementos de cantería.

- Cubertas realízanse a dúas augas con planos enteiros e co cumio paralelo á aliñación. Prohíbense expresamente as bufardas e mansardas.

### 3.- Obras permitidas.

Estarán prohibidas as obras de derrube de edificacións tradicionais, permitíndose nese caso só obras de conservación, consolidación, restauración, rehabilitación, reestruturación e ampliación.

### 4.- Condicións de uso.

Autorízanse os seguintes usos:

- \* Vivendas unifamiliares e plurifamiliares.
- \* Hoteleiro e Residencial, en categoría 2ª.
- \* Garaxe aparcadoiro, en categorías 1ª e 2ª.
- \* Industrial en categorías 1ª e 5ª.
- \* Oficinas en todas as categorías.
- \* Comercial en categoría 2ª.
- \* Equipamentos: Cultural, Docente, Espectáculos e salas de reunión, Asistencial, Sanitario, Administrativo e Relixioso.

Todos os usos anteriores deberán cumprir as Ordenanzas Xerais de Uso da presente normativa así como a lexislación de rango superior que lle sexa aplicable.

### 5.- Documentación

A solicitude de licenza dunha edificación en caso antigo irá acompañada dunha reportaxe fotográfica e dunha memoria do edificio existente ao tempo que se xustificará a obra a realizar, especificando os efectos sobre os elementos do edificio existente, con planos de estado actual do edificio e edificacións complementarias (E 1/100), detalles característicos ou singulares a escala necesaria e da parcela (E 1/500), descrición fotográfica das edificacións e/ou elementos e montaxe das solucións adoptadas, ademais do proxecto detallado das obras a realizar especificando as zonas e elementos afectados.

## **Art 109.- Ordenanza 2. Residencial en Media Densidade.**

Corresponde a ordenacións volumétricas en edificacións entre medianeiras con fronte a unha ou dúas rúas con fondos, en xeral, reducidos.

### 1.- Condicións de Volume.

- Parcela e fronte mínimos edificables: serán os catastrais existentes, salvo a efectos de posibles parcelacións nas que se esixirán parcelas mínimas de 100 m<sup>2</sup> con un fronte mínimo a vía pública de 8 m.
- Fondo máximo edificable en plantas altas 16 m, sempre que se cumpran as condicións mínimas de patio fixadas nas normas de edificación. Ocupación en planta baixa e soto do 100% da parcela neta se ben non se poderá sobrepassar en ningún caso as liñas de edificación sinaladas en planos cando estas estean representadas.
- A altura das edificacións será a que aparece reflectida nos planos de ordenación, entendéndose como obrigatoria.
- As aliñacións son as sinaladas en planos.

### 2.- Condicións de uso.

Autorízanse os seguintes usos:

- \* Vivendas unifamiliares e plurifamiliares.
- \* Hoteleiro e Residencial, en tódalas súas categorías.
- \* Garaxe aparcadoiro, en categorías 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup>.
- \* Industrial en categorías 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> e 5<sup>a</sup>.
- \* Oficinas.
- \* Comercial, en tódalas súas categorías.
- \* Espectáculos e salas de reunión.
- \* Equipamentos de todo tipo.

Tódolos usos anteriores deberán cumprir as Ordenanzas Xerais de Uso da presente normativa así como a lexislación de rango superior que lle sexa aplicable.

Nas novas edificacións será obrigatoria a previsión dunha praza de aparcadoiro por vivenda e cada 100 m<sup>2</sup> de outros usos, que se situará en planta baixa, soto ou patio de parcela.

**Art 110.- Ordenanza 3. Residencial en Baixa Densidade.**

A tipoloxía autorizada é a de edificación illada ou apegada a un dos seus lindes laterais.

**1.- Condicións de Volume.**

- Parcela mínima edificable 300 m<sup>2</sup>  
fronte mínimo de parcela 10 m  
edificabilidade máxima 0,8 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>  
ocupación máxima de parcela: 60%

- A altura máxima das edificacións será de baixo e unha planta equivalente a 7,00 m.

- As novas edificacións retranquearanse a lo menos 3 m. da liña de aliñación, que neste caso coincide coa de peche, se dan fronte a vías municipais, e 6 m. cando dean fronte a vías dependentes de outros organismos ou de sistema xeral.

- Retranqueos a lindeiros, serán de 3 m. Admitirase a edificación apegada a un dos lindes laterais, para elo deberase chegar a un compromiso escrito có contiguo ante o concello, de forma que non se produza a aparición de medianeiras vistas. Será obrigatoria a edificación apegada en caso de existir medianeiras xa edificadas nun ou ambos lindes.

- Edificacións auxiliares. Permítense, sen computar edificabilidade pero si ocupación, a construción de alpendres, garaxes e outras edificacións auxiliares, cunha altura máxima de 3,50 m e cunha superficie máxima de 30 m<sup>2</sup>.

**2.- Condicións de uso.**

Autorízanse os seguintes usos:

- \* Vivendas unifamiliares e plurifamiliares.
- \* Hoteleiro e Residencial, en 2ª categoría.
- \* Garaxe aparcadoiro, en categorías 1ª e 4ª.
- \* Industrial en categorías 1ª, 2ª, e 5ª.
- \* Oficinas en todas as súas categorías.
- \* Comercial en categoría 2ª.
- \* Espectáculos e salas de reunión.

\* Equipamentos de todo tipo.

Todos os usos anteriores deberán cumprir as Ordenanzas Xerais de Uso da presente normativa así como a lexislación de rango superior que lle sexa aplicable.

Será obrigatorio, nas novas edificacións, a previsión dunha praza de aparcadoiro por vivenda e por cada 100 m<sup>2</sup> de outros usos, que se situará no interior da parcela.

#### **Art 111.- Ordenanza 4. Residencial en Ringleira.**

Correspóndese con agrupacións de vivendas unifamiliares en ringleira tipo colonia de mariñeiros.

A tipoloxía autorizada é a de edificación apegada con uso característico residencial de vivenda unifamiliar.

##### 1.- Condicións de Volume.

- Parcela edificable e fronte mínimos: os catastrais existentes. Non se admiten parcelacións nin segregacións, pero si agrupacións
- Altura e fondo máximos edificación principal. Manteranse os existentes actualmente, en todo caso a altura máxima da edificación principal será de B+1 (6,50 m) cun fondo máximo de 7 m. Altura máxima da planta baixa 3 m.
- Ocupación de parcela. Permítese unha ocupación do 100% con planta soto e baixa.
- Manteranse as aliñacións existentes.

##### 2.- Condicións de uso.

Autorízanse os seguintes usos:

- Vivendas unifamiliares.
- Oficinas 2º categoría.
- Comercial en categoría 2ª.
- Garaxe aparcadoiro en categorías 1ª.
- Equipamentos: Cultural, Docente, Administrativo, Asistencial e Sanitario.

**Art 112.- Ordenanza 7. Equipamentos.**

Son os sinalados como tales nos correspondentes planos de ordenación. Correspóndense cos equipamentos existentes.

**1.- Condicións de Volume.**

- Ocupación máxima de parcela 70%
- Edificabilidade máxima 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- Altura máxima B+2.
- Tipoloxía edificatoria: illada con retranqueos mínimos a lindes de 3 m, salvo si existen medianeiras vistas nalgún dos lindes, caso no que se podería apegar a edificación a ditos lindes.

Estes parámetros poderanse variar para adaptar a edificación á tipoloxía existente nas parcelas contiguas, de forma que sen aumentar a edificabilidade permitida se poida aumentar a altura a costa de diminuír a ocupación.

Nos equipamentos públicos existentes con maiores alturas ou ocupacións se manterán estas.

Son de aplicación o resto de condicións do Art 46.- do presente Plan.

**Art 113.- Ordenanza 8. Zonas verdes e espazos libres.**

Comprende os espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público existentes. O seu réxime urbanístico regúlase polas condicións establecidas no Art 47.- .

### **8.3.-NORMAS REGULADORAS DE ÁREAS PENDENTES DE DESENVOLVEMENTO EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.**

#### **Art 114.- Solo Urbano non consolidado**

- 1.- **Xeneralidades.** Son aquelas zonas de Solo Urbano onde é necesario realizar actuacións de execución integral.
- 2.- **Os propietarios do polígono delimitado estarán nas condicións establecidas no Art 105.- .B.**
- 3.- **O desenvolvemento de dito Polígono realizarase** mediante a formulación de Plans Especias de Reforma Interior segundo o regulado no Art. 70 da L2/09, por carecer de ordenación pormenorizada
- 4.- **Condicións do Polígono.** Na presente normativa establécense as distintas condicións urbanísticas e de xestión para o seu desenvolvemento, indicando as ordenanzas de aplicación e os terreos de cesión destinados a dotacións e viais públicos.
- 5.- **Sistema de xestión.** Compensación e concerto.
- 6.- **O aproveitamento urbanístico da propiedade,** de acordo co Art. 18.b da L15/04 e el Art. 14.2.c LS/98, será 90% do aproveitamento tipo da área de reparto correspondente.
- 7.- **As superficies que aparecen na ficha** do polígono son aproximadas e indicativas, podéndose concretar posteriormente como resultado dunha medición máis precisa sobre o terreo.
- 8.- **Na ficha considérase fixo o valor da edificabilidade máxima** (expresada en  $m^2/m^2$ ), sendo o resto de parámetros de índices e superficies indicativos. O seu valor final virá determinado pola delimitación exacta dos límites da área de reparto e pola aplicación de ditos valores de edificabilidade residencial e lucrativa máximas así como do aproveitamento tipo fixado.
- 9.- Indicase, de modo orientativo, a ordenación dos polígonos que poderá reaxustarse no desenvolvemento dos plans especiais
- 10.- O polígono constitúe unha **área de reparto.**

- 11.-** Tomarase como referencia para aplicar coeficientes de ponderación entre diferentes tipoloxías edificatorias os establecidos polo Centro de Xestión Catastral nas Normas Técnicas de Valoración e cadro Marco de Valores do Solo e das Construcións para determinar o valor catastral dos bens de natureza urbana: Real Decreto 1020/1993, de 25 de xuño, B.O.E. de 22 de Xullo de 1993.
- 12.-** Inclúese unha ficha dos polígonos no anexo II da presente normativa.

## CAPITULO IX

### **NORMAS REGULADORAS DO DESENVOLVEMENTO DE PLANEAMENTO ESPECIAL**

#### **Art 115.- Plans Especiais.**

Os Plans Especiais enténdense como os instrumentos de desenvolvemento das previsións contidas no Plan coas finalidades, contido e determinacións establecidas nos art. 68 a 72 da L15/04.

En concreto poderán formularse plans especiais coas finalidades e dos tipos seguintes:

- Protección de ámbitos singulares en calquera clase de solo
- Reforma interior do solo urbano.
- Establecemento de infraestruturas básicas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario e instalacións destinadas aos servizos públicos e subministros de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas.
- Plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural.

Estaráse ao establecido no Art 61.- 4.-referente á protección de zonas inundables e aos desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM

Será preciso contar no caso de propoñer conectar coa rede municipal de abastecemento e/ou saneamento do concello co informe da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes é suficiente para asumir os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia. Se para garantir o abastecemento son precisos novos puntos de captación, tramitarase a correspondente concesión de augas ou uso privativo por disposición legal ante Augas de Galicia, de acordo cos artigos 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas. No caso de que se propoña unha nova captación dun curso fluvial deberase garantir en todo momento o seu caudal ecolóxico

#### **Art 116.- Plan Especial de Fachada Marítima de Muxía PE-1.**

A área delimitada constitúe a fachada marítima situada no extremo sureste do solo urbano, na Avenida López Abente, incluíndo en todo caso a totalidade das

parcelas que están afectadas pola servidume de protección derivada da Lei de Costas.

En virtude da Disposición Transitoria 3ª. Apartado 3 da lei 22/88 de Costas, o sinalamento ou reaxuste de aliñacións e rasantes e a ordenación dos volumes no ámbito delimitado deberase realizar mediante a redacción dun Plan Especial. Deberá xustificarse a delimitación dos tramos da fachada marítima de acordo coas súas características físicas, volumétricas, morfolóxicas e tipolóxicas, que se remitirán á redacción dos citados Planes Especiais que conterán a xustificación expresa do cumprimento de todos e cada un dos requisitos establecidos na citada Disposición Transitoria 3.2ª da Lei de Costas.

O Plan Especial deberá remitirse á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo- Terrestre*, a través da Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión de informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas.

Igualmente, na súa tramitación deberá recabarse o informe autonómico da súa adecuación ao POL

As ordenanzas de aplicación reflíctense nos planos de ordenación.

### **Art 117.- Plan Especial de Fachada Marítima de Muxía PE-2.**

A área delimitada constitúe a fachada marítima ao porto, na Rúa Marín, incluíndo en todo caso a totalidade das parcelas que están afectadas pola servidume de protección derivada da Lei de Costas.

En virtude da Disposición Transitoria 3ª. Apartado 3 da lei 22/88 de Costas, o sinalamento ou reaxuste de aliñacións e rasantes e a ordenación dos volumes no ámbito delimitado deberase realizar mediante a redacción dun Plan Especial. Deberá xustificarse a delimitación dos tramos da fachada marítima de acordo coas súas características físicas, volumétricas, morfolóxicas e tipolóxicas, que se remitirán á redacción dos citados Planes Especiais que conterán a xustificación expresa do cumprimento de todos e cada un dos requisitos establecidos na citada Disposición Transitoria 3.2ª da Lei de Costas.

O Plan Especial deberá remitirse á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo- Terrestre*, a

través da Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión de informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas.

Igualmente, na súa tramitación deberá recabarse o informe autonómico da súa adecuación ao POL

As ordenanzas de aplicación reflíctense nos planos de ordenación.

### **Art 118.- PESXZV-1. Plan Especial das Caldeiras do Río Castro**

A finalidade do PE e a consecución dun sistema xeral de zona verde de carácter arqueolóxico .integrado nun parque.

No acondicionamento da zona teranse en conta as condicións xerais do Art 47.- , así como as seguintes:

- Configurar o ámbito como un parque integrado na zona de bosque –espazo natural fluvial na que se ubica: acondicionamento de sendas peatonais; mantemento do arborado existente; ubicación de mobiliario tipo barbacoas, mesas e bancos; xogos infantís ao tempo que se mantén a área de baños e o paseo peonil existente no río.
- Acondicionamento de sendas peatonais.
- Mantemento do arborado e brezais existentes
- Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección.
- Sinalización e carteis explicativos das zonas arqueolóxicas e medidas de protección

Calquera actuación a realizar sobre os restos localizados e na área protexida deberá contar co visto bo de Patrimonio.

Nunha segunda fase deberáse realizar o estudio exhaustivo do área arqueolóxica baixo a dirección directa da consellería de Cultura coas actuacións que se consideraran pertinentes para a súa posta en valor.

### **Art 119.- PESXZV-2. Plan Especial Paseo Marítimo da Praia de Espiñerido**

A finalidade do PE e a consecución dun sistema xeral de zona verde respectando e poñendo en valor esta zona inmediata a praia de Espiñerido

No acondicionamento da zona teranse en conta as condicións xerais do Art 47.- , así como as seguintes:

- Acondicionar de sendas peonís.
- Mantemento da vexetación existente.
- Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección.

Por incluír terreos de servidume, deberá estar ao disposto no Títulos II da Lei de Costas, e en todo caso dito Plan Especial deberá remitirse á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo- Terrestre*, a través da Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión do informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas.

Igualmente por estar incluído dentro dos límites da ZEC Costa da Morte, con representacións segundo o Plan Director de Rede Natura 2000, do hábitat de carácter prioritario 5230\*, ademais doutros non prioritarios, e é cualificado polo Plan Director da Rede Natura 2000, coma “Zona- 2. Área de Conservación”, no seu momento, o desenvolvemento do Plan Especial deberá ter en conta as determinacións que, respecto de ditas actuacións, valores ambientais presentes e zonificacións da ZEC, constan no Decreto 37/2014, o cal será recollido polo instrumento de desenvolvemento, xustificando que as devanditas determinacións resultan compatibles cos contidos no Plan Director. En todo caso, o Plan Especial, someterase a informe do Órgano competente en materia de Conservación da Natureza.

Así mesmo, na súa tramitación deberá recabarse o informe autonómico da súa adecuación ao POL

### **Art 120.- PESXZV-3. Plan Especial Paseo Marítimo da Praia de Area Maior**

A finalidade do PE e a consecución dun sistema xeral de zona verde respectando e poñendo en valor esta zona inmediata a praia de Area Maior

No acondicionamento da zona teranse en conta as condicións xerais do Art 47.- , así como as seguintes:

- Acondicionar de sendas peonís.
- Mantemento da vexetación existente.
- Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección.

Por incluír terreos de servidume, deberá estar ao disposto no Títulos II da Lei de Costas, e en todo caso dito Plan Especial deberá remitirse á *Dirección General*

*de Sostenibilidade de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo- Terrestre, a través da Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión do informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas.*

Igualmente por estar incluído dentro dos límites da ZEC Costa da Morte, con representacións segundo o Plan Director de Rede Natura 2000, do hábitat de carácter prioritario 91E0\*, ademais doutros non prioritarios, e é cualificado polo Plan Director da Rede Natura 2000, coma “Zona- 2. Área de Conservación”, no seu momento, o desenvolvemento do Plan Especial deberá ter en conta as determinacións que, respecto de ditas actuacións, valores ambientais presentes e zonificacións da ZEC, constan no Decreto 37/2014, o cal será recollido polo instrumento de desenvolvemento, xustificando que as devanditas determinacións resultan compatibles cos contidos no Plan Director. En todo caso, o Plan Especial, someterase a informe do Órgano competente en materia de Conservación da Natureza.

Así mesmo, na súa tramitación deberá recabarse o informe autonómico da súa adecuación ao POL

#### **Art 121.- PESXZV-4. Plan Especial Parque Etnográfico**

A finalidade do PE e a consecución dun sistema xeral de zona verde respectando e poñendo en valor esta zona tan singular e característica do concello.

Para a súa acondicionamento como zona verde de carácter etnográfico e cultural deberase configurar o ámbito como un paseo-parque integrado na zona costera na que se ubica con materiais acordes ca súa clasificación como solo rústico especialmente protexido:

- Acondicionamento e mantemento dos peches tradicionais existentes.
- Acondicionamento das sendas peatonais existentes abrindo só aquelas que se necesiten para a continuación do paseo.
- Mantemento de brezais existentes.
- Sinalización e carteis explicativos da vexetación e medidas de protección.
- Sinalización e carteis explicativos das zonas de peches e medidas de protección.
- Zonas delimitadas dentro de cer parcelas con mobiliario tipo mesas e bancos.
- Zonas de xogos infantís.

Por localizarse parte dos terreos propostos en zona de servidume, deberá estar ao disposto no Título II da Lei de Costas, e en todo caso dito Plan Especial

deberá remitirse á *Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, Subdirección General de Dominio Público Marítimo- Terrestre*, a través da Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión do informe que dispoñen os artigos 112.a) e 117 da Lei de Costas .

Igualmente, na súa trmitación deberá recabarse o informe autonómico da súa adecuación ao POL

## CAPITULO X

### SITUACIONES FÓRA DE ORDENACIÓN

#### **Art 122.- Definición e aplicación.**

1.- Aos efectos do Artigo 103 da L9/02, considéranse fóra de ordenación os edificios, construcións e instalacións que resulten desconformes co presente P.X.O.M.

Considéranse dous grados na situación de fóra de ordenación

A) **Fóra de ordenación absoluta**, por total incompatibilidade co Plan, encontrándose nesta categoría:

1. Os edificios construídos sen licenza ou sen axustarse ás súas condicións.
2. As construcións que ocupen solo cualificado como viario ou espazos libres públicos, tanto de sistema xeral como local.
3. As construcións afectadas polas zonas de dominio público ou servidume de viario do sistema xeral, de costas ou de leitos.
4. As que se atopen en áreas de solo urbano suxeitas a reforma interior, salvo que do Plan Xeral se deduza a súa conformidade coa ordenación prevista ou que resulten incorporadas polos desenvolvementos correspondentes.
5. Os que alberguen usos con efectos de repercusión ambiental que vulneren os máximos tolerados polas presentes Normas, polas Ordenanzas Municipais específicas ou polas disposicións legais vixentes en materia de seguridade, salubridade ou protección do medio ambiente.

B) **Fóra de ordenación normal**, por ser parcialmente incompatibles co Plan.

1. As edificacións cunha antigüidade maior de 50 anos e cunha tipoloxía tradicional.
2. Os edificios ou partes dos mesmos (cubertas, saíntes, etc.) e instalacións que resulten desconformes con calquera das restantes determinacións reguladoras do Plan Xeral.

Así mesmo, terán a consideración de fóra de ordenación aqueles edificios construídos sen licenza ou sen axustarse as súas condicións, para os que houbera transcorrido o prazo para adopción de medidas de legalidade urbanística.

- 2.- A cualificación de fóra de ordenación non é de aplicación aos inmobles incluídos no Catálogo de Patrimonio Histórico do presente Plan.
- 3.- A regulación de actuacións fora de ordenación no dominio público marítimo – terrestre e a súa servidume de protección e as obras posibles nelas será a regulada na Lei 22/88 de Costas e o seu Regulamento.

### **Art 123.- Efectos da cualificación como fóra de ordenación.**

A cualificación como fóra de ordenación é causa de denegación de licenza de obras, por parte do Concello, salvo as seguintes:

1. En todo caso se permitirán as obras directamente dirixidas a eliminar as causas determinantes da situación de fóra de ordenación cando esta sexa subsanable.
2. En edificios en situación de fóra de ordenación absoluta admitiranse os seguintes tipos de obras, condicionando a concesión da licenza á renuncia expresa do incremento do valor do prezo expropiatorio por ditas obras
  - a) As de conservación, mantemento e pequenas reparacións que esíxese a hixiene, ornato e conservación do inmovible, así como as encamiñadas ao cumprimento das condicións de seguridade esixidas pola normativa aplicable.
  - b) Obras necesarias para o mantemento do uso preexistente. As actividades existentes poderán manterse ata que se produza a expropiación, demolición o substitución da edificación. Non se concederán licenzas para unha nova implantación, cambio de actividade ou reinicio de expedientes de licenzas anteriormente caducadas.
3. En edificios en situación de fóra de ordenación normal se admitirán, ademais das contempladas nos apartados anteriores, as seguintes:
  - a) As de reforma, conservación, restauración, consolidación e rehabilitación.
  - b) Serán admisibles as obras de reestruturación que non afecten a máis do cincuenta por cento (50%) da superficie construída do edificio.

- c) Poderán autorizarse a nova implantación ou o cambio de usos entre os que o Plan contemple como permitidos na ordenanza de aplicación, sempre que dita edificación se atope en condicións de seguridade, salubridade e solidez.
- d) En virtude da disposición Transitoria 4ª da lei 9/02, modificada pola L15/04; as construcións executadas en solo rústico con amparo de licenza urbanística e preceptiva autorización autonómica poderán manter o seu uso autorizado, e poderán executarse nas mesmas obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, aínda sen cumprir as condicións de edificación e uso da lei 9/02.  
Así mesmo poderán ser autorizadas obras de ampliación nas condicións de dita disposición transitoria 4ª

## **DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Muxía foi aprobado provisionalmente en data 28 de abril de 2007 polo pleno do concello. Posteriormente aprobáronse novas leis, plans e instrumentos de ordenación do territorio que relaciónanse a continuación, que inciden directamente sobre as determinacións do PXOM e que é preciso contemplar tanto na normativa como nos planos de ordenación.

- a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- a Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo de Costas
- o Plan Hidrolóxico Galicia Costa (RD 1332/2012)
- o Proxecto Sectorial de Parque Eólico Muxía I (1 de agosto de 2012)
- o Proxecto Sectorial de Parque Eólico Muxía II (22 de novembro de 2012)
- o Plan de Ordenación do Litoral (D 20/2011 de 10 de febreiro)
- as Directrices de Ordenación do Territorio (D 19/2011 de 10 de febreiro)
- a Ampliación da Rede Natura 2000 (decembro de 2011)

No que respecta ás DOT, compre esclarecer que tal coma se recolle na Determinación 10.2.5 das mesmas, estas non son de aplicación ao plan:

*“As determinacións das DOT serán de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico, agás aqueles aprobados provisionalmente ou definitivamente á entrada en vigor das DOT.”*

Nas disposicións que se recollen de seguido, integranse no presente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Muxía, as determinacións recollidas nestas lexislacións, plans e instrumentos de ordenación.

Non obstante posteriormente a dita aprobación provisional, recibíronse os seguintes informes sectoriais, que fixeron preciso introducir cambios no documento da normativa, recolléndose éstos nos correspondentes artigos afectados:

- Informe da Secretaría Xeral de de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 10-09-15
- Informes da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información de data 27-02-15 e 24-03-15
- Informe da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e o Mar de 27-04-15

- Informes da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 21-05-15 e de 9-07-15
- Informe de Augas de Galicia de data 23-10-15
- Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en materia de costas previo á aprobación definitiva do PXOM de data 13-11-15

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PLANS EN TRAMITACIÓN:**

Segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre Planes en tramitación:

*“1. Los planes aprobados provisionalmente antes de la entrada en vigor de la presente ley, podrán **continuar su tramitación hasta su aprobación definitiva a tenor de lo dispuesto en la Ley 9/2002**, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia.”*

Polo tanto, continúaase coa tramitación do PXOM ao aveiro do establecido na Lei 9/2002, se ben, serán de aplicación as determinacións sinaladas na disposición transitoria primeira da nova redacción da LOUGA, para os municipios con planeamento no adaptado, para o solo de núcleo rural e solo rústico:

*“(…)*

*e) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, na delimitación dun núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, ou na da súa área de influencia, ou **na de expansión delimitada ao abeiro da Lei 9/2002**, do 30 de decembro, aplicaráselle o seguinte réxime:*

*Aos terreos incluídos na delimitación do núcleo rural, ou na da súa área de influencia, ou na de expansión, que presenten un grao de consolidación pola edificación inferior ao 50% da súa superficie, aplicaráselles o réxime establecido nesta lei para o núcleo rural común, polo que haberá que aterse ás determinacións contidas no planeamento vixente respectivo, coas seguintes especificacións que, en todo caso, deberán respectar as maiores limitacións establecidas no planeamento respectivo:*

- Parcela mínima: 500 m<sup>2</sup>.
- Altura máxima: B+1+Bc.
- Ocupación máxima: 40%.

*Aos terreos incluídos na delimitación do núcleo rural, ou na da súa área de influencia, ou na de expansión, que presenten un grao de consolidación pola edificación superior ao 50% da súa superficie, aplicaráselles o réxime establecido por esta lei para o núcleo rural común, polo que haberá que aterse ás determinacións contidas no planeamento vixente respectivo, coas seguintes especificacións, que, en todo caso, deberán respectar as maiores limitacións establecidas no planeamento respectivo:*

- Parcela mínima: 300 m<sup>2</sup>.
- Altura máxima: B+1+Bc.
- Ocupación máxima: 50%.

(...)

Aos terreos delimitados como solo de núcleo rural de conformidade co previsto no artigo 13º.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, na súa redacción anterior a esta lei, situados dentro da circunscrición do núcleo existente, aplicaráselles o réxime previsto no artigo 29º.1 desta lei.

(...)

f) Ao solo clasificado polo planeamento vixente como non urbanizable ou rústico aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo rústico.”

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. PARQUES EÓLICOS:**

En relación aos Proxectos Sectoriais de Parque eólico, Muxía I e Muxía II (nas parroquias de Moraime, Morquintián, Bardullas, Frixe e Nemiña) promovidos pola sociedade Desenvollos Eólicos S.A e aprobados definitivamente no Consello da Xunta o 1 de agosto de 2012 e do 22 de novembro do mesmo ano respectivamente, incluíronse nos planos de ordenación do termo municipal do presente PXOM, os ámbitos de terreo reservados para estas instalacións, así coma a envolvente poligonal do solo rústico de protección de infraestruturas, segundo a información recollida nos correspondentes Proxectos Sectoriais:

- Radio de 200 m entorno aos aeroxeradores
- Distancia de 3 m a cada lado do eixe da condución
- Liñas eléctricas:  $a = (1,5 + V_{kv})/100$  , cun mínimo de 2 m
- Edificio de control e subestación: 10 m
- Edificacións secundarias: 5 m

Igualmente incorpóranse ao presente plan, as determinacións normativas establecidas nos devanditos Proxectos Sectoriais.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. PROTECCIÓN DA PAISAXE:****Normas de protección dos recursos paisaxísticos.****1.- Aplicación e principios xerais:**

As presentes normas para a protección e o tratamento dos recursos paisaxísticos do concello de Muxía, establécense como marco de referencia en materia de ordenación e xestión da paisaxe municipal e, especialmente, nas materias relacionadas coas actuacións sometidas a licenza urbanística, sendo de aplicación directa as contidas no presente artigo, segundo a estrutura que se expón no punto seguinte:

- Aplicaranse as directrices xerais da lexislación vixente en materia de paisaxe
- Aplicaranse as directrices xerais e específicas dos plans sectoriais ou territoriais que conteñan regulación en materia de paisaxe. Compre sinalar que a Xunta está a desenvolver os Catálogos da Paisaxe, co fin de protexer, preservar e ordenar os elementos mais significativos e característicos das diferentes paisaxes da nosa Comunidade Autónoma. No denominado Mapa das Grandes Areas Paisaxísticas de Galicia, armazón desde a que se comezarán a elaborar os diferentes catálogos e directrices da paisaxe, recolle ao Concello de Muxía na Area “9. Chairas e Fosas Occidentais”, subáreas “9.3. Costa da Morte” e “9.5. Terra de Fisterra”.
- no que se refire a regulación do presente documento, establécense unhas condicións que se irán acumulando en función da situación ou clasificación aplicada aos terreos, comezando xerarquicamente por unhas condicións xerais aplicables a todo o concello e unhas específicas segundo a clase de solo recollidas –no seu caso- na ordenanza específica de aplicación.

Aos efectos de aplicación da protección paisaxística distinguirase entre o solo rústico e o resto do territorio pertencente aos núcleos de todo tipo existentes, tanto o solo urbano coma os núcleos rurais. Finalmente estableceráanse tamén condicións específicas para os ámbitos que se teñen que ordenar detalladamente, mediante instrumentos de desenvolvemento.

**2.- Normas Xerais de aplicación directa en todo o termo municipal:**

- Calquera intervención que se realice haberá de adaptarse ao ambiente no que se sitúe, para o que cumpriranse as condicións sinaladas no artigo 104

da LOUGA, así como as relativas ás condicións estéticas e tipolóxicas da presente normativa.

-Analizárase o impacto que sobre a paisaxe poidan ocasionar as novas actuacións, e no seu caso estableceranse as medidas correctoras precisas.

-Evitarase a afección sobre os elementos patrimoniais e buscarase a axeitada harmonización con eles

-En relación ás preexistencias existentes, deben incorporarse ao proxecto aqueles elementos que poidan ter valor, integrándoos na actuación e axudando a configuración do espazo. Para elo:

- Preservarase o medio rural e natural, coas súas sinais de identidade, tratándose de manter o espazo e as actividades agrarias cos seus elementos antrópicos históricos (peches, bancais, camiños tradicionais...).

- Atenderase especialmente á conservación de todos aqueles elementos arquitectónicos, arqueolóxicos ou etnográficos que poidan integrarse na proposta, prohibíndose expresamente a súa eliminación. Só se permitirá con carácter excepcional o traslado dalgúns elementos menores non catalogados, e sempre que interfiran inescusablemente na ordenación do espazo, debéndose xustificar esta circunstancia, caso a caso.

- Conservarase todos aqueles elementos vexetais que poidan integrarse na proposta, prohibíndose expresamente a eliminación de arborado autóctono ou de gran porte (sempre que non interfira inescusablemente na ordenación do espazo, debéndose xustificar esta circunstancia caso a caso).

- Preservarase os elementos topográficos preexistentes evitándose a eliminación de abas e resaltes do relevo, agás de forma puntual e coas accións de integración necesarias para non deteriorar a calidade paisaxística.

- Tentarase conservar a topografía orixinal do terreo, fuxindo dos grandes movementos de terras que alteren a configuración topográfica que de ser necesarias, deberán xustificarse axeitada e detalladamente.

### **3.- Condicións de protección do paisaxe no Solo Rústico**

Ademais das xa expostas normas de protección do medio natural e as recollidas no punto anterior, sinalanse na normativa específica do solo rústico, recollida no Capítulo V, a protección nos diferentes ámbitos segundo os seus valores intrínsecos, establecéndose as condicións en que poderán executarse as edificacións e desenvolverse os usos e actividades permitidos.

En calquera caso, toda actuación con incidencia no territorio en solo rústico, deberá cumprir as seguintes condicións particulares dada a súa posible incidencia paisaxística:

- Integrará a vexetación e arborado preexistente; e en caso de posible desaparición, por regulación sectorial, estableceranse as medidas correctoras e restauradoras precisas.

- En calquera caso utilizarase a vexetación e o arborado (tanto as existentes como as novas que se proxecten) como ferramenta de integración das actuacións no contorno natural ou antrópico.

- Con carácter xeral, manterase a paisaxe agropecuaria tradicional e característica dos espazos rurais, principalmente a imaxe do mosaico de cultivos tradicionais, as sebes arboradas e os peches preexistentes, pola súa contribución á variedade da paisaxe.

- Conservarase a paisaxe tradicional forestal, e potenciaranse as especies autóctonas.

- Os elementos tradicionais de construción do territorio, tales como muros, bancais, camiños tradicionais e outros análogos, incorporaranse como condicionante de calquera actuación, conservando e resaltando aqueles que favorezan a formación dunha paisaxe de calidade e propondo accións de integración necesarias para aqueles que o puidesen deteriorar. As accións de integración deberán ser coherentes coas características e o uso dos citados elementos artificiais, garantindo a reposición dos devanditos elementos cando resulten afectados pola execución de calquera tipo de obra.

- Limitaranse as actuacións que obstrúan vistas ou provoquen a fragmentación da paisaxe preexistente, así como a ruptura da secuencia visual que se percibe dende as vías de comunicación, especialmente daquelas con carácter paisaxístico.

- A implantación de usos ou actividades que polas súas características poidan xerar un importante impacto paisaxístico tales como canteiras, desmontes, etc., deberá realizarse de xeito que se minimize o seu impacto negativo sobre a paisaxe, debéndose xustificar expresamente este extremo nas correspondentes solicitudes de licenza, así como nos plans de restauración.

En Solo Rústico, sen prexuízo da aplicación das normas anteriores e as que sinala a LOUG, serán normas de aplicación directa para as construcións e edificacións as seguintes:

- As edificacións en Solo Rústico deberán ser acordes co seu carácter illado, harmonizando co ambiente rural e a súa contorna natural, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar mais apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía.

- As novas edificacións deberán ter todos os seus parámetros exteriores e cubertas terminadas, empregando formas, materiais e cores que favorezan unha mellor integración paisaxística, sen que iso supoña a renuncia a linguaxe arquitectónica algún.

- Evitarase a afección sobre elementos patrimoniais, as construcións situadas no contorno de construcións tradicionais e edificios de valor etnográfico ou arquitectónico deberán harmonizar con eles.

#### **4.- Medidas de adaptación e protección paisaxística nos núcleos**

Ademais das normas xerais de protección sinaladas anteriormente (Disposición adicional terceira 2.-), e as que con carácter particular se establecen nas normas concretas de aplicación no caso dos Núcleos de Identidade do Litoral (Disposición adicional carta 2.-), sinalase a continuación a normativa específica para calquera actuación que puidera afectar á percepción do espazo urbanístico dos núcleos existentes, tanto o solo urbano coma os núcleos rurais:

- O concello poderá, xustificadamente denegar ou condicionar calquera actuación que poida deteriorar a imaxe dos núcleos e asentamentos urbanizados en xeral. O condicionamento poderá referirse tanto ao uso coma as características estéticas e de composición, as dimensións volumétricas e materiais empregados, mesmo á vexetación ou calquera outro elemento que configure a imaxe dos núcleos.

- As construcións terán que harmonizar co contorno no que se sitúen para o que cumprirán os seguintes requisitos:

- As novas construcións e modificacións das existentes, deberán adecuarse ao deseño e composición do ambiente urbano e rural, segundo o disposto nas normas xerais relativas á edificación (Art 29.- a Art 31). A tales efectos o concello poderá esixir como documentación complementaria do proxecto de edificación a achega de análises de impacto sobre o contorno, con emprego de documentos gráficos do conxunto dos espazos públicos a que as construcións proxectadas desen fronte e outros aspectos desde os lugares que permitisen a súa vista.

- Nos lugares de paisaxe aberto e natural ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbano ou rurais de características histórico- artísticas, etnográficas ou tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto con interese paisaxístico, non se permitirá que a situación, masa, altura dos edificios, muros e peches, ou a instalación doutros elementos, limite o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompa a harmonía da paisaxe ou desfigure a perspectiva propia do mesmo.

- En todo o ámbito de solo clasificado como urbano e núcleo rural procurarase evitar as de novas instalacións aéreas de subministración de servizos públicos,

aplicándose, a este respecto, as condicións establecidas no Art 50 e Art 51 da presente normativa.

- No ámbito de solo urbano e nos núcleos rurais prohibese toda actividade publicitaria que xere afeccións á contorna e a percepción da paisaxe.

- Para a atenuación dos impactos negativos teranse en conta as seguintes normas:

- Nos edificios que conteñan elementos que non se integren no medio en que se insiran, a concesión de licenza de obras quedará condicionada á realización das obras que eliminen ou atenúen os impactos negativos que conteñan.

- A obriga de realizar as obras referidas no número anterior esixirase cando as obras solicitadas sexan de reestruturación ou cando sexan de igual natureza que as necesarias para eliminar os referidos impactos negativos.

- As obras de nova edificación deberán proxectarse tomando en consideración a topografía do terreo, a vexetación existente, o impacto visual da construción proxectada sobre o medio que a rodea e o perfil da zona, a súa incidencia en termos de soleado e ventilación das construcións das fincas lindeiras e, en vía pública, a súa relación con esta, a adecuación da solución formal á tipoloxía e materiais da área, e demais parámetros definidores da súa integración e no medio urbano.

- O Concello poderá esixir a inclusión na documentación coa que se solicite licenza, dun estudo de visualización e paisaxe urbana/rural no estado actual, e no estado futuro que corresponderá á implantación da construción proxectada.

- Para a mellora e recualificación da paisaxe e da imaxe urbana poderán redactarse Plans Especiais.

## **5.- Preexistencias nas parcelas**

- De existir na parcela construcións preexistentes (entendidas coma aqueles elementos determinantes para a configuración formal, funcional ou estrutural do territorio que constitúen a denominada paisaxe histórica), procurarase ser respectuoso con elas, tanto no que se refire á súa conservación como na harmonización do novo e o vello a través dun deseño axeitado e a correcta utilización de materiais e técnicas construtivas. Isto será de aplicación para todas as clases de edificacións complementarias, ou para construción de distinto uso, sexa cal sexa o seu estado e funcionalidade. En consecuencia prohibese o derribo sen o correspondente proxecto que xustifique os motivos e garanta que dito derrubamento non atenta contra o necesario mantemento ou transformación positiva das preexistencias do mundo rural.

- Na medida do posible as novas construcións deben ser respectuosas coa morfoloxía do terreo (cómaros, socalcos, muros, fontes, etc.) e as árbores, dentro

do que permitan as posibilidades construtivas e o programa de necesidades, sendo tratados como elementos enriquecedores para as novas vivendas ou a reforma das existentes.

## **6.- Condicións nas construcións auxiliares ou complementarias nos espazos libres de parcela**

Sempre que na ordenanza correspondente, se autoricen edificacións auxiliares ou complementarias á vivenda tales coma alpendres, garaxes, cortes, etc., ou elementos construtivos tales coma muros, valados, etc., estes adaptaranse aos seguintes criterios de adecuación ao contorno paisaxístico:

- presentarán un nivel de acabado adecuado e equiparable ao das edificacións as que dean servizo, harmonizando con elas en canto a materiais, tratamento de paramentos e cubertas ,e elementos en ocos de fachada. No caso do emprego de tixolo e bloque de formigón, será obrigatorio enfuscalos e pintalos exteriormente nos edificios, así coma exterior e interiormente nos muros e cercados.
- no caso de que estas edificacións estean situadas nos núcleos rurais ou no solo rústico, deberán adaptarse en calquera caso ao disposto para as condicións de tipoloxías de materiais, fachadas e cubertas especificadas no Art 31 para os núcleos rurais.
- cando formasen parte de conxuntos edificatorios ou se dispuxeran en parcelas con máis dunha edificación, as construcións auxiliares deberán localizarse no interior da parcela tentando buscar os lugares con menor incidencia na apreciación das restantes edificacións, tomando como punto de referencia, os espazos públicos que sexan máis frecuentados.
- no caso de que non existisen contraindicacións técnicas, sanitarias ou urbanísticas, as edificacións auxiliares poderán acaroarse a algunha das existentes, se desta forma se favorece a súa integración paisaxística.
- poderán establecerse medidas de integración paisaxística para aquelas construcións auxiliares que polas súas funcións ou polas características da localización se atopen illadas no interior dunha parcela, abrangendo ditas medidas dende plantacións de tipo ornato ata a adopción de solucións arquitectónicas ou construtivas que lle outorguen unha maior calidade formal á construción.

## **7.- Condicións dos peches de parcela**

- En correspondencia co establecido no artigo Art 30.- 16.- das Normas xerais relativas á edificación (ao que complementa este artigo), os elementos opacos dos peches de parcelas deberán realizarse con fábricas de pedra, fábricas rebocadas

(ou con acabado de calidade fabricados co fin de seren vistos), madeira, ou metais (nobres á vista ou outros pintados ou recubertos), complementadas no seu caso por elementos vexetais.

- Os elementos metálicos protexeranse da corrosión, e pintaranse en cores escuras ou branco, sendo repostos por elementos de similares características cando presentes desperfectos importantes non reparables.

- Os elementos vexetais que formen parte dun peche de finca, haberán de manterse a través das preceptivas labores de poda, evitando en todo caso que afecten ao espazo público adxacente.

- En peches non opacos evitarase o apantallamento por elementos non vexetais.

-Os cerramentos de fábrica deberán manterse en condicións óptimas de conservación, incluíndo o revoco e pintura que fora establecidas na licenza de obras.

.- O deseño dos peches definitivos de parcelas en calquera clase de solo procurárase incluír nos proxectos de obra ou de actividades, co fin de que o deseño harmonice formalmente coas construcións e os espazos libres privados da parcela, así como coas características escénicas do contorno.

## **8.- Medidas de protección paisaxística nos instrumentos de desenvolvemento**

Para os plans e documentos de desenvolvemento establécense unha serie de obxectivos e medidas de harmonización, ademais das expostas na Memoria Xustificativa do PXOM (apartado 1.7), que se recollen a continuación, tendo en conta os condicionantes paisaxísticos que se deben incluír nos documentos de proxección e concepción destes.

As condicións do presente artigo serán de aplicación a todos os instrumentos e plans de desenvolvemento que teñan que establecer a ordenación detallada dos ámbitos respectivos, e aqueles outros sobrevidos e non contemplados no PXOM (coma posibles plans especiais)

En relación ás preexistencias existentes no ámbito, no deseño do espazo libre teranse en conta todos aqueles elementos existentes no territorio que conforman o substrato do mesmo, valorándoos axeitadamente e integrando na proposta de ordenación todos aqueles que pola súa singularidade como elemento independente ou coma conxunto poidan axudar a configurar o espazo, debendo terse en conta os criterios establecidos na Disposición adicional terceira 2.-

As medidas xerais a adoptar son:

- Minimizar as afeccións sobre o medio, racionalizando o seu uso, evitando na medida do posible a súa transformación, e conservando en todo caso os seus

trazos mais salientables (que non sexan xustificadamente incompatibles coa ordenación), mantendo a funcionalidade dos ecosistemas.

-Valorizar os trazos característicos da paisaxe, integrando os elementos estruturais do territorio tales como camiños, regos, vexetación, e demais elementos salientables na ordenación proposta.

- Configurar un modelo de organización, uso de materiais, volumes e texturas, que cunha linguaxe contemporánea harmonicen cos existentes. Porase especial atención nos contornos dos ámbitos, buscando a integracións cos mesmos e unha transición adecuada, na que o viario e os espazos dotacionais xogan un papel fundamental

- A nova ordenación evitará o impacto visual dos volumes proxectados, integrándoos no perfil da zona

- Controlaranse os efectos da ordenación na topografía, evitando os grandes movementos de terras e buscando unha axeitada adaptación ao terreo, empregando a topografía como un elemento de proxecto e integración paisaxística, buscando as mellores condicións de visibilidade- camuflaxe, e transicións entre espazos, etc.

- As intervencións na paisaxe velarán polo mantemento da vexetación de porte arbóreo e arbustivo preexistente, salvo que se xustifique o contrario. En caso de alteración incluíranse medidas compensatorias.

- Empregar a vexetación como instrumento de ordenación para acadar os efectos ambientais e paisaxísticos buscados: protección, camuflaxe, simbiose, asolamento, etc., utilizando especies autóctonas e integrando a vexetación preexistente

- Empregar os espazos libres como elemento estruturador do espazo exterior nos ámbitos de ordenación unitaria, proxectando unha rede de espazos libres de continuidade e conexión co contorno.

- Empregar ao sistema viario como elemento a valorar e integrar na paisaxe, mediante a súa adaptación ao territorio, o axuste das súas dimensións e os diferentes espazos que o configuran, incorporando elementos de pavimentación, vexetación, servizos (sobre todo no que respecta á iluminación), mobiliario, etc. que contribúan a valorizalo, favorecendo o uso peonil, sobre todo nas zonas urbanas e de asentamentos rurais.

Os plans de desenvolvemento xustificarán a consecución da súa integración paisaxística cos espazos urbanizados do seu contorno, mediante os correspondentes estudos de impacto e integración paisaxística. Igualmente incluírán unha memoria xustificativa específica que valore o cumprimento dos criterios expostos no presente artigo.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL CARTA. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL:**

O Plan de Ordenación do Litoral (POL), aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

O POL abranguerá o territorio de todos os municipios costeiros de Galicia entre os que se atopa Muxía. Non será de aplicación na parte do termo municipal non incluído dentro das cuncas vertentes definidas na cartografía do mesmo, nin nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor ou que adquiran esa clasificación en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión daquel.

Para xustificar e clarificar a compatibilidade entre as determinacións do POL coa proposta de ordenación do PXOM, realízanse unha serie de planos nos que crúzase a proposta de ordenación do plan xeral coas áreas do POL.: Planos de Ordenación: Ordenación do termo municipal- coherencia co Plan de Ordenación do Litoral. Igualmente recóllese no documento da Memoria Xustificativa do Plan (D.III), un apartado específico para avaliar a adaptación do PXOM ao POL (apdo.1).

Recóllese coma Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais os Espazos de Interese de Protección de Ladeira, Xeomorfolóxico e de Taxón, do Plan de Ordenación do Litoral.

Igualmente protéxense coma Solo Rústico de Protección Paisaxística os Espazos de Interese de Protección Paisaxística:

- Monte Buitra e Cachelmo
- Cabo Touriñán
- Cantís de Viseo
- Monte Gordo
- Punto e Monte do Lago
- Monte Corpiño

En canto ao **réxime de usos** nas partes do territorio situadas dentro das **zonas continuas ou descontinuas do POL** será a combinación máis restritiva de ambos réximes (clasificación PXOM –regulada no C A P I T U L O V - e zonas POL - **reguladas nos seus artigos 46 a 59-**). No caso da superposición de áreas continuas e descontinuas sobre o mesmo espazo territorial, aplicarase a

combinación máis restritiva dos tres réximes (PXOM, áreas continuas e descontinuas). No caso das zonas descontinuas do POL, en que o PXOM varíe esa delimitación (facéndoa máis precisa no detalle, segundo posibilita o propio POL) aplicarase igualmente a combinación máis restritiva, pero tomando para as zonas descontinuas a delimitación que finalmente estableza o PXOM.

En todo caso, as determinacións contidas no POL establécense no marco da ordenación territorial e enténdense sen prexuízo doutras máis restritivas que puidesen vir impostas pola lexislación sectorial, así como polo planeamento municipal. En concreto, a normativa contemplada neste instrumento de ordenación do territorio integrárase con especial atención no contexto da Lei de Costas, que será de directa aplicación na medida en que implique un réxime máis restritivo que o previsto neste Plan (art. 5.2 da normativa do POL).

A continuación inclúense unha serie de normas adicionais ás establecidas na presente normativa e ás do propio POL, en relación á protección dos recursos paisaxísticos e de protección do Litoral, en consoancia cos obxetivos e modelo territorial proposto no mesmo. Igualmente incorpóranse no Anexo II- Fichas de solo urbano non consolidado e no Anexo III- Fichas dos núcleos de identidade do Litoral, unha serie de condicionantes, no mesmo sentido.

## **Normas de protección do litoral- Plan de Ordenación do Litoral**

### **1.- Aplicación**

As presentes normas para a protección e o tratamento dos recursos de todo tipo existentes no litoral costeiro do concello de Muxía, establécense como marco de referencia en materia de ordenación e xestión das actuacións sometidas a licenza urbanística, dentro do ámbito territorial de afección do POL neste concello.

Dada a existencia de cruzamentos que se dan entre as clases e categorías do PXOM e as distintas áreas que o POL define, establécense neste artigo as condicións aplicables, en cada caso.

Con carácter xeral, nas zonas consolidadas dos núcleos de poboación (urbano e rurais) aplicaranse directamente as determinacións do PXOM (que xa tivo en conta na súa ordenación os criterios de actuación do POL nestas zonas, tal coma se recolle no documento da Memoria Xustificativa), coas particularidades que se poden derivar no caso dos Núcleos de Identidade do Litoral, que se regula separadamente no seguinte apartado. No que se refire aos ámbitos de

planeamento de desenvolvemento, establecerán a ordenación pormenorizada, debendo someterse durante a súa tramitación a informe do organismo que tutela o POL, garantíndose de esta maneira a súa integración final. No caso do solo rústico aplicaranse as determinacións mais restritivas entre ambos documentos.

En resumo, os diferentes parámetros a regular de xeito independente no PXOM, son os seguintes:

- Regulación dos Núcleos de Identidade do Litoral segundo os artigos 17 e 42 da normativa do POL.
- Regulación dos usos en solo rústico segundo os artigos 46 a 59 do POL
- Consideracións paisaxísticas segundo se recolle nos artigos 73 a 78 do POL

## **2.- Regulación dos Núcleos de Identidade do Litoral (NIL)**

Os Núcleos de Identidade do Litoral son aqueles asentamentos tradicionais de carácter fundacional definidos polo POL (art. 17 da normativa do mesmo) cuxa localización estratéxica no bordo costeiro e a súa vinculación co mar lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico.

A súa delimitación reflíctese nos planos de ordenación do PXOM, abranguendo tanto o propio núcleo como o espazo circundante que conforma tanto o seu fronte como o seu fondo escénico. Son catro: a vila urbana de Muxía e os núcleos rurais de Merexo, Lourido, e o conxunto formado por Nemiña- Vilela de Nemiña- Talón.

Na ordenación destes núcleos tivéronse en conta as pautas sinaladas no artigo 42 do POL, así coma as complementarias expostas na memoria xustificativa (apartado 1.5. relativo aos Núcleos de Identidade do litoral e 1.7 sobre determinacións nos ámbitos de planeamento, no referente ao solo urbano non consolidado) que establécense como determinacións de aplicación (recollidas tamén nas fichas dos NIL no anexo III).

## **3.- Regulación dos usos en solo rústico no ámbito do POL**

A regulación dos usos en Solo Rústico recóllese no artigo Art 73 da presente normativa e incorpora as determinacións e limitacións de usos contempladas no POL segundo a área, nos seus artigos 46 a 59. A superposición do PXOM e do POL, recóllese no xogo de planos de coherencia co POL, onde se reflicten as delimitacións de ambos documentos.

#### **4.- Regulación da protección paisaxística no ámbito do POL**

No que se refire á protección da paisaxe regularase segundo o establecido con carácter xeral na lei de Protección da Paisaxe de Galicia, coas precisións establecidas polo POL (artigos 73 a 78) e as determinacións máis concretas da presente normativa, recollidas na presente Disposición adicional terceira do PXOM, que regula en detalle as condicións paisaxísticas nas diversas situacións ou clases de solo.

Cando, como consecuencia da regulación aplicable, sexa preciso avaliar os impactos que as actuacións ou proxectos considerados poidan provocar na paisaxe, será necesaria a redacción dun Estudo de Impacto e Integración Paisaxística -EIIP-, segundo as determinacións que para estes instrumentos se recollen no artigo 11 da lei de Protección da Paisaxe de Galicia, e as precisións establecidas polo POL (no seu artigo 78), así como a guía para a elaboración dos citados EIIP publicada por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

#### ***DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. AMPLIACIÓN REDE NATURA:***

Inclúese no presente PXOM, coma Solo Rústico de Espazo Natural a Proposta de ampliación da Rede Natura (de decembro de 2011), recolléndose a ampliación do LIC da “Costa da Morte”, e os novos LIC do Río Castro e LIC do Río Grande.

A Coruña, abril de 2.016  
O DIRECTOR DO EQUIPO

D. Angel Delgado Cid  
Colexiado nº 4.657

**ANEXO I**  
**ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS**

## ANEXO I

### **ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS**

Establécese o presente anexo en cumprimento da Lei 8/1997 de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas (en adiante LASB), do Decreto 35/2000, Regulamento que desenvolve a lei anterior (RASB), o Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, de Condicións básicas de Accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos e edificacións e a Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, tal e como prevé a disposición final carta do Real Decreto 505/2007.

Así mesmo en relación á accesibilidade nos edificios é de aplicación o Real Decreto 173/2010, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, nas condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos edificios.

Do Art.5 da Lei dedúcese a necesidade de diferenciar entre a urbanización, vías públicas, parques, espazos de uso público, servizos e mobiliarios urbanos, existentes á entrada en vigor da presente normativa, e a futura urbanización que se poida construír e desenvolver no futuro, en desenvolvemento do Plan Xeral.

#### **1.- Adaptación da urbanización existente á lexislación sobre accesibilidade e supresión de barreiras.**

O Art. 13 do RASB establece as pautas mediante as cales deben adaptarse as vías públicas e espazos libres de uso público.

O proceso de adaptación regularase mediante plans especiais de actuación nos núcleos rurais.

##### **1.A. Adaptación solo urbano de Muxía.**

No núcleo urbano de Muxía, como norma xeral, as rúas principais non presentan problemas derivados de motivos técnicos ou dificultades físicas que imposibiliten a adaptación, xa que as pendentas e os anchos de rúa solen ser suficientes.

De todas formas, nalgún caso haberá de substituírse o concepto de practicable polo de adaptado cando as condicións así o aconsellen.

O proceso de adaptación haberá de comezar por aquelas vías de maior densidade de utilización, que conectan equipamentos e servizos públicos.

#### 1.B. Adaptación no ámbito dos núcleos rurais.

Será preciso un estudo individualizado de cada un dos núcleos delimitados, de forma que se poña de manifesto as necesidades reais de adaptación en función do grado de urbanización de cada un de eles, a súa relación co medio físico e natural e calquera outro condicionante existente.

### **2.- Adecuación do Plan Xeral aos criterios fixados na lexislación sobre accesibilidade.**

O Planeamento Xeral haberá de marcar os aspectos básicos referentes a accesibilidade de forma que os instrumentos que os desenvolvan poidan profundizar nos mesmos e dar cumprimento ás disposicións fixadas regulamentariamente.

A Lei establece os elementos integrantes dos espazos obxecto de aplicación: itinerarios peonís e mixtos; parques, xardíns e espazos libres de uso público; aparcadoiros; elementos de urbanización e mobiliario urbano.

#### 2.A.-Condicións de accesibilidade nos itinerarios.

Se establece no Art 53.- un cadro coas seccións tipo para as rúas de nova apertura.

As medidas contempladas no ancho de beirarrúa e pendente máxima garanten o cumprimento das condicións regulamentarias.

Os correspondentes proxectos de urbanización desenvolverán aqueles aspectos que lle son propios dando cumprimento ao regulamentado.

#### 2.B.- Condición de accesibilidade en parques, xardíns e espazos libres.

Os espazos integrantes do sistema xeral e local de espazos libres, reunirán as condicións de superficie e topografía que fagan posible o cumprimento da lexislación de accesibilidade.

## 2.C.-Condición de accesibilidade dos aparcadoiros.

As zonas reservadas a aparcadoiros vinculadas maiormente a rede viaria, reunirán as condicións reguladas na lexislación sobre accesibilidade.

Cumpriranse as dimensións establecidas no art. 35 da Orde VIV561/2010, en canto a dimensións mínimas das prazas de aparcadoiro para minusválidos:

- As prazas dispostas en perpendicular e en diagonal terán unha dimensión mínima de 5,00 x 2,20 e dispoñerán dunha zona de aproximación e transferencia lateral de lonxitude igual á praza e ancho 1,50 m. que poderá ser compartido por dúas prazas adxacentes.
- As prazas dispostas en liña terán as mesmas dimensións e unha zona de transferencia e aproximación posterior de ancho igual á praza e lonxitude mín. 1,50 m. acceso correspondente dende a beirarrúa:

## 2.D.-Características dos elementos de urbanización e mobiliario urbano.

Os proxectos de urbanización ou dotación de servizos, desenvolverán aqueles aspectos que garantan o cumprimento do código de accesibilidade.

As dimensións establecidas polo presente plan para seccións de rúa, garanten a posibilidade de correcta situación do mobiliario urbano e dos servizos. Concretamente respectarase un paso libre de obstáculos de 1,80 m de ancho por 2,20 m de alto


**ANEXO II**  
**FICHAS URBANO NON CONSOLIDADO**

SOLO URBANO NON CONSOLIDADO		AREA DE REPARTO: 1		POLÍGONO: P1		SITUACIÓN PLANOS 1:1000 5.1.1			
Superficie total aproximada				4.506 m <sup>2</sup>		Superficie neta		4.506 m <sup>2</sup>	
Sup. viario, infraestruturas, dotacións que se manteñen e d.p.hidráulico:				0				m <sup>2</sup>	
CESIÓN		Sistema xeral (m <sup>2</sup> )	Sistema local (m <sup>2</sup> )	APROVEITAMENTO LUCRATIVO:					
Rede viaria			1.089	Edificabilidade		0,60		m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	
Zonas verdes			60 m <sup>2</sup> /100 m <sup>2</sup> edif	Superficie edificable		2.720		m <sup>2</sup>	
Equipamentos			0	Superficie máxima					
Infraestruturas				TOTAL SUP. PÚBLICA		TOTAL SUP. PRIVADA		m <sup>2</sup>	
USO CARACTERÍSTICO			TIPOLOXÍA CARÁCTERÍSTICA			SISTEMA DE XESTIÓN			
Residencial			Plurifamiliar entre medianeiras			Compensación ou concerto			
OUTRAS DETERMINACIÓNS:									
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ordenanza aplicación: Casco Antigo</li> <li>• Altura máxima B+2 (con fronte ás vías existentes) e B+1 (resto do polígono)</li> <li>• A cesión de zona verde situarase obrigatoriamente ocupando todo o ámbito entre o vial de nova creación e o SXZV-11, o sobrante localizarase entre na zona grafada no plano.</li> <li>• Reserva para vivenda protexida: estarase ao establecido no artigo 47 da LOUGA</li> <li>• Estarase ao establecido no artigo 30 da Lei de Costas, evitándose a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes</li> <li>• Estarase ao establecido no Art 61.- 4.-.- referente á protección de zonas inundables e aos desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM</li> <li>• A rede de abastecemento e saneamento conectarase ás redes existentes do concello para o que será preciso contar co informe da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes é suficiente para asumir os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia. No suposto de que sexa necesario reforzar a captación para garantir o abastecemento, tramitarase a correspondente concesión de augas ante Augas de Galicia, de acordo cos artigos 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas.</li> <li>• O tratamento do viario de nova creación coidará a súa urbanización prohibíndose para a súa pavimentación materias de tipo bituminoso utilizando preferentemente un adoquinado ou material similar permeable, que permita a diminución da escorrenta e a sedimentación das partículas e contaminantes arrastrados pola auga (ARPSI Costeira Art 61.- 5.-). Os báculos empregados serán de tipo ornamental</li> <li>• O planeamento de desenrolo deberá xustificar o cumprimento das Normas de protección dos recursos paisaxísticos reguladas na Disposición adicional terceira normativa do PXOM, así como as Normas de Protección do Litoral (POL) reguladas na Disposición adicional carta, e as determinacións establecidas nos apartados 1.5.1 e 1.7 da Memoria Xustificativa. Igualmente deberá xustificar os criterios específicos aplicables dos recollidos no artigo 61 da Normativa do POL, así como a necesidade de preservar os usos e elementos para a valoración que constan na cartografía do POL.</li> <li>• Na tramitación do PERI solicitarase o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación co POL e os informes preceptivos en materia de costas</li> </ul>									

<b>SOLO URBANO NON CONSOLIDADO</b>	<b>AREA DE REPARTO:</b> <b>1</b>	<b>POLÍGONO:</b> <b>P1</b>	<b>SITUACIÓN PLANOS 1:1000</b> <b>5.1.1</b>
------------------------------------	-------------------------------------	-------------------------------	--

OBSERVACIÓNS:

Plano sen escala




SOLO URBANO NON CONSOLIDADO		AREA DE REPARTO: 1		POLÍGONO: P2		SITUACIÓN PLANOS 1:1000 5.1.3	
Superficie total aproximada		7.019 m <sup>2</sup>		Superficie neta		7.019 m <sup>2</sup>	
Sup. viario, infraestruturas, dotacións que se manteñen e d.p.hidráulico:		0				m <sup>2</sup>	
CESIÓNS	Sistema xeral (m <sup>2</sup> )	Sistema local (m <sup>2</sup> )	APROVEITAMENTO LUCRATIVO:				
Rede viaria		1.580	Edificabilidade		0,82		m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Zonas verdes		7 m <sup>2</sup> /100 m <sup>2</sup> edif	Superficie edificable máxima		5.722		m <sup>2</sup>
Equipamentos		30 m <sup>2</sup> /100 m <sup>2</sup> edif					
Infraestruturas							
TOTAL SUP. PÚBLICA			TOTAL SUP. PRIVADA			m <sup>2</sup>	
USO CARACTERÍSTICO		TIPOLOXÍA CARÁCTERÍSTICA			SISTEMA DE XESTIÓN		
Residencial		Plurifamiliar en bloque			Compensación ou concerto		
OUTRAS DETERMINACIÓNS:							
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ordenanza de aplicación: Residencial en Media densidade</li> <li>• Altura máxima B+2</li> <li>• Prohíbese a edificación con fronte á rúa Muíño do Vento e considerarase a efectos edificatorios (medición do fondo edificable, medición de alturas, etc) a rúa de nova apertura. Os edificios deberán ser respectuosos e coherentes coa topografía do terreo de modo que non rompan a imaxe do núcleo urbano pois pola súa localización serán visibles dende a costa. Tampouco haberán de supor unha barreira visual e física, mantendo a permeabilidade e visibilidade dende a mesma cara o litoral. Para isto, fraccionaranse neste tramo (entre a rúa de nova apertura e a rúa de Muíño do Vento) os bloques edificables deixando espazos valeiros entre eles, non permitíndose en todo caso, a construción dun único bloque. O fondo máximo edificable neste tramo en planta será de 12 m, permitíndose en planta soto o de 16 m, para evitar excesivos movementos de terra. O espazo libre resultante acondicionarase e axardinarase adecuadamente. A localización do sistema local de equipamentos farase preferentemente a continuación do sistema xeral de equipamento existente, sendo en todo caso respetuoso coa topografía, evitando grandes movementos de terra.</li> <li>• Reserva para vivenda protexida: estarase ao establecido no artigo 47 da LOUGA</li> <li>• Estarase ao establecido no artigo 30 da Lei de Costas, evitándose a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes</li> <li>• Estarase ao establecido no Art 61.- 4.-referente á protección de zonas inundables e aos desenvolvementos urbanísticos derivados do PXOM</li> <li>• A rede de abastecemento e saneamento conectarase ás redes existentes do concello para o que será preciso contar co informe da empresa xestora dos servizos municipais indicando que a capacidade das redes é suficiente para asumir os novos caudais xerados de acordo co establecido no artigo 64.h da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia. No suposto de que sexa necesario reforzar a captación para garantir o abastecemento, tramitarase a correspondente concesión de augas ante Augas de Galicia, de acordo cos artigos 54 e 59 do texto refundido da Lei de Augas.</li> <li>• Empregaranse pavimentos permeables, que permitan a diminución da escorrenta e a sedimentación das partículas e contaminantes arrastrados pola auga (ARPSI Costeira, Art 61.- 5.-).</li> <li>• O planeamento de desenrolo deberá xustificar o cumprimento das Normas de protección dos recursos paisaxísticos reguladas na Disposición adicional terceira da normativa do PXOM, así como as Normas de Protección do Litoral (POL) reguladas na Disposición adicional carta, e as determinacións establecidas nos apartados 1.5.1 e 1.7 da Memoria Xustificativa. Igualmente deberá xustificar os criterios específicos aplicables dos recollidos no artigo 61 da Normativa do POL, así como a necesidade de preservar os usos e elementos para a valoración que constan na cartografía do POL.</li> <li>• Na tramitación do PERI solicitarase o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en relación co POL e os informes preceptivos en materia de costas</li> </ul>							

<b>SOLO URBANO NON CONSOLIDADO</b>	<b>AREA DE REPARTO: 1</b>	<b>POLÍGONO: P2</b>	<b>SITUACIÓN PLANOS 1:1000 5.1.3</b>
--	-----------------------------------	-------------------------	--

OBSERVACIÓNS:

Plano sen escala



**ANEXO III**  
**FICHAS NUCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL**

<b>FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL</b>		
PARROQUIA: MUXÍA		
NÚCLEO: MUXÍA	SITUACIÓN PLANOS 1:1000	4.1.1/ 4.1.2/ 4.1.3
<p><b>Propostas ou actuacións necesarias e criterios de ordenación:</b></p> <p>En relación ao solo rústico circundante:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A través da clasificación en solo rústico de protección de costas, de espazos naturais e paisaxística búscase preservar estes espazos de ocupación edificatoria ao tempo que se protexen os valores definidos nas mesmas (recollidos tanto no estudo do medio rural e o estudo de sostibilidade ambiental coma no apartado da presente memoria relativo aos solos rústicos mencionados, apdos. 3.4.2.5. - a 3.4.2.7. - )</li> <li>• Igualmente preténdese pór en valor esta zona a través dos Sistemas Xerais de Zonas Verdes propostos, o SXZV- 8 de Paseo do Coído e o PESXZV- 4 de Parque Etnográfico, situados en contacto coa parte norte e oeste do núcleo urbano de Muxía, ao carón do Santuario da Virxe da Barca, nunha zona onde conflúen varias clasificacións de Solo ( Solo Rústico de Protección de Costas, de Protección de Espazos Naturais, de Protección Paisaxística e o de Protección de Histórico- Artístico).</li> </ul> <p>O obxectivo principal destes é darlle continuidade ao paseo marítimo do Coído aproveitando a existencia das sendas peonís que existen entre os muros tradicionais de pedra que cercaban as terras adicadas á agricultura e conservar no posible estes peches tradicionais que forman parte da cultura etnográfica de Muxía. Ao tempo revalorizarase esta parte do casco urbano que sempre foi a traseira da vila. Preténdese así que Muxía na súa aproximación ao mar o faga de dúas maneiras, no lado mais urbano a través dun espazo máis antropizado, cun paseo marítimo (incluído no porto) a existencia de terrazas, equipamentos,... e na outra parte do núcleo estaría este espazo verde nun estado máis próximo á natureza, onde a intervención do home non é tan forte.</p> <p>Acondicionaranse para isto as sendas peonís existentes que farán de paseo- parque e así có aproveitamento destes camiños existentes permitir a aproximación ao mar.</p> <p>En relación ao casco urbano:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Amplíase a zona de casco antigo existente nas NNSS do 1996 co obxectivo de manter e recuperar tanto a morfoloxía dos cheos e baleiros do tecido urbano como a tipoloxía tradicional das edificacións.</li> <li>• Os mecanismos empregados dende o Plan Xeral serán as aliñacións e as ordenanzas, que pretenden evitar a degradación arquitectónica e espacial destas zonas sendo respectuosas coa trama urbana, mantendo e potenciando unha pequena rede de rúas de escala axeitada onde convive o tráfico peonil e rodado, buscando a cualificación do espazo urbano creando pequenas descompresións que permitan a formación de prazoletas, e conservando os seus trazos máis característicos (ocupación, tipoloxía, etc.).</li> </ul> <p>As ordenanzas específicas entre outras cousas reforzan o uso de elementos típicos de Muxía, e prohíbe outros que non forman parte da súa tipoloxía característica. Preténdese que os edificios antigos e a estrutura do casco antigo se conserven ao máximo, fomentando a rehabilitación das edificacións tradicionais fronte ás de nova construción.</p> <p>A través da delimitación dos fondos edificables búscase conservar a estrutura de cheos e baleiros deste casco antigo, seguindo o criterio de manter a dimensión das edificacións tradicionais e marcar, no resto das parcelas un fondo máximo de 10 m, sempre que se manteña un patio de mazá de ao menos 6 m, por considerar que as parcelas que teñen un ancho suficiente non se deben de colmatar coa edificación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Búscase nos puntos de contacto das ordenanzas de casco antigo con outras, un tratamento especial para facer unha transición o mais suave posible.</li> <li>• Igualmente ampliouse o número de elementos de catálogo, algunhas polo seu valor arquitectónico singular, e outras polo valor global da súa escala ou do conxunto que forman.</li> </ul>		

<b>FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL</b>	
PARROQUIA: MUXÍA	
NÚCLEO: MUXÍA	SITUACIÓN PLANOS 1:1000 4.1.1/ 4.1.2/ 4.1.3
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proponse a rehabilitación e conservación dos grupos de construción que manteñen a tipoloxía e estrutura orixinaria, reforzando a súa identidade e preservando a caracterización da súa zona tradicional</li> <li>• En toda a vila procurárase esponxar o tecido urbano, facendo unha transición de densidades dende a cidade compacta ata ao borde urbano, dotándoa de espazos libres e con ordenanzas e edificabilidades que sexan compatibles coa realidade detectada.</li> </ul> <p>Aparecen unhas zonas de baixa densidade distribuídas por todo o núcleo e que presentan características diferenciadas:</p> <p>A zona oeste do núcleo urbano que é a que está en contacto coa costa é de baixa densidade para así suavizar a transición co casco antigo evitando as presións urbanísticas que poida ter unha zona tan privilexiada e poder mellorar a fachada cara o mar. Búscase dar unha nova imaxe a esta parte do núcleo creando rúas que pola súa dimensión permitan a colocación de árbores a formación de prazas que fan que a transición entre o núcleo e o futuro paseo peonil integrado no tamén futuro Parque Etnográfico sexa o máis cualificado posible.</p> <p>Igualmente a zona situada entre o casco antigo e o Monte do Corpiño será de baixa densidade para facer unha transición que é máis axeitada entre as dúas clasificacións do solo.</p> <p>Ao SO do núcleo que está en contacto co solo rústico recibirá tamén este tratamento polas condicións topográficas onde se atopa pois debido ao desnivel existente propoñer edificacións coa altura permitida en media densidade xeraría un impacto visual moi agresivo e pouco respectuoso co medio que as rodea.</p> <p>A media densidade constitúea o resto da edificación e fórmaa a parte do solo urbano que é de máis recente construción e ten un grao de consolidación máis elevado e ao mesmo tempo contén os edificios de maior altura de Muxía.</p> <p>Creouse unha nova ordenanza, a de residencial en ringleira para recoñecer unha realidade, na entrada do casco urbano, que alberga os dous grupos de vivendas de mariñeiros. Trátase dunha tipoloxía diferente que require unha actuación tamén diferenciada que intenta respectar esta realidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Búscase recuperar a vinculación histórica de Muxía co seu porto e polo tanto co mar (que xerou un maior desenvolvemento edificatorio na fachada marítima). Por isto procurárase abrir o pobo cara a zona portuaria, pensando neste espazo como lugar de ocio e recreo especialmente despois da actuación levada a cabo por Portos de Galicia nesta zona.</li> <li>• Dotase de espazos verdes de sistema xeral a zona do Monte do Corpiño e a zona oeste do núcleo urbano no seu contacto co mar, buscando que o borde marítimo teña unha continuidade en todo o núcleo. Búscase polo tanto a unión do Paseo do Coído co paseo peonil que xa está comezado ao Oeste da Punta da Barca a través dun Parque Etnográfico que aproveite a estrutura de peches de pedra e xere un paseo peonil que non sexa agresivo co entorno e aproveite os carreiros existentes.</li> <li>• Fomentarase a calidade e estética do medio urbano para protexer, manter e mellorar os valores paisaxísticos do núcleo, aplicando as condicións xerais paisaxísticas, estéticas e tipolóxicas da normativa do PXOM e do Catálogo (ampliables no planeamento previsto ou sobrevido)</li> <li>• Axustaranse as tipoloxías edificatorias dos desenvolvementos harmonizando os volumes edificatorios, os modelos e tipoloxías de ocupación do territorio integrando todas as actuacións na paisaxe, sobre todo nos espazos pendentes de transformación ou complemento da trama urbanística (urbano non consolidado )</li> <li>• A ordenación urbanística será consecuente co remate intersticial e coa integración das tramas existentes, así como coas necesidades dotacionais e de espazos libres de cada zona.</li> </ul>	

**FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL**

PARROQUIA: MUXÍA

NÚCLEO: MUXÍA

SITUACIÓN PLANOS 1:1000

4.1.1/ 4.1.2/ 4.1.3



<b>FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL</b>		
PARROQUIA: OZÓN		
NÚCLEO: MEREXO	SITUACIÓN PLANOS 1:2000	3.10.7
<p><b>Propostas ou actuacións necesarias e criterios de ordenación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Necesidade de manter e reforzar a identidade do núcleo preservando a caracterización da súa zona tradicional e os elementos orixinarios existentes, potenciando a rehabilitación e conservación dos grupos de construción que manteñen a tipoloxía e estrutura orixinaria.</li> <li>• Coidarase a súa integración no entorno, coa utilización dos espazos abertos do bordo para acadar transicións que posibiliten unha integración lóxica das distintas tramas existentes: zonas cultivadas ou arboradas, etc.</li> <li>• Fomentarase a calidade e estética do medio rural para protexer, manter e mellorar os valores paisaxísticos do núcleo, aplicando as condicións xerais paisaxísticas, estéticas e tipolóxicas da normativa do PXOM.</li> <li>• Terase especial coidado no tratamento do percorrido de chegada ao núcleo polo viario de concentración parcelaria, polas perspectivas que dende el se ofrecen do entorno, preservándoa de edificación, no lado cara o mar, e a posible creación de apantallamentos.</li> <li>• Potenciarase a rede de rúas existente no núcleo, e deste coa costa, cun tratamento axeitado (materiais, seccións, texturas ...) que promova a conexión peonil e a observación do contorno, ademais de permitir o enlace co xacemento existente na zona (GA15052003). Igualmente reforzarase a conexión ao norte coa a Praia de Lago, e o corredor do río co mesmo nome, e cara o sur co núcleo de Muíños, a zona verde do río proposta no mesmo (corredor) e a Praia de Area Maior.</li> <li>• Evitar o apantallamento coas novas edificacións no eixo viario do núcleo orixinario disperso e expansión (sinalado na comparativa de imaxes do 1956- actualidade, en vermello) nos intersticios baleiros no seu bordo oeste.</li> <li>• Establecer condicionantes de situación topográfica, volumétrica, tipolóxica, ... para as novas edificacións que se realicen, de xeito que harmonicen co contorno onde se atopan e permitan a permeabilidade visual cara costa.</li> </ul>		

**FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL**

PARROQUIA: OZÓN

NÚCLEO: MEREXO

SITUACIÓN PLANOS 1:2000

3.10.7



<b>FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL</b>		
PARROQUIA: MORAIME		
NÚCLEO: LOURIDO	SITUACIÓN PLANOS 1:2000	3.6.11
<p><b>Propostas ou actuacións necesarias e criterios de ordenación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Necesidade de manter e reforzar a identidade do núcleo preservando a caracterización da súa zona tradicional e os elementos orixinarios existentes, potenciando a rehabilitación e conservación dos grupos de construción que manteñen a tipoloxía e estrutura orixinaria.</li> <li>• Coidarase a súa integración no entorno, coa utilización dos espazos abertos do bordo para acadar transicións que posibiliten unha integración lóxica das distintas tramas existentes: zonas cultivadas ou arboradas, etc.</li> <li>• Fomentarase a calidade e estética do medio rural para protexer, manter e mellorar os valores paisaxísticos do núcleo, aplicando as condicións xerais paisaxísticas, estéticas e tipolóxicas da normativa do PXOM.</li> <li>• Terase especial coidado no tratamento do percorrido de chegada ao núcleo pola estrada CP 5201 dende o leste, polas perspectivas que dende ela se ofrecen do entorno, preservándoa de edificación e a posible creación de apantallamentos. Potenciarase a rede de rúeiros existente no núcleo, e deste coa costa, cun tratamento axeitado (materiais, seccións, texturas ...) que promova a conexión peonil e a observación do contorno, ademais de permitir o enlace co Parador, coa praia, co corredor ecolóxico situado no lado oeste do núcleo, e co xacemento existente na zona (GA15052005).</li> <li>• Establecer condicionantes de situación topográfica, volumétrica, tipolóxica, ... para as novas edificacións que se realicen, de xeito que harmonicen co contorno onde se atopan e permitan a permeabilidade visual cara costa.</li> </ul>		

**FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL**

PARROQUIA: MORAIME

NÚCLEO: LOURIDO

SITUACIÓN PLANOS 1:2000

3.6.11



<b>FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL</b>	
PARROQUIA: NEMIÑA	
NÚCLEOS: NEMIÑA, TALÓN E VILELA DE NEMIÑA	SITUACIÓN PLANOS 1:2000
<p style="text-align: center;"><b>Propostas ou actuacións necesarias e criterios de ordenación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>••Necesidade de manter e reforzar a identidade dos núcleos preservando a caracterización das súas zonas tradicionais e os elementos orixinarios existentes, potenciando a rehabilitación e conservación dos grupos de construcións que manteñen a tipoloxía e estrutura orixinaria.</li> <li>• Coidarase a súa integración no entorno, coa utilización dos espazos abertos do bordo para acadar transicións que posibiliten unha integración lóxica das distintas tramas existentes: zonas cultivadas ou arboradas, etc.</li> <li>• Fomentarase a calidade e estética do medio rural para protexer, manter e mellorar os valores paisaxísticos do núcleo, aplicando as condicións xerais paisaxísticas, estéticas e tipolóxicas da normativa do PXOM.</li> <li>• Terase especial coidado no tratamento do percorrido de chegada aos núcleos polo viario paralelo á costa, ao oeste, que ven de Touriñán e bifúrcase cara Talón e Nemiña, polas perspectivas que dende el se ofrecen do entorno, preservándoo de edificación e a posible creación de apantallamentos.</li> <li>• Potenciarase a rede de rúas existentes nos núcleos, e destes entre sí e coa costa (ruta de Sendeirismo de Nemiña), cun tratamento axeitado (materiais, seccións, texturas ...) que promova a conexión peonil e a observación do contorno, ademais de permitir o enlace co corredor ecolóxico situado no lado oeste do núcleo de Vilela de Nemiña, coa Praia de Nemiña, co sistema xeral de paseo Marítimo (SXZV 9) e coa zona verde proposta (SXZV 12) ao seu carón.</li> <li>• Establecer condicionantes de situación topográfica, volumétrica, tipolóxica, ... para as novas edificacións que se realicen, de xeito que harmonicen co contorno onde se atopan e permitan a permeabilidade visual cara costa.</li> </ul>	

**FICHA DE NÚCLEO DE IDENTIDADE DO LITORAL**

PARROQUIA: NEMIÑA

NÚCLEOS: NEMIÑA, TALÓN E VILELA DE NEMIÑA

SITUACIÓN

3.8.1/3.8.3/ 3.8.4

PLANOS 1:2000



**ANEXO IV**

**PAUTAS DE SOSTIBILIDADE INTEGRADAS NO  
PLANEAMENTO**

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Muxía é o instrumento legal polo que se pretende planificar e ordenar o territorio de forma integral e tendo en conta as características máis importantes do concello, así como as súas tendencias e realidades. Deste xeito, a planificación realizada polo equipo redactor, tenta de integrar todos eses factores con criterios de sustentabilidade que dean lugar a un modelo de desenvolvemento sostible e viable para o territorio municipal de Muxía.

Así, introdúcese este epígrafe no que se propoñen pautas de actuación sustentables, que en parte reflicten algúns dos criterios de sustentabilidade establecidos no Estudo de Sostibilidade Ambiental do presente PXOM. A meirande parte destas pautas e propostas de actuación terán que ser consideradas á hora de levar a cabo posteriores etapas de desenvolvemento desta figura de planeamento xeral.

### **A) Pautas sustentables referentes a determinacións específicas sobre Solo Urbano**

1- As figuras de planeamento de desenvolvemento do presente PXOM deberán contemplar a reserva de espazos para as infraestruturas de transporte público, en función do continxente poboacional que impliquen, da súa posible funcionalidade dotacional e/ou do seu emprazamento en relacións as liñas operativas de transporte.

2- As figuras de planeamento de desenvolvemento de áreas ou sectores nos que se prevexan dotacións ou espazos libres que podan figurar como focos de atracción de mobilidade moi significativos, deberán contemplar no seu deseño itinerarios alternativos ao automóbil privado, que conecten co resto da malla urbana. Entre eles figura como o máis viable o modo a pé.

3- Todas as figuras de planeamento de desenvolvemento do presente PXOM deberán contemplar a reserva de espazos para as infraestruturas e dotacións da recollida dos residuos, considerando as necesidades do sistema de separación en orixe e as tecnoloxías máis eficientes susceptibles de ser adaptar ao sistema de recollida municipal.

4- Todas as figuras de planeamento de desenvolvemento do presente PXOM deberán minimizar a contaminación luminosa que deles derivará. Concretamente, en exteriores, para evitar e reducir a **contaminación luminosa**, pódense seguir algún dos criterios establecidos polo “Comité Español de Iluminación”:

- Dirixir a luz en sentido descendente, mantendo a luzada dos raios luminosos por debaixo de 70°.
- Se non é posible cambiar o sentido da iluminación cara abaixo, utilizar paralumens para evitar a dispersión da luzada.
- Instalar equipos de iluminación que reduzan a dispersión da luz sobre o plano horizontal do aparato de iluminación con valores mínimos e incluso nulos, por riba dese plano.
- Coidar o posicionamento e o apuntamento ou orientación dos aparatos de iluminación.
- Se é posible, implantar aparatos con reflector asimétrico que permitan manter o seu peche frontal paralelo ou case paralelo á superficie que se queira iluminar.
- O alumeado de vías de tráfico rodado, débese reducir o fluxo emitido por riba do plano horizontal e restrinxir a luz próxima.
- Para o caso de pequenas iluminacións ou iluminacións de seguridade:
  - Uso de detectores pasivos de infrarroxos. Normalmente cunha lámpada halóxena de 150 W é suficiente.
  - Son igualmente aceptables iluminacións permanentes con baixa intensidade de luz durante toda a noite.

5- Todas as figuras de planeamento de desenvolvemento do presente PXOM deberán minimizar o consumo enerxético. Amais de seguir os criterios enerxéticos establecidos polo Código Técnico de Edificación, no que se refire á técnica e materiais a empregar, e á incorporación de fontes de enerxía renovables nas vivendas edificadas nas novas urbanizacións, as pautas establecidas para o cumprimento deste obxectivo son:

- Os sistemas de alumeado público deberán empregar instalacións de baixo consumo.
- O alumeado regulará a súa intensidade en función do uso.
- As luminarias dirixirán a luz cara o chan, para evitar a contaminación lumínica.
- A localización dos puntos de luz realizarase de forma regular e tendo en conta o arborado do viario e o acceso as parcelas, co obxectivo de que non supoñan ningún obstáculo para os peóns e os vehículos.
- Nas áreas de desenvolvemento con tipoloxía de vivenda unifamiliar asignada, dado que estas supoñen un 30% máis de consumo enerxético respecto á tipoloxía colectiva, deberánse optimizar a súa zonificación, deseño, estrutura e instalacións de servizos para compensar ese incremento no emprego da enerxía

6- Todas as figuras de planeamento de desenvolvemento do presente PXOM deberán incluír medidas capacitadoras da **integración paisaxística** que optimicen a continuidade ou mellora da integridade da paisaxe.

7- Todas as figuras de planeamento de desenvolvemento do presente PXOM deberán incorporar **boas prácticas ambientais**, tanto na xestión como nas fases de obra, aplicando unha serie de medidas organizativas para limitar as posibles afeccións sobre o aire, o solo e a auga.

Estas medidas pasarían por:

- Mecánica preventiva para a maquinaria do Concello e das empresas promotoras de obra, co fin de evitar vertidos accidentais de combustibles ou aceites.
- Mantemento técnico da maquinaria pesada para reducir as emisións gasosas, os ruídos e as vibracións que poida haber.
- Utilización de material novo ou recente.
- Rexerse por criterios de baixo consumo.
- Consecución de mellores rendementos.
- Reducir as áreas de traballo da maquinaria pesada.
- Conservar o solo retirado para a súa posterior utilización en espazos libres.
- Xestión adecuada de residuos nas fases de obra: seguir a xerarquía de xestión lexislada, na que prima a redución na orixe e cada residuo xestiónase segundo a súa tipoloxía. Hai que calcular tamén o tempo que transcorre entre a xeración do residuo e o seu tratamento posterior, para telo ben almacenado e que non produza ningún tipo de afección.
- Non se permitirá que as formigoneiras se desfagan do sobranse do formigón, nin que limpen o contido das cubas, nin as ferramentas nas proximidades de correntes de auga por moi pequenas que sexan.
- Nos períodos de seca procederáse á humectación e/ou rega de materiais pulverulentos, así mesmo, os camiós irán equipados con lonas ou toldos durante o transporte de material.
- Procederáse, na medida do posible, á conservación do solo retirado para a súa posterior utilización nos espazos libres.

## 8- Residuos:

- Procurarase empregar materiais locais tradicionais na construción (naturais, renovables), evitando en todo caso os materiais de alto impacto ambiental.
- Reduciranse os movementos de terras, incluíndo medidas de xestión dos movementos de terras e dos seus vertidos.
- Reducirase o consumo de materiais na edificación, incrementando o uso de materiais renovables ou con menor consumo enerxético na súa fabricación e posta en obra, ou reciclados ou reutilizados.
- Estableceranse medidas para fomentar o emprego de materiais reciclados ou reciclables e técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/ desmontaxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Deberanse dimensionar e localizar axeitadamente os espazos necesarios para os sistemas de recollida selectiva de residuos.

## 9- Augas:

- Os cursos fluviais existentes deberán manter a súa configuración topográfica natural e a vexetación autóctona (vexetación ripícola).
- Durante a fase de movementos de terras, terase especial coidado de que non cheguen aportes de materiais ás correntes de auga por pequenas que estas sexan.
- O sistema de rego implantados nas zonas verdes potenciarán o aforro de recursos hídricos.
- Nas áreas pendentes de desenvolvemento empregaranse pavimentos permeables, que permitan a diminución da escorrenta e a sedimentación das partículas e contaminantes arrastrados polo auga.
- En todo caso, nos desenvolvementos que se propoñan deberase reducir ao mínimo posible a impermeabilización do solo de cara a minimizar os efectos negativos, mediante a utilización de técnicas de drenaxe urbana sostible, para o que deberán seguirse as recomendacións propostas nas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia

**B ) Medidas referentes a determinacións específicas sobre o solo de uso industrial**

1.- As actividades a desenvolver de uso industrial ás que lles resulte de aplicación a lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados de contaminación, modificada pola Lei 34/2007 de 15 de novembro de calidade do aire e protección da atmosfera, deberán obter a autorización ambiental integrada tal e como esta lei específica nas súas determinacións.

2. – Os proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental regularanse pola súa propia normativa e non precisarán posterior declaración de incidencia ambiental .

3. - As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estén incluídas no anexo da lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia a citada lei e tal e como esta específica nas súas determinacións.

4. – Deberán aplicarse medidas de integración paisaxística tales coma apantallamento visual a través do cerre con especies arbustivas e arbóreas, así coma outras medidas referentes á tipoloxía das edificacións industriais.

5. - Toda actividade que se implante no concello de Muxía terá que dispor, no seu caso, das medidas propias de prevención e extinción de incendios adecuados ás súas características.

6. - Débese garantir a inexistencia de afeccións sobre as persoas pola emisión de ruído seguindo o Decreto 320/2002 de 7 de novembro polo que se aproba o Regulamento que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, de Galicia.

7. - Débese garantir o adecuado control dos vertidos xerados nos sectores industriais, de forma que non se produzan vertidos non depurados previamente aos regatos ou ríos próximos.

8. - Débese garantir o control sobre os desperdicios e residuos sólidos que se xerarán durante a fase de funcionamento dos sectores industriais e construción das novas instalacións.

## **Boas prácticas ambientais para o sector industrial**

A continuación recóllense unha serie de principios e criterios a ter en conta para os seguintes ámbitos de actividade comúns para todos os sectores industriais:

- Xestión das compras.
- Procesos produtivos.
- Limpeza.
- Almacenamento.
- Xestión de residuos.

Os obxectivos que se establecen cos principios mencionados son os seguintes:

- Redución da xeración de residuos industriais.
- Reducir a perigosidade dos residuos industriais.
- Redución de efluentes residuais.
- Reducir o consumo de materias primas.
- Reducir o consumo enerxético.
- Reducir o risco de accidentes.

### **Xestión das compras**

1. Comprar a materia prima estritamente necesaria para operar durante un tempo determinado.
2. Comprar produtos ou materias primas a granel, ou en envases de maior tamaño e, preferiblemente reciclados, para reducir a produción de residuos de envases.
3. Tomar en consideración os provedores que admiten a devolución dos seus envases co fin de reutilizalos. Ver se hai envases que se poidan reutilizar dentro da empresa (un bidón de aceiro limpo pode acondicionarse varias veces antes de reciclarse como chatarra.)
4. Implantar procedementos de control de calidade dos produtos adquiridos previos á súa aceptación por parte da empresa.
5. Considerar criterios ambientais antes de adquirir novos equipos, materiais ou implantar novos procesos, por exemplo:
  - a. Que posúan ecoetiqueta.

- b. Que requiran do mínimo consumo de material funxible.
  - c. Que sexan menos perigosos para o medio.
  - d. Que os aceites lubricantes contidos sexan minerais.
  - e. Que sexan máis duradeiros.
  - f. Que consuman menos recursos: auga, enerxía.
6. Esixirlles aos provedores as fichas de datos de seguridade dos produtos que se vaian manexar, para así coñecer as normas para o seu correcto uso e almacenamento.

### **Procesos produtivos**

1. Implantar os sistemas e procedementos adecuados que garantan a correcta manipulación das materias primas e os produtos, para que no se convertan en residuos.
2. Estudar a instalación de sistemas de mesturado con dosificación mecánica, que necesitan menor cantidade de materia prima no proceso de preparación de disolucións.
3. Implantar as operacións precisas de mantemento e posta a punto da maquinaria, e a adecuación das operacións que se desenvolvan na planta para previr a xeración de residuos producidos pola intervención das persoas ou debidos a defectos e fallos dos equipos utilizados.
4. Sempre que sexa posible, substituír substancias tóxicas por outras de menor toxicidade, por exemplo, as pinturas ou tintas baseadas en disolvente por outras con base auga.

### **Limpeza**

1. Realizar a limpeza das instalacións industriais mediante o uso de sistemas de enxaugadura de alta presión, medios mecánicos (varredoras, cepillos, vasoiras...), a contracorrente por secuencias para enxaugadura e reutilizar as augas de aclarados co fin de minimizar o consumo de auga necesario para a limpeza e a carga contaminante da auga residual resultante.
2. Nas filtracións de lavado, eliminar ou reducir o uso de filtros auxiliares recambiables, escorrer o filtro antes de abri-lo, mellorar o rendemento do deshidratado de lodos e filtrar só nos casos necesarios.

### **Almacenamento**

1. No almacenamento de produtos químicos, manter as distancias regulamentarias entre produtos incompatibles, manter os bidóns de produtos químicos e tanques hermeticamente cerrados para evitar fugas ao solo, por derramos.
2. Antes da súa limpeza ou eliminación, baleirar por completo os contedores, deste modo redúcese a cantidade de axentes de limpeza necesarios e a cantidade de material que acabará converténdose en residuo.
3. Evitar os goteos e derramos mediante o uso de válvulas de selado-fol, bombas antiobturantes, a instalación de diques ou recipientes de derramos e sistemas de control de exceso de caudal.
4. Establecer procedementos operativos en canto á óptima rotación dos produtos almacenados tendo en conta a súa antigüidade.

### **Xestión de residuos**

1. Seguimento e control dos tipos de residuos producidos por unidade de produto co fin de detectar oportunidades de minimización.
2. Realizar una correcta separación dos residuos: papel e cartón, vidro, chatarra non contaminada, plásticos, residuos tóxicos e perigosos etc. para facilitar e reducir o custo da xestión dos residuos.
3. Evitar a mestura de dous fluxos de residuos, un deles perigoso, para evitar xestionar o volume total como residuo perigoso.
4. Concentración do residuo mediante a aplicación dun tratamento físico co fin de retirar unha parte non perigosa, xeralmente auga, por exemplo: filtración por gravidade e baleiro, ultrafiltración, osmose inversa, conxelación-evaporación, filtros prensa, secado por calor e compactación.
5. Etiquetar e almacenar correctamente os residuos manexados e producidos para evitar contaminacións e accidentes.

6. Analizar a viabilidade do emprego de subprodutos e a posibilidade de reprocesar os produtos que non alcanzaron unha calidade óptima.

7. Establecer os mecanismos para comercializar materias primas ou produtos que están caducando ou se están quedando obsoletos, por exemplo, os produtos que non alcanzan un nivel de calidade óptima, algunhas empresas comercializan a súa produción en dúas clases, de primeira e de segunda calidade.

### **C) Pautas sustentables referentes a determinacións específicas sobre o medio rural**

1- As explotacións agropecuarias que se desenvolvan no solo rústico de protección agropecuaria do concello de Muxía deberanse guiar polas recomendacións do Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, aprobado segundo o disposto no Real Decreto 261/96. Desta maneira se mellorará a eficiencia dos sistemas de explotación agrícolas e gandeiros, producindo o menor impacto posible sobre o medio.

2- Nas actuacións no medio rural teranse en conta medidas capacitadoras da **integración paisaxística** que optimicen a continuidade ou mellora da integridade da paisaxe rural de Muxía, sendo requisito previo para a concesión da correspondente licenza.

No caso de ter que restaurar noiros, ter que facer apantallamentos vexetais, etc., deberíanse utilizar especies autóctonas, tanto de porte arbóreo como arbustivo, se é posible.

### **D) Pautas sustentables referentes a determinacións específicas sobre os espazos libres**

1- Para o tratamento e deseño dos espazos libres incluídos das áreas identificadas como áreas de interese natural e ambiental, propónse as seguintes actuacións co obxectivo de compatibilizar a súa conservación e posta en valor co seu uso e disfrute:

- Elaboración de **paneis informativos** que expliquen a xeomorfoloxía, botánica, zooloxía, ecoloxía, e/ou etnografía da Área de Interese.

Estes deberán encargarse a un equipo cualificado e con experiencia nese tipo de traballos.

- **Sinalización** adecuada para mostrar os elementos ou áreas máis fráxiles ou vulnerables, así como os **usos e actividades permitidas e prohibidas** no espazo libre.
- No caso de que se contemple a construción de **mesas, bancos e grellas**, estas deberán situarse o máis lonxe posible dos elementos con maiores valores ambientais e os materiais empregados na súa construción deberán ser tradicionais e integrados coa paisaxe na que se atopan.
- Ao igual que no caso anterior, os **aparcadoiros** intentarán situarse o máis lonxe posible dos elementos con valores ambientais, ademais de procurar a súa camuflaxe e integración paisaxística, ben con barreiras vexetais o ben aproveitando os distintos niveis topográficos do terreo.

2- Nos sistemas de Espazos Verdes, deberíanse intentar crear hábitats autóctonos, como a carballeira galaico-portuguesa *Quercus robur*, ou os salgueiros *Salix sp.*, como especies máis características a implantar, podendo colocar paneis informativos e explicativos das diferentes especies implantadas e outros conceptos e ideas bioxeográficas e ecolóxicas do contexto galego no que se englobarían.

### 3- Augas:

- Os cursos fluviais existentes deberán manter a súa configuración topográfica natural e a vexetación autóctona (vexetación ripícola).
- Durante a fase de movementos de terras, terase especial coidado de que non cheguen aportes de materiais ás correntes de auga por pequenas que estas sexan.
- O sistema de rego implantados nas zonas verdes potenciarán o aforro de recursos hídricos.